


# REVISTA GALEGA DO ENSINO



**Nº 4 • Especial da familia, maio 1994**





# Revista Galega do Ensino

---

Nº 4 "Especial da Família", Maio 1994







# Revista Galega do Ensino

---

## COMITÉ DE REDACCION

Constantino García / Director  
Mercedes Brea / Subdirectora  
Celso Currás Fernández / Secretario  
Xesús López Fernández / Corrector lingüístico

---

## CONSELLO ASESOR

Ana M<sup>o</sup> Platas Tasende  
Antonio Peleteiro Fernández  
Agustín Dosil Maceira  
Agustín Hermida López  
Carlos García Riestra  
Gerardo Muñoz Sánchez-Brunete  
Jaime García García  
Javier Vilariño Pintos  
José Carlos Otero López  
José Luis Valcarce Gómez  
José Eduardo López Pereira  
Manuel Deaño Deaño  
Manuel Regueiro Tenreiro  
Mercedes González Sanmamed  
Rodolfo García Alonso

---

## COLABORACIONES E CORRESPONDENCIA

Orixinais para publicación e correspondencia en xeral  
enviaranse ó Secretario da Revista, Celso Currás Fernández.  
Urb. Vila Culler - Edif. 4 - portal B, 6<sup>o</sup> C  
15174 Fonteculler - A Coruña

---

## SUSCRIPCION E INTERCAMBIO

Pedidos ó Secretario da Revista Galega do Ensino.  
Urb. Vila Culler - Edif. 4 - portal B, 6<sup>o</sup> C  
15174 Fonteculler - A Coruña

© Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Edita: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.  
Dirección Xeral de Política Lingüística

Realiza: Galipública s.l.

Depósito Legal: PO-86/94

ISSN: 1133 - 911X



# *Colaboracións especiais*

⇒ Promoción da Familia

*Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne*

⇒ A Familia e a nova política social

*Excma. Sra. Dña. Manuela López Besteiro*



# PROMOCIÓN DA FAMILIA

---

*Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne*  
Presidente Da Xunta de Galicia

## 1. POSICIONAMENTO PERSOAL

---

Constitúe unha excelente oportunidade o ANO INTERNACIONAL DA FAMILIA para seguir a estudar, recompoñer ideas, revivir experiencias... en torno a célula básica da nosa sociedade.

Este momento ten moitas ocasións para facer análise do tema familiar. É conveniente que se abran espazos de pensamento e tamén de traballo a prol da institución familiar e da súa mellora, porque é certo que o traballo sen sustentación teórica non permanece; pero a teoría sen efectos prácticos carece de sistemática. Este número especial da *Revista Galega do Ensino* busca unha pequena colaboración teórica, con suxerencias prácticas, á nosa tarefa de promoción da familia.

A análise persoal da realidade familiar ten moitas facianas que ocu-

paron e ocupan boa parte da miña vida intelectual e política. Estas análises tiveron plasmación en diversos estudos e tarefas intensas na miña peripecia vital.

Lembro con especial cariño algunhas tarefas de tempos pasados: A organización do I Congreso de la Familia Española (Madrid, 1956), ou do Congreso Internacional de Organismos Familiares (Nova York, 1960), a pertenza, como Conselleiro, á Unión Internacional de Organismos Familiares (U.I.O.F.), como ponente xeral da Conferencia Internacional de la Familia (Madrid, 1961), ou como Secretario Xeral Técnico do Ministerio de Educación y Ciencia.

Existen estudos antigos e recentes que expresan outras facetas do pensamento persoal sobre a familia, entre as que podo citar "La familia y la educación en una sociedad de

masas máquinas" (Madrid, 1960). "La familia ante la transformación de las Enseñanzas Medias" (*Revista de Educación*, nº 139. Novembro 1961). "La Familia y la Política", Fundación Cánovas del Castillo (Madrid, 1984). "La protección económica de la familia en la Europa Social", Universidade de verán do Atlántico (Poio - Pontevedra, 1990).

Non só como profesor, senón tamén como deputado, tiven a oportunidade de atender a temas referentes á familia. Neste aspecto, a redacción da nosa Constitución Española foi unha magnífica oportunidade para colaborar nesta apaixonante cuestión, e defini-los "principios rectores da política social e económica", en xeral (capítulo terceiro), e da familia, en particular (artigo 39).

A tarefa intelectual e lexislativa ten a carga afectiva-ambiental que aporta a experiencia propia ou achegada da familia que me tocou en sorte, da que formei e dos testemuños coñecidos, en especial dos próximos e amigos. As ideas, neste eido, creo que as expresei en tres frases recollidas no "cuestionario para o Congreso Universitario" (Univ. 94), e aquí práceme repetilas:

"... sigo creyendo que la familia sigue siendo una institución fundamental y que la sociedad global debe proteger".

"El ambiente familiar es decisivo, también en lo negativo".

"La educación familiar será siempre la más profunda, por basarse en el ejemplo".

Felizmente durante moito tempo aceptei responsabilidades políticas e de goberno. Hoxe estou na culminación das miñas aspiracións, na tarefa de aportar novas forzas á construción da nosa terra galega, da nosa patria común que é España e do noso referente na cultura occidental que é Europa.

Na tarefa de construír Galicia e a familia en Galicia debemos traballar na política social Europea, no desenvolvemento lexislativo español e na profundización do coñecemento das nosas realidades galegas; porque, como escribía R. Piñeiro: "De evocar romanticamente a súa historia pasada, Galicia pasou a ter vontade creadora de historia".<sup>1</sup>

1. R. Piñeiro, *Olladas no futuro*, Editorial Galaxia, Vigo, 1974, p. 167.

Esta vontade creadora de historia, baseada na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía, desenvólvese para Galicia nos seus proxectos sociais e nas accións de goberno que de modo sobranceiro se plasmaron coa creación da Consellería de Familia, Muller e Xuventude.

A mesma denominación da Consellería indica o universo de acción que conflúe na definición dalgunhas ocupacións fundamentais na construción da nosa comunidade.

Nesa construción temos que ser conscientes do contido que lle imos dando á nosa historia. A apelación á historia está en función do impulso ó presente "El pasado, precisamente por serlo, no tiene más realidad que la de su actuación sobre el presente".<sup>2</sup> Esta idea zubiriana complétase coa pregunta: ¿que contidos lle estamos a dar á historia presente? Esta sinxela interrogación axudaranos a mellora-lo noso presente, facéndoo máis consciente e dando a explicación correspondente a cada actuación e á súa inserción no desenvolvemento xeral de Galicia. Non se trata de buscar desculpas ás actua-

cións concretas, senón de algo moito máis positivo; trátase de integra-la actuación singular no universal do noso ser colectivo de persoas galegas. Face-lo noso país en colaboración solidaria con outros pobos non é un feito illado, de esforzos soamente individualizados, nin un feito meramente cuantitativo, reflectido nas estatísticas; é un compromiso que nos OBRIGA A TODOS, e que comeza na familia.

## 2. OS INDICADORES FAMILIARES E A SUA AMBIVALENCIA

---

Os diferentes estudos sobre a familia indícanos algo elemental e admitido por simple observación normal, pero corroborado pola investigación sociolóxica: "Los cambios que operan en la estructura de la sociedad afectan, de una manera directa, a la vida familiar".<sup>3</sup> Estas forzas externas á familia teñen tamén o seu correlato na dinámica interna da propia familia expresada en "... el ciclo de vida familiar ha iluminado la relación subyacente entre muchos cambios de variables".<sup>4</sup>

2. X. Zubiri, *Naturaleza, Historia, Dios*, Editorial Nacional, Madrid, 1974, p. 315.

3. S. del Campo, *Análisis sociológico de la familia española*, Ministerio de Cultura, Madrid, 1982, p. 11.

4. S. del Campo, *La evolución de la familia española en el siglo XX*, Alianza Universidad, Madrid, 1982, p. 66.

Somos conscientes, a pesar da distinción simplificada de dinámica externa-interna, de que a vida familiar ten unha complexidade que podemos denominar "holográfica". Esta complexidade indícanos que conxunto está, dalgún xeito, en cada unha das partes que o compoñen, e que falan dun conxunto complexo. Esta idea sérvenos "... como un criterio guía al identificar, definir, desenvolver e promover a vida familiar, entendida como capacidade propia de los miembros de una unidad familiar de llevar a cabo adecuadamente la diversidad de aspectos que la vida familiar presenta".<sup>5</sup>

A partir desta constatación podemos facer un estudio-descrición breve dos indicadores positivos e negativos que se contemplan na familia, sabendo que eses indicadores teñen interpretacións variables e moitas veces ambivalentes.

Por tanto, aínda que diferenciamos aspectos negativos e positivos, cada un deles pode variar de signo (mutarse) nun holograma concreto, nunha situación familiar determinada.

### 3. INDICADORES PARA A PREOCUPACIÓN

---

Un dos primeiros índices preocupantes dentro da familia, cunha clara repercusión en Galicia, é a crise demográfica. A súa evolución está ben estudada e a súa proxección na historia (mirando cara atrás) é ben ampla. Neste tema pode ser un bo resumo o que escribiu Jack Goody: "En el terreno demográfico, los progresos en materia de mortalidad y el control de la fecundidad condujeron a un rápido aumento, seguido de un descenso, de las tasas de crecimiento de la población, una transición demográfica que dio como resultado un menor número de hijos y que estos viviesen más tiempo y, según algunos, un cambio radical de nuestras actitudes hacia ellos.

Algunos de estos acontecimientos, como, por exemplo la transición demográfica, se producen, aunque no se deriven necesariamente de ellas, a continuación de las grandes transformaciones socioeconómicas de Occidente que dieron comienzo en el siglo XVI".<sup>6</sup>

5. M. Cusinato, *Psicología delle relazioni familiari*, Il Mulino, Bologna, 1988, p. 297.


6. J. Goody, *La evolución de la familia y del matrimonio en Europa*, Editorial Herder, Barcelona, 1986, pp. 17-18.



Esta breve síntese histórica ten a súa concreción en España e, sobre todo, en Galicia. Aquí, desde mediados da pasada década, padecemos unha importante caída das taxas

de crecemento vexetativo, que pasan a ser claramente negativas no momento actual. O cadro seguinte dá unha idea da nosa situación:

*Cadro: Taxa de natalidade 1961-1990*<sup>7</sup>  
Galicia-España



7. Fecundidade e protección á familia en Galicia, Estudio-Informe da Xunta de Galicia. (setembro 1992).

A cuestión demográfica leva consigo outras consideracións interrelacionadas, por exemplo, a relación entre a natalidade e a presión fiscal, "habrá que preguntarse se a deducción da cota por fillo a cargo compensa o que a existencia dese fillo supón como imposto directo ou indirecto"<sup>8</sup>, e entre a natalidade e a situación laboral da muller. "Ata o mesmo presente, unha boa parte das mulleres que veñen triunfando ou simplemente sobrevivindo no mundo profesional, fixérono a custa de limitar baixo mínimos a súa vida familiar, renunciando á vida en parella, ós fillos, ou ben someténdose a unha extenuante dobre xornada, vivida ademais cunha permanente culpabilidade".<sup>9</sup>

Estes e outros factores incorporan nalgúns sectores da nosa sociedade o que a Súa Santidade Xoán Paulo II chamou "Unha verdadeira e propia mentalidade anticoncepcional".<sup>10</sup> A situación, se se mantén, fainos corre-lo risco -como xa teño dito- "de desaparecer como colectividade de importancia no conxunto nacional e europeo".<sup>11</sup>

Hai outros indicadores preocupantes para a familia, como son: A perda de capacidade de intervención eficaz en funcións que tradicionalmente se lle atribuían á familia:

Descende a función de "guiar". Non tratamos aquí da orientación como exercicio de poder, senón como exercicio da autoridade (autoritas) dos maiores e dos pais para transmiti-los valores positivos e a creación doutros, porque "... los adultos dimiten de su deber secular de transmitir el sentido de la vida".<sup>12</sup>

O descenso na misión de "guiar" acompáñase de debilitamento nas funcións de "acoller" e de "educar". Esta triloxía (guiar, acoller, educar) xustifican a existencia da familia, e a súa perda suporía a práctica desaparición ou o cambio do concepto de familia.

Xunto cos aspectos reseñados hai outros non menos importantes, e que nos están a afectar. Refírome a dous indicadores que cómpre enumerar: A manipulación e comercialización das fontes da mesma vida, e as dificultades socio-económicas.

8. VV.AA. Fernández Cordón y Leguina Herranz, "Bases para una política demográfica", *Mujer y demografía*, Instituto de la Mujer, Madrid, 1990.

9. Ana Cabre, *¿Es compatible la protección de la familia con la liberación de la mujer?*

10. Xoán Paulo II, Encíclica, *Familiaris Consortio* (22 de novembro de 1981).

11. M. Fraga Iribarne, "La Protección económica de la familia en la Europa Social", Universidade do Atlántico, Poio (Pontevedra), 23 de Xullo de 1990.

12. M. Iceta, *Familia como vocación*, Editorial P.P.C., Madrid, 1993, p. 83.

A manipulación xenética, que non se debe confundir coa investigación da vida, provoca inquietude na sociedade. Se a isto lle unímo-la comercialización e consumismo sexual e o desenvolvemento dos sistemas informáticos, que poden invadir a intimidade das persoas e “computerizar” a vida das familias, podemos asistir a unha degradación profunda das relacións interpersoais. As dificultades socio-económicas poden converte-lo ambiente familiar nun “pesadelo”. Os fenómenos de fuga das tarefas familiares é hoxe desgraciadamente pluriforme; pero non tan grave que non sexa superable.

#### 4. INDICADORES PARA A ESPERANZA

Falabamos da complexidade holográfica da familia e da posibilidade mutacional das situacións. Esta idea da posibilidade de creación de movementos positivos alimenta unha percepción esperanzada das potencialidades familiares. Esta esperanza concíbimola no sentido da sentenza de Heráclito: “si no se espera, no se dará con lo inesperado” e reinterpretámola con Laín Entralgo, quen construíu unha teoría completa

da esperanza, na que nos recorda “Nunca la expectación deja de ser proyectiva, porque el expectante siempre proyecta de algún modo lo que podrá ser su vida cuando haga suyo aquello que espera recibir”.<sup>13</sup>

No proxecto familiar hai indicadores para a esperanza. Nalgúns casos son as circunstancias aparentemente difíciles e mesmo negativas as que aluman ambientes potencialmente positivos. Noutros casos aluman situacións novas ou renovadas, que nos fan ser optimistas.

A emancipación -nas súas diversas formas: dentro da parella, dos fillos, etc.-, a consciencia de liberdade, as responsabilidades democráticas dentro da familia, o traballo dos cónxuxes fóra da casa, o influxo dos medios de comunicación, etc., son, nestes momentos, outros tantos signos de esperanza, porque cada quen ten nas súas mans “o proxecto da súa vida”. Xa case ninguén pode alegar seriamente: falta de información, de liberdade de opción, de posibilidades, de diálogo, de enfrontarse a influxos insoportables, de servizos os que acudir, etc. A opción pola familia pode ser toma-

13. P. Laín Entralgo, *Antropología de la esperanza*, Guadarrama, Punto Omega, Barcelona, 1978, p. 129.

da actualmente con plena responsabilidade. Contamos con grandes posibilidades de formación e información para unha decisión individual e socialmente enriquecedora. A elección implica totalmente a persoa “Las expectativas, las motivaciones y la actitud hacia la pareja y la familia que se está tratando de construir, son elementos más decisivos que el simple conocimiento racional de la propia pareja”.<sup>14</sup>

A nova imaxe que transmite a familia é a de *mellor calidade* das relacións humanas, que permiten o redescubrimento de valores tradicionalmente aceptados: a solidariedade, a participación, a dignidade, o pluralismo, a tenrura, etc. Todo isto ten a virtualidade de que “nosotros sabemos que los valores son ideales. Algo más que ideas subjetivas o vigencias sociales”.<sup>15</sup>

Isto non quere dicir que esquecémo-las dificultades; moi o contrario, afirmamos que, para superar estas dificultades, se poden crear dentro da familia máis e mellores espacios e tempos de acollida, inti-

midade, confianza, seguridade. Nestes espacios pódese satisfacer razoablemente a necesidade de ser un mesmo e de ser acollidos, queridos e recoñecidos como persoas e suxeitos únicos e orixinais.

Novas situacións e novas formas se presentan para a familia; non se modifica substancialmente esta, senón as súas condicións de existencia. Non se trata de facer unha defensa a ultranza do tradicional, senón máis ben de patentiza-las novas formas do quefacer familiar. Podemos poñer un exemplo significativo de nova circunstancia familiar: a crianza dos fillos. Era unha preocupación e ocupación de pais, en exclusiva; o novo modo de facer hoxe cifrase nunha frase: “Al abrirse camino con sus propias decisiones, los hijos se encuentran a menudo con los padres porque estos también pueden “crecer junto con los hijos,....”.<sup>16</sup> Medrar xuntos é a situación que fortalece as relacións de apoio mutuo, confianza, diálogo, comprensión.

Os aires de cambio seguen soprando, “todo cambiou dende o

14. A. Pacciolla, *Diventare adulti*, Edizioni Paoline, Milano, 1992 (hai traducción ó castelán en Eds. San Pablo, co título *Hacerse adultos*).

15. R. Marín Ibañez, *Valores, objetivos y actitudes en educación*, Miñón Editorial, Valladolid, 1976.

16. Fromm, Horkheimer, Parsons e outros, *La Familia*, Ediciones Península, Barcelona, 1986, p. 174.

coñecemento da moza e a maneira de namorar, ata a familia, os fillos e os seus problemas”, “os cambios que se realizaron neste conxunto humano abranguen desde os procesos de formación ata o pasamento”. Estas frases son do Profesor Antón Fraguas<sup>17</sup>, que subliña o feito dos novos tempos e das novas esperanzas para a institución familiar.

## 5. OS FUNDAMENTOS PARA MIRA-LO FUTURO

---

A mirada cara ó porvir aséntase na seguridade de que as diversas alternativas da familia non tiveron permanencia no tempo. Polo contrario, a institución familiar ten unha permanencia flexible e “... que es en extremo difícil prescindir de algo enormemente parecido a la familia si es que la humanidad quiere reproducirse”.<sup>18</sup>

A mesma sensación de necesidade da familia, aínda que mellorando os seus métodos e modos, despréndese dun libro de entrevistas (recompilación de M<sup>a</sup> José Rague).

Neste libro podemos ler “... formando así un panorama general de opinións sobre el tema de la familia hoy en España. No incluyo partidos políticos de derecha puesto que como es bien sabido su opinión es la de defender la familia tradicional tal como todos la conocemos. Por la misma razón no he incluido entrevistas a “felices” familias numerosas puesto que su opinión es también de la defensa de valores familiares que nos han inculcado desde la infancia y que todos conocemos”.<sup>19</sup>

Este texto afórranos comentarios e permite reafirmarnos no desexo de seguir a traballar por familias felices e con valores reencontrados, nunha política con longa tradición coherente, e ben coñecida.

Consideramos que o valor forza ou fundamento nas relacións familiares é o amor, xa que “Nemo nisi per amicitiam cognoscitur” (Ningún é coñecido máis ca pola amizade); esta frase de San Agustín é comentada por Giovanni Papini<sup>20</sup> xa que o amor é a fonte da nosa liberdade.

17. A. Fraguas, “O cambio Familiar”, *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*, Publicación da Xunta de Galicia, Santiago, 1992, p. 309.

18. C.C. Harris, *La familia*, G. de Toro Editor, Madrid, 1971, p. 121.

19. M<sup>a</sup> J. Rague, *Proceso a la familia española*, Gedisa, Barcelona, 1979.

20. G. Papini, *Saint Agustín*, Plon, 1930, p. 252. ,

O amor, punto no que se sustenta a familia, é un proceso que podemos sintetizar no encontro afectivo de persoas, onde un suxeito fai entrega do seu interese a outro, que se converte no centro da súa vida, para unirse nun proxecto vital compartido e, polo tanto, asumido.

O conxunto que se forma sobre o amor admite graos de menor ou maior compromiso no proxecto común, e de maior ou menor madurez. Está claro que os cónxuxes deben asumir conscientemente ese descentramento amoroso no que a outra persoa (ti) e tamén o proxecto común (nós) son o verdadeiramente importante. Este proxecto impregna a vida das persoas. Acepta-la fidelidade e o servizo estable ós outros, cunha promesa pública e en moitos casos selada con unha vinculación tamén relixiosa (sacramental), compromete radicalmente as persoas.

A legalización do feito matrimonial e a protección da familia debe ir acompañada da vinculación que o soporta e lle dá a calor persoal. A permanencia externa do acto xurídico incorpora ó compromiso público algo que nace dunha relación pri-

vada. A continuidade do deber legal constitúese en salvagarda de caprichos ocasionais e chama ó melloramento das relacións persoais. A falta de contrato público "per se" non constitúe un signo de maior autenticidade da relación. A convivencia ten un dos seus alicerces na xustiza, e sobre ela poden actuar con vigor as outras virtudes, sobre todo a solidariedade, porque de feito "La justicia necesita el complemento de la solidaridad, sea cual sea el grado de realización que haya alcanzado".<sup>21</sup>

O amor é o lume e a vida do fogar; non só está nas orixes, senón tamén en tódolos ciclos vitais da familia. A vida nunha casa non ten sentido se queda á porta o amor. Amor e vida non se poden separar. Cómpreme citar un parágrafo dun libro editado hai pouco, e escrito por Isabel Frías e J.C. Mendizabal: "La "casa", el hogar del amor, es la verdad de lo que se es. Y para llegar a ella no hace falta ser psicólogos. Bastaría un poco de sentido del humor, un poco más de sentido común, ser conscientes de la historia personal que uno arrastra consigo, sentarse juntos para amarse conociéndose".<sup>22</sup>

21. V. Camps, *Virtudes Públicas*, Espasa Calpe, Madrid, 1990, p. 33.

22. I. Frías e J.C. Mendizabal, *Cómo elaborar un proyecto de pareja*, P.P.C. Editorial, Madrid, 1994, p. 104.

O profesor Antón Fraguas sintetiza o que levo dito sobre o proceso afectivo-amoroso no diálogo da declaración de amor (fala o mozo): “... xa non é meu o corazón. Sen decatarme fúchesmo levanto ti (...) Quixera que como eu son teu, ti foses miña”.<sup>23</sup>

## 6. CONSTRUÍ-LO FUTURO DA FAMILIA

O que levamos dito sobre os alicerces da familia inclúe necesariamente as medidas e accións de goberno a prol da familia e da mellora da súa condición estrutural, asistencial, legal, laboral, fiscal, educativa e social (non son cuestións para tratar neste artigo, pois recóllense noutro desta mesma revista).

Para unha construción firme de futuro, tratarase de conseguir a síntese de dúas grandes perspectivas: unha é a xurídico-institucional e outra a humano-personalista. Completando e actuando nestas direccións, pódese establecer que a institución (perspectiva xurídico-institucional) propicia o desenvolvemento humano a partir do individuo que se integra na familia (perspectiva humano-personalista).

Esta actividade integrada é o pacto da Xunta coas familias. Non se trata agora de facer aquí un estudio de modelos de familia, cuestión esta que se pode atopar en diferentes tratados sobre a familia, e aplicala á nosa terra; trátase, nun intento de síntese, de ve-la forma máis habitual en Galicia de vivi-lo feito familiar e de subliña-las principais funcións que lle cómpre desenvolver.

A composición máis estendida da familia na nosa terra é a nuclear, con presenza de familias extensas (convivencia de varias xeracións) e un xeito peculiar de sistemas mixtos de convivencia, é dicir, nuclear con complementos de familiares ou achegados que se incorporan ó núcleo estable. Podemos dicir que a variabilidade familiar galega permítelle adaptarse ós cambios sociais e realizar con eficacia destacable as funcións que tradicionalmente se lle asignan.

Esta flexibilidade tamén se proxecta no mesmo “sitio físico” da convivencia. Pódese dicir -a grandes trazos- que da casa patrucia se evolucionou ó fogar familiar, e deste, á vivenda cidadá.

23. A. Fraguas, *O. cit.*, p. 310.





As funcións que na actualidade se esperan das nosas familias poden resumirse en tres grandes epígrafes: a) Da mesma vida familiar, b) da colaboración na comunidade, c) da participación na sociedade.

Non se intenta facer un estudo polo miúdo, nin unha enumeración prolixa de todas e cada unha das funcións, este traballo atópase en moitos manuais. Preténdese unha pequena escolla daquelas funcións máis significativas, e máis ca nunca necesarias para a nosa sociedade. Pensamos que, coma toda clasificación, ten moito de artificial, e as diferentes funcións poden estar de tal xeito unidas que abrangan varios apartados conxuntamente; por exemplo, a función económica pódese incluír nos tres epígrafes ó mesmo tempo. Isto non obstante, consideremos algunhas funcións en cada apartado:

#### a) Funcións na mesma vida familiar

---

Quero destacar dous aspectos: a atención á propia familia, e a función acollida.

*Atende-la propia familia* é a tarefa primeira, ineludible. É a conquista diaria, o detalle preciso, a

atención a quen o precisa. Nesta tensión amorosa están recollidos tres eidos privilexiados do afecto: Os propios esposos entre si, os fillos e os maiores.

Na familia galega, desde sempre, tiveron un sitio, unha atención, unha escoita e, sobre todo, un respecto as persoas maiores. Teñen o seu sitio na casa, na mesa, as súas preferencias e deferencias. É algo que debe seguir a ser carimbo de gloria das nosas relacións familiares, aínda que só sexa por puro egoísmo, por non perde-la súa sabiduría, o seu benfacer, o seu exemplo, a súa dispoñibilidade de servizo, a súa capacidade de mediar, aconsellar, orientar e contribuír ó benestar común.

*A acollida* consiste en superar a idea rancia que consideraba o ámbito familiar como “el descanso del guerrero”, pois non se trata disto. Insistimos en que o amor é o alicerce da vida familiar, e isto implica un entregarse todo con todos. O desexo de facelo o mellor posible e de estar dispoñible dan seguridade afectiva, sentimento de pertenza a un grupo de persoas adultas e cun sentido da familia. Non tentamos pecha-los ollos ós defectos e dificultades da convivencia, nin de practica-lo anxe-

lismo inxenuo. Preferimos ve-las capacidades positivas que producen forzas para a superación dos obstáculos e fixémonos no óptimo para, polo menos, alcanza-lo posible. Somos conscientes de que "En nuestra sociedad, predominantemente competitiva, los miembros de una familia son los unos para los otros la principal fuente de relaciones afectivas".<sup>24</sup>

Para que esa "fuente principal" mane auga gratificante é preciso crear momentos de acollida, que xorden nos tempos de comunicación, de diálogo, de encontro familiar. Ese momento diario de celebración e de intimidade pode xurdir espontaneamente, pero, de non xurdir libremente, será conveniente buscalo, provocalo porque nel está a calor do fogar. Non estamos en perdelo tempo por dispendio de cantidade, senón en gañalo por esixencia de calidade, de momento elixido para vivilo. Nunha frase simple, dicimos que hoxe é posible facer prevalece-lo tempo de convivencia sobre o tempo de permanencia ou estancia. Xa sabemos que é complicado buscar longos tempos de estadía na casa, pero pódese loitar por tempos concretos de intensa con-

vivencia. Naturalmente, hai que preve-los posibles obstáculos para a normalidade da convivencia. Moitos estudos se publicaron sobre o tema e, en especial, sobre a incidencia da televisión nos fallos do trato e convivencia no fogar. Segundo un estudio dun equipo dirixido polo Dr. R. Tojo, "A televisión está a se converter, xa que logo, no meirande fondo de información e influencia na vida do neno, e mesmo na do adulto".<sup>25</sup> Non sempre esta influencia é beneficiosa. Por iso, no devandito estudio proponse unha "dieta televisiva equilibrada".

#### b) Funcións da colaboración na comunidade

A necesidade dos demais é algo no que se insiste reiteradamente. Tamén se insiste, con moita razón, en que a vida da comunidade necesita a colaboración dos grupos e das familias; estas proxectan o seu impulso, a súa vitalidade no medio. Non se trata de mera ósmose -que tamén se dá-, senón de intervención, contribución e colaboración dunha persoa cos seus iguais, nunha tarefa compartida. A comunidade diática

24. V. Gradillas, *Estudio clínico de la familia*, Universidad de Málaga, 1980, p. 64.

25. R. Tojo, Leis, Queiro, e Martinon; "Nenos, adolescentes e televisión. Riscos biopsicosociais" *Revista Galega do Ensino*, nº2, Febreiro de 1994, pp. 9-18.

que, en principio, é o núcleo familiar (parella) ábrese ó “nosoutros” (familia), e de aquí ó “nós” (comunidade). Nesta construción concéntrica, é necesaria a presenza constructiva nos centros escolares (función educativa) como axeitado complemento do exemplo do fogar, a colaboración en accións asistenciais, que axudan a mellora-las condicións de vida nas colectividades cidadás e nos núcleos de poboación tan numerosa na nosa autonomía.

### c) Funcións de participación na sociedade

---

No esquema social actual cómpre potencia-la participación na sociedade desde o aspecto profesional e no servizo á democracia.

*O aspecto profesional* está unido a temas de traballo e económicos. En canto ó traballo, non só compromete individualmente, senón tamén o conxunto familiar, que é o facilitador do esforzo de cadaquén, ademais de se-lo receptor dos cambios laborais. Isto, que é aparentemente sinxelo, leva a carga de correlación e mutua axuda para facilita-lo desenvolvemento da vida laboral cotiá. A programación en común do

traballo diario e o compromiso coa profesión implican necesariamente, asumi-las tarefas normais da casa entre todos. O fogar é de todos e todos deben colaborar. De ningunha maneira se pode confundir un fogar cunha residencia.

Xunto coa profesionalidade, está a *conciencia de sociedade participativa* nas tarefas democráticas. O ben colectivo e o seu servizo pide cidadáns formados e informados, que, aínda sen senti-la necesidade de ser militantes dun partido político, poidan participar responsablemente en decisións, consultas ou eleccións no ámbito profesional, ou máis nidiamente político. O servizo á “polis” enriquecese cun bo servizo á familia.

A comunicación dentro da familia sobre temas laborais e sociais enriquece a convivencia e crea lazos máis estreitos entre os familiares.

## 7. CONCLUSIÓN

---

Estas reflexións non quixeron caer no defecto sinalado ós intelectuais por K. Popper<sup>26</sup>, que consiste

26. K. Popper, *En busca de un mundo mejor*, Paidós, Barcelona, 1994.

en funcionar como profetas e tratar de impresionar ós semellantes con filosofías desconcertantes. A filosofía que guía este sinxelo escrito é invitar á tarefa constructiva sobre a familia,

de tal xeito que o modo de familia que se vive, se aproxime o máis posible ó modo ideal desexado para a institución familiar.

## A FAMILIA E A NOVA POLITICA SOCIAL

---

*Excma. Sra. Dña. Manuela López Besteiro*  
Conselleira de Familia, Muller e Xuventude

Durante as últimas décadas, a familia transformouse profundamente, o mesmo có conxunto da sociedade. Pero tan absurdo sería non recoñecer esta evolución, coherente coas circunstancias económicas e sociolóxicas da segunda metade do século xx, coma negarlle que a súa condición de estrutura social básica se mantén e se manterá no futuro. E isto é así porque a familia é algo máis ca un xeito concreto e conxuntural de organización social; é, en si mesma, unha sociedade natural, unha estrutura primaria apoiada en caracteres biolóxicos e conductuais das persoas.

Ademais, constitúe a mellor garantía de estabilidade, liberdade e o que poderíamos chamar "realización persoal".

A propia estabilidade da institución familiar contribúe positivamente, polo seu carácter preventivo e o seu apoio no momento da inte-

gración ou reinserción, a paliar problemas sociais de enorme complexidade. Quero dicir con isto que é comunmente aceptado o feito de que detrás de numerosos fracasos persoais, dende os escolares ás conductas delictivas ou antisociais, pasando pola propia incidencia da drogadicción ou fórmulas similares de "fuxidas" da realidade (por exemplo a atracción por parte de sectas) teñen a súa orixe en núcleos familiares inestables.

Temos tamén que lembra-la transcendencia que ten a evolución demográfica no deseño de calquera política social, e a relación que con ela garda a familia e a súa consideración. A propia viabilidade do conxunto do sistema de protección social esixe mante-la atención sobre a garantía da renovación xeracional. Quizais a política anti-natalista representa unha das máis inexcusables contradicións do chamado esta-

do de benestar a medio e longo prazo. Precisamente, por isto se impón que sexa unha das mais urxentes e enérxicas rectificacións, como xa recoñeceron outros países europeos (sirva o exemplo francés) para a que se fai necesaria a actuación horizontalmente coordinada de diversos sectores administrativos, dende os competentes en materia educativa ata os responsables da política fiscal. E polo reparto competencial imposto pola nosa vixente Constitución, o esforzo de coordinación debe ser tamén vertical entre a Administración Central e a Autonómica, no que vai ser unha seria loita contra o tempo.

As razóns expostas ata aquí xustifican sobradamente a existencia de programas dirixidos á familia, volviendo a convertela nun auténtico suxeito destinatario de programas e actuacións administrativas.

Pero non é suficiente con isto. Faise precisa unha verdadeira política familiar que protexa e promociione, que anticipe e oriente, que coordine e aporte solucións ós problemas máis agoniantes da familia. Máis aínda: que do mesmo xeito que a familia é a peza clave da sociedade, a política familiar se constituía no centro e

referencia do conxunto da política social.

Esta manifestación de prioridades e obxectivos implica redefinir boa parte das actuacións actuais, baseadas ou ben no individuo como suxeito de dereitos e prestacións, ou ben nos colectivos, como porcións sociais caracterizadas por algunha diferenza condicionante ou marxinalizante, ou ben nas asociacións e entidades, representantes recoñecidos deses colectivos. Propónse como alternativa a actuación multisectorial e coordinada, como esixe o novo suxeito dos programas sociais, a familia, que pola súa mesma idiosincracia acolle no seu seo toda a variedade de situacións e individuos que ofrece a sociedade en conxunto, e incorpora ademais valores e peculiaridades ata agora non contempladas.

Por outra banda, como non podía ser menos, esta renovación filosófica no tratamento dos problemas sociais que sufriu o redescubrimiento da familia, leva aparellada unha fonda reforma administrativa. Ten a primeira implicación de recoñecer públicamente á familia como unha nova área de actuacións, pero responde ademais á necesidade de medios humanos e técnicos ós que

os cidadáns poidan dirixirse, e que sexan capaces de xestionar novos programas que se deseñen neste campo. A estas cuestións, e dun xeito absolutamente innovador na Administración Pública española, ven dar resposta a creación dunha Consellería da Familia, Muller Xuventude, cunha Dirección Xeral da Familia no seu seo, no novo organigrama da Xunta de Galicia. Aínda que a definición dos programas e actuacións concretas precisan dunha fase de reflexión e dunha coordinación co resto das medidas da política social, a creación deste departamento supón unha clara aposta política e unha disposición dos medios humanos e materiais ós que antes me refería. Só con eles poderá atenderse con éxito ós distintos aspectos do redescuberto obxectivo dunha parte da política social: a promoción da protección da familia.

Este obxectivo xeral pode concretarse en tres, máis específicos:

1. A promoción dunha política integral de apoio ás familias, e a procura dunha maior autonomía e capacidade de resposta da propia familia.

2. A construción dun sistema integral mediante a consolidación

dunha serie integrada de recursos e servizos.

3. O fortalecemento do peso da familia no tecido social, no marco da construción dun país mellor, máis forte e equilibrado, e dunha sociedade máis libre e solidaria.

### A POLÍTICA FAMILIAR EN RELACIÓN COS SERVIZOS SOCIAIS

---

Resulta evidente que a existencia desta nova liña de actuación presenta problemas de coordinación con outras xa incluídas na política social. Estes problemas poden resumirse en tres grupos:

- de índole material, máis urxente pola creación de novos departamentos administrativos, coma no caso da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, o que supón unha reasignación dos medios dispoñibles.

- de índole competencial, xa que as actuacións concretas que veñen compoñe-la política familiar son fronteirizas con outras que desenvolven os servizos sociais, e esixen unha definición e un encaixe xurídico axeitado.

- de índole conceptual, xa que, a pesar de que se dirixa a unha institución arraigada e recoñecida, a política familiar non é en sí mesma coherente coas metodoloxías que a política social aplicou nos últimos anos, centrándose no individuo, nas asociacións de determinados colectivos ou mesmo en entidades de iniciativa social. Imponse tamén aquí un esforzo de definición de criterios, métodos e medidas.

En canto á primeira cuestión, á separación material con outros departamentos competentes en materia de servicios sociais, o principio de autonomía autoorganizativa despexa calquera dúbida ó respecto. O feito da novidade que certamente representa un departamento dedicado especificamente á familia, e que non teña precedentes próximos no tempo ou no espacio, só ven demostrar unha vontade política de resalta-la importancia da institución familiar e de actuar na súa promoción e protección. Esta decisión parece especialmente oportuna, por coincidir practicamente coa declaración do ano 1994 como Ano Internacional da Familia polas Nacións Unidas, e polo recoñecemento que a familia volverte, afortunadamente, como peza estabilizadora do tecido social é, por

consequente, da política social considerada no seu conxunto. Esta separación material non pode eximir da necesidade de coordinación das novas estruturas resultantes, no caso galego as Consellerías de Sanidade e Servicios Sociais, coa xa referida Consellería de Familia, Muller e Xuventude. Pero isto non debe supoñer ningún atranco á eficacia das actuacións. De feito, pola súa propia natureza, os servicios sociais sempre se viron forzados a coordinar as súas medidas e prestacións con departamentos competentes en materias limítrofes, como por exemplo a educación, o traballo, a seguridade social, ou mesmo a saúde. Tampouco debemos esquecer que a existencia dun departamento dedicado especificamente á familia ten continuidade no dereito comparado actual, coma no caso do Ministerio alemán da Familia e as Persoas de Idade Avanzada.

Polo que atangue ó deslinde competencial, que tampouco se limita exclusivamente, pero si dun xeito principal, ás relacións entre familia e servicios sociais, temos que facer referencia ó artigo 148. 20<sup>a</sup> da Constitución Española, xunto co artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que atribúe a competencia á





Comunidade Autónoma no amplo concepto da asistencia social. Por outra banda, a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, no seu artigo 12, define como servizos sociais de atención especializada na área da familia, infancia e mocidade aqueles que atenden as necesidades sociais específicas deste sector de poboación.

Este último artigo xa parece introducir unha certa especialidade, pola razón de que fundamenta as competencias concretas do novo departamento e permite o deslinde racional e xurídico respecto dos demais servizos sociais.

Vemos que, aínda sen excluír outros contidos que tamén poden coincidir no seo da familia, como sería a existencia dalgunha persoa minusválida ou de membros pertencentes á terceira idade, alomenos hai tres ámbitos de actuación que pola súa indisolubilidade e polo seu carácter netamente complementario poden e ata deben ter un tratamento diferenciado: a familia como conxunto, a infancia e a mocidade.

Pero este "tratamento diferenciado" ten recoñecemento en moitos outros textos de distinta natureza

xurídica. Serven todos eles non só para xustificalo illamento dunha parte da política social, precisamente a que se refire á familia como unidade básica da sociedade, senón para demostrar que o seu recoñecemento está suficientemente concretado dende o punto de vista conceptual, e internacionalmente estendido. Citamos como exemplo a declaración sobre o progreso e desenvolvemento no ámbito social, aprobada en decembro de 1969 pola Asamblea Xeral das Nacións Unidas. Respecto desta declaración, xa na terceira parte do citado documento, no apartado sobre medios e métodos, no artigo 22, propónse:

a) Establecemento e coordinación de políticas e medidas destinadas a reforza-las funcións esenciais da familia como unidade básica da sociedade.

b) A formulación e o establecemento, segundo sexa necesario, de programas en materia de poboación, dentro do marco das políticas demográficas nacionais e como parte dos servizos médicos de asistencia social, incluídas a educación, a formación profesional e a provisión ás familias de coñecementos e medidas necesarias para que poidan exercer-lo

seu dereito a determinar de forma libre o número e a frecuencia dos seus fillos.

c) A creación de servicios de puericultura axeitados ó interese dos nenos e dos pais que traballan.

Ainda que poderíamos engadir outros documentos con referencias expresas á familia, como a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, ou os Pactos Internacionais de Dereitos Humanos, máis próxima ca ningún é a nosa propia Constitución de 1978, singularmente clara no seu artigo 39:

1. Os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia.

2. Os poderes públicos aseguran, tamén, a protección integral dos fillos, iguais estes perante a lei con independencia da súa filiación, e a das nais, calquera que sexa o seu estado civil. A lei posibilitará a investigación da paternidade.

3. Os pais deben prestar asistencia de todo tipo ós fillos tidos dentro ou fora do matrimonio, durante a súa minoría de idade e nos demais casos en que legalmente proceda.

4. Os nenos gozarán da protección prevista nos acordos internacionais que miran polos seus dereitos.

Non parece que poida dubidarse da singularidade da protección á familia, e, o que nos interesa especialmente ós efectos de delimitación competencial, da coincidencia en recoñecer xunto con ésta a protección da infancia e a mocidade.

Precisamente esta complementariedade entre o que pode chamarse a promoción integral da familia no seu conxunto e a protección específica da infancia e da mocidade, constitúe o contido básico do que entendemos por política familiar. Sen embargo, hai medidas e actuacións especialmente próximas a estas tres áreas: como calquera política demográfica, a mesma promoción da igualdade de homes e mulleres ou a definición dunhas liñas de promoción de emprego dirixidas á incorporación das mulleres ou dos xoves ó mercado laboral. Todas xuntas configurarían un concepto mais amplo de política familiar, xirando ó redor da mesma institución e reclamando, pola súa especificidade, un tratamento administrativo diferenciado do resto dos servicios sociais. Esta é a fórmula escollida en Galicia,

e, como vimos, axústase a un criterio internacional e constitucionalmente respaldado.

Referíamonos igualmente á necesidade dun esforzo de definición conceptual, o que implica tamén as actuacións e programas concretos que configurarán de aquí en diante a política familiar. Ademais do que xa se deriva dos textos anteriormente recollidos e das referencias que se fixeron ós obxectivos específicos, parece conveniente reflectir sucintamente os criterios e as medidas de actuación.

## CRITERIOS DE ACTUACIÓN

---

Son os que van rexer en 85 programas e medidas concretas dirixidas ás familias, dos que, aínda seu pretensión de exhaustividade, podemos enumera-los seguintes:

- *Universalidade*: Xa que pretendemos dirixirnos a tódalas formas de familia, facilitando o seu acceso ós diferentes recursos que posibiliten o seu apoio.

- *Corresponsabilidade*: Baseada na reciprocidade necesaria para acadar un beneficio mutuo e positivo,

entre a sociedade e a familia, entre as institucións e a familia.

- *Participación e integración social*: A familia debe ser considerada en todo momento como suxeito activo, protagonista do seu desenvolvemento e da súa propia integración na comunidade da que forma parte.

- *Descentralización e desconcentración*: O despregue dos recursos e a execución das políticas sobre a familia débense producir de acordo cuns criterios de proximidade ó cidadán e de competencia das respectivas institucións, sexán públicas ou privadas.

- *Optimización da rendibilidade económico-social dos recursos*: O investimento dos recursos públicos en materia de familia rexeranse polo criterio da optimización do custo na súa aplicación, ou ben a de xustificar a inversión efectuada polos resultados obtidos.

- *Dinamización comunitaria*: Conseguir-lo máximo desenvolvemento comunitario en tódolos niveis sectoriais (cultura, deportes, asociaciónismo, etc.) será un compoñente básico no deseño e aplicación de calquera medida sobre a familia.

## MEDIDAS DE ACTUACIÓN

---

Tampouco cabe ter aquí pretensións de exhaustividade, pero si convén deixar claro que a propia natureza da familia obriga a actuar dun xeito integral sobre as súas necesidades. Con esta filosofía, parécenos preciso reclamar das Administracións ou Departamentos competentes en cada caso unha atención especial nos eidos da vivenda, a educación, a saúde, o traballo, a cultura e o lecer, sen prexuízo doutras actuacións específicas, como pode se-lo apoio a familias en situación de risco social ou a prevención dos malos tratos ós nenos.

En todo caso, a definición concreta das accións sería xa obxecto doutro traballo, froito precisamente das reflexións e a filosofía que foron expostos ata aquí. Pero non cabe dúbida que estas propostas, no seu conxunto, incluíndo as novidades administrativas ás que se fixo referencia, constitúen un cambio importante na configuración da política social: a recuperación da familia como suxeito destinatario de actuacións e programas especiais, e o seu recoñecemento como estrutura social básica. Noutras verbas, o nacemento dunha verdadeira “política da familia”, con especificidade e autonomía dentro do que forzosamente será en diante unha nova política social.



*A familia de Luís Seoane en Bos Aires, no ano 1916, pouco antes de regresar a Galicia. Luís Seoane de pé, á beira do pai.*



# *Estudios*

- ⇒ 1994: Ano Internacional da Familia  
*Agustín Dosil*
- ⇒ Amor y matrimonio  
*Francisco Rodríguez Adrados*
- ⇒ O desprazamento funcional da Familia  
*Luís Arribas*
- ⇒ Familia y educación  
*Raúl Vázquez Gómez*
- ⇒ A Familia e a educación ético-moral  
*José Huerta García*
- ⇒ Os pais no asesoramento vocacional dos fillos  
*José Manuel Gil Beltrán*
- ⇒ A participación dos pais nos centros educativos  
*Abilio de Gregorio García*
- ⇒ Os programas interxeracionais...  
*Ramona Rubio Herrera*
- ⇒ A bioética hoxe...  
*Francisco Javier León Correa*
- ⇒ As teorías implícitas dos pais...  
*María José Rodrigo*
- ⇒ A inadaptación social  
*Juan Luís Basanta Dopico*
- ⇒ Os vellos na Familia  
*Agustín Sixto Seco*





# 1994: ANO INTERNACIONAL DA FAMILIA

*Agustín Dosil*

Universidade de Santiago de Compostela

*Erixi-la democracia máis pequena no corazón da sociedade.*

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas declarou o ano 1994 Ano Internacional da Familia, propoñendo como lema "A Familia: recursos e responsabilidades nun mundo en evolución".


## PRINCIPIOS

A proclamación do AIF inspírase nos seguintes principios (ONU, Viena, 1991):

"a) A familia constitúe a unidade básica da sociedade e, en consecuencia, merece especial atención. Xa que logo, haberá que prestar á

familia protección e asistencia na forma máis ampla posible, de xeito que poida asumir plenamente as súas responsabilidades na comunidade, segundo o disposto na Declaración Universal de Dereitos Humanos, os Pactos Internacionais de Dereitos Humanos, a Declaración sobre o Progreso e o Desenvolvemento no Social e a Convención sobre a eliminación de tódalas formas de discriminación contra a muller.

b) A familia asume diversas formas e funcións segundo os países e na sociedade de cada país, o que



indica a diversidade das preferencias individuais e as condicións da sociedade. En consecuencia, o Ano Internacional da Familia debe abranguer e ter en conta as necesidades de tódolos tipos de familia.

c) Nas actividades do AIF procurarase fomenta-los dereitos humanos básicos e as liberdades fundamentais de que gozan tódalas persoas, conforme o conxunto de instrumentos convidos internacionalmente que se formularon baixo os auspicios das Nacións Unidas, calquera que sexa a condición de cada integrante da familia e a forma e situación da dita familia.

d) As políticas terán por obxectivo fomenta-la igualdade entre a muller e o home na familia, e acadar que se compartan máis plenamente as funcións domésticas e as oportunidades de emprego.

e) As actividades relacionadas co AIF levaranse a cabo en tódolos niveis -local, nacional, rexional e internacional-; sen embargo, centranse fundamentalmente nos niveis local e nacional.

f) Os programas deberán axudar á familia no cumprimento das

súas funcións e non ofrecer substitutivos das devanditas funcións. Deberán fomenta-los puntos fortes e intrínsecos da familia, entre eles a súa grande capacidade de autosuficiencia, e alenta-las actividades de automantemento a prol desta. Deberán representar unha perspectiva integrada da familia, os seus compoñentes, a comunidade e a sociedade.

g) O AIF constituirá un acontecemento dentro dun proceso permanente. Haberá que adaptar medidas para a avaliación axeitada dos avances acadados e os obstáculos xurdidos tanto antes do Ano coma durante a súa celebración, co fin de asegura-lo seu éxito e disposicións pertinentes de seguimento."

## OBXECTIVOS

---

Os obxectivos (ONU, Viena 1991) que o Alto Organismo persegue con esta celebración son incentiva-lo desenvolvemento de actividades a tódolos niveis (locais, nacionais e internacionais), como parte dun esforzo sostido a longo prazo, co fin de:

"a) Facer cobrar maior conciencia ós gobernos e ó sector priva-

do respecto das cuestións que atangan á familia. O AIF servirá para salienta-la importancia da familia, promover unha mellor comprensión das súas funcións e programas, fomenta-lo coñecemento dos procesos económicos, sociais e demográficos que inflúen sobre a familia e os seus integrantes, e centra-la atención nos dereitos e responsabilidades de tódolos integrantes da familia.

b) Fortalece-las institucións nacionais encargadas de formular, aplicar e supervisa-las políticas respecto da familia.

c) Alenta-los esforzos encamiñados para facer fronte ós problemas que inflúen sobre a situación da familia e que resultan influídos por esta.

d) Mellora-la eficacia dos traballos realizados a nivel local, rexional e nacional para a execución de programas concretos relativos á familia, mediante o desenvolvemento de novas actividades e a promoción doutras xa en curso.

e) Mellora-la colaboración entre as organizacións non gobernamentais, nacionais e internacionais en apoio de actividades multisectoriais.

f) Aproveita-los resultados das actividades internacionais relativas á muller, os nenos, a xuventude, os anciáns e os discapacitados."

## CENTRO DE COORDINACION DO AIF

Para o logro dos obxectivos sinalados, as Nacións Unidas responsabilizaron á súa oficina en Viena da preparación e celebración do AIF. O Director da División de Desenvolvemento Social do Centro de Desenvolvemento Social e Asuntos Humanitarios, foi nomeado Coordinador do AIF. Creouse, tamén, no seo da División de Desenvolvemento Social unha pequena Secretaría do AIF (no anexo recóllense os datos para unha maior información, se se desexa).

## ACTIVIDADES PREPARATORIAS

Nacións Unidas organizou catro grandes Conferencias Mundiais dentro do seu Programa de Preparación do AIF: en Malta, para os países de Europa e América do Norte; en Cartaxena de Indias, para os países do Caribe e América Latina; en Túnez, para os de África, e en Pequín, para os países de Asia e Oceanía.

Ademais destas catro Conferencias Mundiais, propiciadas e organizadas directamente pola Secretaría do AIF, celebráronse outras Conferencias e reunións preparatorias de carácter internacional, nacional e local.

Especial mención cómpre facer das actividades desenvolvidas polo Comité de ONGS para a familia con sede en Viena. En concreto, o grupo de traballo Nº 2, encargouse do estudo dunha posible Declaración dos Dereitos da Familia. Neste grupo participou a organización española PRODEFA, a cal, entre outras aportacións, presentou un estudo onde se recollen 58 documentos de Nacións Unidas, en que se tratan 26 temas de Familia, e, ó mesmo tempo, aportou un proxecto de declaración.

As ONGS entenden que é necesaria unha declaración universal debido a que a lexislación dos estados debe estar propiciada e apoiada en instrumentos internacionais e, ademais, porque a familia nunca foi tratada como entidade global.

O grupo de traballo Nº 2 do Comité de ONGS para a Familia, entende que a Asemblea Xeral realizou Declaracións de dereitos chamados de primeira xeración, e que debería, con motivo do AIF, pasar a dereitos de segunda xeración.<sup>1</sup>

Con este propósito, e despois de moito esforzo, este Grupo de traballo conseguiu o establecemento dos "Principios Orientativos da Familia", que constan de 21 artigos, que serán sometidos ó Alto Organismo.

En España, viñéronse desenvolvendo nos dous últimos anos, con perfís moi variados, congresos, simposios e reunións científicas (Palma de Mallorca, Madrid, etc.). Especial significado ten para nós a "Conferencia preparatoria do AIF", elebrada en Santiago de Compostela.

## CONFERENCIA PREPARATORIA DE SANTIAGO

---

Celebrouse no mes de xullo de 1993. Participaron nela especialis-

1. Con vistas a tal Declaración, distingúranse os seguintes tipos de dereitos:

- a) Dereitos Humanos de Primeira Xeración: Declaración dos Dereitos Humanos, do neno, etc.
- b) Dereitos Humanos de Segunda Xeración: Afectan a Grupos: Familia, Asociacións, Sindicatos, etc.
- c) Dereitos Humanos de Terceira Xeración: Afectan á Humanidade globalmente: o Medio Natural, etc.

tas de 13 universidades de 5 países, membros de Organizacións de Familia de Europa e América, representantes da Fundación Rusa para a Paz, das ONGS de Viena, e membros da UNESCO e do Parlamento europeo. Unha trintena de participantes dos campos do Dereito, Medicina, Socioloxía, Psicoloxía, Demografía, e Educación; ámbitos de especial relevancia na problemática familiar.

O patrocinio deste evento correspondeu á Xunta de Galicia, e a Organización, ó Instituto de Ciencias Humanas e Sociais (ICHHS) de Galicia, coa colaboración das facultades de Dereito (lugar da celebración) e de Psicoloxía da Universidade de Santiago.

Dúas características diferenciaron esta conferencia doutras reunións similares celebradas con anterioridade:

A primeira, derivábase da mesma orde temporal, por canto se beneficiaba do traballo de encontros precedentes. Así, puido partir da documentación elaborada por PRO-DEFA para o Comité de ONGS de Viena, á que anteriormente nos referimos.

A segunda, pola metodoloxía seguida na análise da documentación

emanada de Nacións Unidas sobre o tema da familia, que permitiu tirar conclusións, cando menos, sorprendentes.

As sesións da conferencia estiveron precedidas de reunións de traballo do grupo de investigación constituído para a preparación da mesma, que desenvolveu as súas actividades desde finais do ano anterior.

As análises realizadas por este Grupo de Traballo, e que foron obxecto de debate da conferencia, céntranse en dous ámbitos:

a) "O concepto de Familia nos Documentos da ONU".

b) "Os dereitos da Familia nos Documentos das Nacións Unidas".

Os resultados das ditas análises - que constituíron a primeira parte da Conferencia - veñen apoiar, enriquecer e completa-las propostas das ONGS, ás que antes nos referimos.

A segunda parte da conferencia centrouse e profundou en aspectos concretos, en ámbitos de especial relevancia para a familia. Con este propósito, desenvolvéronse oito relatorios, por outros tantos especialistas, que serían analizados e debatidos

por grupos de expertos invitados para o dito cometido.

Os temas debatidos nos relatorios foron os seguintes:

1ª Análise Socio-Histórica, situación actual e perspectivas de futuro da Familia.

2ª Poboación e Demografía.

3ª Política Lexislativa e Dereito Matrimonial e de Familia.

4ª Estructuración e Desestructuración Familiar.

5ª A familia e os medios de comunicación social.

6ª Familia e Educación.

7ª A familia: un proceso dinámico de interacción ó longo da vida.

8ª A dimensión humana como compoñente necesario na visión multifocal da Seguridade Internacional.

Toda a Documentación desta Conferencia Preparatoria recóllese nun volume que, editado pola Xunta de Galicia, será publicado proximamente.

Foi, sen lugar a dúbidas, unha valiosa contribución para a preparación do AIF. O propio Coordinador da Secretaría do AIF, D. HENRYK J. SOKALSKI, participaba deste sentimento ó afirmar: "Iniciativas como esta (Santiago de Compostela, España) constitúen verdadeiramente o centro do programa para o Ano Internacional da Familia e son vitais para asegura-lo seu éxito".

## LOGOTIPO DO AIF

---

O emblema oficial do AIF, que se recomenda usar para estimular a sensibilidade das xentes na consecución dos obxectivos do AIF, foi deseñado pola artista suíza, residente en Viena, Catherine Littasy-Rollier. Representa un corazón protexido por un teito vinculado con outro corazón, como símbolo da vida e o amor, nun fogar onde hai calor, afecto, seguridade, solidariedade, tolerancia e aceptación. O deseño é aberto, para indica-la continuidade á vez que unha lixeira incerteza. O trazo, co seu teito lineal aberto, completa un símbolo abstracto que representa a complexidade da familia, considerada como célula básica da Sociedade e que o AIF contribuirá a erixir como democracia máis pequena no corazón da sociedade.

Que estes obxectivos poidan conseguirse dependerá de todos e cada un de nos. Por conseguinte debemos asumir a nosa cota de responsabilidade co fin de que no noso propio ámbito familiar ou de traballo saibamos responder a esta chamada, que debe constituír un revulsivo, en especial na nosa praxe docente diaria.

## ANEXO

Para máis información sobre o Ano Internacional da Familia, poden dirixirse a:

Coordinador do AIF  
Oficina das Nacións Unidas en  
Viena  
Centro de Desenvolvemento Social  
e Asuntos Humanitarios  
P.O.Box 500  
A-1140 Viena (Austria)  
Teléfono (43-1) 211-31/4223 ou 5203  
Telefax (43-1) 23-7497 ou 23-21-56





## AMOR Y MATRIMONIO

---

### Algunos precedentes antiguos

*Francisco Rodríguez Adrados*  
Universidad Complutense, Madrid

La situación del matrimonio en nuestro mundo es absolutamente compleja y algo ayuda a comprenderla el recordar, aunque sea con mínima erudición, algunos precedentes antiguos. Se trata de ver en qué medida los modelos que seguimos fueron creados gradualmente en la Antigüedad, sobre el fondo de las culturas griega y romana y su fusión con el Cristianismo y con diversos movimientos posteriores; en qué otra se trata de simples coincidencias, procedentes, en definitiva, de la constancia de la naturaleza humana, que periódicamente se rebela contra las imposiciones de la sociedad, tradición, las religiones. Y de las necesidades de la sociedad, que periódicamente se imponen a los libres deseos individualistas de la naturaleza humana.

En realidad, son tantos y tan complejos los modelos de matrimonio y de amor, hoy día, en nuestras sociedades, que es difícil trazar un

cuadro claro. Es un tema de estudio sociológico, en realidad.

Simplificando mucho, diríamos que hay un modelo "oficial", que sufre toda clase de desviaciones en la práctica. El matrimonio es cuestión de amor individual y libre entre la pareja: no es algo arreglado por los padres en función de conveniencias económicas y familiares. Tiene que ver, por supuesto, con los hijos y la familia, pero tanto o más con el amor y el afecto. Es monogámico. Comporta un reparto tradicional de funciones entre el marido y la mujer, con la autoridad superior, teóricamente al menos, en manos del primero. Se disuelve mediante separación y divorcio y entonces puede volverse a empezar con otro nuevo. Este es el que yo llamaría modelo tradicional.

Con todo ello, no cabe duda de que, en ciertos momentos, uno o los dos miembros de la pareja puede

sentir este vínculo como algo que atenta contra su individualidad, su libertad, el crecimiento de su sensibilidad y sus experiencias. Y que de ahí vienen toda clase de problemas que llevan, a veces, a actitudes que contrastan con el esquema antes trazado e, incluso, a la disolución.

Y que hacen que, junto al modelo antes dibujado, existan en nuestra sociedad otros modelos de comportamiento de hombres y mujeres. Imposible agotarlos, no es cuestión ni siquiera de intentarlo en este contexto. No es extraño en un mundo que cultiva los sentimientos individualistas y aun egoístas, en que el sentido de la familia se debilita, en que el erotismo es un valor en sí. Al menos, entre los varios modelos, debería citar uno.

El de la promiscuidad masculina y la promiscuidad femenina antes del matrimonio; y el acomodo de esta situación inicial, más o menos forzosamente, con menores o mayores fracasos, cuando llega el matrimonio: por buscar la estabilidad o el respeto social, por tener hijos. Por supuesto, las funciones o "roles" del marido y la mujer cambian radicalmente. Con la mayor frecuencia, uno y otro sienten incomodidad en la nueva situación: la

evolución es imprevisible, depende de los caracteres y las circunstancias. Yo llamaría a éste "modelo individualista" (aunque insisto en que es uno entre varios).

Lo que querría decir aquí es que uno y otro modelo son modelos evolucionados; y que ambos tienen claros precedentes en la Antigüedad. En parte, ya digo, porque hay una herencia, unas líneas rectas que vienen de la romanidad cristiana (a donde han llegado desde Grecia y el Cristianismo) y que no han evolucionado luego demasiado. En parte, insisto también, porque ciertos tipos de conducta, derivados de razones profundas de la naturaleza humana, se repiten periódicamente: sobre todo las de tipo individualista, cuando se dan circunstancias culturales que las favorecen.

Querría limitarme a algunos puntos esenciales. Son tres:

Matrimonio y amor, adulterio y divorcio, situación de la mujer.

## MATRIMONIO Y AMOR

---

En principio, en Grecia y lo mismo en Roma, el matrimonio nada tenía que ver con el amor. Era



una institución puramente al servicio de la familia patriarcal: “para la siembra de hijos legítimos” era la fórmula oficial. Hay un pasaje muy citado de un discurso atribuido a Demóstenes, el “Contra Neera”, donde se dice que las esposas son para tener hijos legítimos, las concubinas y las heteras para el cuidado personal y para el placer. Eran los padres los que concertaban estos matrimonios entre desconocidos, por razones económicas y de relaciones personales en general.

De ahí que el matrimonio fuera en la práctica obligatorio para los hombres, era el deber del ciudadano según Platón en “Las Leyes”; los solteros eran mal vistos en Atenas, eran multados en Esparta. En cuanto a las mujeres, el matrimonio era prácticamente su única salida, por imperio de la situación social.

Cuando esta situación había evolucionado ya en Grecia y se había llegado al matrimonio por amor, en época helenística, llegó la hora de Roma. Y en este aspecto significó, de momento, una marcha atrás. Pues Roma era un estado con una sociedad arcaica que tardó en evolucionar. En ella el matrimonio era cosa que nada tenía que ver con el amor; una

vez más, lo decidía el padre. Incluso, en la práctica, en el llamado matrimonio consensual. Y la mujer quedaba bajo la potestad del marido (*manus*) si no es que, por razones más bien de conveniencia, se decidía que volviera a la del padre (*potestas*).

Que el matrimonio era una institución puramente al servicio de la sociedad y del estado se ve por la falta de libertad, paralela a la de la Grecia arcaica y clásica. Las leyes dictadas por Augusto, la *lex Papia Poppaea* y la *Iulia de adulterios* establecieron, para intentar cortar una cierta relajación, que todos los hombres entre veinticinco y sesenta años y todas las mujeres entre veinte y sesenta debía contraer matrimonio.

¿Y dónde quedaba el amor?, se preguntará. En la antigua Grecia diríamos que en el mito y la poesía, que eran una especie de envoltura que mitigaban las frustraciones de los hombres ofreciéndoles la imagen de un mundo ideal, cierto que lleno de problemas cuando el amor chocaba con la norma tradicional. En la sociedad, difícilmente existía: no había, socialmente, ocasiones para tratar con la mujer soltera, las relaciones de adulterio con las casadas acababan en el castigo público y ultrajante

del amante (si no en su muerte), en el repudio de la esposa. El hombre quedaba reducido al trato con las heteras y con los jóvenes efebos; la mujer estaba limitada al marido.

Quedaban, ya digo, el mito y la poesía. En la *Odisea*, Afrodita engañaba a Hefesto con Ares entre la risa de los dioses, Circe y Calipso amaban e intentaban retener a Odiseo, éste y Penélope se encontraban al final del largo viaje en una noche de amor y confidencias. En diversas fiestas, las mujeres lloraban por los dioses muertos, sus amantes: un Adonis, un Dafnis, un Menalcas. Arquíloco lloraba por su viejo amor perdido. Y había el amor de Safo por sus amigas, de Teognis por su efebos. Alceo, Anacreonte y los demás cantaban el amor fácil del banquete, con las heteras. Y la tragedia presentaba a las heroínas enamoradas, sufriendo los riegos y locuras del amor: una Fedra enamorada del hijastro Teseo, una Medea vengándose en sus hijos del abandono de Jasón.

Esto en el mito y la poesía: sin duda, ofrecían un contrapunto necesario a la vida real. Pero la poesía ofrecía también otro modelo: si no el del *éros*, sí el de *philía*, cariño, comprensión, diríamos, en el matrimo-

nio. Mujeres o concubinas de los héroes de Homero que, en el origen, eran cautivas de guerra, tenían una relación de intimidad con ellos, había esa *philía* por los dos lados. Así se nos describe la relación a Aquiles y Briseida, de Héctor y Andrómaca. Es la misma "comunidad", la relación igualitaria entre marido y mujer de que habla Aristóteles en su *Política*, de que habla Plutarco. Es, sin duda, el amor que se nos cuenta de casos excepcionales en Atenas: entre Cimón y Elpinice, Plutarco y Aspasia. Es la relación que está implícita, en Roma, en la fórmula sacramental *ubi tu Gaius ego Gaia*, en la dignidad atribuida a las matronas y en diversas anécdotas.

Pero hay más, como he apuntado arriba: la literatura de época helenística apunta ya a la existencia del matrimonio por amor o del amor en la pareja sexualmente unida. Hay que tener en cuenta, otra vez, las circunstancias sociales, que hacen que normalmente tenga que intervenir la hetera o una mujer libre que se ignoraba que lo era, o una pareja separada temporalmente por cualquier circunstancia. La Comedia Nueva de Menandro (y de sus continuadores Plauto y Terencio) está llena de parejas enamoradas que habitualmente

han consumado su amor, pero que encuentran mil obstáculos para su matrimonio, bien en sus padres, bien en equívocos y problemas diversos. Todo termina siempre bien: termina en boda. Modelo largamente seguido hasta hoy mismo, es el “modelo tradicional” de que hablé.

E igual en la novela griega, género propio de esta edad. En *Que-reas* y *Calíroé* de Caritón de Afrodiasias, por ejemplo, la más antigua de las novelas conservadas, de en torno al comienzo de nuestra era, hay el amor de ambos a primera vista, la boda, el robo de ella por los piratas, la larga búsqueda y las largas aventuras, el reencuentro final. Una vida feliz con el marido y una muerte juntos es lo que pide a Afrodita la heroína.

Un nuevo clima en la relación hombre/mujer se había creado, aunque no carecía de precedentes en la edad anterior. Por ejemplo, en la pintura homérica del reencuentro de Odiseo y Penélope, de que ya hablé, o en la pintura en la *Helena* de Eurípides del reencuentro de Menelao y Helena.

Pero no hay que desconocer que a ese clima, a más de los factores mencionados precedentes de la anti-

gua Grecia, y de algún factor romano de que hablaré luego, contribuyó el Cristianismo, con su nueva valoración de la mujer y del hombre en un plano de igualdad dentro de la comunidad. Son hermanos dentro de ella. Y aunque sobre la relación entre ambos en el matrimonio cristiano hay diversas valoraciones y no pueden olvidarse textos como las epístolas a los Corintios (I) y a Timoteo (I), que establecen claramente una subordinación de la mujer, existen factores divesos que operan a favor de ella. Por ejemplo, el ascetismo y la condena del adulterio masculino; por ejemplo, el ejercicio de funciones importantes por parte de las mujeres en la comunidad cristiana.

## ADULTERIO Y DIVORCIO

---

La razón del trato diferente que recibían en la tradición griega y romana (continuada con frecuencia, luego) hombres y mujeres en lo relativo al uso del sexo, se explica por la naturaleza del matrimonio en esas sociedades. Siendo la finalidad del matrimonio la procreación de hijos legítimos, es claro que la mujer no debía tener trato con otro hombre que el marido; el trato del hombre fuera del matrimonio, con heteras, prostitutas y efebos, era indiferente a

ese respecto. Pero el hombre debía respetar a la mujer soltera y a la casada, para no interferirse en el matrimonio y la familia patriarcales.

Ciertamente, las sanciones eran distintas en Grecia y Roma. En Atenas, el marido podía hasta matar al ofensor, así en el famoso caso del discurso de Lisias "Contra Eratóstenes"; en otros casos se exigía la humillación pública del ofensor o una compensación económica. En cuanto a la mujer, debía ser simplemente repudiada. Se consideraba, parece, menos culpable. Tenía vigencia el tópico de la liviandad y poca responsabilidad femeninas, que el matrimonio buscaba remediar; en caso de fracaso, se despedía a la mujer sin más.

En Roma, la situación de la mujer era peor a este respecto. En fecha antigua, el padre tenía el *ius occidendi*, el derecho de matar a la hija que había perdido la virginidad o cometido adulterio; y lo mismo podía hacer el marido con la mujer, pero no inversamente. La *lex Iulia* de Augusto, antes citada, permitía todavía el castigo de la hija por el padre, con tal que matara también al cómplice; en otro caso, la adúltera era relegada a una isla.

Lo notable es que tan graves medidas no dieron grandes frutos en la práctica. En la última época de la república romana y en la primera del imperio, encontramos en Roma una gran libertad sexual de las mujeres, más que en Grecia. Y no sólo se trata de las equivalentes a las heteras griegas, que son las que iniciaron esa liberación (muy parcial, subsistía el vínculo económico) de la mujer. Los versos de Catulo y de los elegiacos latinos, entre otros documentos, nos informan bien sobre ese grupo social de mujeres ricas que se casaban y divorciaban, tenían amantes, pasaban tranquilamente de uno a otro. Son los precedentes del "modelo individualista".

El antiguo matrimonio patriarcal quedaba así bien roto. No lo rompían los hombres por sus relaciones fuera del hogar; lo rompían las mujeres promiscuas, que ponían duda sobre el origen de sus hijos. Pero, de todas maneras, y ya que hablamos de adulterio, hay que añadir que la insistencia de los cristianos en prohibir toda clase de adulterio, maculino tanto como femenino, cambió, a la larga, el clima del matrimonio. Aquí sí que se introdujo una diferencia fundamental. Aunque, a la larga, el matrimonio se hizo más

problemático para los hombres, mientras se hizo más problemático para las mujeres desde el momento en que aumentaron sus posibilidades sociales.

La salida para un matrimonio con problemas -salida bien problemática, por lo demás, porque no es más que un volver a empezar- es el divorcio. Frente al matrimonio indisoluble de la Iglesia en su calidad de sacramento, se impuso la idea del matrimonio resoluble mediante divorcio: en Grecia, en Roma y en otros pueblos diversos. En fecha helenística había otros tipos más de matrimonio que luego se han propuesto o ensayado aquí o allá: el matrimonio a prueba y el matrimonio por plazo limitado. Después de todo, el matrimonio era un contrato como otro cualquiera y cada vez con menos conexiones sacrales.

En el momento en que el poder de la Iglesia ha ido decayendo, estas otras nuevas posibilidades han ido siendo redescubiertas poco a poco. Entre ellas el divorcio. Claro que no en formas idénticas a las de Antigüedad, con un simple repudio por parte del marido. Cada vez más se ha establecido un clima de igualdad, de decisión voluntaria por parte

de ambos cónyuges. Así, el "modelo tradicional" de matrimonio de que hablé al comienzo ha incorporado una serie de rasgos sean griegos y latinos evolucionados, sean cristianos.

Nótese, de otra parte, que en lo relativo a la permisividad, que ahora es grande en uno de los dos modelos del comienzo, menor, pero siempre una tentación, en el otro, atravesó en la Antigüedad etapas diferentes. No me refiero ya al modelo griego, en que la permisividad era grande para el hombre, inexistente para la mujer; ni al cristiano, en que era nula para ambos, teóricamente al menos. Me refiero a lo sucedido en Roma.

Aquí, a aquel rígido modelo arcaico en que la mujer se limitaba a "hacer la lana", era matrona virtuosa que cuidaba de los hijos, siguió, como ya dije, en época de Cicerón y Augusto, el modelo de la promiscuidad femenina (la masculina la había habido siempre). Claro que no como una cosa generalizada; estaba más bien restringida a las clases altas. Ya vimos cómo trató de luchar contra ella (y contra el celibato masculino) la *lex Iulia*. Pues bien, es notable que la moral matrimonial del siglo II d. C. -la época de Trajano, Adriano,



Antonino Pío- era próxima a la moral cristiana.

¿Influjo de ésta? Más bien se piensa que no. Es una época en que el excesivo individualismo de la edad anterior se quebraba, es la época feliz del imperio. En ella, la influencia difusa de las filosofías griegas de raíz socrática, el estoicismo y el cinismo entre ellas, se imponía.

Este es uno de los giros, de las variaciones periódicas de que al comienzo hablé. Los dos extremos son el individualismo, que impone la máxima libertad sexual, y las tendencias restrictivas impuestas por la sociedad, la filosofía o la religión. Del uno se pasa alternativamente al otro y ninguno se impone de un modo absoluto: los valores de la libertad (cambio o promiscuidad en este caso) y del ascetismo y la restricción son humanos el uno y el otro, se alternan y sustituyen.

Ahora estamos en la ola de la permisividad: tal vez no tarde tanto la vuelta al otro polo. Y hay fenómenos curiosos, entre tanto. Así, en los países anglosajones, ese borrar de la política a cualquier hombre sospechoso de una relación sexual no canónica: relaciones favorecidas, de

otra parte, por todo el ambiente. Y en las mujeres todos los días, aquí mismo, la conversión de las promiscuas, todos los días, en honradas madres de familia. Y el fenómeno paralelo para los hombres.

Aunque no se llegue ni mucho menos, a la emperatriz Teodora, la mujer de Justiniano, que pasó del mimo y la prostitución al trono imperial y, en este momento, recogió a todas las mujeres de los burdeles de Bizancio y las metió en un convento, en algún lugar inhóspito de Asia Menor.

## LA SITUACIÓN DE LA MUJER

---

Era en el antiguo matrimonio, evidentemente, una situación de subordinación. La cautiva en la guerra, la mujer entregada por su padre con una dote, dependía económicamente del marido, no tenía acceso al sexo foráneo mientras que él sí, tenía restringida terriblemente la libertad de movimientos, encerrada en el hogar como estaba, con limitadas excepciones.

Dentro de esto, era la reina de la casa, de cuya economía y administración estaba a cargo. Resignada a

esta situación tradicional, la aceptaba, en general, como normal. Pero había crítica: en la *Medea* de Eurípides, en la *Lisístrata* de Aristófanes se airean las críticas de las más ilustradas.

Lo peor era la inferioridad cultural, ese llegar al hogar sin saber nada, ese tener que aprenderlo todo, como se ve bien en el pasaje sobre la mujer de Iscómaco en el *Económico* de Jenofonte. En las *Memorables* de este mismo autor se dice que con pocas personas tiene un hombre menos conversación que con su mujer. La verdadera vida de relación, de afecto, del hombre, estaba fuera del hogar, entre los otros hombres, los efebos, las heteras. El mundo de relación de la mujer, en cambio, era el de las mujeres de la familia, las esclavas, los niños.

Esto no es tan sólo antiguo: ha seguido sucediendo así mucho tiempo. Hasta no hace tanto, ha seguido sucediendo que las salidas de la mujer fueran a fiestas religiosas, a misa, diríamos. Los filósofos, desde Sócrates a Aristóteles, pasando por Platón, reaccionaban contra esta situación. Ya se ve que duró mucho más que ellos.

Pues bien, había excepciones. Aristófanes, Eurípides, Aristóteles y otros señalan el papel de la mujer rica, señora de su esposo. Lo señalan con crítica: pero es un hecho que existía. Y luego, en época helenística, una cierta tendencia a la igualdad se generalizó. Sabemos por los papiros de Egipto que la mujer tenía ahora capacidad para comprar y vender, podía dirigirse directamente a las autoridades del estado sin necesidad de tutor, intervenir en la elección de matrimonio de los hijos, etc. Tenemos contratos en que se especifican explícitamente los derechos y deberes de cada cónyuge. Y la libertad de movimientos de las mujeres en esta época está bien atestiguada por la comedia y el mimo. Había poetisas y aun filósofos: las cosas cambiaban.

Una vez más, los hechos en sociedades tan distintas, en principio, como la griega, la cristiana y la romana, coinciden. Junto a estos hechos griegos hay que señalar que, entre los cristianos, a juzgar por los *Hechos de los Apóstoles*, por la *Vida de Tecla* y por otros documentos, las mujeres tenían una intervención activa en la vida de la comunidad. No solo fueron las mujeres de baja clase social y los esclavos, como a

veces se dice, quienes, favorecieron la difusión del cristianismo. También tenemos datos, de mujeres de clase social alta que desempeñaron papeles distinguidos en este proceso. Claro que muchas actuaban fuera del matrimonio, como viudas sobre todo, pero otras se integraban en él.

¿Y qué decir de Roma? Es conocido aquí el poder y la independencia de las mujeres, a partir de un cierto momento. Como también nos cuenta esto Plutarco de Esparta, con crítica por cierto, pero sin duda con verdad. Y por las mismas causas. El alejamiento de los maridos en las guerras dejaba a las mujeres el poder real en la ciudad, poder que iba acompañado de una cierta libertad sexual.

Hay, al tiempo, un factor jurídico: las mujeres romanas, ya desde las XII Tablas, tenían la posibilidad de recibir una herencia de alguien que hubiera muerto *intestatus*, sin hacer testamento. Ya en el siglo III a. C. muchas mujeres eran ricas, lo que promovió que se promulgaran leyes suntuarias, en particular la *lex Oppia*. Cuando, con la oposición de Catón, se quiso derogar esa ley, las mujeres se manifestaron pública-

mente a favor de la derogación y se llegó a una solución intermedia. En definitiva, esa independencia económica de ciertas mujeres continuó y ha de ponerse en conexión, sin duda, con esa independencia suya en lo sexual de que hablé más arriba.

## CONCLUSIÓN

---

Naturalmente, no intentaban estas breves páginas hacer una historia del matrimonio ni de las relaciones hombre/mujer. Sólo, hacer ver que una buena parte de los modelos actuales de la institución vienen de unas u otras situaciones y tendencias antiguas; que otras veces encontramos, simplemente, fenómenos de paralelismo. Por ejemplo, entre elevación económica de la mujer y libertad en todos los órdenes, incluso el sexual; entre nueva situación social e invención del "amor feliz", el amor de pura elección y que culmina en boda.

Entre estos factores de evolución está, naturalmente, el Cristianismo. Pero el Cristianismo, con todo su ascetismo (que, por otra parte, compartían ciertos filósofos), está estrechamente implicado en los

factores sociales de las sociedades antiguas. Factores que a veces provocan rechazo. Y todo ello es heredado por las sociedades futuras, que a su vez conocen el choque interno de los mismos factores de siempre.

El conflicto entre las exigencias de la libertad y las necesidades de la sociedad y la familia, es, efectivamente, el mismo siempre. No es fácil la conciliación: a veces se logra con soluciones de transacción o con incoherencias hipócritas. Tenemos dos almas en este tema, como en tantos otros. Otras veces, se llega a soluciones legales más o menos ajustadas a los tiempos.

El matrimonio ha subsistido, de todos modos, pese a los embates que a lo largo de los tiempos ha sufrido. En una forma u otra es, sin duda, necesario. Hereda muchas

cosas antiguas, quizá demasiadas. Las nuevas versiones, por otra parte discordantes a veces, tratan de conciliar amor y renuncia, derechos del individuo y de la especie o sociedad. Con más o menos éxito, según los casos. Pero el matrimonio está ahí, vivo y bien vivo: una de las herencias de las antiguas sociedades. En realidad, es una mezcla bastante incoherente, en los varios modelos que hoy existen, de tendencias diversas procedentes de épocas y circunstancias sociales y espirituales diferentes.

Pero opera y hace que la sociedad siga adelante. Ese es su mayor éxito. La cuestión es conciliarlo con el individuo. Griegos, cristianos y romanos hicieron mucho en ese sentido. Pero es un problema siempre presente.

# O DESPRAZAMENTO FUNCIONAL DA FAMILIA

---

*Luís Arribas*

Universidade de Santiago de Compostela

## A FAMILIA ACTUAL

---

Non é superfluo comezar decindo que a familia é unha institución universal que existe en tódalas sociedades, conformada por elementos estruturais diferentes e con funcións diversas en cada unha das culturas e dos momentos históricos en que se considera; é esta diversidade a que suxire a idea de moitas familias e unha profunda evolución delas.

No contexto actual, ós elementos estruturais e funcionais clásicos e tradicionais hai que engadi-lo factor psicolóxico, que adquire un especial relevo. Poderíamos definilo, nunha primeira aproximación, como o conxunto de tódolos resortes emocionais que o feito da familia desencadea en cada un dos individuos que a vive, e as actitudes e reaccións que cada un deles adopta nas súas relacións cos outros membros da familia.

Este factor psicolóxico pode considerarse novo, aínda que os individuos sempre soportaran os seus propios pensamentos e cargas emocionais nas relacións sociais que mantiñan; que se poida considerar como aportación deste momento histórico ó matrimonio e á familia é porque na nosa sociedade as pautas de comportamento individual están fortemente primadas sobre as pautas de comportamento grupal.

Un segundo factor que determina a forma da familia actual é a consolidación do amor romántico como factor decisivo na elección da parella, fronte á súa elección por determinantes familiares, sistema vixente ata avanzado este século. Esta valoración positiva da existencia dun amor mutuo entre os futuros cónxuxes é favorecida por dúas causas: unha cultural, que é de novo o asentamento e recoñecemento dos

dereitos individuais da persoa, e outra económica, que pode resumirse no maior grao de independencia económica respecto da unidade familiar, que proporciona a progresiva industrialización da sociedade.

William Goode<sup>1</sup> analiza, en 1959, o amor como factor da evolución dos tipos e estruturas familiares na sociedade da época. Podemos afirmar que o amor representa en realidade unha forma de limita-lo número posible de parellas lexítimas, e que ten signos dun novo mito/tabú: a prohibición de casar sen amor. O amor como seguranza dunha familia estable e feliz.

Talcott Parsons considera outro elemento que aumenta a importancia do amor nas sociedades actuais; a necesidade dos individuos de supli-lo apoio que antes proporcionaba unha rede extensa de parentesco, inexistente na sociedade actual, de complexa estrutura social, na que a unidade familiar básica está formada por dúas persoas e a súa descendencia, que máis ca aportar reclama unha cota importan-

te de apoio emocional e afectivo. O amor do compañeiro convértese na única fonte de apoio, por iso ten extraordinaria importancia a súa elección.

Salustiano del Campo<sup>2</sup> chama "matrimonio de satisfacción" ó que se produce neste contexto; se cadra pola importancia capital que ten como apoio vital para os cónxuxes que o compoñen; e seguindo a tipoloxía de Louis Roussel, describe a transición dende o matrimonio tradicional, cun profundo sentido trascendente e de indisolubidade, ata o matrimonio alianza "matrimonio fusión" que prevalece hoxe no mundo occidental.

Baséase totalmente, este derradeiro matrimonio, na solidariedade afectiva, reducíndose proporcionalmente o seu carácter institucional e caracterizándose externamente pola consideración da cerimonia relixiosa como algo formal, ou pola súa substitución por un sinxelo acto legal. Ideoloxicamente susténtase na relación afectiva como única lexitimación do vínculo matrimonial; a desaparición do amor desfaino, e daquela

1. William Goode: "The teoretical importance of love", *American Sociological Review*, 24 (febr., 1959), pp. 38-47

2. Salustiano del Campo: "Familia", en: *Tratado de Sociología*, ed. do autor, Madrid, Taurus, 1985 (2 vols., pp. 9-32)

o divorcio é un trámite xurídico no que socialmente non existen culpables.

Opina Salustiano del Campo desta transición: "o que pasa é simplemente que o sistema bascula dun equilibrio antigo a un novo, do que aínda non distinguímo-los seus perfís".<sup>3</sup>

Na evolución do modelo de familia consideramos influente un terceiro factor: A asignación e distribución de roles instrumentais e afectivos dentro dela. Neste contexto desévolvese a teoría dos roles diferenciados na familia parsoniana. Considera Parsons a existencia de dous roles fundamentais que determinan a existencia da familia actual, da súa funcionalidade en calquera caso:

- Rol instrumental, asignado ó varón e consistente en proporcionar os medios naturais de subsistencia, realiza-la súa representación ante a comunidade, ante o grupo social, mediante o "status" conseguido na súa ocupación profesional.

- Rol expresivo, asignado á muller e consistente en organiza-los medios materiais que permiten a vida cotiá no fogar, e logra-la integración afectiva de tódolos seus membros dentro del.

A estrutura derivada destes roles caracterízase por unha forte división do traballo en función do xénero, a especialización das áreas de actividade ou interese da parella, e a conseguinte representatividade do home e da muller naquelas.<sup>4</sup>

Existen na familia diferentes "rexións" de interese; non hai que supoñer que a vida familiar implica sempre unha comunidade ampla de intereses. Nin isto ocorre nos tipos de familias primitivas, nas que é o grupo o máis directo responsable na satisfacción das súas necesidades vitais, e o cónxuxe ten, ás veces, un contacto intermitente ou esporádico coa súa descendencia; nin na familia actual, na que a especialización no traballo, e a máis profunda división sexual do mesmo producen parcelas de actividade que os cónxuxes normalmente non comparten.

3. Salustiano del Campo: o. cit., p-31.

4. "A muller non pode compensa-la súa exclusión da vida profesional máis que coa consagración á vida social; a súa contribución nas organizacións de traballo voluntario e nas actividades da comunidade residencial atópase entre as formas mellor aceptadas desta vida social", Trad.de Michel, Andrée. *Sociología de la familia y del matrimonio*, Barcelona, Península, 1974. p.112

Unicamente o mito do amor romántico disfraza esta realidade e fai pensar nunha perfecta conxunción das tarefas familiares. E é causada tamén da decepción conseguinte, vencellada ó enfrontamento cunha realidade social distinta e á incompatibilidade dos roles adscritos a cada individuo.

Nesta dirección é notable a metodoloxía empregada por Oeser e Hammond no seu traballo sobre a vida familiar<sup>5</sup>. Os devanditos autores consideran que esta está formada de decisións e accións, e tamén que a relación entre cónxuxes se establece segundo as distintas configuracións destes dous elementos. Este criterio permite realizar unha nova clasificación do modelo familiar atendendo ó tipo de relación entre os roles da parella, á súa intercambiabilidade ou á súa xerarquización ríxida, referidos globalmente ó conxunto de actividades da familia.

Un dos tipos esenciais descritos é o da 'familia cooperativa' que decide e actúa conxuntamente na meirande parte das áreas de actividade, independentemente de que correspondan a un cónxuxe ou outro

membro da familia. Mostra grandes intereses comúns e é o tipo no que menos tensións aparecen.

Este é o modelo que a sociedade actual propón como obxectivo; nel os roles son bastante intercambiables, o que se pon de manifesto no poder de decisión e na capacidade de actuación exercida conxunta ou indistintamente, e reflétese en moitas actividades cotiás: o home atende moitas veces ó coidado da casa e ás necesidades dos pequenos. Tamén é frecuente atopar familias nas que a muller traballa fóra da casa e o seu salario sustenta á familia.

Neste modelo a cooperación esténdese ós nenos que son educados estimulando o seu propio sentido da responsabilidade, participando gradualmente en actividades e decisións familiares

Expoñeremos a continuación neste modelo de familia descrita, a máis corrente na nosa sociedade, cales son as funcións máis importantes, as que realiza con prioridade e que determinan os obxectivos que debe cumprir.

5. P. Oeser: *Social structure and personality in a city*, por Oeser e Hammond, Londres, Routledge and Kegan Paul, 1954. vol.I, parte 3ª. Tomado de: 4; W.J.H. Sprott: "La familia", *Sociología y psicología social de la familia*, por H.M.Johnson, e outros, Bos Aires, Paidós, 1967. p. 142



## AS FUNCIÓNS DA FAMILIA

---

A familia é considerada como subsistema primario con respecto ó problema de mantemento de pautas e alivio de tensións<sup>6</sup>, e dicir, como socializadora e estabilizadora, sendo outras institucións as que realizan estas funcións de maneira complementaria, do mesmo xeito que a familia realiza con carácter secundario funcións de adaptación a través da consecución de bens económicos - a primitiva función económica da familia- e funcións de adaptación a través do desenvolvemento de elementos culturais -función integradora, inmersa e complementaria da función socializadora-.

Nesta presentación marco podemos asegurar que as funcións da familia foron variando ó longo do tempo, a medida e xunto coa variación da súa estrutura, sempre segundo fose a distribución de prioridades do grupo social.

### A FUNCION SOCIALIZADORA

---

Para Parsons, a función principal da familia era a socialización do neno, é dicir, a interiorización da

cultura do seu grupo de orixe e da súa familia de orientación. Como mínimo esta función comprende a aprendizaxe e interiorización da estrutura de roles e das habilidades necesarias para desenvolver un rol social determinado, técnico ou instrumental, afectivo ou emocional, incluíndose nesta dobre vertente roles de liderato, roles sexuais e os pares marido-pai, esposa-nai.

A función socializadora da familia depende do nivel de integración acadado por esta no seu mundo cultural. É válido considerar que a cada vez maior complexidade das institucións na sociedade actual, en constante expansión demográfica e desenvolvemento industrial e tecnolóxico, e a aceleración na especialización e diversificación de roles dificultan cada vez máis obte-lo coñecemento suficiente de moitos deles por parte da familia.

E isto repercute na incompleta integración cultural dos mozos realizada por moitas familias, que perden deste xeito parte da súa capacidade socializadora; que se reduce nestas ocasións á transmisión de elementos culturais propios do medio da familia, deixando a outros subgru-

6. Harry M., Johnson: *Sociología. Una introducción sistemática*, Buenos Aires, Paidós, 1973, pp.80-82.

pos funcionais como escolas, colexios, revistas e televisión unha importante parte da función socializadora, e no peor dos casos prescindindo dela.<sup>7</sup>

A traducción última do obxectivo socializador é conseguir un comportamento igual ou semellante, rexido polas mesmas normas có dos outros membros do grupo. Neste contexto socializador a conducta agresiva, controlada nas primeiras fases do periodo polo sistema de premios e castigos, aparece como un indicador da capacidade de comunicación cos outros individuos, e implicitamente do éxito do propio proceso.

Atendendo á proxección externa, resaltámo-la a importancia da adolescencia, última fase do proceso de socialización na familia, onde o "adestramento" vai dirixido especificamente cara ós hábitos de independencia, que inclúen os costumes sexuais e a conducta agresiva.

No primeiro aspecto, o resultado final da socialización será uns costumes sexuais similares ós dos

restantes adultos do grupo, organizados de acordo co sistema propio da familia. O segundo campo adquire unha extraordinaria importancia, porque o fracaso nel pode invalidalo éxito relativo nas restantes áreas da socialización; a conducta agresiva mide, en última instancia, a capacidade para realizar unha vida social plena.

En resumo, como Parsons considera, suponse que a familia socializadora descrita transmite ós nenos e mozos os valores universais da sociedade, expresamente os que caracterizan á sociedade industrial avanzada, e que isto realízao a través da aprendizaxe dos roles que os pais desenvolven na familia e no medio social.

Pero existen carencias e contradicións neste proceso socializador, que foron salientadas con claridade por Andréé Michel<sup>8</sup> e que se explican polos dobres referentes teóricos e prácticos dos contidos da socialización, e pola necesidade de axustarse ás pautas que predominan no medio social. Michel contrasta os obxectivos teóricos do proceso con

7. Coas inevitables secuelas que un alto número de marxinaos leva consigo: aumento da delincuencia xuvenil e da drogadicción.

8. Andréé Michel : o. cit., pp.75-86.



resultados derivados de investigacións realizadas en Estados Unidos e Francia que os cuestionan.

- *Educación das nenas.* O resultado dos traballos mostra que as nenas son socializadas para cumprir o papel de esposas e nais; a familia non innova o suficiente para lles ofrecer outra alternativa distinta á maternidade. As profesións femininas, con menores salarios e menor consideración social, son a meta máis probable para as que intentan escapar.

- *Desexo de realización do neno.* Na familia tradicional a maior autoridade do pai frea o desexo de realización do neno, aumenta en cambio coa maior importancia do rol social desenvolvido pola nai.

- *Desigualdades sociais.* A familia fomenta a pervivencia das desigualdades sociais, xa que na procura de obxectivos persoais importantes ignora a racionalidade profesional e a igualdade de oportunidades a prol de criterios familiares e de parentesco.

- *Igualdade da muller.* As investigacións realizadas en distintos

países indican que a muller segue ocupando un papel secundario no fogar, non recibindo unha colaboración igualitaria do seu home; a socialización desta tendencia inclina ós mozos a seren conservadores no tema da igualdade coa muller.

A conclusión evidente é que a familia moderna non socializa correctamente en valores culturais que a sociedade industrial alza como bandeira: liberdade e igualdade. A sociedade intenta xustificar as grandes desigualdades e inxustizas existentes propoñendo uns valores que os seus membros, persoa a persoa, non aceptan plenamente ou non son capaces de asumir e integrar na súa vida cotiá. Por iso se pode concluír que, neste sentido, a socialización da familia é disfuncional, reproducindo persoas con problemas de integración na sociedade na que viven.

A dificultade na socialización por descoñecemento de moitos contidos sociais, así como por esta dificultade no axuste dos referentes teóricos e prácticos, xunto coas dificultades que o proceso creanos mecanismos psicolóxicos que a familia utiliza<sup>9</sup> e que repercuten nela mesma, representan unha especiali-

9. Luís Arribas: *La familia como institución represora*, Madrid, U.Complutense, 1992, pp. 142-151.

zación cada vez máis rigorosa, que é causa da perda de contidos socializadores da familia, en favor de grupos moito máis especializados e a revitalización doutras funcións consideradas antes menos importantes.

## A FUNCION ESTABILIZADORA

---

Utilizamos esta denominación porque Parsons chama así á segunda función microsociolóxica da familia moderna, que se refire principalmente á estabilización da personalidade adulta que a familia realiza; considera que a persoa se atopa sometida a tensións no desemprego dos seus roles sociais.

O home ten problemas no traballo cos seus xefes e compañeiros, pensa que realiza unha tarefa inferior ós seus merecementos e capacidades. Ten problemas de comunicación, e ás veces séntese incomprendido; e cre que as súas ideas e opinións son rexeitadas ou desestimadas. Nas asociacións e clubs nos que participa, a súa actividade é escasa e pasa desapercibida.

A muller ocúpase dos problemas da casa, da directa e constante vixilancia e supervisión da educa-

ción dos nenos; a limpeza, a cociña e normalmente a administración da casa correspóndenlle. Vai perdendo contacto co mundo exterior e pode chegar a sentilo hostil.

Todo isto en conxunto, como exemplo das tensións que pode sufrirla persoa, pode xerar nela unha síndrome de frustración que a familia intentará compensar, conseguindo a aceptación dos roles sociais desenvolvidos pola persoa, a autocrítica e a correcta valoración das súas ideas e sentimentos, o que é en definitiva conseguirla estabilidade emocional da personalidade. Podemos dar un paso máis e concluir que:

- a familia cobre a función primordial de axudar á estabilización da personalidade adulta fronte á tensión xerada pola realización dos roles sociais.

- a familia compensa a tensión provocada pola disfuncionalidade existente no proceso de socialización, polo propio rol como axente socializador.

Podemos facer outra consideración en relación con este enfoque: ¿con que medios conta a familia para realizar esta función?. Un recurso

importante é o diálogo e a reflexión, pero só poderá resultar positivo contando cun previo axuste psicolóxico da parella, cunha coincidencia grande da visión global do mundo, da sociedade e da imaxe que teñen da súa propia familia.

Outra posibilidade para realiza-la compensación emocional é a través dunha oferta ampla e atractiva de actividades noutros terreos: vacacións, comidas, actividade sexual, afeccións, vida familiar gratificante, en resumo. Pero hai que sinalar neste caso o perigo de que a estabilidade familiar se logre nun círculo cada vez máis afastado e illado do mundo exterior, que queda fóra das portas do fogar ata a reanudación da actividade social, do traballo, o que repercutirá nun novo elemento de disfuncionalidade socializadora da familia, tanto do adulto coma dos nenos e mozos que observan e aprenden os mecanismos sociais e a forma práctica de exercelos.

Lloyd Saxton constata que o matrimonio é máis atractivo na sociedade contemporánea ca hai só cincuenta anos, e cre que o que leva

a persoa a aceptar con agrado as responsabilidades do contrato matrimonial é a suposición de obter máis satisfacción para as súas necesidades dentro da unión conxugal.<sup>10</sup>

As necesidades da persoa, que o seren cubertas aumentan a estabilidade emocional do individuo, son de carácter material, sexual e psicolóxico, e a importancia que teñen individual e colectivamente para a parella pode servir para elaboralo mapa da relación propio dela.

Tódalas cousas materiais que necesitamos día a día poden resumirse en dúas necesidades básicas: a capacidade e independencia económica que permite á persoa acceder ós artigos e servizos precisos, como comida, vestido, sanidade, e diversións, entre outros, que se consegue directamente polo traballo remunerado e indirectamente polo efecto compensador e distribuidor dos bens económicos da familia para quen non ten nada de seu.

A segunda necesidade é poder dispor dunha casa co maior número de comodidades posible, consideran-

10. Lloyd Saxton : *El individuo, el matrimonio y la familia* , Buenos Aires, Guadalupe, 1975, pp.193-199.

do como tales a independencia que procura, a súa ubicación e os servicios complementarios que posúe.

Como apuntamos anteriormente, o reparto tradicional de roles neste terreo foi que o home atendese o mantemento económico, e que a muller coidase da organización da casa. Aínda que este reparto poida ser considerado nalgúns casos como un dos elementos que contribúen á felicidade conxugal, G.Mauco, xa en 1957, considera esta división de roles claramente desequilibradora da estabilidade familiar.<sup>11</sup>

Podemos considerar, daquela, a década dos 60 como a que marca o definitivo abandono da estrutura de roles tradicional por parte da familia contemporánea. En vez da satisfacción das necesidades materiais a través da división do traballo, búscase unha alianza que permita render mellor os recursos económicos de cada membro da parella, e distribuir equitativamente os traballos do fogar.

A sociedade occidental moderna, marco ó que se refire esta

análise da familia, nunca destacou pola súa permisividade sexual, nin entre adolescentes e adultos solteiros, nin entre individuos casados que mantivesen outras parellas sexuais. Estrictamente puritana na súa ideoloxía, cunha estrutura autoritaria firme e ríxida, considerou as relacións sexuais como algo propiamente situado dentro da familia, tralo matrimonio, coa finalidade última de ter fillos e reproducir-la especie.

Tamén neste aspecto podemos considera-la barreira dos anos 60 como o límite a partir do que esta situación vai cambiar, liberalizándose a lexislación, tanto na despenalización das relacións sexuais fóra do matrimonio coma no recoñecemento dos dereitos dos nenos nados daquelas. A sociedade faise máis tolerante con estas relacións e mesmo coas parellas libres que conviven e forman a súa familia sen formalizalo matrimonio.

En calquera caso, aínda que tolere este tipo de relacións e situacións, estas non son sempre socialmente aceptadas e son xeradoras de tensións para os implicados. A fami-

11. Andrée. Michel : O . cit., p.99.

lia resulta se-la única posibilidade de satisfacer sen tensións as necesidades sexuais cun compañeiro estable e recoñecido publicamente. Evidentemente que esta satisfacción debe ser recíproca para poder falar con exactitude dunha necesidade cuberta.

As necesidades psicolóxicas de complementación e afirmación da personalidade, que serven para estabiliza-la familia, podemos considerar que teñen unha dobre proxección; no propio ego e no mundo externo da relación social.

Afirmamos que a vida familiar sucede nun círculo restrinxido de persoas no que a posibilidade de interaccións está limitada e as comunicacións privilexiadas diminúen co tempo, tanto para os adultos coma para os mozos; estes buscarán unha parella e crearán probablemente unha familia, a súa propia familia, para satisfacer esa necesidade psicolóxica que se presenta alternativamente baixo distintas formas. Como necesidade de amor e afecto que nunha ampla gamma vai dende a satisfacción dunha aspiración romántica, propia da adolescencia, a un desexo maduro e pleno, que é o elemento fundamental na búsqueda

e na selección da parella coa que se constitúe a familia.

Como necesidade de apoio emocional, de lealdade, de mantemento dos compromisos adquiridos, de protección, de exemplo de actitudes honradas en público, socialmente, e na intimidade. E finalmente a necesidade de estabilidade e seguridade no vivir de tódolos días, é dicir, na biografía persoal e social, na construción da realidade de cada membro da familia.

O desexo de ter fillos é outra razón importante para a formación da familia, e a súa realización é un elemento estabilizador para a parella, que coa asunción dos roles de pai e nai pechan un ciclo da súa propia socialización, afirmando asemade o seu "status" como membros plenos da sociedade.

A nivel individual este desexo pode responder a razóns varias e como máis posibles consideramos: a necesidade de perpetua-lo amor ó compañeiro, tendo algo común e indivisible con el. Pode responder a un desexo inconsciente de supera-la frustración propia a través dunha vida nova, por mediación. E tamén ó



desexo de continuidade, transmitindo unha experiencia vital que permita ó fillo ter un punto de partida no seu ciclo vital mellor do que o tivo un mesmo.

Para Parsons, sería o conxunto de todas estas necesidades satisfeitas o que proporcionaría unha estabilidade emocional e afectiva á persoa, aportando dun xeito automático maior estabilidade ó corpo social, obxectivo fundamental na súa concepción e explicación da sociedade.

## RESUMO

---

Ó longo deste artigo puxemos de manifesto a concepción das funcións máis importantes da familia actual da nosa sociedade, e os factores que determinan un desprazamento na priorización da función socializadora á función estabilizadora, e como, á súa vez, esta é considerada máis no aspecto individual ca na súa proxección social, debido á unha interpretación dominante da sociedade dende unha perspectiva interaccionista e microsociolóxica.

Isto non significa en ningún sentido que a familia acade deste

xeito unha funcionalidade "estable", xa que por unha banda esta función estabilizadora tamén pode cuestionarse nalgúns puntos que é interesante apuntar.

Como a estabilidade emocional non a conseguen por igual homes e mulleres, estas sofren máis enfermidades nerviosas cós homes e cas mulleres solteiras. A duración do matrimonio vai acompañada dun declive xeral da satisfacción mutua e do axuste conxugal, que se presenta antes nos homes. E o aumento do número de divorcios fala en contra desa estabilidade emocional que a familia procura, ou do feito que o faga de maneira continua.

Estes factores críticos podense considerar como sinais de que o cambio social é tan rápido, e tan rápida a evolución dos escenarios sociais determinada pola aparición de novas variables que afectan á familia (como o desenvolvemento da tecnoloxía reproductiva e da enxeñería xenética), que esta pode asumir novas funcións en detrimento desta función estabilizadora, á que hoxe día consideramos a súa función máis característica.

## BIBLIOGRAFIA

Altavilla, E.: *Proceso a la familia*, Barcelona, Plaza & Janés, 1976.

Arribas, L.: *La familia como institución represora*, Madrid, U.Complutense, 1992

Bateson, G.: *Interacción familiar*, 1982

Becker, G.: *Tratado sobre la familia*. Madrid, Alianza, 1987

Berger, P. *La construcción social de la realidad*, 9ª ed. Buenos Aires, Amorrortu, 1989

Berghe, P. L. van den.: *Sistemas de la familia humana*, México, FCE, 1983

Cachinero Sanchez, B.: *El modelo europeo de matrimonio, evolución, determinantes y consecuencias*, *Reis*, 15, jul-81.

Campo, S.: *Análisis sociológico de la familia española*, Barcelona, Ariel, 1985

Campo, S. *Tratado de Sociología*. Madrid, 1985

Castilla del Pino, C. *Cuatro ensayos sobre la mujer*. Madrid, Alianza, 1971

Conde, R.: "Tendencias de cambio en la estructura familiar", *Reis*, 21, ene-83.

Elliot, Faith R.: *The family; change or continuity?*, London, MacMillan, 1986

Goode, W.: *La familia*. México, Uteha, 1966

Harris, C.C.: *Familia y sociedad industrial*, Barcelona, Península, 1986

Johnson, H M.: *Sociología: una introducción sistemática*, Buenos Aires, Paidós, 1973

Johnson, H. M.: *Sociología y Psicología social de la familia*, Buenos Aires, Paidós, 1967

Liu, W. T.: *Conjugal power and decision making: a methodological note...*, *American journal sociology*, 79(1),.

Llewellyn, K. N.: "La educación y la familia", *La familia*, por Erich Fromm, e otros..

Martin Lopez, E.: *Textos de Sociología de la familia*, Madrid, Rialp, 1993.

Martin Serrano, M.: *La mediación social*, Madrid, Akal, 1977

Michel, A.: *Sociología de la familia y del matrimonio*, Barcelona, Península, 1974

Mitterauer, M.: *The european family*, Oxford, Basil Blackwell, 1982

Nye, F.I.: *Role, structure and analysis of the family*, California, Sage, 1976

Parsons, T.: "La estructura social de la familia", *La familia*, por Erich Fromm e otros, Barcelona, Península, 1972.

Parsons, T.: *Social structure and personality*, New York, Free press, 1964

Parsons, T.: *Toward a general theory of action*, Cambridge, Harvard University press, 1951

Rogers, C.: *El matrimonio y sus alternativas*, Barcelona, Kairós, 1976

Roussel, L.: *La famille incertaine*, Paris, Odile Jacob, 1989

Saxton, L.: *El individuo, el matrimonio y la familia*, Buenos Aires, Guadalupe, 1975

Shorter, E.: *El nacimiento de la familia moderna*, Buenos Aires, Crea, 1977

Smelser, N. J.: *Teoría del comportamiento colectivo*, México, FCE, 1989

Sprott, W.J.H.: *Sociología y psicología social de la familia*, 1a. Buenos Aires, Paidós, 1967

## FAMILIA Y EDUCACIÓN

---

Raúl Vázquez Gómez

Fundación Universitaria San Pablo CEU

El artículo 26 de la *Declaración Universal de Derechos Humanos*, promulgada por la Asamblea General de las Naciones Unidas en 1948, establece, en su tercer apartado, que los padres tendrán derecho preferente a escoger el tipo de educación que habrá de darse a sus hijos. Por su parte, la *Constitución Española de 1978* reconoce, en el artículo 27, que los padres tienen derecho a que sus hijos reciban la formación religiosa y moral que esté de acuerdo con sus propias convicciones y garantiza, además, la participación de los padres en el control y gestión de todos los centros sostenidos por la Administración con fondos públicos. Finalmente, el Papa Juan Pablo II en su *Carta apostólica* dirigida a las familias con motivo del *Año Internacional de la Familia*, que estamos celebrando en 1994, afirma, en el punto 16 de la misma, que los padres son los primeros y principales educadores de sus propios hijos, tarea que comparten con la Iglesia y el Estado

en función del *principio de subsidiariedad*.

Sin embargo, a pesar de tan solemne, y coincidente, declaración de principios, no parece que en estos momentos las relaciones entre las familias y los centros docentes sean las más adecuadas posibles, ni estén produciendo los frutos provechosos que sería deseable. Simplificando un poco las cosas, para intentar clarificar una situación necesariamente compleja y llena de matices muy diversos, me parece que se pueden destacar dos actitudes, o tendencias bastante generalizadas, de signo contrapuesto y diferentes.


Por una parte, la mayoría de los padres piensan -o al menos se comportan así- que la educación es una tarea propia de la escuela y, por tanto, son los profesores los únicos que tienen la obligación de formar a sus hijos, y los poderes públicos tienen la responsabilidad de que el sis-

tema educativo funcione adecuadamente y tenga la calidad necesaria para que dicha formación sea lo más completa posible y, sobre todo, facilite a sus hijos una preparación técnica y profesional que les permita una rápida y fácil integración en la vida activa y en el mundo económico-productivo. La mayoría de los padres transfieren a la escuela sus propias responsabilidades educativas y, en el mejor de los casos, justifican esta declinación de responsabilidades en su falta de preparación o de tiempo para poder ejercerlas con eficacia. Creen que su esfuerzo económico, a través de los impuestos en los centros públicos o concertados, o de las cantidades específicas que abonan además a los centros privados, les da derecho a esperar -e incluso a exigir- que la escuela proporcione una educación integral y de calidad a sus hijos.

Por otra parte, los profesores tienen a pensar, por el contrario, que la educación en su dimensión más profunda, y especialmente en su dimensión moral y religiosa, es responsabilidad exclusiva de las familias. El profesor es un profesional de la enseñanza y su única obligación - como la de cualquier otro profesional- es realizar bien su trabajo, de

conformidad con las condiciones que se estipulan en su *contrato laboral* o las que derivan del estatuto de su condición de *funcionario*. El profesor debe tener una adecuada preparación profesional y debe cumplir, obviamente, con sus deberes docentes establecidos. Pero ahí acaba su trabajo. Los padres no tienen derecho alguno a exigirle nada más y la Administración educativa debe mantenerse en una estricta *neutralidad ideológica y moral*. En las últimas décadas estamos asistiendo a un profundo cambio en el papel tradicional del profesor. Como he dicho en otras ocasiones, es preocupante -y debería hacer meditar a los responsables políticos y sociales- el creciente proceso de *proletarización* que está sufriendo el profesor de todos los niveles educativos.

Deberíamos pensar en la importante mutación que se está produciendo en el campo de la enseñanza, simplemente con reparar en lo que significa que, en poco menos de veinte años, se haya producido la siguiente evolución terminológica: Maestro, catedrático, docente, enseñante, *trabajador de la enseñanza*. Y, del mismo modo, hemos cambiado el nombre de escuela, colegio o instituto por el de *centro escolar*.



Centros escolares que en los niveles secundarios y universitarios se están convirtiendo en *centros de aparcamiento social*, debido a la persistente crisis económica que estamos atravesando y al creciente *paro juvenil* que tenemos que soportar. Si el fenómeno cristaliza, los profesores podríamos terminar transformándonos en *cuidadores o guardianes* de estos lugares de aparcamiento social.

Estas dos actitudes, de padres y profesores, contrapuestas y potencialmente divergentes, son la consecuencia de un mismo *reduccionismo pedagógico* que está mutilando peligrosamente la educación de nuestra juventud. Unos y otros propendemos a confundir *educación* con mera *instrucción*. La educación no consiste únicamente en transmitir conocimientos, desarrollar aptitudes y promover destrezas. Me he sorprendido, muy gratamente, que el actual Ministro de Educación y Ciencia haya incluido entre las primeras medidas para mejorar la calidad de nuestro sistema educativo seis propuestas de actuación en el apartado de *educación en valores*, que debe configurarse como un principio rector del sistema educativo.

Tenemos que recuperar urgentemente la *dimensión humanista* de

la educación. El sujeto de la educación es una persona humana, a cuyo desarrollo integral deben colaborar conjuntamente padres y profesores. La dignidad de la *persona humana*, y su carácter único e irrepetible, implica que los centros educativos tengan que ser algo distinto a simples centros de trabajo donde determinados especialistas, más o menos cualificados, "fabriquen" en serie *individuos clónicos* que puedan integrarse adecuadamente en una sociedad homogeneizada por la técnica y despersonalizada por el consumismo de las masas. Educar es, ante todo, formar hombres libres y responsables, que sean dueños de sí mismos y puedan proyectar autónomamente su futuro. Para llevar a cabo esta tarea no es suficiente el trabajo de los profesores, aunque estos objetivos se incluyan en el *proyecto educativo* de los centros. Soy escéptico ante la pretensión de que mediante las denominadas *enseñanzas transversales*, la elaboración de materiales curriculares o la realización de experiencias y actividades, se pueda alcanzar un desarrollo integral de la persona humana. Ni tan siquiera sería suficiente asignar estos objetivos a algunos profesores, que pueden terminar configurándose como *expertos en valores*. Los valores no son conocimientos que se puedan transmitir; a los valores se

adhieren los alumnos cuando están encarnados en la escuela, en la familia o en la sociedad. En este campo el *testimonio* es el único método pedagógico eficaz.

Si la familia y la sociedad declinan sus responsabilidades en este campo, como está ocurriendo de un modo cada vez más generalizado, la escuela se puede convertir en *chivo expiatorio* de todos los males sociales. Es un puro espejismo creer que el sistema educativo puede resolver los problemas de la salud, del tráfico, del medio ambiente, del consumo, de la droga, del sida, de la marginación, del paro y de la desintegración axiológica de nuestra sociedad. Como decía el representante de Luxemburgo en la Conferencia permanente de Ministerios de Educación del Consejo de Europa que acaba de celebrarse en Madrid, la escuela no puede convertirse en el *depósito de los residuos sociales* que no encuentran el tratamiento adecuado en la propia sociedad que los genera.

La escuela, en el campo concreto de los valores, puede ser un instrumento muy eficaz siempre que cuente con la colaboración de la familia y de la sociedad. La escuela no crea valores ni arquetipos socia-

les; sólo puede promoverlos en la conciencia de los niños y de los jóvenes si están encarnados en la familia o están vivos en la sociedad en la que está inmersa.

Es cierto que también la familia está atravesando una profunda crisis de identidad, que dificulta en gran medida su papel educativo. El rápido, y ya alarmante, *descenso de la natalidad* y *el trabajo de la mujer* están transformando radicalmente la estructura familiar. Hasta hace muy poco tiempo la madre y los hermanos mayores eran los primeros agentes educativos del ser humano. Los procesos iniciales de socialización y el desarrollo de la afectividad, que tanta importancia tienen en la conformación de la futura personalidad, se llevaban a cabo de una manera espontánea en el seno de la familia. La multiplicación de las *guarderías* y la progresiva universalización de la *educación infantil* son claro testimonio de que la familia ya no está cumpliendo este papel educativo.

Si a esto añadimos la progresiva concentración urbana y la consiguiente despoblación del medio rural, con todo lo que ello implica de reducción del espacio de las viviendas y de los parques y jardines, que obliga a los niños a pasar cada vez

más horas ante la *televisión*, convertida en nueva *nurse electrónica*, tendremos el cuadro completo de las dificultades que la familia encuentra para llevar a cabo la educación de los hijos y la tendencia explicable a transferir progresivamente sus responsabilidades en este campo a la institución educativa.

Pero a pesar de estas dificultades, los padres no deberíamos dimitir definitivamente de nuestra misión de educadores primeros y principales de nuestros propios hijos. Ni los profesores ni la institución educativa en su conjunto pueden sustituir esta función exclusiva de los padres.

Por eso la participación de los padres en la escuela no es sólo un derecho reconocido y protegido por las leyes sino más bien la exigencia de una obligación radical de la paternidad humana, que no puede reducirse a simple generación biológica. La institucionalización legal de la participación de los padres en la gestión de los centros educativos es un hecho relativamente reciente y que las legislaciones de los distintos países han ido recogiendo a partir de la revolución de Mayo del 68. Pero tengo la impresión de que el proceso de participación se está desarrollan-

do entre nosotros de un modo un tanto perverso, que puede ser más contraproducente que beneficioso. La participación se ha entendido, frecuentemente, como *control* y hemos configurado los *consejos escolares*, que son los ámbitos privilegiados de participación escolar, imitando las instituciones políticas de un sistema democrático. La participación tiende así a concebirse como participación política, cuyo objetivo último es el *control del poder*.

Nada más alejado de lo que debería ser una auténtica participación de padres, profesores y alumnos en el seno de la *comunidad educativa*. Si no transformamos la *cultura del poder* en la *cultura del servicio* será muy difícil que la colaboración necesaria e imprescindible de padres y profesores, en el objetivo común de la educación de los hijos y alumnos, pueda llevarse a cabo en un espíritu de cooperación y eficacia.

Si los padres y profesores vivimos de espaldas unos a otros, estaremos alimentando inconscientemente el desarrollo de una personalidad esquizofrénica en nuestros hijos y alumnos. No podemos escindir la personalidad del niño o del joven en lo que tiene de hijo o de alumno. Es



la misma persona la que es a la vez, y simultáneamente, hijo y alumno. Y sólo se puede ser fiel a esta dimensión unitaria de la persona humana si los padres son a la vez educadores y los profesores conciben su función como una cierta *generación espiritual* que les asemeja a los padres biológicos.

En todo caso, aunque la colaboración de los padres con la escuela fuera lo mejor posible, no podemos olvidar el creciente protagonismo de los medios de comunicación social, y especialmente la televisión, que se están convirtiendo en los auténticos *competidores de la escuela* y en los genuinos agentes de conformación moral de nuestra sociedad. Los medios de comunicación de masas están llevando a cabo, quizás, la transformación más profunda que jamás haya tenido lugar en la histo-

ria de la educación. No es el momento de desarrollar más ampliamente esta cuestión, pero baste por hoy llamar la atención sobre el enorme *impacto pedagógico* que está teniendo en la conciencia de los niños y jóvenes las conductas de los adultos, especialmente de los que ostentan algún tipo de liderazgo, cuando se transmiten a través de estos medios de comunicación, que tiene un efecto multiplicador tan grande. En la situación actual es muy difícil que la escuela y la familia puedan contrarrestar eficazmente la influencia educativa de estos medios. Si las leyes protegen y reconocen el derecho de los padres a participar en el control de la escuela, en pura coherencia habría que conseguir que los padres puedan participar igualmente en el control de estos medios como ya ocurre en algunos países de nuestro entorno.



# A FAMILIA E A EDUCACIÓN ÉTICO-MORAL

---

*José Huerta García*

Escola Universitaria de Formación  
do Profesorado de EXB, Lugo

## PRECISIÓNS TERMINOLÓXICAS

---

Sen pretender determe en definicións terminolóxicas, pero coa finalidade de poder acadar a maior converxencia e amplitude na análise e propostas que se fan neste artigo, creo que é preciso establecer certas matizacións, con relación ós termos do enunciado do mesmo.

### A familia

---

A realidade e o concepto de familia son hoxe claramente plurais: desde a familia patriarcal ata a monoparental, pasando pola nuclear e mesmo pola "simple" titoría ou exercicio da patria potestade, sen esquecer a da adopción dun neno por unha persoa soa, ou a da maternidade con intervención das técnicas de fecundación artificial ou na laboratorio.

Quero dicir, xa desde agora que eu refírome a *todo tipo de familia*, aínda que haxa que admitir que non exerza o seu rol da mesma *maneira* nin coa mesma *eficacia* educativa.

### A educación

---

Velaquí outra realidade e palabra complexas. Da súa comprensión correcta, cousa non fácil porque se trata de implicarse un mesmo, depende a evolución/maduración harmónica de *toda a persoa* e de tódolos membros da familia.

Os posicionamentos son varios: ás veces enténdese a educación fundamentalmente como heteroeducación: forte exercicio da autoridade, normalmente dos pais, ata o autoritarismo. Isto xera unha personalidade fortemente dependente, que

normalmente remata por non sopor-  
tar tal situación e, de tódolos xeitos,  
non facerse “adulta”.

Outras veces, enténdese no  
sentido oposto: Autoeducación, basi-  
camente: que cada quen resolva o  
seu problema... Mais cando se trata  
de nenos, isto non é posible. Non se  
lle pode dicir razoablemente a un  
neno dun ano: ¡Fillo, se libre!; Come  
cando queiras e do que queiras!; Qué-  
dache na casa de todo... Eu teño que  
saír...!

Eu coido que a maneira máis  
acertada de entende-la educación  
está na integración harmónica dos  
dous posicionamentos citados. Unha  
maneira de describila podería ser: *o*  
*proceso* que proporciona ó individuo  
o contexto e os medios para a súa  
propia construción.

A miña reflexión parte deste  
este xeito de entendela, e asímeo.

### O moral / a moral

Aínda que máis adiante tere-  
mos que afondar nesta cuestión, xa  
queremos subliña-la diferenza entre  
ámbolos dous conceptos:

O primeiro recolle e describe  
unha dimensión estrutural da persoa.

O segundo, un xeito de enten-  
der / realiza-lo seu desenvolvemento,  
xeito tamén plural (as distintas  
morais), e por iso mesmo, diferen-  
ciando e diferente.

Para non entrar en ulteriores  
complexidades, que as hai, neste  
mesmo sentido pretendo referirme o  
*ético* e á *ética*.

### A educación moral

Despois do dito sobre a educa-  
ción, e asumindo o posicionamento  
xa indicado, cómpre só engadir que  
entendo por educación *moral*, aquel  
aspecto do *proceso global* da educa-  
ción que coida o desenvolvemento  
da dimensión moral da persoa, en  
harmonía coas outras dimensións,  
para acadala súa plenitude.

Máis tarde veremos que enten-  
do por “dimensión moral”. Quero,  
sen embargo, deixar claro desde agora  
que pretendo contribuír a superar un  
concepto legalista da *ética/moral*,  
para entendela/propola como *dimen-  
sión* da persoa que esixe oportunas  
intervencións educativas para o seu

desenvolvemento/maduración. Por iso me vou fixar máis no primeiro aspecto (dimensión da persoa) ca no segundo (o *tipo* de intervencións educativas), xa que coído que a mala presentación *do moral* é a *primeira* causa da pouca e ineficaz preocupación pola educación do *sentido moral* e da escasa estima e valoración social da *reflexión e contido* morais.

Aclarados brevemente os termos e intencións básicas do título do artigo, aínda me parece interesante facer outra reflexión non indiferente:

### Estado de saúde do ético na nosa sociedade

A cuestión é do máximo interese, polo que supón de repercusión na posta en circulación de valores/contravalores que determinan un tipo de home / familia / sociedade.

Por demasiado frecuentes, e ás veces pretensiosamente loables, xa parece que nos estamos afacendo a admitir como “normais” algúns *trazos* moi característicos desta sociedade de hoxe.

Os máis significativos e coñecidos poderían ser:

- Do éxito rápido: *pelotazo*...
- Da “jet set”, “*beautifoul people*”...
- Do poder a toda costa ...
- Da mentira sen escrúpulos, mesmo en “xente de Igrexa”...
- A longo prazo: *do gran baldeiro*...

Como desde estas formulacións hai moitos que triunfan e presumen diso, *parece que só hai lugar e futuro para os pillos*...

Como moito, e só cando convén, o ético redúcese ó *ámbito da privacidade*.

Isto non é casualidade, senón unha maneira ben calculada de desarmar e neutralizar outras “propostas morais” outro tipo de “cultura social”. Mais, botando esta semente, co tempo privase ás persoas do desenvolvemento dunha forza interior, e á sociedade dun instrumento fundamental na construción de ambas. Iso si, a cambio é mais fácil ofertar “*progresía*” e outras lindezas...

Parece que se está *tratando de reaccionar* ante todo isto, aínda que en dúas liñas que semellan moi distintas, porque distintos e distantes son tamén os puntos de saída e de chegada:

- Uns falan de *impulso democrático*...

- Outros de *rexeneración ética*...

O caso é que xa vivimos demasiado na "seguridade" da *heteronomía*, mesmo coma *proposta ideal* (ata de santidade) e agora fáise-nos difícil construí-la *autonomía*, e non digamo-la *tenomía*, que para algúns parecería *demonomía*.

Preguntémonos, pois: ¿Preocúpalle en serio á sociedade e á familia de hoxe a *cuestión ética*? ¿Que lle preocupa máis ben?:

- ¿Algúnhas cuestións morais *puntuais*? ,ou

- ¿a eticidade/moralidade en sí?

Sígame nos preguntando: ¿Por que hai que preocuparse do ético-moral? ¿É só un luxo que alguén se pode permitir ou unha *esixencia para todos*? ¿É só algo *privado*?

Perante cuestións semellantes ten escrito Ortega y Gasset:

"Está aí unha onda recén chegada de tempo novo: Sobre ela ha de brincar quen queira salvarse. O que se resista, o que non queira comprende-la nova fisonomía que toma o vivir, quedará sometida na resaca irremediable do préterito, en tódalas ordes e en tódolos sentidos".<sup>1</sup>

A historia non está feita dunha vez para sempre. Non abonda con que os pais ou mestres digan: "Sempre foi así, ¿por que non ha de ser tamén agora?" Ou tamén: "¿Xa haberá quen se ocupe do e da moral!" Ti preocúpate "da vida"... Escoitemos de novo a Ortega a este propósito:

"Cada época, cada xeración parte de supostos máis ou menos distintos. Quere dicirse que o sistema das verdades e dos valores estéticos, morais, políticos e relixiosos teñen inexorablemente unha dimensión histórica... A verdade é histórica. Como, ademais, pode e ten que pretende-la verdade ser sobrehistórica, absoluta..., esa é a gran cuestión".<sup>2</sup>

Por iso, e posto que xa estamos fartos de *sermóns* e de *recetas*, cómpre ir *ó fondo da cuestión moral*.

1. J. Ortega y Gasset: *Qué es Filosofía*, Ed. *Revista de Occidente*, T.VII, p.293.

2. *Ibid.*, VII, 301.

Coido que iso esíxenos aborda *dúas ordes* de problemas, dúas dimensións da persoa:

1. A análise do que somos (O FONDO DO SER)

2. A construción progresiva das propostas/camiños para chegarmos a ser en plenitude, e a misión/función da familia nesta tarefa.

#### A) comprensión global do que somos

Independentemente do posicionamento e das *referencias* culturais e mesmo relixiosas ou non de cadaquén (cuestión esta última non indiferente), creo que unha comprensión/descripción *global* da estrutura e sentido do que somos podemos-la organizar arredor dos seguintes *eixos de fondo*:

##### 1º A vida foinos dada

A proposición é suficientemente aberta como para que nela poidan converxer e atoparse distintas cosmovisións e antropovisións.

Por outra parte, o seu rigor científico non se pon en dúbida.

Cómpre invoca-la aportación das distintas ciencias para ter que asumir que é unha afirmación razoable e transcendental.

A aportación das ciencias iranos dando distintos niveis de comprensión da afirmación, cada unha segundo as súas competencias.

Así, a Bioloxía e a Enxeñería Xenética explícanos non só que ninguén se autoinventa, senón cómo ten lugar o *feito* e o *proceso* da *procreación*, como canle para ser/existir.

Os Humanismos amósannos distintas maneiras de explica-la orixe e a calidade da vida, aínda que non todos co mesmo *rigor de datos* e, por iso, co mesmo valor.

O Humanismo cristián e a Teoloxía queren recoñecer en Deus un sentido/razón última concretos, como proposta razoable e respectuosa tamén doutras, desde a que ofrecer un horizonte referencial de plenitude ás aportacións da Bioloxía e Enxeñería Xenética, en canto ciencias que nos explican os "mecanismos biotecnolóxicos" da vida como don, pero que non teñen "competencias" para amosarnos exhaustivamente o poste-

rior e explícito sentido, e sobre todo sentido derradeiro, no que interpretar e vivi-la vida. O seu valor e credibilidade dependerán *tamén* da capacidade que teñan de diálogo multi e interdisciplinar.

Cada ámbito do saber aporta o que lle é propio, e entre todos completan o cadro.

Pensamos que ninguén pode, razoablemente, negar o rigor de que *a vida nos foi dada*, aínda que logo o explique de xeitos distintos.

Sendo isto certo, *tamén o é que a vida*:

2º Non se nos deu feita, rematada

Os argumentos para demostralo rigor desta afirmación proveñen tamén, en primeiro lugar, da *bioloxía*:

Ela amósanos que os procesos químicos, físicos, somáticos, nunha palabra: O camiño da *vida humana* é *dinámico* e *progresivo*. O mesmo código xenético inclúe a *orde* de multiplicarse das células humanas e a *maneira* de facelo, como conse-

cuencia da “composición” das mesmas. *Medrar* é unha característica biolóxica fundamental do individuo.

Pois ben, así como o medrar físico é unha esixencia/característica fundamental da vida humana, tamén o é o medrar en tódolos outros ámbitos, como nos din as distintas ciencias do home.

Para iso, é indispensable que o home cree canles de crecemento. Esa ten sido a tarefa/proposta dos distintos *humanismos*, na liña en que xa falamos antes, sexan *humanismos* puramente inmanentes, ou tamén abertos implícita ou explicitamente á Transcendencia.

No noso contexto galego, *para ben e para mal*, non podemos descoñecer a aportación do humanismo cristián e da relixión, sen que iso nos leve a ignorar outras aportacións ou a caer en calquera tipo de sincretismo ou fundamentalismo.

Da análise destas dúas dimensións da persoa, coma de dúas *premisas*, *séguese*:

a) *Que o home ha de face-la súa vida*:



Non é este un “luxo” que alguén se pode permitir. É unha esixencia da mesma estrutura da vida humana. Se esta non lle é dada rematada, senón coa capacidade/esixencia de medrar, ou a remata ou non chega a ser propiamente vida humana. Velaquí as raíces/esixencias do medrar como imperativo, e a xustificación da educación coma *proceso* e, por iso, da necesidade-sentido das intervencións educativas; entre outras, da familia. Ninguén se educa só. Ninguén educa a ninguén. É nas “relacións” cando podemos medrar, e, dun xeito especial, nas relacións familiares.

Posto que o que agora estou tentando é amosa-los trazos básicos da comprensión do “fondo” do ser, e eses son básicos, coido sinalar tamén as liñas mestras de comprensión da *vida*, para que o seu desenvolvemento responda ó fondo do ser.

Propoño para iso entende-la vida como: *unha tarefa, un cara a, un proceso*.

No mesmo “código” da vida, *o ter que facerse* e maila súa *dirección de fondo* son *esenciais* á vida:

- *Biologicamente*: Un óvulo e un espermatozoide, con vida cada un

pola súa conta, teñen que “encontrarse” para que xurda unha nova vida.

- *Psicoloxicamente*: A maduración desa vida ten que pasar necesariamente por unhas etapas...

- *Moralmente*: Acontece o mesmo, aínda que con referentes distintos...

Todo isto, co que implica de *proceso libre/liberador e responsable*, é fundamental para que se trate dunha *vida humana*.

Recorrendo novamente a Ortega, mestre senlleiro nestas cuestións, atopamos que:

*“A vida é que facer e, o mirando de todos, descubri-lo que hai que facer..., decidir entre as posibilidades o que en efecto imos ser. É, pois, falso dicir que na vida deciden as circunstancias...; as circunstancias son o dilema perante o cal temos que decidirmos”*.<sup>3</sup>

Está claro, pois, que o *facerse* é esencial ó noso modo de ser. En resumo, temos que *concluir*:

- *Que o home ten que face-la súa vida*, e, por tanto,

3. *La rebelión de las masas*, IV, 170-171

- *Que a dimensión ética é unha estrutura da persoa,*
- *Que o ético constitúe o fondo da alma.*

De todo isto, séguese tamén:

b) *Que o home debe facer algo da súa vida:*

Por iso, en paralelo/complemento do xa dito, propoño entender a *vida*, tamén: como *constructo*, como *meta*, como *producto*.

Non abonda, pois, con dicir que *o home ten que facerse*. É necesario afirmar coa mesma forza, tamén, que *ten que facerse algo/alguén*.

Se o primeiro é necesario, o segundo non o é menos, posto que *facerse* esixe *deci-lo* que un ha de chegar a ser. Isto leva consigo: *percibir, decidir e realizar* o que debemos de ser, para ser en plenitude, tarefa que ninguén realiza só, para a que se precisan e na que consisten as distintas *mediacións humano-sociais*: Familiar, Escola, Igrexas...

Á formulación/presentación "do que" debemos ser é o que chamamos a *ética ou moral como contido*: O que o home ha de facer *de e coa* súa vida.

No *como* se organiza (*proceso*) e máis no *resultado* (*producto/contido*) consisten as *distintas morais*, en canto elaboración da estrutura moral do home e proposta de desenvolvemento da mesma, sabendo que "quen renuncia a se-lo que ten que ser, xa se matou en vida, é o suicida en pe".<sup>4</sup> *eu son, sendo...*

Podemos, pois, dicir, neste sentido, que a *Ética* é a reflexión moral sobre o fenómeno da moralidade.

Será, por tanto, o *resultado dun diálogo multi e interdisciplinar, desde a racionalidade crítica*. Por iso me parece interesante falar, con Ortega, da *ética como elegancia*:

"*Elegancia* debía se-lo nome que deramos ó que torpemente chamamos *ética*, xa que é esta a arte de elixi-la mellor conducta... Elegante é o home que nin fai ni di calquera

4. J. Ortega y Gasset: *No ser hombre de partido*, IV, 78.

cousa, senón que fai o que hai que facer e di o que hai que dicir".<sup>5</sup>

*Resumindo:*

- "Que o home ten que face-la súa vida", móstranos que é *estructuradamente moral*. Somos así.

- Que ten que facer *algo* da súa vida, indícanos que *ten que adquirir/construir inexorablemente un sistema de valores, actitudes e normas*, desde unha posición de *responsabilidade non se pode renunciar*. ("...xa se matou en vida").

- Ambas cuestións lévannos a unha terceira: Á dirección e término ideais da nosa vida, ó mellor que podemos ser:

c) *Chega a se-lo que es*, como imperativo ético supremo: "...Sexamos en perfección o que imperfectamente somos por natureza"<sup>6</sup>, di tamén Ortega.

"O que somos" (*estructura*) marca a liña do *proceso* e mais do *producto*. Deste xeito, a *estructura*

da persoa aparece como un punto de referencia fundamental para as propostas éticas e, sobre todo, para a *fundamentación das mesmas*.

Quixera determe na análise precedente, porque coído que nela radica a *base* da solución de moitos problemas éticos actuais, incluído o que a min me parece máis importante: *o ocultamento do ético e da ética*, como algo *superado* ou non *progresista*. Quen así pense (individuo ou sociedade) "e o suicida en pé".

## B) Proposta/camiños sobre a misión/función da familia, na educación ética

---

Coa análise precedente deixamos sentadas as pautas fundamentais da necesidade e da liña de fondo da *intervención educativa familiar*.

Con todo o dito, xa queda claro que, ó falar da familia e a educación ética, non nos referimos só ás accións dos pais/adultos, de cara ós fillos/novos, senón da acción de *todos para con todos*, pois é na *rela-*

5. *Origen y epílogo de la Filosofía*, IX, 349.

6. *España invertebrada*, III, 102

ción onde se medra, e a relación ou é *recíproca*, ou non é relación. Iso non quere dicir que cadaquén non teña un rol seu, mais só no intercambio de roles estes fincionan.

Entendo que isto debería levar a *considerar* moitas cousas na familia, e péreceme que podería se-la mellor *inversión* que se podería facer en tempos de crise...

## 1. A FAMILIA E A EDUCACIÓN

---

- *En xeral*: A familia terá que ser *ámbito de acollida/encontro*, máis ca de "teoría".

No lar é onde un ten que poder facer unha experiencia de amosarse como é, nunha sociedade que leva a xerar *mecanismos de defensa* de moitos tipos, desde a física ata a afectiva...

- Na educación da *dimensión ética*: A familia terá que coida-lo desenvolvemento de *tres actitudes de fondo*:

a) Valoración responsable e optimista do *don da vida*, como *primeiro valor*:

Aproveita-la celebración/pre-sencia de: Cumpreanos, onomásticas, novos nacementos, anciáns, enfermos... (*cando xa non se pode curar, aínda se pode coidar*), para adoitar as actitudes maduras propias de cada situación.

Esta será unha óptima referencia tamén para a educación, non só no sentido ético, senón tamén relixioso da vida, naquelas familias onde tal se conside un valor: Así, o relixioso/cristián non aparecerá como un engadido do que alguén se pode preocupar, senón como a *plenitude de sentido* do humano, que esixe o desenvolvemento de toda a persoa. Ser cristián é ser *radicalmente home*, di H. Küng.

b) Esforzo por entender/vivi-la vida como:

*Doación, tarefa, resposta*, en canto a características fundamentais da mesma vida.

c) Necesidade dun *proxecto* de vida:

A vida, e dentro dela, a educación... *non se pode improvisar*. Ten que responder a un *proxecto*, a ser

posible *explícito e revisable*, que se constrúa *progresivamente*.

Esta é unha tarefa fundamental da familia, da escola e das igrexas..., aínda que, por desgracia, *falta con frecuencia*.

Teño para min que, *polo que se refire ó ámbito católico*, esta *falta* ten moito que ver coa actitude dunha Igrexa Galega que nunca tomou nin parece querer tomar *en serio a pastoral familiar*, nos seus tres momentos máis significativos: *Prematrimonial, da Celebración do Sacramento, e da familia xa constituída*. Mentres a Pastoral Pre-matrimonial, no remate do Século XX, siga a consistir nuns *Cursiños* (algúns chámanlles *encuentros*, pero é o mesmo), a da Celebración, en *arranxa-los papeis*, e a da "Familia constituída" *nin exista...* Mentres na Igrexa non se tome en serio igualmente a atención ás familias rotas e ás dos divorciados voltos ou non a casar... Mentres a Igrexa Católica non poña os pés na terra neste eido, *non temos motivos serios* para esperar das súas familias un *proxecto de vida*, que sirva de guía atendible nun mundo en que *crer* leva consigo *ser capaz de dar razón da propia fe*, e

sen o cal non se pode pensar en *vida humana*. O contrario é pedirlle *landras* ó castiñeiro...

Esta incapacidade/teima histórica estamos e seguiremo-la a pagar moi cara. Os católicos e a sociedade galegas eran merecentes de algo ben distinto, como certamente hai noutras igrexas, mesmo en España. ¿Ou é que o Deus da Igrexa galega decidiu poñer ós galegos en rebaixas?

Namentres, *outras propostas*, respectables sen dúbida, pero creo que con menos posibilidades de realización integral da persoa, son as que "chegan" sobre todo ós Xoves e se converten en pautas de vida. *A bó entendedor...*

## 2. PARADIGMA (LIÑA) DA EDUCACIÓN MORAL NA FAMILIA. PROPOSTAS MÁIS CONCRETAS

---

A educación moral, igual ca toda educación, ten que levarse a cabo de acordo coa situación concreta das persoas: idade, medio... En relación coa idade cronolóxica e mental constátanse unhas etapas do

desenvolvemento da personalidade que teñen unhas características propias, que é *necesario* respectar.

Dando por suposto o referente a tales etapas e ás súas características, a miña proposta vai na seguinte liña:

- *Pasar da heteronomia* (dependencia):

- A nivel de estruturas psicomorales (do super-ego, ó eu-ti-nosoutros)

- A nivel de "clima" familiar coherente (do hiperprotector, ó personalizador)

- A nivel dos principios/valores que se ofrecen...

(*Importancia de que esta fase se viva ben...*).

- *Á autonomía:*

Capacitación/capacidade de asumir responsablemente a xestión da propia vida, na que o *outro* segue a ser importante e acada outra posi-

ción: A de un "ti" cun rol familiar propio: Pai/nai, irmán...

- *Á auto-teonomía:*

O *outro* chega a ser descuberto/vivido coma o horizonte e valor supremo de referencia. Tal *teonomía* pasa pola *Cristonomía* (Deus amósase plenamente en Xesús Cristo) e pola *Eclesionomía*: A comunidade dos seguidores/amigos de Xesús é o "ámbito" onde se vive/fai realidade a súa Presencia.

Asumo que o último nivel da miña proposta que, como tal, vale para que crentes e non crentes nos confrontemos con ela, é *problemático*, tanto pola pluralidade social na que vivimos, coma polo *tipo de moral* que nos foi/é proposta:

"Unha moral xeometricamente perfecta, pero que nos deixa fríos, que non nos incita á acción, é obxectivamente inmoral", di Ortega.<sup>7</sup>

Por isto, coido que cómpre recordar tamén con Ortega que *educación* é aquela "divina operación,

7. *El tema de nuestro tiempo*, III, 171

mercede á cal a idea, o verbo se fai carne".<sup>8</sup>

Temos todos aquí un reto, para confronta-los valores de referencia sobre os que construímo-la nosa vida. Como proposta, entendo que vale a pena tomala en consideración.

### 3. PROPOSTA TIPO

---

*A vida moral como fidelidade á vocacion:*

A educación moral xeral ten dúas *dismensións*:

- Transmisión de *contidos éticos*.
- Formación do *sentido ético*.

Non é que cada unha poida ir pola súa banda. Entendo que a familia asume o crecemento nas dúas, se ben ten que coidar *sobre todo a segunda (valores, actitudes, normas)*, tendo en conta a *evolución/situación* do sentido psico-moral dos seus membros: novos, adultos, vellos.

Isto levará a descubrir, *vivindo*, a vida moral como *fidelidade á vocación*, ó fondo de si mesmo (que nunca é só un mesmo), asumindo responsablemente a *propia misión circunstanciada*.

*Aí*, e non tanto *fóra* de nós está a raíz da inmoralidade.

Sen embargo, é moi común atribuí-la causa dos propios males ou fracasos ós demais: á oposición, cando se trata de Gobernos, ós non crentes ou doutras relixións, cando se trata da Igrexa. Máis dificilmente se reconece a insuficiencia, a incapacidade ou a corrupción propias; a *infidelidade* ó fondo de nós mesmos, ou a ousadía de asumir responsabilidades que superan as propias capacidades.

Perante tales situacións é moi frecuente, como dicía, botar man de actitudes marxinatoras e non de talantes de diálogo educativo ou mesmo evanxelizador.

Non me resisto a citar outro texto de Ortega que , aínda que se refire ó aspecto concreto do que fala,

8. *La pedagogía social como programa político*, I, 508-509.

coido que se pode facer extensivo ó que estamos a tratar:

“É unha parvada acusar ó volterianismo de ter causado a descreeza, cando a verdade é o contrario. A pobre, a misérrima cousa que é ó fin e ó cabo o volterianismo... aparecen porque os homes tiñan deixado de crer. Cen voltaires comprimidos nunha pastilla non abundan para crea-la menor dubitación nun home de verdade crente...; o que aconteceu é que o home se quedou sen certeza ningunha ante o universo... estupefacto, sen reacción adecuada fronte ó seu vivir... Agora ben, a estupefacción prolongada xera estupidez”.<sup>9</sup>

¡Cantos pais, non querendo recoñece-lo fracaso da propia acción *¿educativa?* se refuxian no tópicos de que os seus fillos son bos, pero que *teñen malos compañeiros...*! Eles, sen embargo, seguen a non ter tempo para facer posible que os seus fillos descubran e constrúan a propia personalidade con bos materiais, como condición indispensable para que a

*casa da vida* sexa boa. Só que iso leva consigo mudar unha serie de xeitos de vivir que antepoñen o ter ó ser, os feitos ás teorías, os testemuños ós consellos...

Chegar a ser en plenitude, supón descubri-lo *sentido* do que nos acontece. Iso esixe da familia certamente preparación e madurez, pero tamén dedicación e xenerosidade que, ás veces, comportan así mesmo unha certa *renuncia*... “porque non se esqueza: Na dor facémonos, mentres que no pracer gastámonos; e o sufrimento usa dun torno moi lento..., promove pausadamente a madurez e o pulimento”.<sup>10</sup>

O *tipo de educación familiar* ten, pois, moito que ver coa posibilidade de chegar a ser en plenitude, meta absolutamente vencellada ó *desenvolvemento moral* da persoa.

De todo o dito entendo que poden xurdir bastantes *reflexións*. Eu quero subliñar, sobre todo, dúas *conclusións*:

9. *La idea de principio en Leibniz*, VII, 312-313.

10. *Nuevas glosas*, X, 87.



• *A familia é unha instancia decisiva na educación moral.*

• *É necesario non abdicar /renunciar a educar iso. Iso será algo que non se nos perdoará.*





## OS PAIS NO ASESORAMENTO VOCACIONAL DOS FILLOS

---

*José Manuel Gil Beltrán*

Universidade Jaime I, Castellón de la Plana

Ó longo do ciclo vital a persoa vaiase atopar en situación de elixir un traballo ou ocupación. Iso leva consigo -na meirande parte das ocasións- a elección previa de estudos ou preparación profesional axeitada para exercer con eficacia o traballo. A elección destes estudos non é en absoluto doada, xa que as opcións académicas que lle ofrece o sistema educativo español e as súas interrelacións co mundo do traballo son complexas. Se a iso lle engadimos os períodos evolutivos nos que se teñen que tomar estas decisións, comprenderase facilmente o gran risco que se corre á hora de levalas a cabo.

Nestas condicións nas que a elección profesional se deixa ó azar, é moi cómodo deixarse levar pola influencia doutras persoas, pais, amigos, etc. En concreto, a influencia familiar incide dun xeito determinante na toma de decisións dos fillos.

O núcleo familiar é o grupo de referencia inicial que exerce maior

influencia -tanto persuasiva coma durable- no proceso de desenvolvemento social do individuo. É a través das interaccións familiares cando o neno ten a súas experiencias máis temperás; observando e imitando as condutas dos demais, ó mesmo tempo aprende que os demais son necesarios para satisfacer os seus propios desexos, pero tamén que eles teñen os seus deberes e dereitos. Deste xeito, no círculo íntimo familiar o suxeito empeza a adquirir o sentido da súa propia competencia e limitacións; xa que a súa conduta atópase trazada por un sistema elaborado -aínda que non sempre conscientemente- de recompensas e castigos. Así, McCandless (1967) observa que os reforzos están distribuídos desde unha base de poder, de maneira que o suxeito comprende que as súas respostas obteñen unha contestación social boa ou mala, que depende de se as respostas son aceptadas ou non.

Luckey (1974), pola súa banda, observa que os pais inflúen nos fillos

a través das súas propias personalidades, o seu "modus vivendi" e as súas técnicas educativas. Sen embargo, aínda que de xeito pouco apreciable, estase a producir un cambio de valores na unidade familiar. Así pasamos dos valores clásicos productivos ós dos consumidores. Iso leva consigo o feito de que actualmente se lle asignen cada vez menores papeis profesionais ós fillos. E todo iso fai que a experiencia familiar ó longo da vida do suxeito presente gran importancia na evolución dos intereses do individuo, xa que vai pasando do ambiente restrinxido da casa ó competitivo da escola e posteriormente ó da elección profesional. Polo que o suxeito que demostra ser productivo e obtén éxito na casa transferirá estes hábitos ó colexio e ó traballo (Super, 1957).

Por outra parte, a influencia familiar na conducta laboral non vén só a través dos hábitos creados anticipadamente, nin da transmisión de actitudes e valores, senón tamén da elaboración familiar de plans profesionais. Así, os estudos revisados por Brown (1970) revelan que as familias -pais en particular- son factores potentes na elaboración das decisións vocacionais.

O lugar de residencia constitúe outra circunstancia relevante para a familia á hora da elección profesional ou de estudos dos fillos.

Aínda queé verdade que actualmente a mobilidade estudiantil e de consecución do primeiro emprego ascendeu bastante. Sen embargo, esta non é a mesma para tódalas clases sociais, sendo as máis desfavorecidas socialmente as que presentan menor mobilidade, polo que se adaptan xeralmente ó que o seu contorno máis próximo lles ofrece.

Ademais, o estilo familiar viuse afectado -en liñas xerais desde 1965- pola integración da muller casada e con fillos no mundo laboral. Así, en 1970 nos Estados Unidos o 39% dos suxeitos menores de 18 anos tiñan nais traballadoras. Ó redor de 1982, o número subira ó 55%. Ó mesmo tempo, advírtese o feito de que a metade dos nenos de cero a cinco anos teñen nais traballadoras. Os estudos realizados por Portner (1978) poñen de manifesto que estes cambios estiveron acompañados de modificacións tanto nas prácticas familiares das ocupacións sociais coma nos seus efectos. As nais traballadoras con diplomas universitarios demostraron ter un control máis firme sobre os seus fillos-cás nais de igual titulación, pero non traballadoras. Sen embargo, hai que facer constar que esta diferenza non se dá entre as nais que posúen estudos primarios. Así pois, diversos traballos demostraron que os adolescentes fillos de nais traballadoras de distintos niveis intelectuais teñen

asumidas unhas responsabilidades familiares maiores. Doutra banda, se comparamos as nais que non traballan coas que traballan, estas últimas fomentan unha conducta máis independente nos seus fillos.

Apesar de todo o que viñemos expoñendo, poder establecer unhas relacións empíricas dependentes entre a experiencia familiar e a conducta profesional subsecuente, non é tarefa doada, xa que polo xeral existe un matiz de variables causais interactivas; e illa-los seus efectos en relación cos modelos de socialización profesional resulta un labor de investigación arduo e difícil.

Bratcher (1982) sostén que os individuos que acertan nas súas decisións profesionais están influenciados polas relacións familiares; por iso propón que a teoría dos sistemas familiares debería ser empregada no asesoramento profesional. Agora ben, as investigacións neste campo non son moitas, ademais algunhas presentaron deficiencias na súa metodoloxía de traballo, demaneira que as súas aportacións hai que tomarlas con reservas. Sen embargo, cómpre salienta-los estudos lonxitudinais de Khan e Antonucci (1980) sobre a comprensión do proceso de socialización ocupacional, que actualmente marcan a pauta nesta liña de traballo.

Por medio destas influencias, os pais pretenden impoñer unha determinada opción ós seus fillos, ignorando que se trata dunha cuestión que eles deben resolver. *Os pais poden e deben aconsella-los seus fillos, pero nunca decidir por eles*, pois a mellor axuda non está en elixir por eles, senón en poñelos nas mellores condicións para levar a cabo unha elección coherente e realista. Por outra banda, tamén está claro que os pais non sempre están suficientemente capacitados para ofrecer este tipo de axuda, necesitando por tanto a colaboración de asesores neste campo.

As influencias familiares responden, outras veces, ó intento de adapta-los desexos do fillo ós proxectos previos dos pais. En concreto: que o fillo siga a "tradicción familiar". Outras veces, a decisión céntrase no feito de que o fillo teña unha profesión "segura", entendéndose como aquela que resolve por si mesma os problemas económicos de quen a exerce. Un problema grave que xeralmente se deriva desta toma de decisións é que con frecuencia quedan fóra da perspectiva de elección as novas profesións que van xurdindo na sociedade, é dicir, pechanse as portas ó futuro. Na mesma liña, apreciamos como o denominado "status social" tamén é elemento clave para os pais na deci-

sión que toman polos seus fillos. Este vén condicionado en moitas ocasións pola frustración que os pais teñen na súa profesión actual, e así proxectan sobre os fillos un "éxito profesional" que eles non obtiveron.

Non obstante, actualmente a estratificación do nivel económico da familia non é tan ríxida coma outrora. De feito, a variabilidade que se produce nos niveis de ingreso da mesma fai difícil o seu encadre. Este aspecto, tamén puxo de manifesto a súa influencia nas decisións dos fillos. A tal fin podemos constatar a través da investigación de Galambos Silbereiben (1987) como as expectativas dos adolescentes con respecto ó seu futuro éxito profesional se ven influídas polas expectativas económicas dos pais. Así, os pais que reaccionan ante unha perda no nivel de ingresos coa crenza xeneralizada de que non existe para eles ningunha posibilidade dun futuro próspero e feliz poden induci-los seus fillos adolescentes a contemplar con pesimismo os seus propios futuros profesionais.

Unha análise polo miúdo da mesma indica que os pais que ven minguados os seus ingresos son máis proclives a considerar de xeito pesimista a súa situación vital, mentres que un aumento dos ingresos leva aparelada unha visión máis optimista. Ó mesmo tempo, os efectos pesimistas dos pais dependen do sexo do

proxenitor e do sexo dos adolescentes. Por outra banda, aínda que as nais que experimentaron unha redución de ingresos sofren unha angustia semellante ós pais, só as perspectivas do pai sobre as condicións de vida aparecen relacionadas coas expectativas das fillas. Pola contra, os fillos parecen invulnerables ás reaccións paternas da perda de ingresos.

Esta influencia do pai ten a súa explicación no papel concreto que aquel desempeña na socialización. Os pais tenden a depositar expectativas máis modestas na filla ca nos fillos, aínda que tanto unhas coma outros teñan idéntico rendemento. Segundo se demostrou, estas expectativas inflúen sobre as expectativas dos adolescentes (Parsons, e outros et al 1976, 1982). Xa que logo, observouse que o comportamento do pai cos seus fillos reflicte unha maior discriminación por razóns de sexo có da nai. Mentres que o pai tende a fomentar nos seus fillos a independencia e a necesidade de logro, non obra do mesmo xeito coas súas fillas (Hoffman 1977; Huston 1983). Aínda que non hai acordo absoluto entre os investigadores, suxeriuse que o pai exerce unha influencia máis decisiva cá da nai sobre os fillos, no que atangue ás conductas de logro. E dáse por certo que o pai fai discriminación entre os seus fillos homes e mulleres, de tal xeito que ó estar sometido a presións

INFLUENCIA NA DECISIÓN DA CONTINUACIÓN DE ESTUDIOS DE EXB Ó ENSINO MEDIO, EN %				
Influencia	pais	profesores	amigos	irmáns
Moita	34	6	7	11
Bastante	42	27	21	23
Pouca	18	33	37	23
Nada	6	33	33	36
Non contesta	-	1	2	7

Cadro 1

económicas e baixo os efectos de sentimentos de pesimismo, tende a contemplar con incredulidade o futuro profesional da súa filla, ata o

punto de desanimala na súa busca de oportunidades de estudos e emprego. O influxo dun pai pesimista sobre unha adolescente pode ser

ESTUDIO DAS OPCIÓNS CIENCIAS-LETRAS						
Opción	BUP			COU		
	Total	Muller	Home	Total	Muller	Home
Ciencias	59,9	54,5	67,2	53,2	47,4	61,0
Letras	33,4	38,7	26,1	46,0	51,9	38,2
N.C.	6,7	6,8	6,7	0,8	0,8	0,8

Cadro 2

decisivo nun contexto cultural que conceda escasas posibilidades de éxito á muller.

A influencia dos pais na toma de decisións dos fillos xa se pon de manifesto non niveis educativos inferiores, tal como é o paso do EXB ó Ensino medio (cadro 1). Nel apréciase como os pais son as persoas que máis inflúen na decisión de continuación dos estudos; de xeito que profesores, amigos e irmáns inflúen en menor medida, sendo para a maioría -uns 2/3 dos alumnos- dunha influencia nula ou escasa (Escudero, 1987).

En canto á toma de decisións no Ensino medio imos analizar as influencias familiares sobre a base do traballo realizado polo Consello de Universidades (1987).

En primeiro termo, é significativo o transvase de opcións que se produce ó longo do bacharelato e COU, así como na universidade. (Cadro 2).

Se comparámo-las cifras de alumnos que en BUP e COU fan ciencias ou letras, observaremos que comeza a producirse un transvase de alumnos cara a letras no paso dun nivel a outro, de tal xeito que xa en COU as cifras dos que estudian ambas opcións é bastante similar,

aínda que hai un lixeiro predominio das ciencias. A mesma tendencia séguese a producir no paso á Universidade. En definitiva, os alumnos que cursarán carreiras de letras superarán ós de ciencias.

Co obxecto de concreta-lo ámbito de influencias familiares na decisión dos fillos, sinalaremos ó respecto as seguintes variables en relación ós alumnos de COU:

1. *Procedencia socioeconómica.* O 54,2% deles pertence, segundo o nivel profesional do pai, á clase "media-baixa" (41,9%) e "baixa" (12,3%). Un 27,6% é de nivel "medio". E un 17,5%, de "medio-alto" (10,4%), ou "alto" (7,1%).

2. *Sector de actividade.* O grupo máis importante, 44,4%, é o formado por obreiros e empresarios industriais (26,5% e 17,9%, respectivamente). Logo aparece o sector servizos, 37,1%, cunha considerable presenza do persoal de oficina, 14,1%, e funcionarios, o 10,3%. Finalmente, un 10,4% corresponde ó grupo formado por empresarios e obreiros agrícolas (7,9% e 2,5%, respectivamente); e un 7,7%, a outras actividades profesionais.

3.- *Nivel de estudos dos pais.* A primeira vista, destaca o feito de que 76% dos casos ningún dos dous -pai e nai- teñen estudos universita-



rios. O 24% restante fórmano pais de alumnos que si os teñen, polo menos nun dos casos.

Así mesmo, levouse a cabo unha análise factorial que explicase a estrutura decisoria dos alumnos. Iso deu lugar a dez factores, entre os que hai que salientar aqueles que fan referencia á influencia familiar. Son estes:

FACTOR	%Variación explicada
<i>Conservadurismo/progresismo.</i> Mide a intensidade coa que o alumnado elixiu carreira seguindo as decisións tomadas por seus pais	5,1
<i>Tradición familiar/iniciativa persoal.</i> Mide a tendencia corporativista a manter determinadas profesións de pais a fillos	4,9
<i>Non mobilidade dificultade/mobilidade facilidade.</i> Este factor asocia o feito de quedar na casa debido á dificultade dos estudos	4,7

Ata o momento, presentámonos a influencia da familia desde a ópti-

ca socioeconómica e xeográfica - lugar de residencia- na toma de decisións do adolescente. Pero, tendo presente a evolución da sociedade e a súa repercusión nos valores tradicionais familiares, cabería preguntar: *¿que peso exercerá a influencia familiar en relación coas distintas canles informativas que o xove ten á súa disposición?* Para o efecto, e sobre a base da enquisa realizada en Inglaterra en maio do 85, podemos analizar a incidencia de diversas variables na toma de decisións dos estudantes.

Así, ós estudantes formulóuselle a seguinte cuestión (Cadro 3).

¿Quen ou que cousas pensan eles que lle poden axudar na elección de estudos?

Posteriormente, ofrecéuselles unha lista de posibles canles informativas que eles poderían utilizar para realizar unha elección correcta dos seus estudos.

Ó realizar unha análise pormenorizada daqueles que foran máis representativos, obtéñense os seguintes resultados.

Finalmente, o suxeito yoma a decisión na elección dos seus estudos. En relación con isto preséntan-

se os resultados das variables máis influentes.

Segundo se tira dos estudos que acabamos de analizar, podemos establecer uns puntos de reflexión

que nos permiten enfoca-lo proceso de asesoramento non só desde o ámbito do alumno senón tamén en relación cos pais, e ó mesmo tempo non debemos perder de vista a aparición de variables extrafamiliares, que

ASPECTOS QUE O SUXEITO PENSA QUE INFLÚEN NA TOMA DE DECISIÓNS, EN %.

VARIABLES	ANOS					
	GLOBAL	14	15	16	17	18
familia	29	34	33	26	19	22
libros de orientación	20	26	20	23	26	21
os meus intereses	19	13	19	17	20	21
o traballo da xente	17	16	17	15	21	17
o que eu penso	11	13	11	12	9	8
a miña experiencia de traballo	8	3	6	15	12	12
intereses temperáns	8	8	10	6	6	11
profesores	7	4	7	10	8	12
amigos	5	6	5	6	7	6
TV	5	8	3	4	3	6
titor	3	1	5	5	5	4
visitas	3	2	2	3	6	4

van condicionar -ou xa condicionan- o proceso de toma de decisións dos suxeitos. Estas concretaríanse nos seguintes aspectos:

- O papel clave éa familia na toma de decisións dos fillos. A súa influencia ponse de manifesto en tódolos niveis do sistema educativo, e en especial no secundario.

RESULTADOS DAS CANLES INFORMATIVAS MÁIS SOLICITADAS: SEXO, IDADE, EN %

CANLES INFORMATIVAS	SEXO		IDADE				
	H	M	14	15	16	17	18
asesor	56	62	55	61	64	60	56
titor	51	50	50	56	50	43	43
pai	58	36	36	46	43	41	38
libros e folletos	33	40	25	34	36	50	53
nai	24	37	40	31	25	22	22
conferencias	29	32	25	33	33	35	31

Cadro 4

VARIABLES QUE INFLÚEN NA TOMA DE DECISIÓN, EN %

VARIABLES	GLOBAL	14	15	16	17	18
familia	36	41	47	42	31	31
a miña decisión	27	19	28	26	42	43
profesores	12	7	11	19	16	14
titores	2	2	1	3	2	1
outros	4	3	4	4	5	4

Cadro 5



- A inseguridade que presentan os alumnos á hora de tomar decisións en relación ós estudos que desexan seguir. Isto incidirá, unha vez máis, na importancia do asesoramento vocacional, tanto a alumnos, coma a profesores, titores e pais.

- O lugar de residencia do alumno e a súa relación coa situación económica da familia é un factor condicionante na selección vocacional.

- Actualmente apréciase un descenso do peso da "tradición familiar" na elección que realizan os fillos.

- Na sociedade consumista de hoxe en día, a televisión, os amigos, os folletos informativos, etc., inciden dun xeito directo na toma de decisións dos xoves. O saber e poder ofrecer unha información correcta e axeitada é, pois, un dos retos actuais que ten ante si o asesor.

- De entre as canles informativas ás que ten acceso o estudante, é relevante o papel do asesor. Aínda que á hora de decidirse, o estudante volva a a busca-lo consello familiar como elemento confirmatorio da súa elección. Por iso se comprende a importancia do asesor, na súa faceta non só informativa senón formativa en relación ós pais.

Finalmente, e tendo en conta a importancia do papel que desempeñan os pais en canto ó asesoramento vocacional dos fillos, é indispensable que aqueles reciban unha formación adecuada neste campo. Xa que non se pode deixar ó azar, nin sequera apelar ó sentido común dos proxenitores para levar a cabo esta tarefa. Non debemos esquecer ó respecto que o proceso de asesoramento é un proceso técnico, e como tal debe ser exercido por medio do asesor. Os pais deben colaborar nel, o mesmo cós profesores e titores, pero tendo a debida información e formación do proceso. Por conseguinte, os Departamentos de Orientación dos Centros deben asumir -entre outros- o obxectivo de forma-los pais, ben dentro dos programas globais do centro ou ben a través de seminarios específicos.

En definitiva, os pais deben ser conscientes de que o asesoramento vocacional é un feito ineludible no proceso educativo do suxeito. Como proceso, non debe ser utilizado unicamente no que se veu chamando -e tanta veces discutido- "momentos críticos". Sen embargo, os pais non lle dan a este feito o valor que ten, e só ven a importancia do mesmo cando non hai coincidencia entre o que os fillos queren e o que eles desexan, é dicir, "o conflito está servido". Para evitalo, os pais

deberían ser esixentes na implantación dos Departamentos de Orientación nos Centros. Pero iso non os debe eximir da responsabilidade que teñen como pais, pois se ben hai un

compoñente técnico -asesor- non é menos certo que ó longo do proceso son os factores escolares e familiares os que inciden directamente na maduración do suxeito.

## BIBLIOGRAFÍA

---

Avent, C (1983): *Practical Approaches to Carrers Education*, CRAC, London.

Brown, J.(1981): *Consulting with parents and teachers*, Carrol Press.

Chusid, H, e L.Cochram, (1989): "Meaning of career charge form the perspective of family roles and dramas". *Journal of Cousaling Psychology*, 36.

Consejo de Universidades. (1987): *Demanda de plazas universitarias*, MEC, Madrid.

Cortada, N. (1977): *El profesor y la orientación vocacional*, Trillas, México.

Dupon, P., e L Method, (1985): "Les attentes des parents concernat l'éducation à la carriér de leur enfants", *L'Orientation Scolaire et Professionnelle*, 11.

Escudero, T., e outros (1987): *El paso de la EGB a las enseñanzas medias. ¿Trauma o liberación?*, 105, Zaragoza.

Galambos, N., e R. Silbersein, (1987): "Cambios en el nivel de ingresos, perspectivas de los padres sobre las condiciones de vida familiares e éxito profesional de los hijos", *Infancia y aprendizaje*, 39-40.

Gil, J.M. (1990): " Los padres en el asesoramiento vocacional de los hijos". *Mineo*

Gil, J.M., e F. RIVAS, (1990): *La información vocacional en el proceso de asesoramiento de los estudiantes de secundaria*, Generalitat Valenciana, Conselleria de Cultura, Educación y Ciencia, Valencia.

Opinión Research & Communication (1985): *Career Choice 13-18... Attitudes, Ambitions, Influence*, A.C.T, London.

Vodanovich, S, e T. KRAMER, (1989): "An examination of the work values of parents and their children", *Career Development Quartely*, 77.

## A PARTICIPACIÓN DOS PAIS NOS CENTROS EDUCATIVOS

---

*Abilio de Gregorio García*  
Instituto de Bacharelato  
Federico García Bernal, Salamanca

Unha das preocupacións máis estendidas actualmente no mundo da educación é a que se refire á *calidade educativa* ou calidade do ensino. Calquera medida administrativa ou calquera reivindicación intentárase que leve a marca da esixencia de calidade, co fin de garanti-la súa doada circulación social. Tal estratexia confirma que a expresión *calidade educativa* adquiriu unha alta connotación positiva que a leva a converte-lo concepto en "termo talismán"

Outro tanto podería dicirse do termo *participación*. A efervescencia dos valores relacionados coa dimensión social do home, leva a exalta-la participación como o fin derradeiro de toda colectividade. O cume acádase cando se unen ambos: *calidade educativa e participación*. Sen

embargo, con máis frecuencia da desexada, ambos conceptos forman parte dun discurso baldeiro, pois non se clarifican os seus significados e, por conseguinte, acostuman ter tantas interpretacións coma falantes os manexan.

Non é o propósito deste artigo atender ó contido e ás variables do concepto de calidade, senón ó da participación. Non obstante, si convén aclarar que entendémo-la participación como un medio para conseguir *eficacia e coherencia* na acción da influencia dirixida á formación da integridade do educando. Integridade, coherencia e eficacia serían, pois, as tres notas distintivas dunha educación de calidade á que ha de servir a participación. Isto require cuestionarse seriamente cales son os fundamentos, os presupostos, os

modelos e as variables intervinientes nunha participación eficaz dentro dos centros educativos.

## 1. O DEREITO DOS PAIS Á PARTICIPACIÓN

---

Cómpre comezar por cuestionarse a quen corresponde a soberanía da educación e, en consecuencia, que papel desempeñan cada un dos axentes que interveñen no proceso. Da lectura de determinados textos legais e, sobre todo, da observación de certas prácticas de participación, poderíase chegar a pensar que, ou ben se parte da convicción de que o dereito preferente a educar corresponde ós poderes públicos e estes “conceden” presenza participativa ós pais dos educandos, ou ben se chega a afirmar que a soberanía corresponde ó “colectivo”, que, a través de diversos representantes, entre os cales están os pais de alumnos, xestiona e controla o dito proceso.

O noso punto de vista, sen embargo, parte da afirmación de que son os pais os que teñen o dereito

preferente para determina-la clase de educación que se ha de dar ós seus fillos, como xustamente queda proclamado en relevantes documentos da Comunidade Internacional.<sup>1</sup>

En efecto: o compromiso dos pais ó aceptar traer un fillo ó mundo, implica a obriga de axudalo a que veña ser plenamente o que é: que veña ser *persoa*. A definición das dimensións que conforman á persoa, así como os modos educativos de operar para conseguir tal “personeización”, loxicamente van depender en grande medida das conviccións, crenzas, sistema de valores, etc., que poidan te-los pais. Tal dereito conduce irremediabilmente á aceptación do correspondente de poder elixi-los colaboradores profesionais na tarefa da educación. En consecuencia, a función docente exercerase como unha “delegación” ou como unha “colaboración” especializada cos pais. Non é, pois, o educador un “propietario” do alumno durante o tempo que está ó seu cargo. Nin sequera se pode considerar soamente un colaborador da administración pública, toda vez que o dereito desta

1. Ver: Declaración Universal de Derechos Humanos, 10 de decembro de 1948; Convención acerca da Discriminación en Educación. Conferencia Xeral da UNESCO, 14 de decembro de 1960; Convenio Internacional sobre Derechos Civiles y Politicos. Asamblea Xeral ONU, 16 de decembro de 1966; Convenio Internacional sobre Derechos Humanos. Informe da Secretaría Xeral da ONU, 1 de outubro de 1985.



á educación é subsidiario do dos pais e, polo tanto, posterior.

Así, o dereito a participar no proceso de educación dos fillos non é ningunha concesión gratuíta. Aínda máis: poderíamos afirmar que, na medida en que se produce unha colaboración eficaz, non só dos pais co centro educativo (os pais non son un módulo funcional do centro educativo...), senón do centro educativo cos pais, poderase garantir unha maior calidade.

## 2. NECESIDADE DA PARTICIPACION DOS PAIS NO PROCESO EDUCATIVO

---

Hai dúas vertentes do feito da educación sobre as que conviría reflexionar, co fin de evidenciar a necesidade da presenza dos pais no proceso educativo. Entendemos que unha das funcións esenciais da educación, quizais o fin derradeiro da mesma, é axuda-lo neno a que vaia construindo referentes de interpretación da realidade, tanto da realidade física, coma da social, cultural, histórica e existencial. A tectónica da súa personalidade vai depender en gran medida de como se leva a cabo esa relación dialéctica coa realidade, de como a “metaboliza” ou sintetiza.

Por outra banda, na construción da devandita personalidade, terá que desenvolver-lo sentido da propia identidade e o da apertura ou alteridade.

Agora ben, o desenvolvemento de ambas funcións vai estar determinado en gran medida polo tipo de relación que se estableza entre o educando e os distintos grupos onde se realice. Non é probable que se desenvolva unha personalidade autónoma e unha visión coherente da realidade en organizacións grupais nas que non se produza un certo grao de adecuación entre grupos de pertenza e sistemas de referencia.

A mobilidade continua de referentes (valores, criterios, pautas de conducta...), produce unha serie de disonancias esquizoides, de inseguridade e de incoherencia, á maneira da inseguridade que se produciría nunha persoa que recibise permanentemente imaxes incoherentes de si mesmo e do medio a través dos distintos espellos nos que se mira. Esa falta de acordo básico non lle permitirá fixa-lo seu autoconcepto. Suporalle un inconveniente para madurar. Este é o caso do neno que sofre unha proposta de referentes na familia, e outra na escola; unha procedente da escola institución, e outra na aula;

unha na familia e colexio, e outra no medio social. *Quen educa, polo tanto, é a comunidade educativa.* Comunidade no estricto sentido da palabra: realidade operante cun núcleo importante de coincidencias respecto ó valor educación e ós valores que se propoñen na educación.

Pero toda a vida interna da Comunidade educativa ten un punto de cristalización e unha forma concreta de manifestarse no fenómeno da *participación*.

### 3. PRESUPOSTOS BÁSICOS DA PARTICIPACIÓN DOS PAIS NO CENTRO EDUCATIVO

---

#### Que entendemos por participar

Na linguaxe dos centros escolares é este un vocabolo equívoco, que serve para describir conductas da máis diversa índole: asistir a unha reunión informativa, acudir a recolle-las notas, tomar parte nunha festa, financiar unha actividade cultural ou recreativa, etc.

Sen embargo, a verdadeira participación hai que entendela no sentido de *tomar parte nas decisións que a unha persoa ou grupo lle afec-*

*tan*. Máis concretamente, a participación dos pais no proceso educativo dun centro escolar implicará:

- *Tomar parte no establecemento de obxectivos concretos* que afectan á educación dos fillos. Os grandes obxectivos son marcados por dereito e por deber pola institución escolar. Os obxectivos técnicos de instrucción son marcados polos profesionais da educación. Pero eses outros obxectivos que concretan os obxectivo-stendencia e que afectan á feitura da personalidade do educando, poden e deben ser establecidos coa concorrencia de toda a comunidade educativa.

- *Intervir nas tomas de decisións operativas ou de execución* que se refiren ós obxectivos arriba sinalados. Podemos coincidir co resto da comunidade educativa na necesidade de que os educandos teñan mellores hábitos de estudio, maior creatividade, máis espírito crítico, etc., pero á hora de definir e de executar as estratexias para conseguilo, teñen que intervenir tamén activamente os pais con accións que lles son propias e que se reforzan mutuamente coas accións acometidas na escola. Estas accións débense planificar conxuntamente para que sexan eficaces.



• *Tomar parte no control de eficacia do labor de educar.* Aínda que é certo que o labor educativo global amosa os seus resultados finais moi a longo prazo, sen embargo, cando os obxectivos xerais se concretaron en metas máis próximas, é posible controlar e avalialos resultados que se van obtendo a máis curto prazo. Os pais non poden que-

dar alleos a ese revisión de eficacia, posto que son axentes e, ó mesmo tempo, son receptores desas condutas.

### A participación integrada

---

A participación, por outra banda, admite diversos niveis (infor-

mación, consulta, decisión) e diversas fórmulas ou modos formais. Pero, ¿toda forma de participación é igualmente funcional e productiva para calquera grupo? ¿Tódalas cuestións admiten o mesmo grao de intervención participativa dos membros do grupo?

Haberá que admitir que a natureza do grupo ou da institución determina cal é o grao óptimo e a morfoloxía da participación, así como a natureza dos problemas ou temas dictará o nivel de intervención dos membros. O modelo participativo formal da sociedade civil democrática non vale, por exemplo, para a familia; o modelo de participación dunha sociedade anónima non vale para un centro educativo...

Pois ben, cando falamos dunha Comunidade Educativa estamos a referir a un grupo de persoas de diferentes posicións no grupo e con diferentes papeis; con diferentes cualificacións e con diferentes responsabilidades; un grupo dunha grand heteroxeneidade que actúa no marco duns obxectivos xerais que obrigatoriamente teñen que estar nidiamente formulados e xerarquizados. Todo iso lévanos a defini-la participación da comunidade educativa

como unha *participación integrada*, é dicir, unha participación na que cada sector intervé de acordo co seu "status" e co seu papel: os directivos como directivos; os profesores, como profesores; os pais, como pais, e os alumnos como alumnos. Así mesmo intervírase no nivel de información, de consulta ou de toma de decisión que se corresponde co dito "status" e papel, dependendo do tema que se suscita.

### A participación, valor instrumental

---

Convén, a pesar todo o dito, que a Comunidade Educativa non caia nunha sorte de "participomanía" cega. Hai tendencias que pretenden medi-la calidade educativa dun centro, ou a calidade e acerto dunha toma de decisión pola cantidade de intervención dos diversos membros do grupo.

Aínda que pareza evidente, cómpre aclarar que, en educación, *a participación non é un valor autónomo, senón un valor instrumental*. É unha variable importantísima no proceso educativo, pero unha variable dependente da variable final, que está marcada polos *obxectivos educativos*. O importante é conseguir

uns resultados educativos e, para iso, pode facerse imprescindible a participación, pero a participación non é o resultado.

Un sistema de xestión segundo o cal todos deciden en todo, pode chegar a ser altamente disfuncional, como demostra con algunha frecuencia a experiencia. En ocasións, sucede que o resultado final dunha participación inmanente é máis pobre, en termos educativos, ca unha xestión autoritaria.

Nunha última análise, teríamos que afirmar que, *en educación, toda participación ten que ser participación por obxectivos* (Gelinier): os membros do grupo interveñen nos diversos momentos da planificación, da execución e do control do proceso educativo co fin de acadalos fins globais que anteceden á mesma acción participativa.

### Participación, confianza e responsabilidade

Por último, no marco do que son estes presupostos básicos da participación, faise necesario afirmar un principio máis: *a participación eficaz dos pais na escola debe ser, por unha banda, o resultado da confian-*

*za dos directivos e dos profesores na capacidade daqueles para intervir nas decisións que lles afectan, e, por outra, da vontade de identificación e de compromiso para contraer responsabilidades por parte dos pais dos educandos.*

Cando non exista aquela confianza na capacidade dos pais, non será posible pasar dunha participación burocratizada e limitada ás áreas máis periféricas da vida escolar. É posible que xurda permanentemente un conflito de competencias e se actúe baixo a presión do receo. Á súa vez, o desexo de intervir dos pais verase desincentivado ó constatar que a súa participación non é abondo estimada no centro.

Pero, asemade, é imprescindible engadir que de nada servirá a confianza dos docentes se non se pon de manifesto a vontade de identificación dos pais co labor educativo que se leva a cabo na escola e a capacidade de contraer compromisos e de responsabilizarse nas accións de educación. Cando se percibe que o desexo de participar obedece soamente á defensa duns intereses parciais, de creación de presións ou de adquisición de poder; cando se constata que a participación non é senón unha fór-

mula para diluir responsabilidades no "colectivo", aparecerán posturas reactivas de desconfianza que farán inviable toda acción mancomunada para a consecución dos obxectivos.

Entre confianza duns e identificación e responsabilidade doutros, prodúcese unha relación de mutualismo que terá como resultado o crecemento progresivo da cooperación. A participación nun centro escolar nin se improvisa nin se impón. É consecuencia dun dinamismo planificado e cultivado segundo unha especie de ecuación na que ó crecemento de confianza lle corresponde un crecemento do compromiso e viceversa.

#### 4. CARA A UN MODELO DE PARTICIPACIÓN EFICAZ NO PROCESO EDUCATIVO

---

Despois do devandito, cómpre constatar que o clima predominante no medio escolar é o dun escaso desexo de participación comunitaria. Á marxe de explicacións históricas ou sociolóxicas respecto a esta atonía xeneralizada, sería conveniente afondar noutros mecanismos que poden facilitar ou inhibir a participación dos pais nos centros escolares.

#### Participación e motivacións

---

Poderíamos partir de dúas afirmacións eixe:

1. Un individuo participa máis nun grupo ou nunha institución segundo o grao de identificación ou de integración nela.

2. Canta máis capacidade teña o grupo ou institución de satisfacer as necesidades do individuo, maior será a identificación deste con aqueles. Como afirma Herbert A. Simon, entre a capacidade da organización para satisfacer necesidades e a participación dos individuos, prodúcese unha sorte de mutualismo.

O proceso sería, pois, o seguinte: o pai do alumno ten unhas necesidades como persoa e como pai de alumno. O centro escolar dá resposta sistemática a esas necesidades. O pai do alumno séntese identificado co centro escolar e participa. Como di Douglas McGregor: "cando as persoas non atopan nunha actividade oportunidades para satisfacer necesidades que lle son importantes (ou non son sensibles a necesidades importantes, cabería engadir...), proceden con indolencia, con apatía, e renuncian a aceptar responsabilida-

des". Haberá que intentar, xa que logo, espertar e descubrir esas necesidades importantes dos pais de alumnos para clarificar cales delas poden ser satisfeitas polo centro, e de que xeito.

Nesta liña, comprobámo-lo seguinte:

1. Para que se dea identificación co Centro escolar como Institución ou como organización:

- *Cantas máis mostras de aprecio dá o centro da valía dos pais, máis probabilidade hai de identificación destes con aquel.* Parece claro que toda persoa ten necesidade de ser aceptada e valorada: é a tendencia á estima. Cando alguén sente satisfeita esa tendencia por outros, espontaneamente xorde un movemento de identificación con el. ¿Como se concreta este principio na vida da escola? Poderíamos formulalo da seguinte maneira:

- *Cantas máis posibilidades teñen os pais de intervir nas tomas de decisións que lles afectan, tamén hai máis probabilidade de identificación co colexio.* Pero para que se produza esta resposta de identificación é preciso que o estímulo da esti-

ma se perciba dun xeito personalizado e non só como unha posibilidade burocratizada a través de representantes.

A desconfianza, xa que logo, as reservas, a convicción de que os pais non teñen nada importante que aportar en materia educativa, a actitude, en suma, defensiva ante os pais dos alumnos, inhibe toda tendencia á identificación e, por iso, á participación.

- *Canto máis personalizada é a educación que proporciona un centro, máis probabilidade haberá de identificación co mesmo.* Non podemos esquecer que os pais teñen unha motivación de gran forza tractora: os seus fillos ou as súas fillas, coa súa problemática, e sobre os que se vai construíndo día a día unha expectativa individualizada. Na medida en que un centro responde á demanda de coñecemento e de atención personalizada ós alumnos, satisfaise unha necesidade importante dos pais, e estes atoparanse máis identificados co centro. Por iso desempeña un papel tan importante na participación dos pais o labor tutelar ben feito e os servicios de orientación.

- *O prestixio do centro ó que acoden os fillos tende a gratifica-las tendencias de afiliación e de pertenza dos pais, o que facilitará tamén o seu proceso de identificación-participación.*

A pesar do dito, é frecuente que ese potencial de participación non sempre se pon en movemento a causa da pobreza motivadora da actividade que poden realiza-los pais dentro do centro escolar. Chámanos para escoitar informes, para recibir unha conferencia, para manifestar adhesións, etc. A súa presenza redúcese a conductas pasivas. Na meirande parte dos casos fórmulase a petición de participación en termos de asistencia. Unha vez máis esquén-cense algunhas das tendencias básicas que impulsan a acción. Por iso haberá que sinalar tamén aquí algúns principios:

2. Para que se dea identificación coa actividade:

- *Canto máis creativo é o labor que se solicita que realice unha persoa, máis forte será a identificación con este labor.* Pola contra, se este labor é percibido como un labor mecánico, no que non é posible poñer nada do propio saber e do pro-

pio ser, a identificación con el será débil e tenderase á inhibición na participación. Se se partise da base de que os pais non poden aportar nada no terreo da actividade educativa no colexio, estaríase negando a mesma posibilidade de Comunidade Educativa.

- *Canto máis reflecte un traballo determinado a autonomía persoal ou de grupo na toma de decisións e na execución, máis intensa será a identificación coa actividade.* Por iso é necesario ter ben definidas nun centro as zonas de competencias e de autonomía, así como o marco de obxectivos. Iso permitirá ós que dirixen e ós que participan saber permanentemente ata onde poden chegar coas súas decisións sen ter que acudir en cada ocasión a férulas exteriores, as cales desincentivan a acción.

- *A auténtica forza motivadora dunha acción é o "sentido" ou "significado" da mesma.* Cando alguén pode afirmar "iso non serve para nada" ou "iso non ten sentido", dificilmente se pode sentir comprometido coa dita actividade. Isto obrigará a quen programa actividades de participación a interrogarse cales son os problemas que inquietan á meirande parte dos pais para ofrecer res-



postas significativas e relevantes co fin de solucionar problemas. A expectativa de resposta convértese en motivación de participación, e o cumprimento da dita expectativa en incentivo e en reforzo para seguir participando.

Sen embargo, podemos atoparnos con persoas que, a pesar de ter un aceptable grao de identificación co centro e mesmo coa actividade que poida realizar no mesmo, a súa tendencia a tomar parte activa vese inhibida por falta de identificación co grupo de persoas coas que ten interrelacionarse á hora de efectuar esa actividade. Iso induciríanos a suscitar algúns principios formulados nos seguintes termos:

3. Para que se dea identificación co correspondente subgrupo:

*A tendencia a participar depende de:*

- *O prestixio percibido por cada individuo do resto dos membros que forman o grupo.* É evidente que a tendencia á pertenza que experimenta toda persoa é sempre unha tendencia a asimilarse a aqueles grupos ou persoas que se amosan con

prestixio. Eis a importancia de contar no seo dos grupos con "persoas nucleares", destinadas a dinamizar a participación. Sen embargo, non convén confundir prestixio con "status" social. Se fose sobranceiro, na colectividade, mesmo podería inhibir a participación do resto.

- *A capacidade do grupo para establecer uns obxectivos que poidan ser amplamente compartidos.* Con frecuencia pode ser preferible abandonar unha idea brillante dun membro para adoptar ideas máis modestas compartidas por todos a prol da cohesión. Unha vez posto en actividade o grupo para eses obxectivos compartidos e impulsado polos denominados aquí "membros nucleares" (os de máis prestixio), poderíanse ir xerando novos obxectivos de acordo coas novas necesidades xurdidas nas reunións.

- *A frecuencia e a fluidez da interacción.* Na medida en que entre os membros dun grupo se produce unha comunicación dentro duns límites de frecuencia (se é excesiva, podería exasperar; se é escasa, non crea cohesión); na medida en que é eficaz respecto á búsqueda de solucións, e é fluída en tódalas direc-

cións, é máis probable a integración dos pais nos devanditos grupos. Este tipo de interrelación é sempre máis factible nos grupos pequenos ca nos grandes, o que pode facer aconsellable varia-las estratexias de participación máis en uso actualmente nos centros de ensino.

- *A ausencia de elementos que estimulen a competencia ou as pugnas de poder entre os membros do grupo.* Na medida en que isto se producise, acusaríase un debilitamento da identificación das persoas co grupo, mesmo daquelas persoas non implicadas na confrontación.

## 5. ALGUNHAS CONCLUSIÓNS

---

*De todo o exposto ata aquí, poderíamos derivar algunhas consecuencias dirixidas a reconsidera-la programación da actividade participativa dos pais dos alumnos:*

- *O elemento tractor da participación dos pais é o centro escolar, coa súa dirección e o seu profesorado.*

O impulso cara a participación ten que partir dos profesionais

desde o interior e debe se-la consecuencia de crer e de querer firmemente constituír unha comunidade educativa con presenza activa dos pais. Iso, sen embargo, non implica que a actividade dos pais deba quedar tutelada permanentemente polo centro escolar. A este correspondería crea-lo clima; ós pais, cultiva-la participación neste clima.

- *O ámbito natural e espontáneo da participación dos pais é aquel no que, de maneira próxima se move o fillo: é ese espacio de intereses, de problemas, de anécdotas e de persoas no que está realmente mergullado o fillo durante unha boa parte do día. O ámbito natural de participación é, pois, a aula.* Alí débese iniciar, producir e manter maioritariamente a participación formal dos pais. Na medida na que se consolida a identificación e a cohesión neste nivel, podería articularse a identificación e a participación en formacións de grupos superiores. Ó revés, non teremos garantías.

- *Para que a participación na aula poida ser eficaz, cumprirá formar previamente a un grupo reducido de pais -pais nucleares- que terán como misión principal a de planifica-*

los encuentros e dinamiza-las reunións.

- A participación na aula débese dirixir basicamente á busca de *acordos sobre obxectivos que se deben conseguir a partir das propostas dos pais dos alumnos, ó compromiso de estratexias concretas, tanto por parte do profesor ou profesora coma dos pais dos alumnos, para conseguí-los ditos obxectivos, e á avaliación dos progresos que se van conseguindo sobre ós mesmos.*

En último termo, convén destacar que acada-la participación dos pais dos alumnos non consiste en xustapor actividades chamativas ó longo dun curso, senón en impulsar paulatinamente accións programadas e coordinadas a medio e longo prazo, que permitan, tanto á escola coma a familia, mellora-las súas actitudes educativas, incrementa-la formación e aumenta-la implicación para conseguir unha maior calidade educativa.

## BIBLIOGRAFÍA

---

Anzieu, D. e Martín, J.Y.: *La dinámica de los grupos pequeños*, Kapelusz, Bos Aires.

Brech, E.F.: *Organización y dirección*, Rialp, Madrid.

Busquets, L.: *Experiencias de dirección de centros educativos*, EUNSA, Pamplona, 1971

Druker, P.: *La gerencia eficaz*, Ed. Sudamericana, Bos Aires, 1970

Fernández, O.: *La participación en los centros educativos*, EUNSA, Pamplona, 1974.

Geliner, O.: *Dirección participativa por obxectivos*, APD, Madrid, 1968.

Gregorio, A.: *La participación de los padres en los centros educativos*, Ed. Deusto, Bilbao, 1990.

Gregorio, A.: *Educación familiar y valores de sentido*, Ed. Deusto, Bilbao, 1992.

Mc Gregor, D.: *El aspecto humano de las empresas*, Ed. Diana, México, 1969.



# OS PROGRAMAS INTERXERACIONAIS

como unha alternativa ó incremento  
dos intercambios entre xeracións.

*Ramona Rubio Herrera*  
Universidade de Granada.

## 1. INTRODUCCIÓN

Nesta época que vivimos de progresivo incremento da poboación maior de 65 anos, de aumento de desemprego e persoas xubiladas, de descenso de recursos e aumento de necesidades, é importante buscar novas alternativas que contribúan a mellora-la calidade de vida dentro destes supostos sociais. Unha desas alternativas constitúena os programas interxeracionais posto que proporcionan oportunidades ás comunidades para cubrir unha serie de necesidades.

Non hai moito, a xente preguntábase ¿que é realmente un programa interxeracional?, ¿por que e para que son necesarios estes programas?, ¿que necesidades satisfan?, ¿que finalidade ten a reunión de persoas maiores e de xoves ou nenos?,

¿a quen beneficia? En Estados Unidos, por exemplo, para dar resposta a estas cuestións básicas xurdiron as chamadas guías, programas ou perfís interxeracionais como os de Murphy (1984), Ventura-Merkel e Parks (1984), etc, que facilitan información sobre posibles programas pero non entran en cuestións de máis fondo como a problemática específica da programación e avaliación. Desde entón avanzouse moito nesta temática intentando buscar camiños creativos de servizo para xoves-anciáns, anciáns-nenos, etc.

Na actualidade o crecemento dunha sociedade anciá e os dramáticos cambios estruturais na familia incrementaron a separación social e o illamento entre as xeracións. E nesa liña os programas interxeracionais poden proporcionar un renovado sentido de comunidade e continuidade.

de mediante o contacto de persoas de diversas idades, de distintos intereses e ambientes.

## 2. QUE É UN PROGRAMA INTERXERACIONAL E QUE CONDICIÓN MINIMAS DEBE REUNIR PARA ACADA-LO ÉXITO

Podemos definir un programa interxeracional como o encontro de diferentes xeracións a través de distintas actividades. Durante esta última década numerosos programas interxeracionais realizáronse, por exemplo, entre nenos e anciáns, entre garderías e escolas primarias con fogares e residencias de anciáns, entre xoves e anciáns, etc. Os seus obxectivos foron diversos, desde programas dirixidos a aumenta-lo nivel de interacción social a outros de tipo educacional ou de incremento de servizos sociais. Pero todos teñen en común un aspecto: o encontro de distintas xeracións, normalmente con pouco contacto, para que poidan beneficiarse e aprender mutuamente a través deste encontro.

Segundo Henkin e Newman (1985) para que un programa interxeracional acade o éxito debe reuni-los seguintes requisitos:

- ter unhas metas e obxectivos claramente definidos,
- contar cun apoio administrativo e persoal axeitado para realizalo,
- contar cunha dirección competente e comprometida,
- contar cun persoal ben adestrado,
- sersensibles ante ás necesidades e esperanzas do programa (tanto na poboación anciá, coma nos xoves e nos propios profesionais),
- e construír un bo proxecto secuencial das súas fases de desenvolvemento.

Vickery (1972) manifesta que un bo programa interxeracional é algo máis ca unha simple lista de actividades. Un bo programa debe comprender un cadro de actividades e unha previsión da acción recíproca entre os individuos que participan nel. De aí a importancia de controlar non só as actividades, o lugar e como levalas a cabo, senón tamén o significado que estas teñen para cada membro que participa. Un bo programa

debe permitir que os participantes, xoves e anciáns por exemplo, se sintan capaces de ser contribuídores productivos, activos e á vez receptivos. E evidentemente unha das complexidades dos programas interxeracionais deriva de que estamos a traballar con dúas ou tres xeracións, e cada unha delas con necesidades propias e preferencias, que deben estar precisamente contempladas no proxecto para garanti-lo seu éxito.

Crear un bo programa interxeracional implica seguir unha serie de pasos, tales como:

\*Determinación de necesidades: todo programa debe iniciarse cun estudio sobre as necesidades da comunidade, información que podemos obter mediante cuestionarios ás persoas desa comunidade, entrevistas a persoas, información a través de centros oficiais ou privados das necesidades particulares da poboación coa que desexamos traballar. Aínda que este estudio pode levar bastante tempo, debemos ter en conta que un programa interxeracional baseado nas necesidades reais desa poboación ten maior posibilidade de éxito ca un que prescinda de tal información.

\*O segundo paso é a planificación do programa que se vaia realizar. Tendo en conta o estudio das necesidades, hai que deseñar un programa axeitado a tales fins. É importante que neste proceso interveñan non só profesionais, senón tamén persoas representativas das poboacións coas que imos traballar. A planificación incluírá os fins e os medios para alcanzar eses obxectivos e o sistema de avaliación e seguimento do programa.

\*Un programa interxeracional debe contar cunha Xunta directiva que se ocupe da planificación e posterior seguimento do programa e unha persoa responsable do mesmo e comprometida co éxito do programa.

\*É importante tamén que na planificación do programa estean presentes persoas dos distintos estamentos xeracionais, co fin de evitar unha primacía ou xustaposición de fins e asegura-la coordinación e o enriquecemento mutuo.

\*En moitas ocasións é importante contar con algún apoio económico para asegura-la supervivencia do programa. Resulta moi beneficio-

so contar cun soporte económico para anuncios na prensa, con algún soporte administrativo, etc.

\*Segundo Tice (1988) tamén é decisivo no éxito dun programa incrementa-lo sentido de comunidade, que se está a perder en moitas sociedades modernas, crear unha base de comprensión que dalgún xeito diminúa o medo dunha xeración sobre outra por; exemplo promover nos xoves unha visión realista do envellecemento, superando o estereotipo de vellez e deterioro ou etapa negativa; e viceversa, incrementar nas persoas maiores sentimentos positivos cara á xuventude. Os programas deben facilita-la creación de actividades que promovan a saúde física e mental de tódolos participantes.

\* Outro requisito necesario antes de comezar calquera actividade, é redactar un plan escrito de procedementos e actividades que se vaian realizar. Programar avaliacións parciais para o seguimento do cumprimento dos seus obxectivos. Doutra banda, toda programación debe ter unha certa flexibilidade durante o proceso de desenvolvemento; algúns programas poden fracasar por excesiva rixidez.

\* Outro aspecto que se debe considerar nos programas é o do lugar de realización. Terase en conta a proximidade dos transportes públicos e a veciñanza física das persoas maiores que participan no mesmo. Se son, por exemplo, programas interxeracionais nenos-anciáns hai que asegurarse da proximidade dos colexios ou vivendas dos nenos cos que se vai traballar.

\* Resulta tamén moi valioso contar co apoio das institucións; por exemplo, colexios, asociacións de veciños, institucións públicas, etc.

\* Débese prever tamén unha serie de reunións para revisa-los plans a curto e longo prazo. Estas reunións poderían ser de tres tipos:

- reunións sobre o desenvolvemento do programa, que teñen como fin a revisión periódica do programa.

- reunións sobre a avaliación dos sistemas de apoio formal e informal.

- reunións ante eventos especiais que poden ir xurdindo ó longo do programa.



\*Outro aspecto que se debe ter en conta é o de procura-la lonxevidade do programa, por ser un dos parámetros máis significativos do éxito dun programa. Non só é importante iniciar un programa interxeracional, senón que tamén o é ou seu mantemento e lonxevidade, e o mantemento da satisfacción mutua nas xeracións que participan.

### 3. IMPORTANCIA DOS PROGRAMAS INTERXERACIONAIS DESDE A PERSPECTIVA SOCIAL E INDIVIDUAL

Os programas interxeracionais proporcionan unha serie de beneficios tanto desde a perspectiva social coma individual. A nivel social podemos salienta-los seguintes:

- Xeran un beneficio mutuo para tódalas xeracións implicadas.
- Proporcionan un óptimo uso dos recursos financeiros nas comunidades.
- Engaden novas prestacións ós servicios xa existentes das institucións.

- Proporcionan ás comunidades oportunidades para designar, apoiar e manter programas que son apropiados ós recursos e necesidades locais. Igual ca familia depende da cooperación, confianza e valores interdependentes para tomar difíciles decisións sobre recursos minguantes, a comunidade a través destes programas pode aprender a traballar en cooperación cun novo sentido de valores interdependentes que, en última instancia, redundan nun benestar social de tódolos cidadáns.

Desde a perspectiva individual, os programas interxeracionais poden ser interpretados como vehículos para favorece-lo desenvolvemento dunha serie de características tanto na xuventude, coma na idade adulta ou na senectude. En cada etapa do ciclo vital hai un conxunto de necesidades que só poden ser satisfeitas polos contactos interxeracionais. Pensemos en necesidades de afecto na infancia, de apoio na enfermidade, de amizade, de educación de soportes sociais ante determinados eventos vitais. (Harootyan, 1990).

Segundo a teoría psicosocial proposta por Erikson sobre o desen-

volveremento humano, as etapas da vida dunha persoa desde o nacemento á morte vense influenciadas por unha serie de variables sociais e dentro destas, por exemplo, o contacto positivo interxeracional poder ser un evento especialmente importante para o desenvolvemento da saúde mental, emocional ou social.

#### 4. ASPECTOS POSITIVOS QUE PODEN APORTA-LAS PERSOAS MAIORES OS PROGRAMAS INTERXERACIONAIS

As persoas maiores poden aportar importantes elementos ós programas interxeracionais, entre os que se poden salientar:

a) O sentido do tempo. Un dos aspectos máis valiosos na persoa maior é o cambio que se dá no sentido do tempo; así, mentres as persoas de mediana idade comezan a preocuparse co número de anos que deixaron de vivir, o ancián tende a experimentar un sentido de proximidade, aquí e agora, de vivi-lo momento. O que podería denominarse sentido de "actualidade", as cousas máis elementais da vida (nenos, plantas, natureza, etc) son cousas importantes. É precisamente esa dimensión do tempo o que lle vai permitir ó

ancián achegarse máis ó neno, e tamén o neno vive ese momento presente de xeito intenso (mentres que os adultos teñen un concepto diferente).

b) O sentido do ciclo vital. Ó sentido de todo o ciclo vital é algo exclusivo das últimas etapas da vida, algo que noutras idades non se pode ter. Existe unha experiencia de programas interxeracionais realizada en San Francisco, "Senior Enrichng Educational Roles Project" (SEER), que tiña como finalidade precisamente a de que os anciáns transmitan unha perspectiva histórica ós xoves. Persoas de máis de 60 anos de diversas profesións, diversos grupos sociais, étnicos, etc. comparten as súas experiencias da vida, habilidades e intereses con estudantes nas escolas públicas de San Francisco. Douscentos voluntarios de SEER con idades de 60-90 anos traballan neste labor, como profesores de arte, axudantes de biblioteca, xogadores de xadrez, etc. (Siegel, 1985).

c) Sentido da creatividade. Debemos ter presente que a creatividade non diminúe coa idade, e esta cualidade pode ser especialmente atractiva para a xente nova. Nun estudio realizado por Struntz e Revi-



lle (1985), destaca a importancia dun programa denominado "A arte dos maiores", no que os artistas maiores facilitaban ós xoves técnicas sobre as artes no pasado, demostrando no fondo dúas cousas: a importancia da transmisión deses coñecementos, e que tamén se pode ser creativo na vellez (Struntz e Reville, 1985).

d) Sentido de realización e satisfacción coa vida. Na senectude xeralmente aflora un sentimento de realización e satisfacción coa vida. Esa vivencia está intimamente ligada á serenidade e sabiduría que provén da resolución de conflitos persoais, que leva ó suxeito a analiza-la vida desde unha nova dimensión que lle fai encontrala aceptable e gratificante. A esa idade é capaz de entender que o "éxito" non é a única causa de satisfacción, tamén o sentimento de que se fixo todo o posible pode xerar esa serenidade.

Nesta liña, Reville (1987) relátanos na súa obra unha experiencia entre voluntariado de avogados xubilados, asociación IVE / THE WORK CONNECTION, Inc. dedicada a axudar ós xoves delinquentes facilitándolles distintas alternativas de

axuda, actividade que xera sentimentos de satisfacción e elevada autoestima nas persoas maiores.

e) Sentido de adaptación. A capacidade da persoa anciá para adaptarse e prosperar está condicionada pola súa saúde física, a súa personalidade, as súas experiencias de vida máis próxima e sobre todo os seus apoios sociais. Nesa liña os programas interxeracionais poden ser considerados como programas de adaptación social, como potencial para favorecer eses procesos.

Ó longo do ciclo vital vanse dar múltiples perdas sociais, tales como a xubilación obrigatoria, a diminución de ingresos, os cambios na estrutura familiar, cambios tecnolóxicos, burocratización, etc. que poden levar a unha situación de illamento, diminución da autoestima, etc. nos anciáns. Os homes, por exemplo, poden encontrarse marxidados despois da xubilación; e as mulleres, despois da vida de esposas e nais, poden estar traumatizadas emocionalmente pola viuvez. A sociedade actual, ás veces, proporciona poucos apoios e poucos estímulos, e nesa liña os programas interxe-

racionais poden ser importantes vehículos de adaptación.

## 5. ALGÚNS EXEMPLOS SOBRE PROGRAMAS INTERXERACIONAIS LEVADOS A CABO ACTUALMENTE

---

En Estados Unidos, entre os programas interxeracionais máis empregados podemos cita-los seguintes:

Centro interxeracional de adultos. Son centros de adultos situados preto de centros escolares de nenos, que ofrecen unha serie de programas extraescolares, nos que as persoas maiores colaboran no ensino de diversas actividades, tales como pintura, escultura, coros, música, etc.

Programas de voluntariado de persoas maiores en centros escolares. Ofrecen un bo apoio ós colexios, sendo beneficioso non só para os alumnos, senón que funcionan como unidades de apoio ós profesores para o ensino dunha serie de habilidades, especialmente relacionadas coas artes, actividades deportivas, titorías, asistentes de biblioteca, etc.

Programas de voluntariado de persoas maiores que atenden a delinquentes xuvenís, poboación marxina-da, etc. a través de visitas a casas, a cárceres, etc.

Grupos interxeracionais de “enriquecemento de vida”. Son asociacións nas que grupos de xoves e anciáns comparten intereses comúns, tales como grupos de teatro, coros, orquestras, etc. Kingson (1990) fálanos na súa obra da importancia da aprendizaxe que se dá nos nenos nesa oportunidade de ter novas experiencias.

Grupos de traspaso de coñecementos. Son tamén asociacións interxeracionais que teñen como obxecto facilitar ós xoves técnicas ou oficios xa en desuso, tales como determinadas destrezas artesanais que van desde a elaboración de tecidos, á de encaixes de palillos, traballos en arxila, madeira, etc.

Programas de voluntariado de amizade. Consiste en persoas xoves que proporcionan servizos de compañía ós anciáns. Inclúen visitas de amizade a estes nos seus propios fogares, ou a hospitais ou residen-

cias, acompañamento en transportes ou saídas a paseos. Trátase dun modelo que crea unha experiencia única na xuventude, na medida que lle permite traballar con persoas maiores débiles e sas.

Programas de coidado diario. Podemos citar entre as principais iniciativas destes programas os equipos de voluntariado, que adestrados previamente proporcionan distintos niveis de coidado, desde o coidado diario familiar, ó de simple acompañamento, etc. e os programas extra-escolares provistos de voluntariado de persoas maiores que toman parte no ensino de actividades non escolares, tales como determinadas actividades artísticas (arxila, pintura, música, etc.).

Programas de axuda a nenos con problemas. Un exemplo desta modalidade de programas é o exposto por Saltz (1985) sobre o labor realizado polos Foster Grandparents, persoas maiores que traballan con nenos con problemas emocionais de aprendizaxe ou físicos. Saltz comprobou que o sentimento de autoestima aumentou nos maiores que participaran neste tipo de programas de axuda.

## NOTAS FINAIS

---

Finalmente, podemos dicir que o camiño dos programas interxeracionais comezou, e no futuro deberá traballarse na liña comentada de creación de programas adaptados ós intereses de cada unha das poboacións que participen no mesmo. Hai que crear sistemas de seguimento e avaliación destes programas, e finalmente ós psicólogos evolutivos corresponderanos un importante labor, que será o de investigar a natureza dos intercambios e o impacto que estas relacións interxeracionais teñen sobre o desenvolvemento nas distintas etapas do ciclo vital.

O camiño acaba de iniciarse e poderíamos rematar coas palabras de Vega (1993): "O intercambio entre xeracións é unha fronteira de investigación que aínda non foi atravesada".

## BIBLIOGRAFÍA

---

Erikson, E.H. (1964): *Insights and responsibility*, New York, W.W. Norton.

Henkin, N.Z, e S.M.Newman, (1985): *The best of you... the best of me: An instructional guide*, Harrisburg, The Commonwealth or Pennsylvania Departamente de Aging.

Harootyan, R.A. (1990): *International Linkages. Patterns and Prevalence*, Boston, The Gerontological Society of America.

Kingson, E.R.B.A., Hirshorn, L.K. Harootyan (1990): *The Common Stake: The interdependence of generation*, The Gerontological Society of America

Murphy, M.B. (1984): *A guide to intergenerational programming*, Washington, DC: National Association of State Units on Aging.

Reville, S. (1987): *Quarterly report to the Administration on Aging for the National Public/Private Intergenerational initiative*, Palm Spring, CA.

Saltz, R. (1985): *Help each other: The U.S. foster grandparent program*, Palm Springs: The Elder Press.

Siegel, R. (1985): *Intergenerating in San Francisco's public schools*, Palm Sprigngs, CA, The Elder Press.

Struntz, K. e S. Reville, (1988): *Growing together: An intergenerational sourcebook*, Washington, DC, American Association of Retired Persons, Palm Springs.

Tice, C. e B. Xarren, (1988): *Developing and evaluating intergenerational programs*, Manuscrito sen publicar.

Vega, J.L. (1993): "Curso vital e interdependencia generacional", *INFAD Psicología de la Infancia y Adolescencia*, nº 5 (xaneiro-xuño).

Ventura-Merkel e Parks (1984): *Intergenerational programs: A catalogue of profiles*, Washington, DC, National Council on the Aging, Inc.

Vickery, F. (1972): *Creative programming for older adults: A leadership training guide*, New York, Association Press.





## A BIOÉTICA HOXE

e a súa repercusión no campo do matrimonio e da familia

*Francisco Javier León Correa*

Director Grupo de Investigación en Bioética de Galicia

A partir dos anos 70, a bioética, como é sabido, afianzouse no ámbito cultural como un movemento de ideas e de reflexión crítica, empeñada desde a ética na relación entre a intervención do home no ámbito da biosfera e da vida humana na súa totalidade. Intervención esta que o progreso científico e tecnolóxico enriqueceu cada vez máis en posibilidades e en consecuencias.<sup>1</sup>

Tal reflexión foise ampliando e chegou a ser complexa, por efecto dalgúns factores que provocaron unha continua emerxencia de novos interrogantes.<sup>2</sup>

A familia está envolta na problemática da bioética dun xeito profundo por canto recibe a intervención da tecnoloxía biomédica no

ámbito da procreación, no da vida prenatal, neonatal e terminal, e máis aínda por canto recibe o impacto da política demográfica e das distintas concepcións filosóficas e metabioéticas.

Penso que existen dous factores de desenvolvemento desta disciplina moi relevantes no ámbito da familia.

### 1. O PROGRESO CIENTÍFICO E TECNOLÓXICO

En primeiro lugar, o progreso científico e tecnolóxico fixo posible sempre novas intervencións e suscitou novos interrogantes. Limitome a facer algunhas indicacións sobre esta cuestión, xa coñecida por todos.

1. Para a orixe e historia da Bioética, D. Gracia (1989): *Fundamentos de Bioética*, Eude, a, Univ. Complutense, Madrid, Parte I. Tamén, Viora Corrado, e outros, (1990): *Vent'Anni di Bioetica*, Padova, Italia, Fondazione Lanza.

2. En canto á situación actual e as diversas formulacións éticas, ver número monográfico sobre "¿Qué es la Bioética?", da revista *Cuadernos de Bioética*, nº 12, 4ª, 1992, Santiago de Compostela.

Desde os anos 70 comezou o que J. Bernard chamou a "revolución biolóxica", co afirmarse da nova xenética: está agora case a punto a técnica da enxeñería xenética. Entre as varias posibilidades abertas, hai algunhas que atanguen de modo particular á familia.

A partir destes feitos o *diagnóstico prenatal* utilizou técnicas sempre máis refinadas e incisivas sobre a vida do *nasciturus*: desde a ecografía e a amniocentese pasouse ó emprego da ecografía con outras técnicas que conseguen un exame máis precoz, como a da peluxe corial.<sup>3</sup>

Este feito incidiu profundamente na vida da familia: toda xestante afronta dous ou tres exames ecográficos, e a xestante con risco séntese no deber de engadi-lo exame xenético. Falouse da síndrome do fillo perfecto e é cada vez máis fácil o recorrer ó aborto selectivo, despois dun diagnóstico negativo.

Coa introducción das técnicas da *procreación in vitro* realízase o

*diagnóstico preimplantatorio*, cunha finalidade que está cada vez máis marcada polas novas formas de euxeñismo.<sup>4</sup>

Ó mesmo tempo aplicouse o *diagnóstico xenético* para descubrir as enfermidades xenéticas ou de caracteres alterados trasmisibles. Colocouse noutro plano, de enorme importancia científica e económica, co desenvolvemento do "proxecto xenoma humano".

Fálase de medicina predictiva, ábreñse esperanzas para a terapia xénica, pero ó mesmo tempo agrávanse os riscos dun *euxeñismo selectivo* a custa do *nasciturus* e das xeracións futuras. A tecnoloxía da enxeñería xenética fixo posible, por unha banda, a fabricación de fármacos de alta calidade benéfica, e, por outra, abriu a entrada á fabricación do ser vivente transxénico.<sup>5</sup>

O recente libro de J. Testart, *Le désire du gène*, é unha voz de alarma nesta materia, por canto amosa os perigos da reaparición dun

3. Ver *Cuadernos de Bioética*, nº 3, 3ª 1990, dedicado ós avances en embrioloxía e o estatuto do embrión humano.

4. En canto ó diagnóstico preimplantatorio na FIVET, Bolton, V.; Wren, M.; Parsons, J.(dec.1993): "Preimplantation genetic diagnosis", *British Medical Journal*, 301, p. 1.277; Grifo, J.; Boyle, A.; Tang, Y.; Ward, D. (abril 1992): "Preimplantation Genetic Diagnosis", *Arch Patol Lab Med* 116. Para os aspectos éticos, Marcó, J.(1990): "Fecundación 'in vitro' y transferencia de embriones", *Cuadernos de Bioética*, nº 1, 1ª ed., pp. 25-39.

5. V. Franch, (1990): "Descubrir los secretos de los genes", *Cuadernos de Bioética*, nº 7, 3ª ed., pp. 38-52. Ver *Actas do Congreso Internacional sobre Ética y Proyecto Genoma Humano*, celebrado en Valencia 1990, publicadas polo BBV.

euxenismo máis perigoso có xa teórico e práctico dos primeiros anos 50.

Análogo perfil de aumento do coñecemento e afinamento das técnicas pódese atopar no que respecta á procreación artificial, a asistencia ó enfermo terminal, o trasplante de órganos e tecidos.

Os ámbitos da contracepción e do aborto interesáronse pola intervención da nova tecnoloxía: a contracepción múdase en contraxestación e o aborto cirúrxico múdase en químico.<sup>6</sup>

A posibilidade do dominio sobre a procreación humana non se detén no ámbito interno da parella, para a solución de casos difíciles, senón que se transfire ó ámbito da política demográfica, co *family planning* e a conseguinte difusión da contracepción (contraxestación), aborto (químico e cirúrxico), esterilización (química, cirúrxica).<sup>7</sup>

Non quero multiplica-los exemplos. Conclúo esta primeira serie de observacións dicindo que

xunto ás posibilidades que ofrecen o diagnóstico prenatal e do embrión preimplantatorio, a procreación artificial, a contracepción, o aborto e a esterilización coas súas variantes, ultimamente foron encadradas na literatura e mesmo nos documentos da OMS baixo a conceptualización e a definición de *saúde reproductiva*.

A saúde foi definida pola OMS, como é sabido, con algunha insuficiencia conceptual, segundo o noso parecer, como pleno benestar físico, psicolóxico e social; para a muller este pleno benestar no ámbito reproductivo abrangue, segundo a OMS, non só a prevención da enfermidade e da infertilidade, das infeccións do *nasciturus*, etc, senón sobre todo as intervencións que xa sinalei, polo que a contracepción, o aborto e a esterilización son demandados por iso mesmo como pertencentes ó benestar da muller.

Como se ve, a espiral que se deriva do progreso tecnolóxico, provocada á súa vez por unha política de investigación científica finalizada ideoloxicamente, comporta sempre

6. Sobre aborto químico e a pílula Ru 486, *Cuadernos de Bioética*, nº5, 1ªed., monográfico sobre "La píldora RU 486".

7. *Cuadernos de Bioética*, nº 6, 2ª 1991, monográfico sobre "Anticonceptivos y ciencias de la salud".

novos problemas no ámbito da procreación e no ámbito sanitario e familiar.

Ademais, estes mesmos progresos, refírome en particular á procreación artificial, provocaron novos desenvolvementos no terreo do aborto. Con esta técnica tomou pé a interrupción da vida concebida *in vitro*, con desprezo polo embrión, e ademais introduciuse o emprego da *selección embrionaria*, a consecuencia dos embarazos múltiples.<sup>8</sup>

É interesante a este propósito canto afirma J. Testar: "A intrusión biomédica na procreación implica a fabricación coa máis alta calidade posible do 'producto'. Leva consigo, de raíz, unha concepción euxeñésica do mundo que se impón xa no debate oficial. Inclúe unha mecánica irreversible e insidiosa de control dos viventes que se expresará mellor co desenvolvemento das novas tecnoloxías".

Pero a repercusión máis grave ligada á procreación *in vitro* está for-

mulada na discusión ética: construíuse unha nova fase do inicio da vida, a fase do *pre-embrión*, unha fase que desde o punto de vista ético non tería o valor das fases sucesivas do desenvolvemento embrional. Así, coa procreación artificial concebiuse, paradoxalmente, o *pre-embrión*.<sup>9</sup>

Abonda canto mencionei, penso, para afirmar que o desenvolvemento científico e tecnolóxico agravaron os problemas e fixeron aparecer novos problemas en cadea. Non son un catastrofista e, polo tanto, non se me ocultan os beneficios que poden derivarse dalgúns destes descubrimentos, en particular no ámbito da terapia xénica e do estudio da orixe do cancro no ámbito xenético, e quizais tamén do progreso na loita contra as enfermidades virais (comprendida tamén a SIDA) mediante a fabricación de anticorpos. Pero sen embargo, penso que aumentou o peso dos problemas éticos e que a gravidade dalgúns deles require con urxencia un empeño ético clarificador.

8. J. Testar, (1992): *Le désire du gène*, París, F. Bourin, p.122.

9. Lei española 35/1988, do 22 de novembro, sobre Técnicas de Reprodución Asistida. No preámbulo expónse unha fundamentación ética, ó meu parecer moi deficiente, para permitirla manipulación embrionaria ata os 14 días.

## 2. A BIOPOLÍTICA E O BIODEREITO

Outro compoñente que desenvolveu unha función problemática está representado polo feito de que estes temas se están introducindo no ámbito político-lexislativo.

A bioética entrou finalmente nos Parlamentos, nos organismos internacionais (Convención Europea sobre Bioética, UNICEF, etc) e colócase tamén cos seus organismos particulares na área prelexislativa, cos comités de bioética en varios niveis; fálase cada vez máis de *biodereito*. Existe unha función política da bioética e hai un interese da política pola bioética.<sup>10</sup>

A política económica baséase sempre na aplicación da enxeñería xenética no ámbito agrícola alimentario, zootecnia, no ámbito ecolóxico. Existe unha industria, unha agricultura, unha ecoloxía de denominación biotecnolóxica.

Pero a política socio-económica, como puxemos de relevo, incide no ámbito bioético sobre todo a través da *política demográfica*, que ten

unha estreita relación e unha profunda repercusión no ámbito da familia.

Temos agora unha política demográfica internacional sostida con grandes investimentos, acompañada e financiada pola investigación. Unha política que consegue a colaboración dos organismos internacionais públicos e privados. Abonda le-lo *report* da OMS "Twenty years of reproductive health", publicado recentemente, para ve-la tendencia, os obxectivos, os resultados desta política en todo o mundo, e en particular nos países en vía de desenvolvemento.<sup>11</sup> Dise claramente que o futuro da humanidade debe ser asegurado e guiado pola política demográfica. Fálase case exclusivamente de contracepción, aborto, esterilización. A penas se dedica unha páxina ó *natural family planning*, e ós métodos naturais que son considerados na óptica da contracepción. Dise claramente que os obxectivos da investigación están sempre moi directamente dirixidos á posta a punto de contraceptivos-abortivos tipo RU 486, OUVRETTE, etc.

A investigación tecnolóxica, farmacolóxica e médica está posta ó

10. Para as relacións entre bioética e dereito, D. Gracia, o. cit. pp.575-582.

11. Organización Mundial de la Salud, "Twenty Years of Reproductive Health", (1992).



servicio da política demográfica. A bioética atópase así no centro da problemática socio-política.

Abri-lo paso e o espacio para afirma-lo papel da procreación responsable, do emprego dos métodos naturais, provocar un novo debate da política económica na relación Norte-Sur do mundo: estes son os problemas bioéticos máis importantes hoxe en día, segundo o meu parecer, e todos afectan de modo inmediato ó futuro da familia.

A conferencia mundial da poboación, prevista para 1994, terá como centro -como pode presaxiarse- toda esta problemática que atange directamente ós destinos da familia en todo o mundo.

A mesma discusión relativa ó Ano Internacional da Familia está influída por este problema. Alguén escribiu que a ONU puxo en relación o Ano Internacional da Familia coa Conferencia Mundial da Poboación, facendo que coincidán ambas en 1994, para desenvolver unha estratexia de *family planning*. Para a planificación familiar readoptáronse as axudas de parte da Banca mundial, de parte dos EE. UU. e de parte do IPPF.

A repercusión que tal planificación ten xa, e pode chegar a ter sobre a familia, é grande, non só polos métodos que se promoven (aborto, esterilización, contracepción), senón tamén pola expropiación da responsabilidade procreativa e o sometemento colonial do Sur do mundo por parte do Norte.

Nos Estados do Norte do mundo mantense a planificación, e dise que é por coherencia coa estratexia xeral, a pesar do 'inverno demográfico' e do aumento excesivo do número de anciáns nas familias, cos conseguintes efectos socio-económicos.

Os cambios na familia, sobre todo nos países en 'transición' da Europa do Este e dos do Terceiro Mundo, non se afrontan de cara ó desenvolvemento e a paz nas áreas xeopolíticas en transformación, senón suxerindo, sen máis, a planificación familiar. Actualmente, son os países do este de Europa os que teñen unha taxa máis alta porcentual de abortos.

Non podo omitir, a propósito do ámbito biopolítico, a situación lexislativa. Despois da lexislación sobre o aborto, temos a da planifica-

ción familiar nos países en vías de desenvolvemento, e xa se iniciou a relativa á eutanasia e á procreación artificial.

Todo isto supón un reto para os organismos dedicados á Bioética,

especialmente aqueles que teñen nivel académico ou están ligados á Universidade, que deben atender coa documentación e os seus escritos esta urxencia legislativa. Sobre todo nas leis que tocan aspectos bioéticos da familia.



## AS TEORÍAS IMPLÍCITAS DOS PAIS

sobre o desenvolvemento e a educación dos fillos

*María José Rodrigo*

Universidade de La Laguna.

### 1. INTRODUCCIÓN

O noso coñecemento sobre o mundo social está moi pouco guiado polos datos sensoriais inmediatos e depende máis de propiedades e sucesos de carácter inferencial. Iso significa que o mundo social non constitúe unha realidade obxectiva única, cun mesmo significado para tódalas persoas, senón que é froito dunha construción persoal. O obxectivo deste artigo é profundar no estudo destas construcións, a súa posible orixe cultural, o xeito en que se representan na mente do home da rúa, e por último o seu papel funcional nos procesos de comprensión, predicción e planificación do comportamento do mundo social. Para iso, ocuparémonos dun dominio concreto de coñecemento social, o relativo ás concepcións dos pais sobre o desenvolvemento e a educación dos seus fillos.

A elección deste dominio de coñecemento xustifícase sobre todo pola súa gran transcendencia no campo educativo e máis concretamente no marco da educación familiar. Para os psicólogos e educadores actuais é cada vez máis obvia a necesidade de coñece-lo primeiro medio psicolóxico no que se desenvolve o neno, dadas as súas enormes repercusións sobre o desenvolvemento posterior. O estudio que aquí se propón, é un novo xeito de aborda-los procesos de interacción pais-fillos a partir dun maior coñecemento das concepcións dos pais sobre o desenvolvemento e a educación, e a súa incidencia nas pautas de crianza.

Os pais non son as únicas persoas que construíron un modelo intuitivo de infancia. De feito, os propios psicólogos evolutivos elaboraron as súas teorías científicas a partir dun conxunto de crenzas sobre a infancia implicitamente asumidas

por todos eles. Esta coincidencia tácita de formulacións fíxolles supoñer que estaban configurando unha imaxe da infancia obxectiva, atemporal e allea a influencias culturais. Segundo esta imaxe, que prevaleceu ata a década dos anos 70, o neno é un ser indefenso, caracterizado por unha enorme falta de recursos, sometido a influencias externas, sobre todo ás da nai, que repercuten decisivamente no desenvolvemento posterior. Sen dúbida, reconécese facilmente algúns destes presupostos na teoría psicoanalítica, nas teorías de aprendizaxe e as teorías etolóxicas instintuais sobre o apego, e en xeral nos estudos sobre experiencia temperá.

A influencia deste conxunto de crenzas non só se deixou sentir nas comunidades científicas, senón que chegou ó home da rúa a través da implantación de todo un corpo normativo de prácticas de crianza e de principios prescritivos para a educación da infancia. Como consecuencia diso, os pais, e sobre todo a nai, asumiron cargas de responsabilidade sobre a conducta dos seus fillos sen precedentes na historia. Non só se lles fixo responsables da saúde física dos seus fillos, senón que a súa personalidade e comportamento futuros dependía das experiencias proporcio-

nadas pola nai na súa época temperá (p.ex., a operación de desteta, o control dos esfínteres, o número de horas pasadas co neno, a calidade da interacción, etc.).

Imaxínese o lector a perplexidade daqueles pais ou dos propios psicólogos evolutivos se puidesen comprobar que co paso do tempo quedaron obsoletas algunhas destas prácticas e se recomendan outras novas. Abundan algúns datos para darnos unha idea dos cambios experimentados no modelo de infancia. Como consecuencia da incorporación da muller ó traballo produciuse unha certa desprivatización do contexto educativo, antes circunscrito ó medio familiar, e o neno permanece un certo número de horas nunha gardería, afastado da nai, sen que por iso se vexa afectado necesariamente o seu desenvolvemento afectivo ou a súa intelixencia. Sen embargo, considérase moi importante a presenza activa do pai na escena familiar. Por outra banda, abandonouse a imaxe do neno pasivo sometido a influencias externas, e agora considérase que pode influír na dinámica da parella e no nivel ocupacional dos pais. En canto á súa suposta incompetencia, considérase que está equipado con importantes habilidades percep-

tivas, comunicativas e sociais que requiren unha apropiada estimulación por parte dos pais para o seu normal desenvolvemento.

Os cambios experimentados nas dúas últimas décadas no tema das experiencias críticas no desenvolvemento indican que o concepto de infancia é en certo modo subxectivo e susceptible dunha construción sociocultural (Kessen, 1979; Kagan, 1979; Yarrow, 1979). No seguinte apartado ímonos ocupar da posible existencia de tales construcións na mente do home da rúa, e máis concretamente nos pais como persoas directamente implicadas no trato cos nenos.

## 2. MODELOS EXPLICATIVOS DA RELACIÓN PAIS-FILLOS

---

Existe un amplo consenso entre os investigadores verbo do papel central dos pais como principais axentes de socialización e de cambio no desenvolvemento dos fillos. Sen embargo, as discrepancias comezan cando se define o axente activo do cambio: a conducta paterna ou as concepcións que teñen os pais sobre os seus fillos.

Baixo unha interpretación conductista do fenómeno, o único observable é que os pais actúan e o seu comportamento inflúe na conducta dos seus fillos. Esta actuación paterna pódese considerar como meramente reactiva e “descerebrada”, xa que estes modelos xeralmente non asumen constructos mediados (p. ex., concepcións, ideas, crenzas, etc) non directamente observables. Os pais son, polo tanto, os principais axentes de cambio da conducta dos seus fillos, pero o que interesa estudar é se o seu comportamento inflúe no desenvolvemento destes. Esta é de feito a formulación que fan os chamados modelos “proceso-producto” que asumen unha causalidade lineal entre a conducta do pai, a conducta do fillo e mesmo o seu nivel evolutivo, sen facer referencia a procesos non observables (Doyle, 1978). Así, as investigacións que seguen este modelo sóense basear en observacións da conducta dos pais para estudia-la súa influencia na intelixencia, a personalidade, ou o desenvolvemento social dos fillos.

Sen embargo, é difícil asumir que todo o comportamento paterno sexa de natureza non propositiva. Aínda que é certo que non sempre actuamos co mesmo nivel de refle-

xión, tamén é verdade que en ocasións o noso comportamento é froito dunha coidadosa planificación. Neste sentido, baixo a perspectiva dun modelo cognitivo, considérase ós pais como “seres pensantes” que se enfrontan á tarefa de interactuar cos fillos, equipados cunha certa bagaxe de coñecementos sobre todo o relativo á infancia. Concretamente, posúen coñecementos sobre as características evolutivas dos nenos, as súas necesidades de estimulación, mecanismos de aprendizaxe, capacidades interactivas, o seu papel como pais, a súa capacidade transformadora do comportamento infantil, etc. Este conxunto de ideas, que, como veremos no seguinte apartado, teñen un fondo colectivo, representa un verdadeiro *marco conceptual* que guía os seus mecanismos de comprensión, atribución, predicción, a planificación da súa conducta e por último a propia acción (Goodnow, 1984).

Dado o carácter organizado e en certo modo inaccesible á conciencia destes marcos interpretativos da realidade, algúns autores tomaron o nome de teorías implícitas para referirse a estes (Nisbett e Ross, 1980; Wegner e Vallacher, 1977; Goodnow, 1981; Rodrigo, Rodríguez e Marrero,

1994). Concretamente, Wegner e Vallacher suxiren que existe unha considerable organización e coherencia no conxunto de ideas que conforman as teorías intuitivas. Por iso, podería sosterse un certo parecido formal entre as teorías científicas e as intuitivas. Ambas serven para interpretar os fenómenos da realidade, ou ben permiten establecer prediccions sobre sucesos futuros, e por último inclúen prescricions sobre como comportarse.

Tomemos por exemplo un pai que considere que a conducta de seu fillo hai que modelala externamente a custa de recompensas e castigos. Esta idea vai conectada a outras máis ou menos relacionadas con ela: hai que guialo neno continuamente para evitar que se equivoque, non hai que deixar ós nenos moita iniciativa pois non saben o que lles convén, os nenos saben que fixeron algo bo ou malo polas súas consecuencias, etc. Todas elas, compoñen un verdadeiro marco interpretativo que o pai utiliza para dar sentido ás conductas do seu fillo e ó seu propio comportamento. Así, interpretará os erros e acertos do neno como froito da súa política intervencionista e tenderá a ser moi controlador do comportamento infantil.

Agora ben, non debemos levar moito máis lonxe a analoxía do científico co home da rúa (Ross, 1981). Numerosos estudos puxeron de manifesto a existencia de erros ou nesgos no proceso de construción, posta a proba e verificación das teorías intuitivas. As persoas acostuman cometer “erros” na caracterización dos datos da mostra, na xeneralización dos resultados, na avaliación de factores causais, na predicción de sucesos e, por último, na comprobación e revisión das teorías. Sen embargo, na miña opinión este non é o xeito adecuado de abordar este tema. A analoxía co coñecemento científico non debe levarse ata o extremo de tomar este como elemento de contraste e adoptar unha perspectiva deficitaria do coñecemento do leigo.

Unha perspectiva máis correcta á hora de analiza-las características diferenciais das teorías intuitivas é preguntarnos polo seu papel adaptativo no mundo social. Baixo este enfoque algunhas das notas definitórias, que non erros, do coñecemento leigo verbo do experto serían as seguintes:

a) O home da rúa séntese persoalmente inclinado a considerar certas as súas teorías (pois por iso cre

nelas), sen necesidade de poñelas a proba. Pola contra, o científico debe someter constantemente a proba as súas afirmacións, seguindo un procedemento de comprobación de hipóteses. Se o leigo adoptase este mesmo método, veríase forzado a considerar como provisionais tódalas súas concepcións, e non chegarían a constituí-lo seu propio comportamento.

b) O criterio que segue o home da rúa para crer na súa teoría é a existencia dun certo consenso social sobre esta. Sen embargo, o criterio que segue o científico é o da verificabilidade e/ou falseamento das súas proposicións. Pero dificilmente se poden construír no mundo social verdadeiros experimentos, perfectamente controlados, para verificala teoría. Para o leigo, unha teoría é certa se é moi compartida por todos; de xeito que, idealmente, se tódolos pais tivesen as mesmas concepcións sobre os seus fillos, ninguén as cuestionaría aínda que fosen falsas. Isto é de feito o que acontece nos grupos moi fanáticos onde se comparte unha soa visión do mundo.

c) O leigo modifica moi dificilmente as súas concepcións, a pesar da existencia dun gran número de datos que vaian en contra das súas prediccións. Sen embargo, o científi-

co debe estar presto a modifica-las súas teorías en función das observacións. A existencia do chamado “nesgo confirmatorio” (Tweney, Doherty e Mynatt, 1981) tamén presente no científico, é unha proba máis de que se trata dunha tendencia xeral do noso razoamento, que só a base dun adestramento formal se consegue controlar. Pero desde unha perspectiva estrictamente adaptativa, non pode considerarse unha tendencia errónea. Se o leigo fose sensible ó valor de cada dato en función das súas concepcións, estaría constantemente na perpetua revisión das súas ideas. Así, non sabería como xulga-las reaccións das demais persoas, e polo tanto a toma de decisións e a propia conducta veríanse paralizadas.

d) As teorías do leigo están implícitas, é dicir, que non dispoñen dunha formulación verbal sistemática. Sen embargo, as teorías científicas, ó se basearen nas convencións sociais da ciencia, contan con tal formulación verbal explícita. A existencia desta dimensión implícito-explícito prodúcese polo propio carácter constructivo do coñecemento. As persoas acostumamos crer que a nosa lectura da realidade é a única posible, e por tanto non somos cons-

cientes do papel mediatizador das nosas concepcións. Por iso, o leigo entende o mundo a través das súas teorías, e non ten acceso consciente á análise da teoría en si mesma. Agora, ben, isto non indica que coñecelas teorías do leigo sexa unha tarefa imposible. Como indican Wegner e Vallacher (1981), determinados factores, tanto persoais (p.ex., a importancia subxectiva do tema, unha autoobservación dirixida expresamente á teoría, o feito de que as prediccións da teoría non “funcionen”), coma factores sociais (p.ex., a existencia dun léxico apropiado para describila, a presión social para facela explícita, a súa valoración social), poden vencerlo carácter inaccesible da propia teoría.

En resumo, o home da rúa posúe conxuntos de coñecemento organizado sobre determinados dominiós da realidade, que en certo modo se asemellan ás teorías dos científicos. Estas teorías, que permanecen na súa meirande parte implícitas, non constitúen simplemente un coñecemento inerte, senón que serven de soporte conceptual para a execución de determinados procesos cognitivos. Os pais, como persoas leigas en psicoloxía infantil, posúen tamén as súas propias concepcións

sobre o desenvolvemento, froito do seu proceso de construción do coñecemento. As súas teorías, aínda que non conteñen unha verbalización sistemática dos conceptos, non constitúen conxuntos azarosos de ideas. No seguinte apartado, abordáremo-la orixe de tales construcións.

### 3. A ORIXE CULTURAL DAS CONCEPCIÓNS DOS PAIS SOBRE A INFANCIA

¿Cantas concepcións distintas teñen os pais sobre a infancia? ¿Cal é o modelo de infancia que está vixente actualmente no sistema conceptual dos pais? ¿Móvense na avanzada das teorías evolutivas actuais, ou pola contra seguen a perdurar neles algunhas das crenzas comentadas na introducción? Estas preguntas non responden a unha mera curiosidade histórica, senón que deben ser resoltas antes de pasar a estudia-la repercusión destas concepcións no sistema cognitivo dos pais e no seu propio comportamento.

En relación coa primeira das preguntas, cabería deducir dun modelo netamente constructivista que existen tantas teorías implícitas sobre o desenvolvemento infantil coma pais que estudar. En efecto, se

a construción é persoal non hai por que esperar coincidencias entre eles. Sen embargo, se as ideas veñen xa servidas culturalmente e son froito dunha construción social, cabería postular un acordo practicamente xeral entre as concepcións dos pais desa sociedade.

De feito, estas foron as dúas formulacións teóricas propostas para explica-la orixe do coñecemento social: a tese psicoloxista e a tese socioloxista. A tese psicolóxica supón que o coñecemento é un produto estrictamente psicolóxico que se deriva do propio funcionamento do sistema cognitivo. Sen embargo, a tese socioloxista propón que a cultura e a sociedade condicionan e mesmo determinan o coñecemento do individuo.

Apliquémo-las dúas propostas ó caso concreto das concepción dos pais. Segundo a primeira tese, as teorías son construcións persoais, froito das experiencias directas do individuo (o seu propio historial como filllos, o sexo, a idade do fillo, o número de fillos, etc.). Serían, en certo sentido, coma os “constructos persoais” de Kelly (1955), que varían dunhas persoas a outras, mesmo dentro dun mesmo marco cultural e

social. Pola contra, na proposta socioloxista as teorías son principalmente “coñecemento recibido”, “mensaxes culturais”, “sabiduría colectiva”, “etnoteorías”, etc. (Goodnow, 1987). Polo tanto, as teorías mostrarán grandes variacións segundo as culturas, e non diferirán substancialmente dun mesmo ámbito cultural.

Na miña opinión, ambas propostas teñen enormes limitacións. Na primeira non se reconece en absoluto o papel regulador da sociedade no campo das experiencias. Por moito que existan experiencias estrictamente persoais (non normativas), a meirande parte delas está propiciada pola propia estrutura social, o reparto de papeis entre o home e a muller, o sistema de valores, etc., e trátase, polo tanto, de experiencias normativas, ó menos dun determinado grupo social. Así que as teorías que se constrúan a partir desta base experiencial compartida non diferirán moito entre si. Pola contra, a tese da transmisión cultural das teorías (véxase, por exemplo, a de representacións colectivas de Moscovici), está tinguida dun perigoso idealismo. A construción das teorías realizaríaa a propia sociedade, constituída nun organismo pensante por si

mesmo. Agora ben, por moi culturais que sexan as ideas ninguén pode negar que onde teñen entidade plausible é na mente dos pais.

Existe unha terceira alternativa para explica-la orixe das teorías dos pais, que é a que parece máis plausible. Segundo esta tese, que se podería denominar socioconstructivista, as teorías implícitas son froito dunha construción persoal a partir da adquisición de trazos ou materiais culturais (Rodrigo, 1985; Triana, 1991). A dita construción non é totalmente idiosincrásica, senón que está regulada pola pertenza do individuo a clases (exposición a certos sucesos, adquisición de certas destrezas e prácticas culturais, etc.). A inclusión do concepto de clase é necesaria porque as persoas non derivan directamente o seu coñecemento do contacto directo co sistema social. O feito, constatable por todos, de que non existe unha visión única e compartida da sociedade indica que existen uns sistemas que homoxeneízan dentro dunha determinada clase as posibles construcións da realidade.

A proposta que estamos a defender enfatiza a importancia da cultura nun dobre sentido. En pri-



meiro lugar, o vehículo de transmisión das experiencias e das ideas, que serán a materia prima da teoría implícita, está propiciado pola cultura. Trátase da interacción social dos pais coas demais persoas en contextos próximos, onde entra en contacto co sistema particular de filtros interpretativos e valorativos do seu grupo social. En segundo lugar, o contido das experiencias e das ideas que reciben os pais como materia prima é na súa meirande parte de orixe cultural.

De ser certa a tese socioconstructivista, as teorías implícitas dos pais sobre o desenvolvemento e a educación conterían algunhas ideas importantes existentes no ámbito da nosa cultura actual. Neste sentido, transmitirían ideas e conceptos que poden provir mesmo dalgunhas teorías científicas que tivesen unha certa repercusión na poboación xeral.

Triana e Rodrigo (1985) levaron a cabo un estudio para comprobar esta predicción do modelo. En principio realizaron unha selección dun conxunto de teorías sobre a infancia e os factores que inflúen no desenvolvemento a partir de fontes filosóficas, históricas, literarias e da propia psicoloxía. Así, encontraron

varias teorías que ó longo da historia se foron propoñendo como modelos do desenvolvemento infantil: A teoría do homúnculo (S.,XV), a nurturista (S. XVI), a roussoniana (S. XVIII), a innatista (S. XVIII), a ambientalista (S. XVIII), a voluntarista (S. XIX) e a constructivista (S. XX).

É evidente que non cabe esperar que os pais estudiasen literalmente tales modelos, posto que se trata de persoas que non fixeron a carreira de psicoloxía ou de pedagogía. Sen embargo, as ideas dalgunhas teorías científicas poden formar parte da bagaxe cultural destes pais.

Para comprobalo, Triana e Rodrigo, utilizando técnicas de Brainstorming, recompilaron un conxunto de enunciados verbais empregados espontaneamente polos pais para reflectir-las ideas principais de cada teoría. Así por exemplo:

- Teoría homunculista: "O neno é un adulto en pequeno ó que só lle falta medrar".
- Teoría nurturista: "A saúde e a boa alimentación son fundamentais para un desenvolvemento sen problemas".

- Teoría roussoniana: "O neno debe medrar en plena liberdade para que a sociedade non o coarte".

- Teoría innastista: "Desde que nace o neno obsérvanse características dos pais".

Teoría ambientalista: "Cada neno ten unha maneira de ser segundo a educación recibida".

- Teoría voluntarista: "Con vontade e esforzo o neno pode conseguilo que se propoña".

- Teoría constructivista: "O neno é o sementador que recolle o produto que el mesmo sementou".

Unha vez recompiladas todas as frases correspondentes a cada teoría, sometéronse a técnicas normativas semellantes ás desenvolvidas por Rosch (1973) nos seus estudos sobre categorías naturais. Así, para cada frase obtívose un índice do seu grao de representatividade con respecto a cada teoría (tipicidade), ademais dun índice do grao de exclusividade de cada frase (polaridade).

Dos resultados da investigación despréndese que os pais son capaces de relacionar unha lista de enunciados verbais coas correspon-

dentos teorías científicas sobre o desenvolvemento. Mesmo as poden ordenar en función do seu grao de representatividade respecto das ideas centrais da teoría. Os límites entre as teorías son difusos, xa que as ideas que conforman os enunciados non pertencen exclusivamente a unha teoría. Os enunciados máis típicos, por exemplo no ambientalismo: "Os pais son un puntal importante para a educación do fillo", comparten ideas con outras frases desa teoría, e a penas gardan semellanza coas doutras. Nas frases moderadamente típicas, por exemplo: "O labor do educador non é impoñer, senón orientalo desenvolvemento do neno", incrementase o grao de semellanza coas ideas doutras teorías alternativas. Por último, os enunciados de baixa tipicidade conteñen poucas ideas comúns coas da propia teoría, e resultan máis definitórias doutras, por exemplo: "O desenvolvemento do neno xa está previsto desde o nacemento."

En resumo, pode dicirse que os pais actuais son capaces de recoñecer ideas de diferentes modelos sobre a infancia que tiveron unha certa vixencia na nosa cultura. É evidente que as teorías que un pai pode forxarse non poden te-lo grao de ela-

boración e formalización que ten a teoría científica inspiradora. Pero o feito de que poidan compoñer conxuntos coherentes de ideas indícanos que coñecen as ideas, aínda que ningún lles ensinase de xeito sistemático.

#### 4. O PAPEL DOS CONTEXTOS PROXIMOS NA DETERMINACIÓN DAS TEORÍAS

---

Unha segunda predicción moi importante do modelo socioconstructivista relaciona a pertenza dos pais a clases co tipo de teoría implícita asumida. Téñase en conta que de tódalas teorías que coñecen é probable que os pais só estean de acordo con algunha ou algunhas. Neste sentido cabe esperar que os pais que pertencen a unha mesma clase (nivel educativo, nivel socioeconómico, profesión, zona de residencia, etc) compartirán teorías similares, xa que estarán máis ou menos expostos a certas experiencias normativas proporcionadas pola clase. Do mesmo xeito, tamén cabe esperar que haxa unha certa concordancia entre as ideas do pai e da nai. Dado que as variables antes citadas son indicadoras de certos contextos próximos nos que se moven os pais; en definitiva, a

adscripción a unha determinada teoría viría regulada polo contexto interactivo próximo.

Triana (1987) elaborou un cuestionario sobre teorías implícitas dos pais acerca do desenvolvemento e a educación, a partir dos enunciados das teorías descritos no apartado anterior. Tras varias depuracións dos items, utilizando técnicas psicométricas, chegou a unha versión definitiva, na que só se recollían 4 modelos de infancia: o nurturista, o innatista, o ambientalista e o constructivista. A razón diso é que aínda que os pais eran capaces de comprender tódolos modelos, só mostraron preferencias por estes catro. O cal indica que de tódalas teorías científicas, as únicas que se manteñen na mente dos pais como verdadeiras crenzas son as xa citadas.

As versións intuitivas das catro teorías non teñen a complexidade da teoría orixinal. Así, basicamente, as ideas clave de cada unha son as seguintes:

*Nurturismo*: o crecemento físico é a forza determinante do desenvolvemento infantil. Os pais deben preocuparse pola saúde e a alimentación, xa que son factores cru-

ciais para o éxito futuro.

*Innatismo*: O neno desenvólvese como resultado de forzas hereditarias. As prácticas de crianza son inútiles, xa que o desenvolvemento está programado.

*Ambientalismo*: O medio determina o desenvolvemento infantil. A disciplina paterna é moi importante, xa que o neno é modelado pasivamente polas prácticas educativas.

*Constructivismo*: O desenvolvemento infantil é unha cuestión de esforzo e vontade por parte do neno, xa que é o protagonista activo do seu desenvolvemento. Lograr que o neno

teña autocontrol debe se-lo principal obxectivo das prácticas educativas dos pais.

É interesante facer constar que na investigación os pais non acostumaban adscribirse a unha soa teoría, senón que tendían a compartir dúas e a rexeita-las outras dúas restantes. Así, obtivéronse tres tipos de pais: a) ambientalista-constructivista, b) innatista-constructivista, e c) innatista-nurturista. Ademais, comprobouse que a crenza dos pais estaba asociada a tres tipos de variables contextuais: o nivel educativo, o nivel profesional e a zona de residencia. Na táboa 1 aparecen estes resultados:

Tipo de crenzas paternas sobre a infancia, e a súa distribución de acordo con variables sociodemográficas

Tipos de pais	Descritores sociais	Aceptan	Rexeitan
A	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nivel educativo e profesional alto</li> <li>• Zona urbana</li> </ul>	Ambient-Construct.	Nurtur-Innat.
B	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nivel educativo e profesional alto</li> </ul>	Innat-Construct.	Ambient-Nurtur.
C	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nivel educativo e profesional baixo</li> </ul>	Innat-Nurtur.	Ambient-Construct.

Táboa 1

Como se pode apreciar na táboa, o nivel educativo, relacionado co nivel profesional do pai, é un dos predictores máis potentes das súas ideas sobre o desenvolvemento e a educación. Este é un resultado moi frecuente nas investigacións sobre o tema (ver revisión de Palacio, 1987a; Palacios, 1987b). Así mesmo, a zona de residencia está relacionada coas crenzas modernas (tipo A) ou máis ben tradicionais (tipo C) dos pais. Iso indica que aínda que se trate de crenzas ou teorías persoais, existe un certo grao de consenso segundo a clase á que pertence o pai.

En canto á concordancia entre as ideas do pai e da nai, Triana (1987) contrastou nunha mostra de 72 parellas as ideas de ambos cónxuxes. Obtívose unha alta correlación (6,  $p < .0001$ ) entre as concepcións de ambos, o que indica que o intercambio de experiencias entre a parella aproxima as súas concepcións. O matrimonio proporciona un vencello de intercambio social no que se experimentan dun xeito moi intenso as influencias socializadoras. Máis concretamente, a influencia entre os esposos prodúcese a partir do intercambio de ideas sobre os nenos e a súa crianza, e mesmo a través da propia observación das conductas do

nenos. Deste xeito, o ambiente familiar proporciona un contexto clave no que se forma e modifican de xeito interactivo as crenzas dos pais.

En resumo, as teorías implícitas dos pais teñen unha orixe cultural, xa que conteñen ideas que tiveron ou teñen unha certa vixencia na historia do pensamento contemporáneo. Esa bagaxe cultural non se adquire nas "escolas", senón principalmente a través da interacción social dos pais con persoas do seu medio. Por iso, como vimos, os contextos próximos nos que se desenvolven os pais xogan un papel primordial na configuración das teorías.

## 5. A REPRESENTACIÓN MENTAL DAS CONCEPCIÓNS DOS PAIS

---

Como xa vimos, as teorías implícitas teñen unha certa entidade real na mente dos pais, o que significa que están representadas dalgún xeito nun sistema conceptual. Dado que as ideas evolutivo-educativas dos pais non se dan illadamente senón que se organizan seguindo unha estrutura de tipicidade, poderían considerarse como verdadeiros esquemas de coñecemento social.

Sabido é que a psicoloxía cognitiva se achegou recentemente ó tema das representacións do coñecemento social coas denominadas teorías de esquemas. Mediante este concepto, formulado orixinalmente por Bartlett (1932) e Piaget (1926) e retomado posteriormente pola Intelixencia Artificial (Schank e Abelson, 1977; Abelson, 1975, 1981), recoñécese a existencia de conxuntos de coñecemento prototípico que aprecian certas regularidades nas situacións e comportamentos que perciben os suxeitos no seu medio. Así, analizáronse algunhas unidades representativas do noso sistema de coñecemento, como as categorías sociais ou os guións.

As teorías implícitas, ó supoñeren tamén conxuntos organizados de coñecemento con certo grao de

uniformización cultural, poden ser susceptibles dunha análise similar á dos esquemas. Sen embargo resultaría demasiado simplista a nosa análise se nos limitasemos a postular unha total identidade entre as teorías intuitivas e outras unidades representacionais (Rodrigo, 1985). Na táboa 2 preséntanse as similitudes e trazos diferenciais entre ambos tipos de representacións.

Vexamos, en primeiro termo, os trazos similares entre as teorías e outros esquemas de coñecemento.

En primeiro lugar, as teorías implícitas, igual ca outros esquemas de coñecemento como as categorías, os guións, etc. conforman conxuntos de coñecemento prototípico que apresan certas regularidades nas situacións, comportamentos, perso-

Comparación entre as teorías implícitas e outros esquemas de coñecemento social.

SIMILITUDES	DIFERENCIAS
1) Representacións de coñecemento prototípico 2) Carácter implícito do seu contido e organización 3) Funcións de comprensión, predicción e planificación 4) Adquisición a partir da experiencia persoal	1) Unidades abstractas e complexas sen referente sensorial. 2) Importancia substantiva dos procesos inferenciais. 3) Teorías alternativas dispares sobre un mesmo dominio. 4) Contraste entre coñecemento e crenza.

naxes e ideas que perciben os suxeitos no seu medio. Neste sentido, xa sinalamos que as teorías tamén se organizan seguindo unha estrutura de tipicidade entre os seus elementos.

En segundo lugar, o contido e organización interna das teorías, igual ca noutros esquemas, ten un carácter implícito. As nosas descripcións e interpretacións da realidade parécennos un simple reflexo desta, de xeito que témo-la impresión de ser receptores inxenuos da información social. A pesar desta ilusión de obxectividade, as teorías son filtros a través dos cales percibímo-lo mundo. Tamén a organización interna das teorías é “transparente cognitivamente”. A razón disto é que probablemente este tipo de metacognición non é funcional, xa que non necesitamos unha teoría sobre as nosas teorías, senón unha teoría sobre o mundo.

En terceiro lugar, as teorías comparten cos esquemas un papel funcional nos procesos cognitivos. Así, constitúen marcos interpretativos nos procesos de comprensión e memoria, guían a anticipación de resultados na predicción e teñen un carácter procedementa dirixido á planificación da acción.

Por último, as teorías e os esquemas adquirense a partir da experiencia persoal en situacións recorrentes proporcionadas pola cultura. Os contidos das teorías non están sometidos a instrucción formal. Isto explica o seu carácter de coñecemento contextualizado e con baixo nivel de formalización (a diferenza das teorías científicas). As persoas incorporan as prescricións culturais a través dos complexos sistemas de interacción social, plasmándoas en estruturas representacionais individuais.

Pasemos a comenta-los trazos diferenciais das teorías implícitas que aparecen na táboa.

En primeiro lugar, os compoñentes ou elementos das teorías son unidades complexas e abstractas que non teñen unha entidade sensorial inmediata. Fan referencia a un “mundo social” caracterizado por unha retícula de interaccións, motivos, intencións, etc. Pola contra, as categorías naturais fan referencia a un mundo sensorial composto de propiedades físicas. Compárense as propiedades da categoría cadeira (ten catro patas, é de madeira, serve para sentarse, etc) e as propiedades da teoría innatista sobre a infancia (non hai que educa-lo neno, xa que nace co

seu modo de ser propio; as persoas non cambian desde o berce á sepultura, etc).

En segundo lugar, nas teorías intuitivas os procesos inferenciais ou guiados conceptualmente teñen un maior peso ca nas categorías ou nos guións. Aínda que tamén nestes casos existen procesos inferenciais, nas teorías é moito máis determinante o sistema conceptual do suxeito.

En terceiro lugar, o substrato cultural e a experiencia persoal acumulada determinan teorías implícitas alternativas, ás veces de orientación moi dispar, sobre un mesmo dominio. Pola contra, nos guións, e máis nas categorías de obxectos, existe invariancia individual e cultural. A posibilidade de xerar teorías dispares sobre un mesmo obxecto de coñecemento débese ó carácter inferencial e social das teorías, que permite unha gran diversidade de interpretacións. Lémbrese na investigación de Triana (1987) como os pais, a partir da bagaxe de experiencias persoais e sociais, son capaces de construír diferentes teorías sobre o desenvolvemento dos seus fillos.

Por último, as teorías, máis ca unidades de coñecemento, teñen o

"status" de verdadeiras crenzas (Sigel, 1985). De feito, non existe crenza sen coñecemento; sen embargo, un pode saber algo sen chegar a crer niso. Para entender mellor as diferenzas, é conveniente distinguir entre dúas funcións do coñecemento: a *representacional* e a *atribucional*. Mediante a primeira, as persoas somos capaces de sintetizar ou construír diferentes teorías alternativas sobre un mesmo dominio. Non é que teñamos almacenadas como tales tódalas teorías, pero se nos proporcionan un material relativo a cada teoría somos capaces de recoñecelas e organizalas adecuadamente. No caso dos pais, xa vimos que son capaces de organizar coherentemente conxuntos de ideas relativas a cada teoría. A este nivel estamos a falar de coñecemento. Sen embargo, os pais non cren en tódalas teorías que coñecen, só nas que se atribúen como propias. Neste caso, existe unha toma de posición fronte a varias alternativas, e a teoría adquire un carácter moito máis persoal. Están ligadas emocional e afectivamente ó autoconceito de persoa e teñen un procesamento preferente respecto a outras unidades de coñecemento. Estas características distinguen netamente as teorías doutros esquemas (agás os de autoconceito),





que terían unha función meramente representacional. En resumo, a pesar do seu fondo colectivo, as teorías, consideradas como sínteses atribucionais de coñecemento, perden algo do seu carácter normativo e entran de cheo no campo das diferencias individuais.

## 6. INFLUENCIA DAS CONCEPCIÓNS DOS PAIS SOBRE O DESENVOLVEMENTO INFANTIL

---

As nosas concepcións sobre o desenvolvemento e educación dos fillos non son simples esquemas de coñecemento. O teren o "status" de crenzas inflúen decisivamente en toda a nosa comprensión do mundo infantil. Así, un mesmo comportamento infantil pode interpretarse de xeito distinto, segundo o punto de vista do observador, neste caso do pai ou da nai.

Pensem, por exemplo, na típica conducta de teima dos nenos de dous ou tres anos. Un pai que sosteña unha concepción ambientalista tenderá a atribuír esta conducta a un mal sistema de reforzos, que permitiu que "o neno se volva caprichoso e queira saír sempre coa súa". Por conseguinte, tenderá a ser moi res-

trictivo co neno e a non lle permitir ningún tipo de iniciativa que saia do mandato paterno. Téñase en conta que segundo a concepción ambientalista: "o neno cambia porque cambia o xeito de tratalo", "o neno aprende polas consecuencias das súas accións", "non importa a etapa evolutiva, un premio e un castigo sempre significan o mesmo", etc.

Sen embargo, un pai constructivista verá nesta acción do neno unha forma de manifestación da súa propia identidade. A personalidade incipiente do neno necesita para sobrevivir e afianzarse ante a presión do adulto, deste xeito defensivo de atrincheirarse en continuas negativas a todo. En consecuencia, irá dosificando e ampliando a marxe de autonomía do neno para que vaia practicando a toma de decisións en contextos que non resulten perigosos para o neno (p. ex., o vestido, a organización dos seus xoguetes, as súas amizades, o xeito de organiza-los seus xogos, etc.). Unha concepción constructivista do desenvolvemento supón recoñecer que as conductas do neno non son intrinsecamente boas ou malas, senón que teñen un significado distinto, dependende da etapa evolutiva.

Na investigación de Triana (1987), púxose a proba o papel das teorías na elaboración de xuízos causais e prescritivos sobre o comportamento infantil. Partindo dunha serie de episodios interactivos entre pais e fillos, solicitábase ós pais que indicasen unha posible explicación do comportamento infantil, así como que suxerisen o xeito de proceder ante tal comportamento. Os resultados mostraron unha gran concordancia entre as concepcións dos pais e as interpretacións que ofrecían como causas explicativas das condutas infantís (correlación canónica de .62,  $p < .0001$ ). Así mesmo, existía unha correlación inda maior (.73 < .0001) entre as concepcións dos pais e o xeito de proceder antes tales comportamentos infantís. O grao de acordo entre pai e nai foi tamén altísimo (.87, < .0001). Todo iso indica que as interpretacións causais e prescritivas do comportamento derívanse dun conxunto coherente de inferencias prácticas que proveñen dunha determinada concepción sobre o desenvolvemento.

Se as concepcións dos pais inflúen na elaboración de xuízos inferenciais sobre a conducta infantil, é de supoñer que en último extremo tamén inflúan no seu comporta-

mento cara ós fillos. Téñase en conta que os xuízos prescritivos, por exemplo, levan consigo de feito plans de acción sobre o xeito de comportarse co neno. Sen embargo, a conexión entre as ideas e a acción non é tan directa como pode parecer a primeira vista. As numerosas investigacións que se ocuparon de estudar tal conexión non sempre ofreceron resultados coherentes. Así, nalgúns casos atopáronse relacións, e noutros, non (Palacios, 1987).

A tentativa de establecer relacións causais entre procesos ou estados mentais e o comportamento, é un problema de vello, que xa foi tratado desde diversas perspectivas (Nisbett e Wilson, 1977; Bem, 1972; Mischel, 1973). As unidades de análise correspondentes ós estados mentais son moi variadas: expectativas, atribucións, valores, crenzas, estados de arousal, etc.), pero os problemas encontrados foron sempre os mesmos. Á parte das dificultades que ofrece o acceder a estados internos de xeito fiable, un problema moi importante é o determina-lo tipo de estado interno que debe poñerse en relación co comportamento (Quatrone, 1985). Por exemplo, algúns autores relacionan as expectativas dos pais sobre a competencia dos

nenos e das nenas en matemáticas, coa atención que prestan ó fillo ou á filla nos seus deberes de matemáticas. Se non se encontra relación entre ambos aspectos, o único que se pode concluír é que “ese” aspecto particular das concepcións dos pais non está relacionado con “esa” dimensión particular do comportamento parental. Por outra parte, a relación non ten por que ser unidireccional, senón cíclica. Neste sentido, cabe esperar tanto que os pais xeren interpretacións dos feitos despois de actuar, coma que planifiquen cuidadosamente o seu comportamento. De calquera xeito, no momento da acción, sempre poden aparecer factores puramente conxunturais que eviten que se leve a cabo, e así este é un novo aspecto que se debe ter en conta na interpretación dos resultados.

En conclusión, o estudio das teorías implícitas dos pais sobre o

desenvolvemento dos fillos é de gran interese, tanto desde o punto de vista teórico coma aplicado. O seu principal atractivo é que permite establecer unha ponte teórica entre cultura e cognición. Pódese detectar como certas teorías configuradas no marco da cultura occidental teñen o seu reflexo na cognición individual, configurándose como representacións mentais de tipo esquemático. Á súa vez, o poder predictivo das teorías en relación coa interpretación do comportamento infantil e a planificación da acción educativa, convérteas nun tema de gran interese aplicado. No futuro, poderán deseñarse programas de adestramento para pais, baseados non só nun adestramento condutual, senón sobre todo na importancia das teorías na determinación das estratexias de acción que levan a cabo os pais para a educación dos seus fillos.

## BIBLIOGRAFÍA

- Abelson, R.P. (1975): "Concepts for representing mundane reality in plans". En D.G. Bobrow e A. Collins (eds.): *Representation and understanding. Studies in cognitive science*. Academic Press.
- Abelson, R.P. (1981): "Psychological status of the script concept", *American Psychologist*, 36, 7, 715-729.
- Barlett, F.C. (1932): *Remembering. A study in experimental and social psychology*, Cambridge, Cambridge University Press.
- Bem, D.J. (1972): "Self-perception theory." En L. Berkowitz. (Ed): *Advances in experimental psychology*, Vol. 6, 1-62, Academic Press.
- Doyle, W. (1978): "Paradigms for research on teacher effectiveness", L. S. Shulman (Ed): *Review of research in education*, Vol. 5, Itasca, IL: F.E. Peacock.
- Goodnow, J. (1981): "Everyday ideas about cognitive development". J.P. Forgas (Ed): *Social cognition. Perspectives on everyday understanding*, New York, Academic Press.
- Goodnow, J. (1984): "Parent's ideas about parenting and development: A review of issues and recent work", E. Lamb, L. Brown e B. Rogoff (Eds): *Advances in developmental psychology*, Vol. 3, Hillsdale, N.J. Lawrence Erlbaum Associates.
- Goodnow, J. (1987): "Blending developmental and social approaches to adult social cognition: The case of parents' ideas, actions and feelings". Relatorio presentado na reunión da Society for Research in Child Development, Baltimore, USA, abril.
- Kagan, J. (1979): "Family experience and the child's development." *American Psychologist*, 34, 10, 886-891.
- Kelly, G. (1955): *The psychology of personal constructs*, New York, Norton.
- Kessen, W. (1979). "The american child and other cultural inventions", *American Psychologist*, 34, 10, 815-820.
- Mischel, W. (1973): "Toward a cognitive social learning reconceptualization of personality." *Psychological Review*, 80, 252-283.
- Nisbett, R. e L. Ross, (1980): *Human inference. Strategies and shortcomings of social judgment*, Englewood Cliffs, N.J. Prentice Hall.
- Nisbett, R. e L. Wilson, (1977): "Telling more than we can know: Verbal reports on mental processes." *Psychological Review*, 84, 231-259.
- Palacios, J. (1987a): "Las ideas de los padres sobre sus hijos en la investigación evolutiva", *Infancia y Aprendizaje*, 39-40, 97-112.
- Palacios, J. (1987b): "Contenidos, estructura y determinantes de las ideas de los padres. Una investigación empírica", *Infancia y Aprendizaje*, 39-40, 113-136.
- Piaget, J. (1926): *The representation du monde chez l'enfant*, París, Alcan, Trad. cast. Espasa-Calpe, Madrid, 1933.
- Quatrone, G. A. (1985): "On the congruity between internal states and action." *Psychological Bulletin*, 98, 1, 3-40.
- Rodrigo, M.J. (1985): "Las teorías implícitas en el conocimiento social." *Infancia y Aprendizaje*, 31-32, 145-156.
- Rodrigo, M., A. Rodríguez, e J. Marrero, (1994): *Las teorías implícitas. Una aproximación al conocimiento cotidiano*, Madrid, Visor.
- Rosch, E. (1973): "Natural categories." *Cognitive Psychology*, 4, 328-350.
- Ross, L. (1981): "The intuitive scientist formulation and its developmental implications", J.H. Flavell e L. Ross (Eds): *Social cognitive development: Frontiers and possible futures*, Cambridge University Press, Trad. cast. *El mundo social en la mente infantil*, Alianza, 1989.
- Schank, R e R. Abelson, (1977): *Scripts, plans, goals and understanding. An inquiry into human knowledge structures*, New Jersey, Lawrence Erlbaum Associates, Trad. cast. Paidós, 1987.
- Sigel, I.E (1985): "A conceptual analysis of beliefs." En I. Sigel (Ed): *Parental belief systems*, New Jersey, Lawrence Erlbaum Associates.
- Triana, B e J.M. Rodrigo, (1985): "El concepto de infancia en nuestra sociedad: Una investigación sobre las teorías implícitas de los padres", *Infancia y Aprendizaje*, 31-32, 157-171.

Triana, B. (1987): *Teorías implícitas de los padres sobre el desarrollo y la educación y su incidencia en los juicios sociales*. Tese doutoral sen publicar, Universidade de La Laguna.

Triana, B. (1991): "Las concepciones de los padres sobre el desarrollo: Teorías personales o teorías culturales", *Infancia y Aprendizaje*, 54, 19-40.

Tweney, R. M. Doherty, e C. Mynatt, (1981): *On scientific thinking*, New York, Columbia University Press.

Wegner, D.M., e R.R. Vallacher, (1977): *Implicit psychology: An introduction to social cognition*, New York. Oxford University Press.

Wegner, D.M., e R.R. Vallacher, (1981): "Common-sense psychology." J.P. Forgas (Ed): *Social cognition. Perspectives on everyday understanding*, New York, Academic Press.

Yarrow, I.J. (1979): "Historical perspectives and futures directions in infant development", J. D. Osofsky (Ed): *Handbook an infant development*. John Wiley And Sons.



# A INADAPTACIÓN SOCIAL

---

Juan Luis Basanta Dopico

Equipo de Adopción e  
Acollemento familiar. Xunta de Galicia

## CONCEPTUALIZACIÓN

---

O dicionario da Real Academia Española define así o termo *inadaptado*: "Dícese del que no se adapta o aviene a ciertas condiciones o circunstancias. Aplícase a personas. Usase también como sustantivo". *Adaptación* procede do verbo latino *adaptare*, (composto de *ad* e *aptare*) que significa "acomodar" (Amado Vega, 1989). É dicir, o "inadaptado" sería aquel suxeito que non se acomoda a certas condicións e circunstancias. Diversos autores entenden que se tal adaptación se producise en dimensións temporais reducidas, pasaría a denominarse "desadaptación", ruptura temporal do equilibrio suxeito-medio.

Entre outros termos próximos poderíamos destacar: *marxinación*, *inconformismo* e *delincuencia*. Realizando un breve achegamento ós

termos citados teríamos que se entende por *marxinación* aquela situación que padece un suxeito pola que se atopa á marxe da normalidade do grupo de referencia. Deste xeito, para especifica-lo concepto de *marxinación* e o seu proceso necesitáremos ter presente diversas claves:

1. Grupo de referencia
2. Suposta vontade, carencia ou dificultade de integración ó grupo.
3. Hexemonía do grupo pola imposición dos valores dominantes, referencia á estrutura de poder.
4. Dar por obxectivo un concepto, o de normalidade, sendo este subxectivo. (Villaverde, 1988)

Polo que, e debido á ambigüidade e amplitude do termo *marxinación*, así como o feito de ser unha

etiqueta sufrida, en ocasións pasivamente polos suxeitos, poden establecerse tantos criterios -límites, fronteiras- de marxinação como necesarios e/ou útiles sexan ó funcionamento da estrutura do poder.

*Inconformismo*: Enténdese por tal unha actitude de rexeitamento ou desacordo co establecido na orde política, social, moral, etc. Supón, polo tanto, unha imposición consciente, máis ou menos racional, de enfrontamento ós valores hexemónicos. Pódese converter nun lugar común á inadaptación en función da correlación de forzas, e será, en todo caso, froito directo do enfrontamento político.

*Delincuencia*: Delincuente será aquel que cometa unha acción contemplada como delicto no Código Penal dunha determinada comunidade. Agora ben, ós efectos que nos interesa, entendemos que, se un suxeito comete un acto cualificado como delictivo, sitúase no terreo cando menos da desadaptación e, con frecuencia, da inadaptación social; non obstante, o efecto de etiquetaxe ("labeling") sobre as devanditas persoas é devastador xa que o antedito cualificativo soe marcar un límite, unha fronteira, unha visión máis "dura" sobre o suxeito (e a súa reali-

dade); visión que sitúa en perspectiva todo un arsenal de técnicas, intervencións e medios que facilmente se converten en obxecto de seu, perdendo a finalidade para a que foron construídos: intervir sobre a persoa, o menor, que como consecuencia dun continuado proceso de "adaptación-degradación" se atopa confrontado co social e sancionado no xurídico.

Dito o anterior, falta configurar algúns aspectos que expliquen o termo *normal*. Realmente tódolos termos anteriores apuntaban implícita ou explicitamente a el, para iso achegámonos ó mesmo desde diversa liñas de pensamento ou escolas. Así, e sen ánimo de ser exhaustivos, teremos:

## ORIENTACIÓN ESTADÍSTICA

---

Define como normal toda conducta que se sitúe no promedio das condutas realizadas por un suxeito respecto do seu grupo social de pertenza. É usual considerar a K. Schneider como representante deste enfoque no eido da inadaptación. Paralelos a esta visión, en clave psicolóxica, teríamo-los criterios psicométricos representados por Binet, e os criterios adaptacionistas-desenvolvistas representados por Gessell,



e con discreta orientación normalizante, compoñentes teleolóxicos, poderíamos pensar en determinadas escolas de terapia de Familia, escolas conductuais e Humanistas.

### ORIENTACIÓN XURÍDICO-FORENSE

Entenderá por normal a sucesión das persoas ás normas, á lei e, polo contrario, "desviado" ó que infrinxe. Situación que non presenta excesivos problemas, no suposto que exista un axeitado isomorfismo entre as leis penais, o delicto, a súa pena e o que a sociedade considere como tal. Agora ben, se na orixe se entende a existencia dun principio dinámico de relación entre os factores citados, non é menos certo que o xurídico se converte facilmente en instancia sacralizadora e cousificadora dos homes e das conductas. Nesta perspectiva paga a pena observa-lo fascinante traballo de "disección", próximo ás clasificacións botánicas, realizado polas escolas tradicionais da psiquiatría forense no ámbito da nosografía da delincuencia (ver Marco Ribe, J. e cols., 1990). Sobre a liña de pensamento xurídico volverase máis tarde.

### ORIENTACIÓN SOCIOLÓXICA

Mesmo considerando os diversos posicionamentos, podemos afirmar que, en termos xerais, é o grupo social o que coa determinación dos costumes, ritos, normas e leis sociais, e polo tanto coa construción da realidade, impón os criterios de normalidade fronte a anormalidade, deseñados por complexos e recursivos mecanismos xerados polas institucións de control social: policía, igrexa, xuricatura, etc, encargadas de configura-las imaxes da realidade e da súa significación, desde o ámbito do social.

### CONSIDERACIÓNS PRAGMÁTICAS DE ORDE CLÍNICA ARREDOR DA INADAPTACIÓN SOCIAL

Para isto realizaremos un breve repaso ós diagnósticos clínicos realizados desde o DSM-III-R e a CIE-10, que puideran estar relacionados cos procesos de adaptación e coas habilidades sociais, para rematar perfilando máis nitidamente a área da inadaptación social desde o campo da infancia e adolescencia.

## DSM-III-R

---

O Atraso Mental e os Trastornos específicos do Desenvolvemento, pertencentes ó Eixe II -Trastornos do Desenvolvemento-, non producen de seu inadaptación social, mais non cabe ningunha dúbida da súa presenza nos atrasos e fracasos escolares, facéndose relativamente frecuente en menores con carreira delictiva, máis especificamente se por Atraso Mental entendémo-la súa forma non clínica, é dicir: o Atraso Socio-Cultural.

## TRASTORNOS DE CONDUCTAS PERTURBADORAS

---

O DSM-III-R di textualmente: "esta subclase de trastorno caracterízase por conductas socialmente perturbadoras, que provocan maior desacougo nos demais ca nos suxeitos que as presentan. Esta subclase contempla o trastorno por déficit de atención con hiperactividade, o negativismo desafiante e os trastornos de conducta, prototípicos dentro do ámbito da inadaptación social, que presentan os seguintes tipos: grupal, agresivo solitario e indiferenciado. Sintomatoloxía esencial ó devandito trastorno é a presenza dun patrón

persistente de conducta no que se violan os dereitos básicos dos demais e as normas sociais apropiadas á idade. Este patrón de conducta dáse na casa, na escola, cos compañeiros ou na comunidade."

## TRASTORNOS POR ANSIEDADE DA INFANCIA OU DA ADOLESCENCIA

---

Posúen valor etiolóxico específico, e non só abranguerían as reaccións neuróticas, senón que tamén son a base das fobias escolares e polo tanto do efecto "bola de neve" coas súas secuelas de atraso e fracaso escolar.

O DSM-III-R cita outros trastornos da infancia e da adolescencia: trastornos de conducta alimentaria, trastornos da identidade sexual, trastornos por tics, trastornos da eliminación, trastornos da fala non clasificados noutro lugar, e outros transtornos da infancia, a nenez ou a adolescencia; todos eles poden incidir de forma variable nos procesos de inadaptación, ben sendo un factor elicitor, un elemento de mediación ou un elemento máis na causación circular. Non obstante, débese citar moi expresamente o chamado TRASTORNO REACTIVO DA VIN-

CULACIÓN NA NENEZ OU Ó COMEZO DA NENEZ, incluído dentro do caixón de xastre doutros trastornos da infancia, a nenez ou a adolescencia. O devandito TRASTORNO REACTIVO DE VINCULACIÓN presenta como sintomatoloxía esencial unha marcada alteración nas relacións sociais en distintos contextos, que comeza antes dos cinco anos. Esta alteración da relación social poida que se deba a uns coidados inapropiados ou patóxicos, que preceden o comezo da alteración.

## ACIE-10

---

Establece, igual có DSM-III-R, as categorías de ATRASO MENTAL e TRASTORNOS DO DESENVOLVEMENTO PSICOLÓXICO, centrando os trastornos específicos da inadaptación social dentro da clasificación de TRASTORNOS DO COMPORTAMENTO E DAS EMOCIÓN E Ó COMEZO DA INFANCIA E ADOLESCENCIA, xerando, dentro do citado trastorno, dúas clases xerais:

1. TRASTORNOS DISOCIAIS caracterízanse por unha forma persistente e reiterada de comportamento disocial, agresivo e retardador. Nos

seus graos máis extremos poden chegar a violacións das normas, maiores das que serían aceptables para o carácter e a idade do individuo afectado e as características da sociedade na que vive. Establécese certa subclasificación: limitado ó contexto familiar, socializado, non socializado, oposicionista, outros e sen especificación.

## 2. TRASTORNOS DISOCIAIS E DAS EMOCIÓN

Este grupo de trastornos caracterízase pola combinación persistente dun comportamento agresivo disocial ou retardador, con manifestacións claras e marcadas de depresión, ansiedade ou outras alteracións emocionais. Establécese certa subclasificación: disocial depresivo, trastornos emocionais e disociais mixtos, e sen especificación.

É dicir, a nosografía psiquiátrica americana, DSM-III-R, encerra a inadaptación social infanto-xuvenil dentro dos chamados Trastornos de Conductas Perturbadores, e a Organización Mundial da Saúde, CIE-10, dentro dos chamados Trastornos do Comportamento e das Emocións. Dito isto, cómpre formular diversas matizacións que tendan a precisar conceptualmente o exposto: en pri-

meiro lugar todo diagnóstico clínico é un predicado que se di dun suxeito, sen embargo, hoxe en día a inadaptación social téndese a considerar un predicado da situación, non un atributo do suxeito; en segundo lugar, os diagnósticos clínicos nos que “o social” entra de cheo deben ser tratados coa conveniente reserva; en terceiro lugar, non aparecen criterios evolutivos; en cuarto lugar, non aparecen indicacións terapéuticas e, respecto ó DSM-III-R, dáse unha aparente arbitrariedade da selección e delimitación dos criterios diagnósticos (Fuentebro e Vázquez, 1990)

### ¿DESTE XEITO, QUEN DEFINE A REALIDADE?

Por pouco que observémo-lo termo inadaptación, veremolo sempre cuberto por unha grosa capa ideolóxica, polo que inexorablemente teremos que utilizar gafas que filtren ben os contidos máis “evidentes” da realidade. Neste sentido suxire as aportacións dun prestixioso psicoterapeuta e un estudioso da información chamado Paul Watzlawick, quen, nun recente artigo “¿Adaptación a la realidad o realidad adaptada?” (1992), entre outras cuestións sostén, posición xa clásica, unha

diferencia fundamental entre dous aspectos da realidade, que se poden mostrar -di- cun exemplo sinxelo: o ouro posúe propiedades físicas sobre as que facilmente poderíamos poñer de acordo a dous ou máis observadores; as devanditas propiedades físicas -que non deixan de ser “construídas”, postas ó descuberto polas ciencias naturais e sobre as que non se esperan avances fundamentais- serían denominadas a súa realidade de primeira orde; mais xunto a esta, existe unha realidade de segunda orde, a saber, o seu valor, que é unha atribución de sentido e cultura; e a estes factores éles común que sexan constructos humanos e non o reflexo de realidades independentes do home. Polo tanto, hai que dicir que a chamada realidade, a que temos que ver sobre todo en psiquiatría -di o autor-, é sempre unha realidade de segunda orde e constrúese por medio da atribución de sentido, de significado ou valor, á realidade en cuestión de primeira orde. A diferenza entre as dúas realidades exprésase no chiste creado arredor da diferenza de ópticas entre o optimista e o pesimista: o optimista di que a botella está medio chea, o pesimista, que está medio baldeira. A mesma realidade de primeira orde, é causa de dúas realidades diametralmente

opostas de segunda orde. Só se metemos estas dúas "realidades" nun saco, o criterio de adaptación á realidade mantén a súa validez.

Considérase a Heinz Von Foerster fundador da epistemoloxía cibernética, e da cibernética de segunda orde. É unha das persoas que máis contribuíu a realizar un cuestionamento radical do principio de obxectividade. Nel demóstrase que a construción da realidade é unha propiedade do observador, na que, polo tanto, está o observador mesmo transformando e recreando a suposta realidade obxectiva; é dicir, lévase a atención dos "sistemas observados" ós "sistemas que observan", ó entender a toda noción cibernética (toda noción en xeral) como dependente do observador. O terapeuta -en referencia a terapia familiar- non é xa alguén que describe o sistema "tal cal é desde fóra", senón alguén que "co-constrúe o sistema do que el tamén é partícipe", e máis aínda, o terapeuta mesmo emerxe como tal a través desa participación e do tipo de instrumentos conceptuais que usa, xera, co-xera na devandita participación (Heinz Von Foerster, 1991)

Unha vez dito isto, poderemos entender máis correctamente o

carácter polidimensional da realidade, e polo tanto da inadaptación social específica da infancia, adolescencia e xuventude. En definitiva e basicamente, trátase dun eido conceptual construído polo home para aborda-la súa propia obra, froito da miseria social, a intolerancia e a propia incompreensión e ignorancia.

## MARCO XURÍDICO

---

Clasicamente, e dentro dos dispositivos asistenciais, adóitase distinguir dous tipos de menores necesitados de diversas intervencións de carácter educativo social: os chamados menores de protección e os menores de reforma.

Enténdese por menores de protección aqueles que se atopan en situación de desamparo, sendo tal a que se produce de feito a causa do incumprimento, ou do imposible ou do inaxeitado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda dos menores, cando estes queden privados da necesaria asistencia moral ou material; tal é parte do establecido no artigo 172 da recente Lei 21/1987 de 11 de novembro, pola que se modifica determinados artigos do Código Civil e da Lei

de Enxuízamento Civil, en materia de adopción, e se dan normas sobre tutela automática a cargo da Entidade Pública, á que corresponda no territorio, da protección de menores, e regula o acollemento familiar. Menores de reforma serán aqueles suxeitos maiores de doce anos, e menores da idade fixada no Código Penal, que sexan responsables de accións tipificadas como delictos ou faltas nas leis penais, e isto en virtude da Lei Orgánica 4/1992, de 5 de xuño, sobre reforma da Lei Reguladora de Competencia e o Procedemento dos Xulgados de Menores. Certo que a devandita lei supón un cambio drástico consonte a situacións xurídicas anteriores de carácter anticonstitucional, nas que se establecía unha visión paternalista da infancia e fóra de todo marco de garantía e probatorio, no que o xove, igual có demente, quedaba fóra do concepto de responsabilidade xurídica. Ben é certo que a vixente Lei supón, en certa medida, situa-lo menor como eixe de si mesmo, suxeito con dereitos e deberes. A Lei encárgase de especifica-la importancia de figuras novas con respecto a situacións pasadas: avogado defensor, xuízo, fiscal, equipo técnico, resolucións xudiciais, etc; pero tamén establece unha serie de medidas que poderán ser dic-

tadas pola autoridade xudicial, algunha delas novidosa e con carácter certamente progresista. Basicamente as medidas que poderá acordar un xuíz son:

1. Amonestación ou breve internamento de un ou tres fins de semana.
2. Liberdade vixiada.
3. Acollemento por outra persoa ou núcleo familiar.
4. Privación do dereito a conducir ciclomotores ou vehículos de motor.
5. Prestación de servizos en beneficio da comunidade.
6. Tratamento ambulatorio ou ingreso nun Centro de carácter terapéutico.
7. Ingreso nun Centro en réxime aberto, semiaberto ou pechado.

Tódalas medidas terán unha duración temporal limitada, poderán ser reducidas e mesmo deixadas sen ulteriores efectos. En definitiva, trátase, como sinala a exposición de motivos da Lei, de establecer un

marco flexible para que os Xulgados de Menores poidan determinar as medidas aplicables ós menores que realizasen feitos susceptibles de ser tipificados como infraccións penais, pero sempre sobre a base de valorar especialmente o interese do menor. No fin de contas, este novo sistema de Xustiza Xuvenil tivo entre outras finalidades axeita-lo tratamento xurídico dos xoves enfrontados coa xustiza ó postulado polo artigo 24 da Constitución: "Tódalas persoas teñen dereito a obter a tutela efectiva de Xuíces e Tribunais no exercicio dos seus dereitos lexítimos, sen que en ningún caso poida producirse indefensión. Así mesmo, todos teñen dereito ó Xuíz ordinario predeterminado pola Lei, á defensa e á asistencia de letrado, a ser informados da acusación contra eles, a un proceso público sen dilacións indebidas e con tódalas garantías, a utilizar-los medios de proba pertinentes para a defensa, a non declararse culpables contra si mesmo, a non confesarse culpables e á presunción de inocencia".

No artigo 27.23 do estatuto de Autonomía atribúese á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva en materia de Asistencia Social, e para dar cumprimento a este mandato e facer efectiva a

devandita competencia, promúlganse os Reais Decretos de 1084/1984, do 29 de Febreiro, e 1054/1985, do 5 de Xullo, polos que se traspasan á Comunidade Galega as funcións do Estado en materia de protección de menores, e os servicios, institucións e medios persoais, materiais e presupostarios para o exercicio dos mesmos.

A Lei 4/1933, do 14 de Abril, de Servicios Sociais, publicada no DOG do 23 de Abril, establece no seu artigo 12, apartados 1, 2 e 3, os servicios sociais de atención especializada na área de familia, infancia e mocidade; establece os equipamentos que lles son propios, e enumera os diversos programas de intervención, como poden ser: adopción, acollemento familiar, atención diurna en centros, prevención de malos tratos a menores, erradicación da mendicidade, etc. Máis concretamente, o artigo 12.1 informa que os devanditos servicios de atención especializada terán que desenvolver actuacións encamiñadas á prevención e superación das problemáticas derivadas da desintegración familiar, así como á atención de menores en situación de desvantaxe ou inadaptación social. Por outra banda, o Decreto 196/1988, do 28 de xullo, desenvolve, no ámbi-

to da Comunidade Autónoma Galega, a Lei 21/1987, do 11 de novembro, pola que se regula a adopción, tutela e garda de menores.

Obviamente, existen outros Principios Xurídicos e Tratados Internacionais: Declaración dos Dereitos do Neno (Xenebra, 20 de novembro de 1959), Convención dos Dereitos do Neno (Nova York, 20 de novembro de 1989), Regulamentación Mímina das Nacións Unidas para a Administración de Xustiza de Menores, Regulamentación de Beijing, adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 29 de novembro de 1985, Recomendación do Comité de Ministros do Consello de Europa, R (87) 20. 17-9-1987, na que se establecen unha serie de recomendacións sobre reaccións sociais ante a delincuencia xuvenil, etc. Malia a todo o exposto anteriormente queda aínda por establecer unha Lei Xeral da Infancia, ou un Estatuto de Dereitos do Menor; en definitiva, un sistema artellado de principios, dereitos, deberes e medidas que protexan o máis eficazmente posible a infancia, ó tempo que a sitúe en posición simétrica respecto ó social.

O feito de que o concepto de inadaptación social necesite de

varias disciplinas para ser “atrapado” dificulta obviamente a súa definición, en todo caso, a súa relación co marco xurídico-social é patente, por isto a explicación relativa á orde xurídica ou institucional é absolutamente imprescindible porque segundo sexa a disposición, ideoloxía subxacente e articulación obxectiva da devandita orde, a práctica profesional do traballador, educador ou psicólogo social cambiará tanto como o “obxecto administrativo” da intervención é distinto. Así, por exemplo, ó psicólogo que traballe na área de protección de menores demandaráselle que traballe especialmente os estados “carenciais”, ó psicólogo que traballe no sector da reforma demandaráselle que actúe sobre as “inadaptacións”, conductas disociais, psicopatoloxías ou en funcións de apoio ó Xuíz de Menores. E pensando nun campo de menores non citado ata agora: o de todos aqueles adolescentes e xoves con prácticas de risco máis ou menos acentuadas, e que non acoden á estrutura dos servizos sociais, que son a maioría dos xoves en situación de dificultade social, ó psicólogo, en todo caso, demandaráselle prácticas profesionais vencelladas a estudos de prospección e traballo de carácter máis ou menos comunitario. Por iso é



importante analiza-lo lugar desde o que se xera a intervención, xa que facilmente podemos caer en visións unidimensionais do suxeito, en todo caso parcializadas ou "escotomizadas", máxime se o xove ten que pasar polo mal momento de desfilar por diversos Servicios de Atención: Saúde, Xustiza e Menores, sendo unha a súa problemática.

## SOBRE AS INSTITUCIÓNS

---

### I. A REFORMA

---

Foron moitos os autores e as escolas que se pronunciaron sobre a cuestión institucional na área de menores de reforma ou de protección; en todo caso, podemos informar da práctica desaparición das grandes institucións mixtas (institucións que tiveron unha longa vida, desde a postguerra ata entrados os anos oitenta), onde convivían menores clasificados como xoves delinquentes e aqueles outros tutelados polo estado, debido á situación de abandono na que se atopaban.

Arestora, como quedou exposto anteriormente, existen por Lei tres tipos de Centros de Reforma:

1. *Centros en réxime pechado*. Atenden a xoves procedentes dos Xulgados de Menores, que cometeran gravísimas infraccións, presenten un elevado índice de agresividade e xa se lles impuxese outro tipo de medidas que fracasaron. A duración máxima da medida son dous anos.

2. *Centros de réxime semia-berto*. Adolescentes e xoves procedentes dos Xulgados de Menores que non presenten conductas severamente desaxustadas, nin graves infraccións. Estes xoves adoitan saír da institución de forma controlada.

3. *Centros en réxime aberto*. Presentan unha configuración máis parecida á dun fogar funcional ou residencia. As actividades realízanse fóra da institución.

Admítese unha última variedade constituída polos Centros de Acollida de menores de reforma. Ditos centros son institucións con carácter altamente provisional para o menor, xa que as funcións que se desenvolven están orientadas á clasificación, diagnóstico e valoración dos menores delinquentes.

## MODELOS DE TRATAMIENTO

Obviamente non se pretende, nin moito menos, ser exhaustivo, pero si establecer uns marcos que se consideran básicos á hora de entender a evolución sufrida, así como citar cales, neste momento, das diversas técnicas existentes son as máis asiduamente empregadas.

Tomando só como referencia o período moderno, temos unha primeira época na que o menor era considerado nos mesmos termos có adulto, unindo o seu destino a este. Isto non quere dicir que non houbera serios intentos reformadores anteriormente, e que estes non deixasen semente; non obstante, o discurso de reforma social non era dominante. Pouco a pouco, e como efecto da Reforma Industrial, co traspaso da man de obra do campo á cidade e ás súas industrias, coa necesidade de instruír minimamente á clase obreira para que afrontase con garantías o manexo das máquinas, e co sentido crecente da conciencia obreira, vérase un cambio na visión e tratamento dos xoves inadaptados e da infancia. Non só se regulan as primeiras xornadas laborais para os traballadores, senón que se estipulan condicións laborais distintas para os nenos

obreiros, ó tempo que se acentúa o respecto polos dereitos ou as condicións de tratamento de medidas xudiciais. Pénsese que é en 1874 cando a Corte Americana reconece oficialmente o primeiro caso de malos tratos a un neno -caso Mary Ellen Wilson. Por certo, o argumento que debeu empregarse consistiu en que se ós animais se lles reconecían dereitos contra a crueldade, ¿como era posible que a un neno non se lle reconecesen, cando este era unha especie pertencente ó reino animal? (citado por Musitu y Gracia, 1993). Pouco tempo despois, o 21 de abril de 1889, constitúese o primeiro Tribunal para xoves da época moderna, na cidade de Chicago, e é en 1918 cando en España se crea o primeiro Tribunal Tutelar de Menores, en aplicación da Lei de Tribunais para Nenos, coñecida como Lei Montero Ríos. Lei que tiña como finalidade esgazarlo tratamento dos menores delincuentes do ámbito presidiario, creando para os nenos unha xurisdición especial, un lugar de internamento e tratamento propio: os reformatorios, e xerando as chamadas Sociedades Tutelares, con afán de protexer a infancia abandonada. É neste momento cando se suscita un debate pedagóxico sobre qué persoal debería atender os centros de refor-

ma, perdendo a tese dos defensores da Institución Libre de Ensinanza; deste xeito, os centro de reforma máis significativos pasan a ser rexentados por relixiosos amigonianos (por certo, un dos primeiros laboratorios de psicoloxía e o primeiro que se desenvolve especificamente para o estudio dos menores inadaptados é o creado por esta congregación relixiosa no Centro de Reforma de Amurrio, Bilbao). En xeral, nesta primeira época predominan as ideas de control e castigo.

Un segundo momento correspondente ós inicios e implantación de orientacións dinámicas dáse desde finais da segunda guerra mundial ata finais dos sesenta. Recordemos que os postulados de Freud se estenden rapidamente por Europa, e un fenómeno semellante ocorre nos Estados Unidos, tras dicta-las súas famosas cinco conferencias na Clark University daquel país. Teñamos presente só varias puntuacións: primeiro, Freud establece que o home non é o centro de si, senón o seu inconsciente; segundo, os nenos teñen sexualidade, que é por natureza perversa e polimorfa; terceiro, enténdese que todo home corresponde na súa estrutura a unha das seguintes categorías: psicose, neurose, ou perver-

sión; cuarto, hai na obra deste autor dous artigos esenciais para considera-la dinámica dos procesos de malos tratos e delincuencias: "Pegan a un niño" e "Los delincuentes por sentimiento de culpabilidad", Freud (1973). Nesta orientación psicoanalítica destacan diversos autores, que de forma máis ou menos heteroxénea tratan aspectos relacionados coa delincuencia xuvenil e a súa abordaxe: Melani Klein, Anna Freud: a propia filla de Freud, Aichhorn, Fiedlander, Spitz, e Winnicot; desde unha opción máis etolóxica e vincular teríamos a Bolwy, aínda que con Bolwy habería que facer unha excepción. En xeral as súas perspectivas corresponden á aplicación do modelo clínico, á asunción da etioloxía de carácter endóxeno, madurativo, asociada a transtornos nos procesos de crianza e máis concretamente á relación afectiva específica mantida coa nai e co pai, así como ó correspondente agromo crítico no inicio da adolescencia e xuventude, trala aparición intensa do mundo pulsional, a crise de identidade e a aplicación de mecanismos defensivos de carácter patolóxico. Todo isto produce a incorporación de profesionais do campo da saúde mental nos centros de atención a xoves delincuentes, á vez que se produce unha gran cantidade de

publicacións con amplas referencias a trazos de personalidade e estudos de casos individuais. A posición entre o profesional e o menor infractor, é totalmente asimétrica. O menor convértese en paciente, mentres que as institucións basicamente vertébranse en tres eixes xerarquizados: técnicos, persoal de asistencia, e menores.

Un terceiro momento iníciase a mediados e finais dos sesenta, co auxe e inicio do declive das técnicas conductuais, o comezo e avance dos plans americanos da época Kennedy de loita contra a pobreza, e o inicio oficial da psicoloxía comunitaria como disciplina académica na "conferencia de Boston". É certo que constitúen tres fontes diversas con peso relativo, específico e diferenciado. Non esquezamos que nace unha época enormemente caleidoscópica. En todo caso, nos centros de atención a menores de reforma comeza unha época de implantación de programas tratamentais non estritamente clínicos, programas de raíz máis psicolóxica como poden ser as terapias de grupo, o psicodrama, deseños de corte educativo, con accións formativas e laborais alongadas do modelo médico e da relación diádica. Sen dúbida que este distan-

ciamento non foi frío e obxectivo, senón que se produciu de forma apaixonada, o que ocasionou fenómenos de substitución e compensación. Isto explicaría a aplicación, ás veces, tan ríxida, dos modelos conductuais baseados na psicoloxía da aprendizaxe, nos que a conducta basicamente é aprendida; na importancia dos determinantes actuais, e non pasados, para planificar as accións de cambio; no social como lugar de aprendizaxe, e na importancia de que participen nos tratamentos outras figuras vencelladas ó menor. Sen embargo, ese apaixonamento deu lugar a intervencións frías, asépticas, moi masivas, con aplicacións rigorosas de programas de economía de fichas, entre outras técnicas de control e contención, que evidentemente ofreceu os seus froitos positivos, pero sempre dentro do contexto institucional, o que prexudicaba os procesos de xeneralización e adaptación a contextos de liberdade (problemas relacionados coa validez ecolóxica) e que, en definitiva, orixinaba o cuestionamento de todo o traballo realizado ó non alcanzarse os obxectivos xerais propostos nos programas. Sendo esta unha época de profundas e abertas contradicións, era normal observar como paralelamente se producían alternativas máis enfocadas ó

social e á apertura dos marcos institucionais; de feito prodúcese obxectivamente noutros campos (saúde mental, hospitais psiquiátricos) unha profunda saída ó exterior (sectorización, prevención, etc.); un desmantelamento institucional dos grandes centros asilares, e unha formulación crítica dos procedementos terapéuticos empregados ata o momento.

Un cuarto tempo sería o que se desenvolve na actualidade, vertebrado en varios eixes: desde o punto de vista institucional, co emprego de técnicas de carácter cognitivo, programas de aprendizaxe de habilidade sociais, ó considerar que os menores inadaptados carecen dun repertorio básico de formas de relación e interacción. aínda máis, desde as teorías do déficit pódese considerala aportación de Wolf, e e outros (citado por Garrido Genovés, 1989), na que se suxire a existencia dunha deficiencia social (social disability) nos xoves con conducta delictiva grave, sendo esta concibida como expresión dunha condición deficitaria xenérica, posta en práctica das ideas sobre desenvolvemento moral de Kohlberg. É un lugar común atopar nos xoves internados en centros de reforma dificultades á hora de elaborar procesos de pensamento, dificultades para

seguir de forma lóxica os diversos pasos dun proceso racional, coherente e sistemático de pensamento, e polo tanto establece-las axeitadas cadeas causais de orde simbólica que implica toda elaboración mental consciente. Esta é a causa de que se establecesen programas cognitivos de resolución de problemas, e de resolución de problemas interpersoais, como os propostos por Spivack, Platt e Shure, citado por Garrido Genovés, 1986. En todo caso, conséntase unha apertura das institucións ó exterior; aínda que ongrao de apertura sempre dependerá do tipo de institución de reforma da que se trate; non obstante, establécense programas de intercambio bidireccional entre a sociedade, a rúa e a institución, ocupando o devandito proceso un lugar destacado, específico, tanto dentro do proxecto, como establecendo unha configuración xeral da vida cotiá no seo da institución.

Outro eixe básico para comprendérmo-la época actual será aquel que establece a importancia dos programas preventivos, é dicir, o eixe comunitario, perspectiva que marca non só a importancia fundamental da prevención, senón a ineludible necesidade de implementar programas de intervención psicossocial que

traballen co xove problemático e coa súa comunidade, establecéndose, tamén, os oportunos programas de reinserción sociolaboral e educativa, buscando un desenvolvemento do tecido social, unha transformación das redes sociais existentes, situándose na óptica do cambio, xerando outras novas, unha máxima utilización dos recursos da comunidade nun plano de simetría respecto ós técnicos, e creando lugares axeitados de escoita e participación dos cidadáns. De tal maneira que os profesionais, na medida en que deseñen axeitados programas comunitarios, tendan á súa disolución e eclipsamento. Traballo comunitario de fondas raíces ecolóxicas e sistémicas.

#### O RISCO DO TRABALLO INSTITUCIONAL. VANTAXES E INCONVENIENTES

Certos sectores profesionais entenden que non se pode traballar no marco das ciencias sociais: Psicoloxía, Educación social, etc, se non se dan unha serie de condicións, a saber: exercicio profesional desde un marco de liberdade, dirixido a suxeitos en liberdade e que voluntariamente acceden á intervención.

Desde a óptica dos traballadores que realizan as súas funcións en institucións con menores de reforma, este pensamento habería que matizalo especialmente en canto á voluntariedade do tratamento e liberdade do menor. Así temos que se adoitan cita-las seguintes vantaxes do tratamento institucional:

- A existencia destes centros exerce un labor de protección, non só da sociedade respecto ó xove infractor, senón tamén do xove respecto a si mesmo, ás súas angurias e ansiedades. En todo caso, admítese que se produza unha retirada da circulación social do suxeito.

- Igualmente se admite que en determinadas situacións se protexe o xove de claras situación de persecución social, especialmente cando os feitos cometidos revisten certos caracteres de gran alarma social.

- En todo caso, trátase dunha privación de liberdade establecida polas leis que nos deron.

- A devandita privación de liberdade supón un proceso de control e continuación, graduado, que facilita un marco de actuación sobre



o suxeito mesmo. Cuestión distinta é que o marco se constituía en finalidade, ou, o que é o mesmo, que a institución se converta en obxecto de si, perdendo a referencia á poboación interna e ós suxeitos que a constitúen, pois neste caso non se poderían establecer procesos de melloría nos xoves; serían, simplemente, institucións de castigo.

- A institución sempre supón unha parada na carreira delictiva do xove e, polo tanto, unha posibilidade de reflexión e reorganización persoal; o que, entre outras cousas, constitúe unha melloría en habilidades básicas, aprendizaxes académicas, hábitos, coñecementos prácticos, mellora do autoconceito e autoestima, etc., e isto independentemente, en certa forma, de obxectivos xerais máis amplos.

- En todo caso, establécese un lugar e un tempo no que o adulto cobra unha dimensión radicalmente distinta á percibida polo xove ata o momento; un adulto capaz de aportar unha presenza significativa, de canaliza-las enormes moreas de anguria, perda e dó que sofren estes xoves; un adulto que establecerá os oportunos procesos de mediación significativa, contribuíndo a incrementa-la autoestima, a seguridade

persoal e o axuste psicolóxico; a reiniciar ó menor en procesos alternativos de socialización, expresión de necesidades e manifestación de afectos; coloreando o mundo emocional do xove máis alá das mediocres tonalidades creadas e percibidas ata o de agora; sendo testemuña da conquista dun desexo por parte do xove máis alá da “voracidade polos obxectos”, do paso ó acto, ou da “fame de estímulos”.

#### DOS INCONVENIENTES

- Hai que citar aqueles que fan referencia á poboación interna: perda da liberdade e, polo tanto, dificultade para establecer procesos de responsabilización; risco de profundización e extensión de pautas culturais marxinais; risco de aparición de fenómenos patolóxicos encubertos e institucionalización.

- Respecto á relación co medio social, é importante sinalar que na medida na que os xoves son apartados da circulación social, os profesionais actúan por radical delegación xurídico-social o que supón un fácil decantamento cara a accións encamiñadas a palia-los conflitos, á mera intervención en crise, quedando nun segundo plano proxectos e



tarefas destinadas á prevención e reinserción social, xa que o groso da intervención tende a darse no seo da institución, de forma illada do contexto, xerando indirectamente a idea de que estas institucións, de forma illada do contexto, serven para responder, permitindo o ingreso de xoves en momentos de crise e presumible crispación social. E aquí está a importancia da ancoraxe destes centros na estrutura social, rede de recursos e apertura a sistemas informais de apoio.

- Respecto ós profesionais, é usual, e non por iso menos certo, cita-los deficit de formación, a escasez de programas de avaliación, as exiguas dotacións dos recursos humanos, etc.; pero tamén é de todo punto crucial sinala-la aparición de fenómenos de institucionalización entre os primeiros traballadores do sector; fenómenos non facilmente atallables, debido a que en parte son manifestación de causa efecto dos deficit e dificultades subliñadas anteriormente.

## II. A PROTECCIÓN

---

Actualmente os grandes internados de menores están condenados

á extinción, como no seu tempo o estiveron os dinosaurios, polo que non se tratará xa de fenómenos de masificación asistidos, de cubri-las necesidades básicas dos xoves, ou de que sexan institucións de "coitados"; senón que desde unha visión distinta do adolescente e xove, como suxeitos en crise e transición, ós que por outra parte non chega normalmente a rede de recursos sociais. Os Centros de Atención a menores terán que propoñerse, sen posibilidade de retorno, políticas axeitadasde intervención institucional, que pasan necesariamente pola configuración de Programas Socioeducativos, onde precisamente os eixes dos proxectos recaian na participación dos xoves no seu desenvolvemento; de tal xeito que o xove perda a condición de asistido, de paciente, e recobre aquela outra de membro activo do sistema, portador significativo de historia, capaz de procesos autónomos relacionais. Posibilitar que esta condición do xove se manifeste é impensable se, á súa vez, a propia institución non se descentra de si mesma, non se sitúa no social, non analiza os obxectivos estratéxicos necesarios para incardinarse no comunitario, e non establece os axeitados controles de Evolución Interna e Supervisión Externa.

É certo que un Centro debe dotar de seguridade a un xove; é certo que unha institución imporá límites ó adolescente, pero non é menos certo que todo servizo que traballe con adolescentes deberá se-lo suficientemente dinámico e flexible para ofertar ós xoves proxectos e propostas sedutoras que posibiliten, moi especialmente, outros percorridos de transición, o que en perspectiva institucional se concreta elicitando no propio adolescente a súa participación activa na política institucional, xerando Proxectos Educativos sociais participativos, vertebrados en Subprogramas de Inserción Familiar, Sociolaboral, de Lecer e Tempo Libre, Proxectos Opcionais Libres; de Atención Individualizada, de seguimento Postinstitucional que, xunto a outros, se acaso máis clásicos, como son os de Apoio Escolar, Convivencia, Pretalleres, Educación Física, Educación para a Saúde contribúan a estrutura-la institución, dotándoa de contido e sentido, pero fundamentalmente de potencia suficiente como para ensancha-los seus límites, producindo, silandeiramente, un estalido de transformación e cambio, un esgazamento dos elementos estruturais máis anómalos, e proporcionando de forma sistémica e compacto con outros servizos unha instauración de

novas estruturas intermedias: Pisos Funcionais, Casas a Medio Camiño, Centros de Día, Acollementos Familiares, etc.

O efecto é claro: a entrada nun proceso de transformación da institución na medida que entra en relación con algo que é da orde do Social: a Comunidade e as Redes sociais, xa que os devanditos Programas deberán estar inmersos nun marco xeral, que, no primario, clarifique cal é o proceso de aportes significativos que unha institución pode brindar ó contorno, especialmente no referente ó campo da Infancia e Xuventude, Familia, etc.; e no secundario, desenvolva un sistema pedagóxico participativo, que posibilite unha axeitada intervención coa poboación ingresada; e, no terciario, potencie os aportes persoais e sociais, necesarios e suficientes para a normalización da vida cotiá dos menores fóra do encadre residencial, de xeito que a Reinserción Social non sexa só o final dun proceso, senón que constitúa desde o principio un obxectivo prioritario da intervención.

Colocarse na devandita posición implica/complica á Institución, xa teña unha ou outra configuración,

atenda a unha ou outra poboación de xoves, estea encravada nun ou noutro territorio; xa que supón organizar os servizos persoais, a loxística, os tempos e os modelos de intervención, etc., non tanto en función do xa instituído, senón do cambio e dunha certa función instituínte, dentro dun sistema relacional Neno/Sistema Social-Institución, onde os Proxectos de Intervención se convertan en instrumentos privilexiados da relación Neno/Profesional, axudando a triangular-la relación, a establecer operacións educativas, a crear climas terapéuticos. Agora ben, na Institución agroman os desexos dos profesionais, do persoal de servizos, da propia administración e, obviamente, dos menores. Por iso se precisa establecer operativos de Supervisión Externa e Avaliación Interna, que tendan a promover un sistema garante da ética das relacións. Doutra maneira, deixaríanse camiños abertos á expresión das rutinas, das paixóns..., obstruíriase o funcionamento da Lei, e facilmente de Menores, de ser un lugar de encontro, pasaría a ser un lugar onde o Obxecto e o Suxeito da Institución quedarían confundidos, e a Institución pervertida.

## RESUMO

No artigo pásase revista a cuestións claves relacionadas coa inadaptación social infanto-xuvenil desde a perspectiva das intervencións institucionais que se realizan na área de reforma e protección de menores, unha vez realizado un breve acercamento conceptual e diagnóstico.

## BIBLIOGRAFÍA

- Adigny, F. (1980): *Los vagabundos eficaces*, Laia, Barcelona.
- Albrech, A. (1990): *El derecho penal de menores*. PPU, Barcelona.
- Asociación Americana de psiquiatría (1988): *DSM-III-R. Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales*, Mason, Barcelona.
- Basanta Dopico, J. L. (1990): "Instituciones de Menores " en *Cadernos de Psicología*, nº 10, pp. 11-14.
- Bronfenbrenner, U. (1987): *La ecología del desarrollo humano*, Paidós, Barcelona.
- Foucault, M. (1978): *Vigilar y castigar*, Siglo XXI, Madrid.
- Freud, S. (1973): *Obras Completas*, Biblioteca Nueva, Madrid.
- Friedlander, K. (1981): *Psicoanálisis de la delincuencia juvenil*, Paidós, Barcelona.
- Fuentenebro, F. e C. Vázquez (1990): *Psicología Médica, Psicopatología y Psiquiatría*, Interamericana, McGraw-Hill, Madrid.
- García Roca, J., e outros (1991): *Pedagogía de la marginación*, Popular, Madrid.

- Garrido Genovés, V. (1986): *Delincuencia juvenil*, Alhambra, Madrid.
- Garrido Genovés, V. (1989): *Pedagogía de la delincuencia juvenil*, CEAC, Barcelona.
- Garrido Genovés, V. e M. Vidal del Cerro,(1987): *Lecturas de pedagogía correccional*, Nau Llibres, Valencia.
- Goffman, E. (1972): *Internados; ensayo sobre la reeducación de los jóvenes delincuentes y otros*, Amorrurtu, Buenos Aires.
- Gracia Fuster, E. e G. Musitu Ochoa, (1993): *El maltrato infantil; Un análisis ecológico de los factores de riesgo*, Ministerio de Asuntos Sociales, Madrid.
- Guindon, J. (1972): *Las etapas de la reeducación de los jóvenes delincuentes y otros*, Marfil, Alcoy.
- E. Kazdin, A. (1988): *Tratamiento de la conducta antisocial en la infancia y adolescencia*, Martínez Roca, Barcelona.
- Leo, G. de, (1985): *La justicia de menores*, Teide, Barcelona.
- Luengo, M. A., e outros (1985): *Lecturas sobre delincuencia juvenil*, Tórculo Textos, Santiago.
- Makarenko, V. (1987): *Poema pedagógico*, Gredos, Madrid.
- Marcelli, D., A. Bracomier, e J. Ajuriaguerra,(1986): *Manual de psicopatología del adolescente*, Toray-Masson, Barcelona.
- Martín Barroso, L. (1984): *La fuga de menores prevención y tratamiento*, Cincel, Madrid.
- Martínez Reguera, E. (1988): *Cachorros de nadie*, Popular, Madrid.
- Mause, L.I. de (1982): *Historia de la infancia*, Alianza, Madrid.
13. Leo, G. de (1985): *La justicia de menores*, Teide, Barcelona.
- Michelson, L., e outros (1987): *Las habilidades sociales en la infancia y adolescencia*, Martínez Roca, Barcelona.
- Musitu Ochoa, G., e outros (1980): *Familia y educación*, Labor Universitaria, Barcelona.
- Organización Mundial da Saúde (1992): *CIE-10. Trastornos mentales y del comportamiento*, Meditor, Madrid.
- Ortegan Esteban, J. (1979): *Delincuencia, reformatorio y educación liberadora*, Zero, Madrid.
- M. Platt, A. (1982): *Los salvadores del niño o la invención de la delincuencia*, Siglo XXI, Madrid.
- Sánchez Chamorro, M. (1981): *Psicoteapia dinámica en la delincuencia juvenil*, Herder, Barcelona
- Valverde Molina, J. (1988): *El proceso de inadaptación social*, Popular, Madrid.
- Vega, A. (1989): *Pedagogía de los inadaptados sociales*, Narcea, Madrid.
- Vicente Garrido, G. (1984): *Delincuencia y sociedad*, Mezquita, Madrid.
- Zabalza Veraza, A. (1989): "Estrategias de intervención socioeducativa ante los inadaptados sociales: una reflexión desde la práctica de trabajo en pisos", *Menores*, 15, pp. 17-42.

## OS VELLO NA FAMILIA

---

Agustín Sixto Seco

Patronato Rosalia de Castro

Non é a primeira vez que trato, literariamente, o tema dos vellos. Hai dous ou tres anos, con ocasión da inauguración dun ciclo cultural das santiaguesas *Aulas da terceira idade*, ocupeime do asunto debullando en público o provocativo título de *¿Deben namorarse os vellos?*. Daquela, e despois de rexeitar, por enésima vez, o apelativo de *terceira idade* co que se enfaixa numericamente a nobilísima etapa humana da vellez, fíxenlle un caneo ó mesmísimo Alfonso Daniel, e con non pouca compracencia dos home e mulleres alí presentes, animeinos a seguir namorándose a diario. Pois ben sei eu, e tamén o saben eles, que *Os vellos non deben namorarse* que o ilustre rianxeiro deixou escrita, non é outra cousa ca unha simpática farsa especialmente adobada para a representación teatral. Na vida real, dixen daquela e sosteño agora, os vellos poden e deben namorarse. Porque, á luz dos modernos coñecementos da inmuno-neuro-psicoloxía, nin-

guén ignora que o amor non é so, nin tan sequera maiormente, pura xenitalidade. Máis ben o amor é, ante todo, intercambio de sentimentos. E a súa intensidade non se mide polos logros sexuais, senón pola tenrura coa que cadaquén se entrega ó outro no xogo amatorio.

Noutra ocasión, esta dirixida ós meus colegas médicos que me tiñan convidado para clausurarlles un Congreso, preguntábame, xa no título, onde están *As fronteiras psico-biolóxicas da vellez*. Daquela aproveitaba eu a resonancia dunhas frases pronunciadas en Estocolmo por Camilo José Cela na recepción do *Premio Nobel de Literatura*, para salienta-la positiva propensión que todos temos a seguir sentíndonos mozos. Decía Cela no seu *Elogio de la fábula* (9.12.89): "No sé dónde pueda levantar su aduana la frontera de la vejez; pero, por si acaso, me escudo en lo dicho por *don Francisco de Quevedo*: todos deseamos llegar a

viejos y todos negamos haber llegado ya”.

E aínda falei unha terceira vez sobre este mesmo tema cando a nosa colectividade no alén-mar me honrou coa distinción da Medalla de Ouro do Centro Galego de Buenos Aires, en outubro de 1992. Daquela, tal vez mergullado eu na certeza de que alí me estaban escoitando as testemuñas humanas dunha raza trans-terrada que se negaba a desaparecer cos vellos patrucios, faleilles de *A vellez na encrucillada*. E para animais nos seus afáns de pervivencia, presenteilles este clarificador parágrafo dunha obra en castelán do Dr. Ulrich Hinderer, famoso cirurxián-plástico: “Yo no puedo hacer milagros. La gente se hace vieja cuando deserta de sus ideales; no cuando se arruga por fuera”.

Agora que desde a Consellería de Educación se me pide unha colaboración para unha revista coa que van participar na celebración do Ano Internacional da Familia, quixen traer aquí estas antigas reflexións sobre a vellez, para ver de situa-los nosos maiores no seo das súas familias, recanto de onde a propia sociedade, se non se corrixe co cego hedonismo que nos invade, acabará por botalos.

Ó máximo responsable da área de Educación no Goberno de Galicia, gustaralle que lle lembre, pola súa especialización académica de latinista, esta sentenza de Cicerón nas *Filípicas* (11, 15, 39): “Nihil enim semper floret; aetas succedit aetati”. Certamente, “nada hai que estea sempre en flor; unha idade segue a outra”. De modo que si, como a min me gusta, facemos caso da teoría do Dr. Gregorio Marañón segundo a cal ó neno cádralle a obediencia; ó mozo, a rebeldía; ó home adulto, a moderación; e ó vello, a adaptación, ¿onde mellor ca no seo da súa propia familia vai atopalo vello a adaptación que lle cómpre?

Nada teño eu contra das ben intencionadas Residencias para Anciáns. Mellor iso ca nada, ou co desleigado abandono dos vellos. pero hai que andar con moito tino nisto de buscarlles acomodo; porque de como o fagamos vai depende-la calidade, e mesmo a felicidade, dos derradeiros pasos dos nosos maiores.

Quen nos goberna, e máis todos nós e os propios vellos -pois é a eles a quen máis lles vai no asunto-debería non esquecer que cada un de nós ten que vivi-la súa propia vellez, como ben afirma L. Faurobert, famoso diplomado do I. de E.F. da Univer-



sidade de París: "Con independencia da singularidade biolóxica, o elemento esencial nos procesos de envellecemento ven dado pola personalidade de cada quen. Por iso é un erro pretender agrupa-las persoas en terceira ou cuarta idade. nisto, coma en tantas outras cousas, no home non existe equivalencia; e cadaquén envellece á súa maneira. Reduci-los seres humanos a unha media estatís-

tica constitúe un despropósito.... Dentro do grupo chamado da "terceira idade" non poucas persoas contiñúan conservando as mesmas posibilidades cá maioría dos máis mozos, e ás veces moitas máis. Temos que eliminar das nosas mentes toda idea de segregación por mor da idade, que o único que fai é marxinarlos. Calquera individuo enclaustrado nun grupo, deshumanízase".

Velaí, polo tanto, como os beneficios das actividades que os vellos atopan hoxe en día nos programas culturais e lúdicos das afamadas "Aulas" se verían complementados se, tralo disfrute en común desas actividades, os vellos voltasen ó fogar que teñen de seu, á familia. Unha situación que, por facilitárllela normal adaptación, os levaría a unha ancianidade máis feliz.

E non se pense que falo a fume de palla. Saben ben os especialistas nestes temas que as investigacións neurofisiolóxicas empezan a aclarar-las grandes influencias psicolóxicas sobre a bioquímica do envellecemento e mesmo da lonxevidade. Hoxe, por exemplo, os neurofisiólogos saben que as endorfinas, auténticas drogas químicas que segrega o cerebro, axudan a diminuí-las dores asociadas ó fenómeno natural do envellecemento. E son os propios neurocientíficos quen andan buscando o nexo entre a bioquímica do cerebro coa conducta humana. Algo que, curiosamente, xa fora xenialmente intuído no século XIX polo célebre neurólogo francés Charcot, que investigaba a etiloxía psicósomática dos ataques histéricos. Investigacións que logo seguiron figuras tan sobranceiras coma Freud, Young

ou Sely, que puxeron os alicerces dunha fascinante ciencia investigadora que nos vai permitindo explicar os mecanismos neurofisiolóxicos e os mediadores químicos polos que os estados psicolóxicos e as influencias medioambientais actúan sobre o corpo humano.

Coñecendo todo isto, por moi superficial que sexa o coñecemento, ¿negarémola benéfica influencia que a inserción na familia debe producir nos vellos?

Eu proporía que, entre todos, tentemos facer falsa a sentenza de Séneca en "Hércules Oeta" (643). "Rarum est felix idemque senex", axudando a conseguir que, en contra do que di a sentenza, non "sexa pouco frecuente encontrar a alguén feliz e vello ó mesmo tempo".

Porque non é certo como di Terencio en Phormio, 575 "senectus ipsa est morbus" (a vellez é en si mesma unha enfermidade). É, sen mais, un estadio normal na normal evolución do home.

Non o sei con seguridade. Pero algo me di que non tardaremos moito en saber con detalle por que é no seo da familia onde os individuos



envellecen menos rapidamente ou viven máis tempo ca outros. Cando iso aconteza, estaremos dando o primeiro paso para a formulación das condicións externas e internas que permitirán que un maior número de persoas vivan tanto e tan felices coma as que máis viven actualmente.

Porque, non o dubidemos (eu polo menos non o dubido e por iso pecho citando ó mesmo clásico co que abrín), ten razón Cicerón cando afirma en "De Senectute" (7,24) que "ninguén é tan vello que non crea poder vivir un ano máis"





# *Prácticas*

- ☞ Demografía e Familia  
*J. Jaime López Cossio*
- ☞ Itinerarios escolares.  
*Pablo Angel Meira Cartea*
- ☞ A Familia en terapia  
*Emilio Gutiérrez García*
- ☞ Terapia familiar de conducta  
*Olga Díaz Fernández*  
*Manuel A. Sanabria Carretero*
- ☞ Desaxustes do sistema familiar...  
*José Antonio Ríos González*
- ☞ Reflexións desde a experiencia de traballo...  
*Miguel Angel López Folgueira*



## DEMOGRAFÍA E FAMILIA

---

*J. Jaime López Cossio*

*Avogado*

As tendencias demográficas son sempre unha circunstancia de feito da actuación política, sen entrar na controversia de ata que punto son causa ou consecuencia desta. E se esta afirmación é certa para o conxunto das políticas sectoriais, sexan as que rexen a educación, o traballo, a saúde ou calquera outra, moito máis se nos referimos ó que chamamos "política familiar", identificada pola súa autonomía e especificidade dentro do concepto máis amplo de política social.

Máis aínda, a cuestión demográfica constitúe para moita xente a razón de fondo que xustifica a actualidade e mesmo a necesidade dunha política familiar, porque poucas cousas repercutirán máis a medio e longo prazo no conxunto das presentacións sociais cos efectos derivados da evolución da demografía. E os que pensamos que o contido e a transcendencia dunha política que con-

temple a promoción e protección da familia vai máis alá da necesidade de afrontar ou corrixir unha tendencia demográfica que pode considerarse perigosa, tampouco podemos obvias as implicacións mutuas entre demografía e familia.

Parece evidente que a estabilidade familiar favorece o crecemento poboacional, xa que a familia representa o marco natural e axeitado para o nacemento e a educación dos fillos. E, loxicamente, a existencia dun conxunto de actuacións protectoras e promotoras da familia, é dicir, dunha política familiar sólida e continuada, é a mellor garantía para a renovación xeneracional e o pilar que sustenta unha verdadeira política demográfica. Sobre todo cando esta debe ser, porque así o demandan as circunstancias, un signo natalista.

Pero a necesidade dunha política familiar ten, ademais deste,

outros fundamentos. A familia, que constitúe unha auténtica sociedade primaria e está baseada na mesma natureza, en tanto que supón unha unidade de convivencia cohesionada polos máis fortes vínculos afectivos, ten valor en si mesma e non só como instrumento dunha política demográfica conxuntural. O seu papel estabilizador do conxunto do tecido social, a súa función educadora insubstituíble, o seu carácter preventivo respecto de moitos problemas sociais que ocultan a conflictividade ou a inestabilidade das familias de quen os provoca e os padece. Máis aínda, en tempo de recortes de prestacións sociais, o papel que desempeña a familia como garantía duns mínimos niveis de dignidade que impide que moitas persoas caian na verdadeira pobreza, é dicir, a súa función de última rede de protección social á que sempre pode acudirse. Por todas estas, e outras razóns que poderían atoparse, a recuperación da familia como obxecto de protección e promoción desde as Administracións Públicas é unha necesidade de tal magnitude que está chamada a se-lo centro da nova política social.

Sen embargo, é certo que a súa relación coa evolución demográfica e a preocupante situación desta

contribúen tamén a volver-los ollos á familia como aliada imprescindible.

Deste xeito, e para completa-los diferentes aspectos que atanguen á política familiar, resulta inevitable achegarse á situación demográfica de Galicia e do seu contorno xeopolítico. Esta aproximación debería abranguer, dunha banda, unha sólida análise estatística, e doutra, unha interpretación sistemática dos datos resultantes. Pero como queira que o presente traballo se move no eido da reflexión e non no da investigación, servirémonos de datos xa coñecidos provenientes de diferentes enquisas e traballos de campo e capaces de reflectir tendencias das que poidan concluírse actitudes sociais máis ou menos consolidadas, e non só datos puntuais ou conxunturais.

Parece fóra de toda dúbida que Europa, alomenos a Europa Occidental coa que podemos identificarnos con maior facilidade, envellece dun xeito acelerado e progresivo. Pode afirmarse que o nivel de envellecemento aumentará a un ritmo cada vez máis amplo, de manterse as tendencias actuais, e practicamente sen excepcións nacionais. Por poñerlle números a esta pendente, no ano 2025 máis do 20% dos europeos

terán 65 ou máis anos de idade. O risco de desequilibrio do actual réxime de prestacións sociais, froito da diminución da poboación activa, é evidente, e constitúe un dos grandes retos dos vindeiros anos, coa única alternativa de inverter ou deter esta tendencia ou reducir drasticamente estas prestacións.

No contexto europeo esta tendencia iniciase a mediados dos anos 60, agudizándose desde a segunda metade dos 70. En concreto, se tomamos como referencia a media de fillos por parella, de 2,85 no ano 1964, pasouse a 1,95 en 1973 e a 1,76 en 1980, chegándose a 1,25 nos casos extremos de Alemaña, Holanda e Dinamarca, durante os anos 80. España e Italia incorporándose tardamente a esta tendencia de baixa natalidade, pero na última década superaron os índices dos veciños do norte continental, ata 1,38 fillos/muller no caso español. Por outra banda, e dun xeito complementario, o alongamento da esperanza de vida contribúe polo outro extremo ó envellecemento poboacional.

Pero no caso galego as tendencias aumentan no tempo e nos números. A poboación maior de 65 anos supera o 14% da poboación, e

se nos referimos ás zonas rurais alcanza o 16%. Como resultado da baixa natalidade, a poboación descende xa en termos absolutos e o peso demográfico da nosa rexión non chega ó 7% en relación co conxunto de España, cando hai pouco máis dun século representaba máis dun 11%.

Nin sequera cabe argüír a tradicional tendencia emigratoria como explicación da diminución absoluta de poboación, xa que desde o ano 1983 son máis os galegos retornados cós que abandonan a rexión.

É tal a transformación da estrutura poboacional, tan rápida e profunda, que se fai necesaria unha visión máis pausada da situación demográfica en Galicia, se queremos coñecer mellor a difícil situación actual.

Así, a taxa de natalidade galega é do 8,2 /por mil, e a taxa de mortalidade, do 10,14 /por mil; fronte ó 8,22 /por mil e o 9 /por mil, respectivamente, no caso español e europeo. Unha situación que é ademais xeograficamente xeneralizada, xa que máis do 70% dos municipios teñen taxas de natalidade por debaixo do 10 /por mil. E tendo en conta que para tan só garanti-lo relevo xeneracional é necesario un número de fillos por

muller non inferior ós 2,1 e que o índice galego se sitúa por debaixo de 1 fillo /muller, temos que apuntarnos,unanimemente, á teoría da gravidade da nosa situación demográfica e da urxente necesidade de tomar medidas ó respecto.

A primeira cuestión que isto suscita non é outra que a da lexitimidade dos poderes públicos para actuar sobre unha materia que parece exclusiva da vontade das parellas. É certo que calquera política familiar e demográfica ten o seu límite na liberdade individual, e que esta debe se-lo criterio en cantas medidas se proponían. Pero tamén é certo que os últimos anos negaron a capacidade autorreguladora da estrutura demográfica, polo que a propia sociedade corre serio risco de desequilibrios que poden levala mesmo á desaparición. Desde esta perspectiva, non só é lexítima se non imprescindible a intervención dos poderes públicos, aínda que só sexa para procura-lo equilibrio dos niveis reproductivos.

Xorde entón a cuestión da eficacia, mesmo da posibilidade dunha política demográfica que poderíamos definir como "natalista". Hai quen sostén que, independentemente do papel máis ou menos intervencionista que se asigne ós poderes públicos

nesta materia, as tendencias demográficas responden a designios sociais non inducidos, e atribúe a caída dos últimos anos a un mero movemento de reacción fronte a dinámicas anteriores. É dicir, a "lei do péndulo" como explicación única da perigosa situación na que nos atopamos, e un pretendido "cambio de mentalidade" como único responsable. A conclusión sería a inutilidade dunha política demográfica e a obriga de agardar tempos mellores.

Non comparto semellante criterio. Aínda recoñecendo a existencia de factores sociolóxicos que escapen da relación directa coas actuacións das instancias de decisión pública, é evidente que determinadas políticas teñen unha incidencia directa nas tendencias ás que nos referiamos con anterioridade. No caso español e galego, a inexistencia dunha política de apoios fiscais, ou dunha maior consideración dos fillos na política da vivenda, e aínda a falla dunha estrutura suficientemente desenvolvida de garderías e centros de atención á infancia, son exemplo de ata que punto existe relación entre as actuacións políticas e a situación demográfica que padecemos. Para reforzar este argumento abonda dicir que o número de familias españolas que teñen beneficios



directos polas políticas públicas só chega o 2%, mentres en Francia ou Bélxica se move entre o 18 e o 23%.

Podemos afirmar que existe no caso español, unha verdadeira política anti-familiar, o que resultou ser anti-natalista, segundo demostran os datos estatísticos expostos. E, deste xeito, podemos tamén afirmar que hai unha grave responsabilidade política do Goberno da Nación, que é o competente nas medidas que configuran a política demográfica, que son, basicamente, de carácter fiscal, laboral e de seguridade social.

Baixando ós exemplos concretos, en España o trato fiscal dos fillos non só é peor có que disfrutaran a maioría dos países europeos, senón que a dedución da cota por fillo a cargo non compensa co que o fillo supón como imposto ou custo, sexa directo ou indirecto. Ademais, como queira que a dedución non beneficia ás familias que pola súa baixa renda non teñen a obriga de declarar nin a aquelas con cotas inferiores ás deduccions, as familias máis necesitadas quedan fóra do mecanismo fiscal de protección familiar. A denunciada discriminación das familias cun só perceptor fronte ás que obtéñen renda pola suma dos dous cónxuxes, completan un cadro de políti-

ca fiscal que nin protexe nin moito menos promociona a familia e, polo tanto, tampouco a natalidade.

En materia laboral, resulta decisiva a análise da compatibilidade entre a esfera familiar e o desenvolvemento familiar, ou, dito noutras verbas, entre o exercicio da maternidade e da paternidade e dunha actividade laboral continuada. Aceptado o feito positivo da incorporación xeneralizada da muller ó traballo, o que supón posiblemente o maior avance social da segunda metade deste século en materia de igualdade entre os sexos, a cuestión está en garanti-la compatibilidade entre o familiar e o laboral.

Na medida en que a maternidade condicione ou mesmo imposibilite na práctica o acceso ó emprego da muller, manterase unha discriminación de feito. E se a decisión da muller, provocada pola falla de cumprimento desa compatibilidade, é a de preferi-la súa carreira laboral ou profesional, resulta tamén discriminada nos seus lexítimos intereses familiares, e ademais a sociedade será incapaz de corrixi-la caída da natalidade.

Esta cuestión agrávase polo efecto perverso que pode derivarse da

hiperprotección, xa que o mercado de traballo presenta unha demanda de postos superior á oferta, e á liberdade de contratación da que lexitivamente goza o empresario pode xogar en contra da muller.

Especialmente importante nesta materia é a teoría da chamada "discriminación indirecta", definida pola Comisión Europea como aquela que se produce cando "unha disposición, criterio ou práctica aparentemente central prexudica dun xeito desproporcionado a persoas dun ou doutro sexo, especialmente en relación coa situación matrimonial ou familiar e non está obxectivamente xustificado por ningunha razón ou condición necesaria non vinculada ó sexo da persoa". No contexto do emprego, e seguindo co caso español, identifícanse claramente supostos que poden considerarse exemplos de discriminación indirecta e que, por conseguinte, teñen tamén un efecto negativo sobre as familias e a natalidade. Pensemos no papel que ten a antigüidade na promoción profesional ou na remuneración, e no prexuízo que isto causa ás mulleres que optan por ter fillos e interrompen, aínda que sexa temporalmente, a súa vida profesional, véndose discrimina-

das fronte ós homes, ou "obrigadas" a renunciar ós fillos para mante-las súas aspiracións laborais. Ou no caso dos despidos encubertos, por unha interrupción da actividade a causa dun embarazo. Ou mesmo na discriminación para acceder ó emprego, que beneficia ás mulleres solteiras ou sen fillos, como demostran as preguntas respecto da situación matrimonial ou material en moitos procesos de selección de persoal.

Todos estes son exemplos dunha política laboral inadecuada no que se refire á protección da familia e dos fillos. Habería que engadi-lo aumento da idade de incorporación ó traballo, froito da taxa especialmente elevada do desemprego xuvenil, e a precariedade laboral xeneralizada, que tamén afecta ós xoves con singular dureza. Estes dous factores alongan a dependencia dos xoves dos seus pais e impiden a formación de novas familias, reducindo perigosamente a distancia entre o momento da independencia real das parellas e o fin da idade fértil. Neste mesmo contexto sitúase á falla dunha política de vivenda axeitada, que imposibilita de feito a creación de novos núcleos familiares ata idades avanzadas, ou, que no caso de poder obter

unha vivenda, implica tal esforzo da economía da parella que anula ou retrasa a decisión de ter fillos.

As dificultades de obter unha vivenda, derivadas da súa desproporción respecto dos niveis de ingresos medios e da situación do mercado laboral, agrávanse polo tratamento das familias con fillos na regulación das vivendas de promoción pública.

Despois deste rápido repaso ós atrancos máis claros e habituais cos que se atopan as familias en España e a incidencia negativa que isto ten sobre a natalidade, ratificámonos na impresión de que existía unha relación directa entre a familia e os criterios políticos que se manifiestan na lexislación fiscal, laboral ou de seguridade social, e na dotación de infraestructuras, sexan estas garderías ou vivendas axeitadas para as familias con fillos. E hai polo tanto un responsable, que non pode ser outro có Goberno competente nestas materias.

Como queira que a caída da natalidade, que xa foi descrita, debe converterse-la política demográfica nunha prioridade, e como mantémosa a relación directa entre as actua-

cións de protección e promoción da familia e a mellora da situación demográfica, propoñemos aquí algunhas medidas que poden contribuir a este obxectivo:

- En materia fiscal, a dedución da cota debería compensar a sobreimposición indirecta que implica o consumo necesario para manter a cada fillo. Noutras palabras, o imposto sobre a renda debe ter en consideración as necesidades reais do preceptor e non só o nivel de ingresos. Para cumprir con este criterio deben conxugarse a renda percibida coa dimensión da familia, mediante un novo baremo que, como indican os profesores Fernández Cordón e Leguina Herranz, "a vantaxe fiscal non segue á progresividade do imposto, senón que o seu crecemento se atenúe a medida que aumenta a base imponible ata chegar a un tope máximo. O importante é conseguir que, nos niveis baixos e medios, se elimine totalmente a discriminación fiscal polo número de fillos".

- No eido laboral é imprescindible un maior control das distintas formas de discriminación laboral indirecta. Ademais debe garantirse o mesmo réxime retributivo na xorna-

da parcial ca na enteira, cando a redución da xornada sexa por causa de maternidade ou paternidade.

- No caso de seguridade social, debe contemplarse tamén un réxime específico de protección á familia, complementario do réxime fiscal. O seu obxectivo sería o de conseguir mante-lo nivel de vida independentemente das cargas familiares. Para isto sería necesario un sistema de pago mensual por fillo a cargo, a partir dun valor medio calculado por custo efectivo estimado, e que tivese carácter universal, é dicir, sen ter en conta os ingresos. Ademais, debería estenderse mentres haxa dependencia económica do fillo, e considerar unha compensación distinta ó segundo fillo que ó primeiro, ó terceiro que ó segundo, e así sucesivamente, co fin de primar os novos nacementos.

- Deberían tamén incrementarse os servizos á primeira infancia, sexan garderías ou coidados a domicilio. Na mesma liña, debería mellorarse a oferta de vivendas, de tal xeito que se atenda á problemática especial das familias numerosas, e que se facilite ós xoves o acceso a unha vivenda.

- No caso galego, poden concretarse ademais medidas que aproveiten a importancia cuantitativa da chamada "Galicia exterior", canalizando o retorno de emigrantes ou de fillos de emigrantes en idade fértil.

- Pero tan necesaria como a definición dunhas medidas concretas que requiran un estudo detallado e específico que non pode ser feito aquí, é a asunción do problema demográfico e do cambio do modelo reproductivo, que obriga a ter en conta os seguintes principios:

1. Que a reprodución e a garantía do relevo xeracional é unha cuestión que interesa ó conxunto da sociedade, polo que a carga que poidan supoñe-los fillos debe ser compartida. Isto implica, como mínimo, suprimir calquera tipo de penalización fiscal ou laboral á familia con fillos.

2. Que, salvando o criterio supremo da liberdade das parellas para decidir cando e cantos fillos queren ter, non só é lexítima senón esixible ós poderes públicos a definición dunha política familiar e demográfica que atenda ó interese social da reprodución poboacional.

Estas dúas premisas ratifican as implicacións mutuas entre familia e demografía. Da consideración privilexiada de ámbalas dúas na política

social nos vindeiros anos depende, en boa medida, o futuro da nosa sociedade.





## ITINERARIOS ESCOLARES, FAMILIA E DIVERSIDADE SOCIAL

nunha comunidade rural galega

*Pablo Angel Meira Cartea*

Universidade de Santiago de Compostela

"o difícil de explicar en canto a cómo os mozos de clase media conseguen traballos de clase media é por qué os demais lles deixan. O difícil de explicar respecto a cómo os mozos de clase obreira conseguen traballos de clase obreira é por qué eles mesmos o consenten".

PAUL WILLIS

Cando se estudia o tratamento educativo da diversidade, un dos tópicos máis frecuentes é a problemática que presenta a adaptación social e cultural da escola ás áreas xeográficas de perfís rurais. As investigacións que se veñen realizando sobre o estado da escola rural insisten na inadaptación desta institución ás peculiaridades do espacio no que ten que intervir. Inadaptación que ten consecuencias directas nas desvantaxes que sofren os escolares destes medios para promoverse no escalafón académico máis alá do ensino obrigatorio.

Como principal factor causante desta inadaptación entre escola e comunidade rural sitúase, de forma recorrente, a distancia entre a cultura académica que lexitime e transmite a escola, esencialmente "urbana", e a cultura na que se opera, por inmersión, a socialización primaria dos individuos, no seo da institución familiar e no contexto de institucións comunitarias que vehiculan a cultura e a organización social "tradicional".

Unha limitación que pode xeneralizarse a boa parte destas análises é que soen facerse dende a propia institución escolar, e sobre os diversos elementos que a integran: sobre a calidade da infraestrutura escolar ou dos materiais didácticos, sobre os servicios complementarios e de apoio, sobre as taxas de éxito ou fracaso entre a poboación estudante, sobre a selección do currículo, sobre o papel dos mestres, sobre as rela-

cións da escola coa comunidade, etc., e dicir, toman como unidade de estudo a escola ou a rede escolar dunha área rural. Aínda sendo necesarias, estas aproximacións ofrecen escasa información sobre a lóxica a través da cal se opera a súa disonancia e a súa inadaptación social e cultural nun contexto campesino: non se aproxima a cómo os individuos, as familias e as comunidades rurais afrontan a relación coa propia institución escolar, nin a cales poden ser as claves antropolóxicas e sociolóxicas que operan, na práctica cotiá, as disonancias que finalmente se producen.

Para intentar comprender que sucede nesta outra cara do desencontro entre a escola e as comunidades rurais, pode ser interesante expoñer algúns resultados dun traballo de investigación etnográfica que tiven a posibilidade de realizar entre os anos 1988 e 1992.<sup>1</sup> Con el se pretendía acadar unha comprensión en profundidade do complexo de factores que inciden na construción das traxectorias de inserción dos xoves dunha comunidade rural e compesina galega, analizando a diversidade de estratexias de socialización e de pautas

culturais que se poñen en xogo neste proceso. Na construción e reconstrución etnográfica de ditas traxectorias de inserción ocuparon un lugar relevante os itinerarios académicos, dende a súa extensión o percorrido ata a interpretación dende a experiencia biográfica dos suxeitos e das súas familias do cómo e do por qué se configuran determinadas expectativas e prácticas en relación á adquisición (ou non) de capital académico e, en xeral, en relación ás insituacións escolares ou para-escolares (cursos de formación ocupacional, academias privadas...).

O xermolo do que xurdiu esta investigación etnográfica foi un estudo realizado en 1988 sobre as probabilidades de acceso en Galicia ós diferentes niveis de ensino. Partindo dos datos do Censo Nacional de Poboación de 1981 (MEIRA, 1991), o obxectivo era calculalas as probabilidades de acceder a cada nivel educativo, atendendo á orixe social dos suxeitos; orixe establecida a partir da categoría censal, que identifica a profesión declarada polo cabeza de familia.<sup>2</sup>

1. Este estudio foi realizado como traballo de Tese Doutoral co título de *La inserción social en los jóvenes de la Galicia rural: perspectivas escolares, familiares y profesionales en un contexto local*. Está publicado en formato de microfichas polo Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela (Santiago de Compostela, 1993).

2. Na actualidade estamos preparando unha análise similar a partir do Censo Nacional de Poboación de 1991.



Un dos resultados máis significativos do mencionado estudio apuntou como as diferencias máis grandes na probabilidade de ser promovidos dentro do sistema educativo producíanse entre suxeitos de orixe campesiña, fillos e fillas de "pequenos propietarios agrarios" (categoría que en Galicia caracteriza a situación do 90% das explotacións campesiñas), e os suxeitos de orixe entre as clases medias e medias-altas, por exemplo fillos e fillas de "profesionais da administración", ou de "empesarios con asalariados". Así, por cada individuo de familia pequeno campesiña que chega a realizar estudos superiores, fano 13 de familias de profesionais, técnicos ou asimilados por conta propia, 5 fillos de empresarios con asalariados, ou 8 fillos de profesionais, técnicos ou asimilados, por conta allea.

A explicación máis sinxela, pero tamén tópica e incompleta, destas diferencias apunta á unha causalidade mecánica de carencias económicas ou ambientais. Pero este tipo de argumentos non descubren nada

ou case nada do que realmente sucede. Non explican, por exemplo, cómo se constrúen na práctica social itinerarios académicos de duración e traxectoria tan dispar, ou cómo tais itinerarios responden a lóxicas de inserción social que, ó mesmo tempo, hai que asociar a culturas de clase diferenciadas.

Para analizar precisamente a diversidade de prácticas e estratexias sociais e culturais que determinan estas diferencias, iniciamos unha investigación etnográfica<sup>3</sup> sobre cómo os xoves dunha comunidade rural concreta resolven a súa entrada na sociedade adulta, así como sobre cal é o papel que xogan nese proceso de diversificación social institucións como a familia, a escola ou a propia comunidade.

O obxectivo principal do estudio era indagar nas pautas de transición da infancia ó "status" adulto, no contexto dunha comunidade rural. Esta comunidade, o Concello de Brión, exemplifica unha situación de cambio social que se produce de

3. Aínda que calificamos esta investigación como etnográfica, no seu deseño séguese un proceso de triangulación metodolóxica, no cal foron utilizadas técnicas cuantitativas (un cuestionario previo) e cualitativas (entrevistas en profundidade, proceso de inmersión na comunidade, estudo de casos...), e de triangulación teórica, intentando integrar perspectivas disciplinares da Antropoloxía e da Socioloxía da Educación. Quizais, seguindo a Goetz e Lecompte (1988), a denominación máis axeitada para un deseño destas características sexa a de investigación "cuasi-etnográfica".

forma máis acelerada dende os anos setenta. O cambio aludido defínese polo abandono progresivo dun modelo agrario tradicional, orixinalmente de subsistencia e de organización económica familiar, para pasar a depender dunha economía de mercado, dentro da cal só poden sobrevivir, a medio e longo prazo, un pequeno número de explotacións agropecuarias. Dentro das mutacións provocadas por este proceso, a maior parte da poboación, orixinalmente campesiña, ten que optar por outras alternativas: a emigración e a economía asalariada dependente de mercados de traballo externos, co predominio dos activos ocupados na industria e, sobre de todo, nos servizos e na construción.

Neste contexto tamén nos interesaba indagar en como tales cambios estruturais tiñan a súa expresión en cambios a nivel das estratexias de socialización interxeracional. É dicir, como os diferentes "grupos sociais" que constitúen unha sociedade aparentemente

homoxénea adaptan, transforman ou crean novas estratexias e prácticas culturais para integra-los xoves nunha realidade social, económica e cultural que xa non é a mesma na que se criaron as xeracións precedentes.<sup>4</sup>

Por utilizar unha expresión máis gráfica: intentamos indagar en como os fillos de familias campesiñas que manteñen a súa condición (en decadencia) de campesiños que entran no que se da en chamar "proletariado simbiótico" (que compaxina os labores nunha pequena explotación familiar cun traballo asalariado); de campesiños que acceden a un novo "status" de "empresarios agrarios"; ou de sectores de "clase media" (comerciantes, pequenos industriais, emigrantes retornados, funcionarios, asalariados...) resollen, dende as súas diferentes posicións sociais e de cultura de clase e dentro da mesma comunidade, a inserción nunha sociedade en mutación.

4. Os estudos sobre a relación ente os cambios estruturais que afectaron e afectan o campesiñado europeo durante este século e os procesos de socialización interxeracional son relativamente escasos. Entre os que tivemos posibilidade de consultar destacaríamos os de Reboul (1981), Champagne (1979, 1986) e Champagne e Maresca (1986), centrados nos cambios habidos nas pautas de sucesión e de relación interxeracional en comunidades campesiñas francesas, os de Iturra (1990a, 1990b) sobre a evolución das estratexias e modos de crianza nunha comunidade rural portuguesa, o de Casaseca (1990) sobre a evolución das pautas enculturadoras nunha área de montaña do norte español, e o de Méndez (1988) sobre a socialización da muller rural e a evolución do seu papel en relación cos cambios sociais e económicos que se veñen producindo nunha comunidade campesiña galega.

O Concello de Brión está situado a 15 Km de Santiago de Compostela, no cuadrante sudoeste da provincia de A Coruña. Ocupa unha extensión aproximada de 75 km<sup>2</sup>, distribuídos en oito parroquias e cunha poboación de feito de 5.736 habitantes (Censo de Poboación, 1991). O seu perfil socioeconómico representa unha sociedade agraria en transición, caracterizada pola avanzada desaparición dunha agricultura e gandería de subsistencia e a transformación das formas sociais e culturais a ela asociadas. A poboación ocupada no sector primario aínda é maioritaria, pero obsérvase un incremento progresivo dos activos no sector servicios e na construción. A importancia da chamada "economía simbiótica", na que se complementan o traballo na explotación agraria familiar (EAF) con traballos asalariados máis ou menos estables é un dos indicadores máis claros do cambio estrutural que se está a producir.

Dado que, fora do sector agrario, o mercado de traballo local ofrece escasas alternativas, existe unha clara dependencia laboral dos núcleos urbanos próximos, sobre todo da cidade de Santiago. A proximidade deste núcleo urbano, e da vila de Negreira, limita un dos factores que

tradicionalmente se consideraron como determinantes no abandono da poboación escolar de áreas rurais ó remate dos estudos obrigatorios. Tanto nunha coma noutra localidade existe unha ampla oferta de centros de ensino secundario, sexa de Formación Profesional ou de Bacharelato, e de ensino superior -no caso de Santiago-. A súa proximidade xeográfica e unha rede de comunicacións suficiente permitirían o desprazamento diario dos potenciais estudantes (tal como sucede, por exemplo, cos e cas xoves que traballan na cidade), limitando o custe que un itinerario académico de longa duración podería ter para a economía familiar pequeno campesiña.

Segundo o Padrón Municipal de Habitantes de 1986, en Brión había 975 xoves entre 12 e 21 anos, que tiñan por tanto en 1989 entre 17 e 26 anos. Este intervalo de idade foi o seleccionado para realiza-la investigación da cal está extraído este artigo.

Para defini-los trazos da poboación xuvenil de Brión realizamos unha enquisa a unha mostra representativa, integrada por 200 xoves seleccionados ó chou. Os resultados desta indagación inicial e exploratoria permitiron identificar unha serie

ITINERARIOS ACADÉMICOS BÁSICOS. VARÓNS E MULLERES (PORCENTAXES)

Táboa 1

ITINERARIOS	♂	♀	Total
1. 1º Ciclo EXB → Abandono	1,1	–	0,5
2. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → Abandono con CE	4,5	3,7	4,1
3. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → Abandono sen CE	18,2	14,9	16,4
4. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → Fin	4,5	6,5	5,6
5. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → FP1 → Fin	1,1	–	0,5
6. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → FP1 → FP2 → Fin	1,1	–	0,5
7. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → Fin	18,2	34,5	27,2
8. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → FP1 → Abandono	6,8	1,9	4,1
9. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → FP1 → En curso	2,3	2,8	2,6
10. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → FP1 → Fin	4,5	1,9	3,1
11. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → FP1 → FP2 → Abandono	1,1	–	0,5
12. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → FP1 → FP2 → En curso	4,5	3,7	4,1
13. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → FP1 → FP2 → Fin	7,9	6,5	7,2
14. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → BUP/COU → Abandono	2,3	4,7	3,6
15. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → BUP/COU → En curso	2,3	5,6	4,1
16. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → BUP/COU → Fin	2,3	1,9	2,0
17. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → BUP/COU → Diplomatura → En curso	3,4	1,9	2,6
18. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → BUP/COU → Diplomatura → Fin	1,1	–	0,5
19. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → BUP/COU → Licenciatura → En curso	5,7	5,6	5,6
20. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → BUP/COU → Licenciatura → Fin	–	2,8	1,5
21. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → BUP/COU → Abandono → FP1 → En curso	1,1	0,9	1,0
22. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → BUP/COU → Abandono → FP2 → En curso	1,1	–	0,5
23. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → BUP/COU → Abandono → FP1 → FP2 → Fin	1,1	–	0,5
24. 1º Ciclo EXB → 2º Ciclo EXB → GE → Outras opcións	3,4	–	1,5
TOTAL (N=195, n♂= 88, n♀ = 107)	100,0	100,0	100,0

CLAVE: CE ..... Certificado de Escolaridade  
 GE ..... Graduado Escolar  
 FP1 ..... Formación Profesional de 1º Grado  
 FP2 ..... Formación Profesional de 2º Grado

de traxectorias de inserción social típicas, dentro das cales puidemos definir ata 24 itinerarios académicos distintos (ver Táboa 1). A efectos de sintetizalos de cara ó traballo etno-gráfico, consideramos que se podían resumir en catro itinerarios académicos básicos. Estes serían os seguintes:

- En primeiro lugar, destacan aqueles itinerarios caracterizados pola súa curta duración. Son os maioritarios, e veñen representar unha proporción de seis de cada dez xoves do municipio. Dentro desta categoría considerámo-los abandonos da EXB antes de rematala ou ó rematala, xa sexa con Graduado Escolar -que acreditaría a posibilidade de continua-la vía académica que da acceso ó ensino superior- ou co Certificado de Escolaridade -que acreditaría o seu "fracaso escolar".

- A este primeiro grupo engadimos aqueles xoves que seguen estudos de Formación Profesional ou de Bacharelato, pero que os aban-

donan antes de rematalos, categoría na que se encadraría un de cada dez xoves.

- Un terceiro grupo, en proporción de dous de cada dez xoves, realiza estudos de Formación Profesional completos".<sup>5</sup>

- Finalmente existe un grupo, que non acada a proporción de un de cada dez xoves, que cursa estudos universitarios medios ou superiores.

Antes de entrar na análise das prácticas educativas e culturais que configuran cada un destes itinerarios, é necesario explicar, como paso esencial para a comprensión da súa lóxica social, as traxectorias de inserción socio-laboral e os contextos socio-familiares nos que cada un deles adquire todo o seu significado. Para iso centrareime en dous extremos: os itinerarios académicos de curta duración, os máis típicos, atendendo a súa frecuencia na comunidade estudiada, e os itinerarios académicos de longa duración, os máis

5. Un dos datos máis sobresaíntes aportados pola enquisa inicial sobre os itinerarios académicos é a inexistencia de xoves que, despois de recibilo Certificado de Escolaridade, continuasen estudos secundarios na rede de Formación Profesional.

atípicos, seguindo tamén o mesmo criterio.

## A. ITINERARIOS ACADÉMICOS DE CURTA DURACIÓN

---

Este tipo de itinerarios, que empezan e rematan no ensino obrigatorio, preséntanse asociados a dúas traxectorias de inserción, diferenciadas atendendo á variable sexo.

A TRAXECTORIA MASCULINA responde ó seguinte perfil. A orixe familiar sitúase entre o campesiñado en decadencia ou entre familias que subsisten gracias ó recurso á economía simbiótica. A súa escolarización iníciase sen realizar previamente a etapa preescolar, e desenvólvese completamente en centros escolares do propio concello; os dous ou tres primeiros cursos, nunha unitaria parroquial, e o resto do ensino obrigatorio, no Colexio Público situado na capital do municipio. O abandono soe producirse entre os 14 e os 16 anos, normalmente acumulando xa algún curso ou cursos de atraso, e con independencia de obter

o Graduado ou o Certificado de Escolaridade.

A entrada no mercado de traballo faise de forma prematura, frecuentemente antes de cumprir a idade laboral mínima dos 16 anos, e sen cualificación laboral algunha. Nestas circunstancias, as únicas opcións de emprego están na economía somerxida, en ocupacións escasamente remuneradas, sen garantías sociais e sufrindo duras condicións de traballo (horarios de máis de oito horas, inexistencia de días libres e vacacións, traballo nocturno...). As ocupacións máis frecuentes son as de camareiros e pinches de cociña (no sector servicios da cidade de Santiago), ou de peóns da Construcción (en pequenas empresas locais).

Esta etapa prolóngase ata os 18 ou 19 anos, interrompida polo Servicio Militar. A importancia desta fase radica en que nela soe producirse a "aprendizaxe informal" dun oficio, ó mesmo tempo que se accede a unha complexa rede de relacións sociais, de capital social,<sup>6</sup> enraizadas na familia e na comunidade. Expe-

6. A importancia do capital social ou relacional na configuración dos itinerarios laborais dos xoves foi extensamente analizada por Requena (1991) nun estudo que recolleu unha mostra de xoves da cidade de Málaga. Nas súas conclusións afirma que "las redes sociales generan una estructura paralela o estructura no oficial que satisface las necesidades de integración ocupacional de una forma particularista", e que "las relaciones de amistad han demostrado ser las más operativas que cualquier otro tipo..."

riencias e relacións que serán fundamentais para a configuración do seu itinerario vital posterior.

Ó rematalo Servicio Militar, estes xoves buscan unha maior estabilidade laboral, facendo vale-la experiencia, as aprendizaxes e as relacións adquiridas na etapa anterior. O seu obxectivo é acceder ó mercado de traballo oficial, aínda que sexa en condicións precarias, con contratos temporais de curta duración e con soldos que superan escasamente o mínimo interprofesional. Nesta situación, de relativa estabilidade, entre os 21 e os 25 anos, contráese matrimonio e tense xa o primeiro fillo. Cómpre destacar que estimamos que entre un setenta e un oitenta por cento destes matrimonios se producen precedidos dun

embarazo “non desexado”.<sup>7</sup> A situación de precariedade antes e despois de constituír un núcleo familiar propio e de adquirir responsabilidades parentais supérase, en grande medida, gracias ó apoio das familias de orixe.<sup>8</sup>

Dende unha perspectiva macrosociolóxica estamos diante dun cambio xeracional que supón, en termos de clase, un claro exemplo de mobilidade horizontal: xoves de orixe campesiña que pasan a integrarse nos estratos máis baixos das clases asalariadas. Sen embargo, este proceso de proletarización non permite asimilar este grupo social emergente ó proletariado urbano: aínda ocupando unha posición social xerarquicamente equiparable, a marea da cultura campesiña na que se sociali-

7. Introducimos esta expresión entrecomillada diante da ambigüidade dos datos recollidos no traballo de campo. Nos casos estudados a través do método de historias de vida de xoves casados e con descendencia, o embarazo previo ó matrimonio só aparece cando a relación de parella se describe como unha “relación estable” e cando o proxecto de matrimonio e a aceptación familiar non xeneran problemas. En tódolos casos que puidemos analizar en profundidade, os propios xoves consideraron que, si ben o embarazo precipitara o matrimonio, a decisión de casar xa estaba tomada de antemán.

8. As estratexias de sucesión e herdanza, así como as pautas de reciprocidade interxeracional, propias da sociedade campesiña tradicional en Galicia, manteñen un alto grao de vivencia no territorio estudado. E elo aínda a pesar de que as estruturas socioeconómicas nas que se xeraron e xustificaron están en práctica decadencia. É esta pervivencia a que explica, por exemplo, que os novos matrimonios, en contraste coas prácticas de neolocalidade propias da cultura urbana, pasen a residir na maior parte dos casos coas familias de orixe, cunha certa dominancia de pautas virilocais (pola preeminencia dos varóns primoxénitos no acceso a herdanza). Na práctica, esto non só supón residir na mesma vivenda e compartir o mesmo espazo (no que se poden superpoñer ata tres diferentes xeracións configurando unha familiar extensa polinuclear), senón tamén crear unha unidade económica e social con claras repercusións sobre a socialización da terceira xeración (destacar, por exemplo, a importancia que adquiren os avós na educación dos netos).

zan, aínda que xa moi alterada, relativiza e distingue socialmente a súa posición.<sup>9</sup>

A TRAXECTORIA FEMININA responde ó seguinte perfil. A orixe familiar sitúase tamén entre o pequeno campesiñado en decadencia, ou no denominado proletariado simbiótico. De forma similar ós varóns, a escolarización iníciase co ensino obrigatorio, e o abandono do itinerario académico prodúcese co remate desta etapa. Como característica diferencial cos varóns do mesmo grupo, son máis as mulleres que deixan os estudos, aínda obtendo o Graduado Escolar (véxase táboa 1), abandonando tanto a posibilidade de segui-la vía do Bacharelato como a da Formación Profesional.

Entre o momento de abandonar a escola e ata os 18 ou 21 anos, desenvólvese o que denominamos como unha "etapa de espera". Nela a actividade principal destas xoves é a axuda doméstica na casa familiar de orixe (tanto nos "labores do fogar", coma naqueles vencellades á explotación agraria familiar), actividade que sole compaxinar con ocupacións, case sempre de carácter ocasional, na economía somerxada.<sup>10</sup>

O matrimonio aparece como único horizonte vital nesta etapa de espera. A unha idade temperá, entre os 18 e os 21 anos, accedese ó matrimonio (con frecuencia precedido dun embarazo), e case sen solución de continuidade ten lugar o nacemento do primeiro fillo.<sup>11</sup> Xa casada, a súa ocupación principal e única vai se-la

9. A barreira social e cultural que separa ós xoves brioneses dos xoves proletarios dos núcleos urbanos próximos é claramente perceptible nas prácticas de lecer e nas pautas de emparellamento e matrimonio. Aínda que a proximidade xeográfica de Santiago permite que os dous grupos coincidan en espazos de lecer comúns, os contactos entre eles son limitados o superficiais. De feito, a constitución de parellas mixtas con xoves de ambos entornos é un feito excepcional e atípico, e a consolidación destes emparellamentos nun matrimonio aínda o é máis. De feito, resulta máis probable que un ou unha xove de Brión chegue a casar con xoves de áreas rurais xeográficamente máis alonxadas que a cidade de Santiago, definindo un fenómeno que poderíamos calificar como de "endogamia social".

10. Como ocupacións máis frecuentes nesta etapa destacan a asistencia doméstica por horas e os traballos de confección para pequenas industrias da zona e pertencentes o ramo do téxtil.

11. Os matrimonios xoves solen ter o segundo fillo denantes dos 27-28 anos. Nas parellas que tivemos ocasión de estudar en profundidade a percepción do número de fillos ideal sitúase xeralmente en dous. Esta expectativa contrasta co valor que un número elevado de fillos tiña na familia rural tradicional, factor que se consideraba clave nas estratexias de subsistencia económica e de reprodución social. Os argumentos para limitar a dous o número de fillos desexados coinciden cos que podería presentar calquera parella noutro grupo social: as limitacións económicas, o custo crecente da crianza, o incremento que suporía no traballo doméstico...



crianza do ou dos fillos, e as “tarefas do fogar”, que poden incluír, como na etapa anterior, a tarefa subsidiaria de axuda na explotación agraria familiar.<sup>12</sup>

## B. ITINERARIOS ACADÉMICOS DE LONGA DURACIÓN

Nos antípodas sociais dos perfís de inserción que acabamos de expoñer, aparecen aquelas traxectorias nas que a inversión intensiva e extensiva en capital académico é o factor definitorio máis importante.

A orixe social dos xoves enmarcados nestas traxectorias, que só llegan a supoñer un de cada dez xoves da comunidade estudiada, está maioritariamente entre familias de campesiños acomodados, ou de pequenos industriais, comerciantes e profesionais que residen no municipio. Aínda que poidan parecer colectivos sociais con escasas afinidades, teñen en común a disposición dun capital social e cultural que os dife-

rencia do extracto maioritario do pequeno campesiñado, ou responden a cambios substanciais no volume do capital económico da unidade familiar (por exemplo, emigrantes retornados que puideron “facer fortuna”).

A experiencia escolar incíase xa no Preescolar. Esta etapa e os primeiros anos do ensino obrigatorio decorren en centros de ensino da propia comunidade. Por regra xeneral, en 5º ou 6º curso de primaria, as familias desprazan os seus fillos a algún centro de ensino de Santiago, preferentemente privado, no cal continúan os estudos de Bacharelato e o Curso de Orientación Universitaria. Entre os 18 e os 23 anos cursan estudos universitarios, tamén en Santiago. cando os rematan buscan a súa inserción profesional en postos relacionados coa súa formación superior. Precisamente, o acceso a un emprego estable e a consecución de autonomía económica debuxan o seu horizonte ideal de inserción social; mentres que a creación de familia propia e o acceso a responsabilidades paren-

12. A transformación do rol da muller nas sociedades campesiñas en proceso de cambio social é analizado por Alonso, Sampedro e Vicente-Camarero (1991) nun estudio global sobre o Estado Español. Nel afirmase que estase a producir unha “quebra” na relación da muller rural co seu entorno social, proceso no que constatan unha profunda escisión entre os roles sociais e laborais das mulleres xoves e das mulleres de xeracións precedentes. Non obstante, destacan que o acceso das xoves de medios rurais ó mercado de traballo asalariado é moi limitado e en ocupacións subvaloradas pola súa propia condición feminina. En concordancia cos resultados da nosa investigación, tamén conclúen que cando se asume o papel de “esposa”, este pasa a ser o principal referente do seu rol social.

tales pospóñense conscientemente máis alá dos 30 anos.<sup>13</sup>

Diante de itinerarios escolares e de traxectorias de inserción social con liñas tan diverxentes dentro dun mesmo e relativamente homoxéneo espacio social, son moitas as interrogantes que se poden formular. Na súa resposta pódense atopar algunhas das claves para comprende-la xénese da súa diversidade social e, con isto, tamén algunhas das claves para reflexionar sobre o traballo pedagóxico nas escolas rurais en relación coas comunidades nas que están ubicadas, na busca sempre de vías de transformación crítica. Algunhas destas interrogantes poderían ser:

- ¿Cal é o papel da institución escolar na construción de cada un destes itinerarios?
- ¿Cómo son interpretadas as funcións da escola por outros axentes e institucións socializadoras da comunidade, e, principalmente, pola

familia?, e ¿cómo son interpretadas polos propios xoves?

- ¿Que estratexias, en relación coa inversión en capital académico, se desenvolven dende cada posición social?, ¿a qué prácticas educativas da lugar cada unha delas?

- ¿Como son percibidas dende a institución escolar as prácticas familiares en relación ca escola?

Aproximar respostas a cada unha, supón avanzar na interpretación do material etnográfico recollido para a construción das historias de vida de 29 xoves da comunidade na que realizámo-lo noso estudio.<sup>14</sup>

O contraste entre os itinerarios vitais de xoves que se identifican cos arquetipos académicos e de inserción social que acabamos de esquematizar permite identificar dúas estratexias de inversión en capital académico claramente diferenciadas. Cada unha delas susténtase en

13. Como dato relevante é necesario apuntar que neste grupo as diferencias atribuíbles á variable sexo non son relevantes.

14. Non é este artigo o lugar apropiado para explicar con máis detalle os presupostos teóricos e metodolóxicos do enfoque sociobiográfico no que se baseou a construción das historias de vida. Como orientación bibliográfica para achegarse a esta perspectiva aconsellamos a obra fundamental de BERTAUX (1977, 1980, 1981), un dos seus grandes impulsores na década dos oitenta. Tamén nos parece especialmente valiosa a recopilación realizada por NOVOA e FINGER (1988) e publicada en Portugal que contén valiosas aportacións, entre outros de F. Ferraroti, G. Pineau ou P. Dominice. En castelán recomendamos a recente publicación de PUJADAS (1992), unha excelente introdución para achegarse as posibilidades teóricas e instrumentais do método biográfico para as ciencias sociais.

concepcións, significados e lecturas diferentes sobre as funcións da institución escolar, sobre as prácticas educativas familiares para afrontar un itinerario de “éxito” e sobre o valor prospectivo da inversión que nela se realiza: da súa “rendibilidade económica”, da súa “rendibilidade temporal”, do valor das credenciais

académicas e da cultura escolar que se imparte.

Como afirmamos con anterioridade, existe unha correspondencia entre os itinerarios académicos de curta duración -de fracaso ou abandono xa no ensino obrigatorio- e a pertenza a familias campesiñas en

TABOA 2: Configuración mostral según o “idioma que falan con...”. Mostra de xoves de Brión, N=195 (% sobre o total e, entre paréntese, % restando a alternativa “non pertinente”).

	NS/NC	SÓ EN GALEGO	SÓ EN CASTELÁN	OS DOUS IGUAL	NON PERTINENTE (*)
— Coa túa nai	----	92,3 (94,2)	3,6 ( 3,7)	2,1 ( 2,1)	2,1
— Co teu pai	----	85,1 (94,3)	4,1 ( 4,6)	1,0 ( 1,1)	9,7
— Cos teus abós	0,5 (0,6)	71,8 (92,1)	4,1 ( 5,3)	2,1 ( 2,6)	21,5
— Cos teus irmáns/irmás	----	77,4 (89,9)	4,6 ( 5,4)	4,1 ( 4,8)	13,8
— Co teu xefe	1,5 (3,4)	30,3 (67,0)	9,2 (20,4)	4,1 ( 9,1)	54,9
— Cos teus profesores/as	4,0 (5,9)	21,0 (30,1)	22,6 (32,3)	22,1 (31,6)	30,3
— Co teu/túa noivo/a ou esposo/a	1,5 (2,4)	53,3 (83,2)	7,2 (11,2)	2,1 ( 3,2)	35,9
— Cos amigos/as	0,5 (0,5)	81,5 (81,5)	3,6 ( 3,6)	14,4 (14,4)	----
— Nos pubs e discotecas	----	74,9 (74,9)	5,1 ( 5,1)	19,5 (19,5)	0,5
— No traballo	----	46,7 (74,6)	6,7 (10,7)	9,2 (14,7)	37,4

(\*).— Por “non pertinente” enténdese aqueles casos nos que o uso lingüístico non se produce, ó non existilo interlocutor sinalado. Por exemplo: entre aqueles xoves que non teñen noivo/a.

decadencia e/ou en proceso de proletarización.

Estas familias educan os seus fillos a partir dunha percepción construída socialmente, na cal a escola e os "bens" que nela se reparten -a cultura e as credenciais académicas- teñen un significado e un valor preciosos. A aproximación etnográfica permítenos afirmar que é no proceso de socialización familiar onde se fragua o "fracaso" ou abandono prematuro do ciclo académico. A institución escolar, en todo caso, ten a responsabilidade de ignorar esta realidade, ó non ser capaz de recoñecelo significado cultural e social que ten para a comunidade á que supostamente serve. Pero vexamos, á luz da indagación etnográfica, algunhas claves deste desencontro.

Un dos datos máis sorprendentes da enquisa inicial é a resposta que deron a maior parte dos xoves que realizaron itinerarios académicos de curta duración cando se lles preguntou pola razón máis directa que motivou o seu abandono durante ou ó remata-lo ensino obrigatorio: o 50% responden simplemente que "non me gustaba", mentres que só o

8% aduciu problemas familiares de índole económica, e un 9% antepuxo a necesidade de poñerse a traballar.

Tras este xuízo "estético" atópase unha profunda fendedura, a que precisamente separa a cultura e as prácticas educativas do grupo social ó que pertencen a inmensa maioría destes xoves.

Esta distancia entre a escola e a comunidade pode apreciarse en diferentes aspectos. Un dos máis significativos refírese ós usos lingüísticos. Como se aprecia na táboa 2, a escola é o ámbito no cal se fala en maior porcentaxe "só en idioma castelán", e en menor porcentaxe "só en idioma galego", mentres que este, como idioma materno, é con moito o máis utilizado no medio familiar, no tempo libre cos grupos de iguais, ou no medio laboral.

Pero son as prácticas educativas das familias pequeno campesiñas, máis ou menos proletarizadas, as que mellor representan a distancia cultural entre a escola e a comunidade. De forma sintética, a lóxica destas prácticas pódese representar nunha serie de trazos definitorios:

En primeiro lugar, a percepción que teñen os adultos da escola é aínda a da escola que eles viviron, ou mellor dito, a da escola que non viviron ou á que acudiron de forma esporádica e incompleta. Hai que apuntar que o 41% dos pais dos xoves enquisados, inicialmente declararon non ter estudos primarios, e o 50% afirmou ter realizado só a primaria completa, pero cursada con irregularidade. Para a xeración dos pais, o Ensino Xeral Básico segue a te-lo mesmo significado propedéutico e terminal ca tiña a antiga Primaria, asignándolle unicamente o valor de proporcionar os saberes básicos (ler, escribir, contar). Resulta obvio aclarar que esta lectura no se corresponde en absoluto coa función académica e o valor social deste nivel educativo na sociedade actual.

Dende esta mesma percepción, o xuízo académico do profesor, como personificación da institución considérase como indiscutible e definitivo en base a "autoridade" pedagóxica que se lle atribúe como depositario e transmisor dos saberes que o curriculum escolar sanciona como básicos e necesarios para toda a comunidade. Esta crenza, e non a falla de tempo ou a carencia de interese, é a que explica en maior medi-

da por que este grupo de pais non acoden ou o fano esporadicamente (so "cando os chaman") a tratar cos docentes a problemática escolar dos seus fillos e fillas. Simplemente nin entenden nin asumen que poidan ter "competencia" sobre a cuestión.

Como unha consecuencia especialmente significativa desta percepción da escola obrigatoria, o "fracaso" (ou o "éxito") escolar enténdese como directamente dependente das cualidades innatas de cada individuo. Esta crenza é interiorizada polos propios xoves e evidénciase na frecuencia coa que utilizan expresións como "eu non vallo para estudar" ou "eu non son intelixente". Cando os problemas de progresión escolar aparecen (suspensos, repeticións, desercións...) esta crenza actúa en forma de realidade inevitable para pais e fillos: "non se pode loitar contra a natureza", e hai que aceptalo con máis ou menos resignación.

Sen embargo, en aparente contradicción, as mesmas familias desexan e manifestan expectativas de que os seus fillos realicen itinerarios académicos de longa duración. Recoñecen o valor das credenciais académicas en tanto se identifica a súa posesión con destinos ocupacionais e

posicións de alto prestixio social. Pero os desexos non son a realidade, sobre todo ó non domina-las actitudes e as prácticas educativas e socializadoras que os farían posibles. Esta disonancia entre as expectativas familiares e as súas prácticas educativas apréciase, por exemplo, na escasa importancia que se lle concede ós hábitos de estudo, ós complementos culturais ou á supervisión continuada da actividade escolar dos fillos.

Dado que para a xeración dos pais deste grupo social a institución escolar e os profesionais a ela ligados, os mestres, teñen o "saber" e a "autoridade" pedagóxica para decidir se os alumnos son ou non "válidos" para continuar estudando, o nivel de directividade e intervención sobre os seus fillos é mínimo ou inexistente. A súa actitude pode definirse como de "deixar facer", ata o punto de inhibirse en momentos críticos do decorrer académico dos seus fillos, deixando na súas mans, por exemplo, a decisión sobre se continuar ou non estudando ó remata-la etapa do ensino obrigatorio.

Cando se produce o abandono escolar ó remate da EXB, rapidamente o grupo familiar e o enerucillado

de relacións que este establece coa comunidade mobiliza as redes sociais que dan acceso ós circuitos de inserción laboral. Circuitos que, como xa apuntamos, limitan o seu círculo de influencia ós sectores máis precarios e inestables do mercado de traballo, case sempre dentro da chamada economía somerxida ou "non oficial". Neste ambiente, o capital académico incorporado na escola non ten nin se lle outorga valor ningún (salvo, claro está, o valor intrínseco dunha formación básica xeral).

Unha vez introducido neste circuito laboral precario, soen poñerse en práctica unha serie de estratexias de cualificación que recordan a figura dos aprendices nos gremios medievais: aprendizaxe por imitación dos máis "vellos", inmersión pola práctica e o traballo cotián, realización de tarefas progresivamente máis complexas... proceso de cualificación informal que será fundamental para, nunha segunda etapa, intentar introducirse nas marxes do mercado do traballo oficial.

Como xa expresamos, os propios xoves asumen o abandono do circuito académico graduado como falla de capacidade persoal. Unha das

consecuencias máis importantes desta interpretación é que dificilmente intentan integrase noutros circuitos educativos do sistema formal, ou en opcións académicas non formais. Nin sequera aquelas ofertas que poderían estar directamente enfocadas a adquirir unha cualificación laboral específica parecen te-lo suficiente atractivo. Na orixe deste rexeitamento hai que comprender que o fracaso e o abandono académico temperán é interpretado e interiorizado como un fracaso académico definitivo.

A percepción da escola e das prácticas sociais en relación con ela, deste grupo social, contrasta coa situación na que se conforman os itinerarios académicos de longa duración. É dicir, coa realidade social daqueles xoves que chegan a realizar estudos superiores, que supoñen unha proporción non superior a un de cada dez. Para entende-la lóxica social da que estes itinerarios son posibles, é necesario recordar que a orixe familiar destes e destas xoves sitúase maioritariamente entre as

“clases medias” do municipio: o campesiñado “acomodado”, pequenos comerciantes, e profesionais.<sup>15</sup> A estratexia e as prácticas educativas despregadas por estes grupos sociais ofrecen unha orientación substancialmente distinta ás que acabamos de describir.

Para os pais e para os propios xoves o éxito escolar é máis unha consecuencia do traballo e do esforzo continuado ca das calidades innatas dos individuos, valoración que se integra no marco asumido dunha “ética do esforzo persoal”, que se oe aparecer asociada coas denominadas clases medias. Neste marco, o tempo dedicado ó traballo escolar considérase como unha inversión para acceder a un futuro mellor, sempre en termos de igualar ou mellora-la posición social e económica de partida. Para este grupo social o ensino primario obrigatorio non ten valor en si mesmo, senón como un escalón necesario e imprescindible para ascender na rede escolar a niveis superiores.

15. Estes grupos socio-profesionais están representados de forma minoritaria en Brión. Baixo o epígrafe de “campesiños acomodados” recoñecemos a un número reducido de familias campesiñas que posúen explotacións agropecuarias viables polo seu tamaño e polo nivel de modernización e capitalización acadado. Salvo raras excepcións, estas familias xa herdán as bases de esta condición de xeracións precedentes en forma de propiedades ou de capital acumulado na emigración e posteriormente retornado e investido en actividades agropecuarias.

A visión a medio e longo prazo na construción do itinerario escolar fai que as decisións sobre a súa prolongación, configuración e desenvolvemento estean claramente tuteladas e determinadas polos proxenitores. Se unha das características definitorias dos itinerarios de "curta duración" é a inhibición dos pais diante do devir escolar dos seus fillos, nestes casos adóptase unha actitude directiva que determina a dirección do itinerario a seguir, o paso dun nivel académico a outro, as medidas a tomar en caso de producirse problemas escolares, ou o tipo de centro escolar no cal el ou ela pasará a cursa-las diferentes etapas.

Dentro desta mesma lóxica, os problemas escolares ocasionais raramente son interpretados como fracasos definitivos. No caso de producirse, as familias presionan ós xoves para que non interrompan o seu itinerario escolar, e non dubidan investir en facilitar actividades académicas compensadoras para superar tales problemas.

Entre os xoves pertencentes a este grupo que analizamos en profundidade a través da construción das súas historias de vida, atopamos

como pauta redundante a existencia de antecedentes, no medio familiar próximo, de parentes (pais, tios, irmáns e /ou avós) que chegaron a realizar estudos superiores. Estes familiares actúan como modelos e exemplos a emular. Os seus itinerarios académicos e de inserción social constituén referencias de logro: establecen un principio mínimo de aspiracións, ofrecen exemplos de prácticas escolares de éxito que se intentan replicar e, en bastantes casos, condicionan a especialización académica e a elección vocacional pola que finalmente se opta.

Por seguir esta "tradición familiar", ou tamén por emular casos coñecidos, repítense prácticas escolares e familiares asociadas con itinerarios académicos de éxito. A máis estendida e repetida consiste en matricularlos fillos en centros privados, considerados "de elite" da cidade de Santiago. Esta decisión soe adoptarse ou ben nos últimos cursos do ensino primario, ou xa para cursar o Bacharelato.

¿Cal é o papel da institución escolar e os profesionais que nela traballan diante de formas tan diferentes de afronta-la adquisición de



material académico? En xeral, para os mestres <sup>16</sup> estas realidades aparecen esvaecidas por tópicos: que a maioría dos pais "non se preocupa" polo itinerario escolar dos fillos, que aqueles rapaces ou rapazas que abandonan fano "porque queren" ou porque "non valen para estudar", que existen grandes carencias económicas que limitan as posibilidades de sufragar itinerarios académicos longos, que o "ambiente cultural" (sic) non é máis o adecuado, etc.

A presenza destes tópicos e doutros similares na percepción que teñen os mestres sobre a comunidade na que actúan, exemplifica o papel que xoga a escola diante dunha realidade que nin sequera alcanza a comprender. Para os mestres é o "subdesenvolvemento económico", e os epifenómenos desta realidade a nivel cultural e social, o causante da alta taxa de fracasos e abandonos (practicamente sete de cada dez xoves), xa no ensino primario. Implicitamente, esta lectura supón considerar que o traballo pedagóxico é improbable (dentro do pouco apoio - falla de recursos, condicións de tra-

ballo, remuneración, "status" profesional, etc.- que os ensinantes afirman recibir da Administración e da sociedade), ou que, en todo caso, as condicións socioeconómicas da comunidade impiden o seu aproveitamento.

A reflexión final que quería trasladar, alude precisamente ó papel que xoga a escola diante de realidades sociais e culturais coma a que aquí queda reflectida. Na reforma do Sistema Educativo español aberta pola implantación da LOXSE, establece como un dos obxetivos básicos a necesidade de adaptalos procesos pedagóxicos á diversidade do alumnado. Pero lendo e examinando os documentos oficiais e paraoficiais sobre o que este principio significa, é fácil chegar á sensación de que se está a falar dunha diversidade entendida só dende a perspectiva das diferenzas individuais, deixando nun segundo termo aquelas diferenzas de carácter social e/ou cultural; distorsión na que probablemente ten moito que ver a orientación psicoloxista na que a Reforma educativa está inspirada.

16. Como complemento ó traballo etnográfico sobre os itinerarios de inserción xuvenil realizamos unha serie de entrevistas ós que denominamos "membros clave da comunidade". Dentro de esta categoría incluímos, entre outros, a mestres e mestras que exercen en Brión a súa tarefa profesional, tanto do único centro escolar completo que nese momento existía como das escolas unitarias distribuídas nas oito parroquias do municipio.

Na comunidade onde realizámo-la nosa investigación, que a escola actuase tendo en conta a distancia que as separa da cultura e das prácticas sociais da maioría da poboación debería supoñer unha formulación en profundidade do traballo pedagóxico que realiza. Como premisa para este cambio sería necesario reconecelas lóxicas profundas que subxacen ás prácticas socializadoras das familias campesiñas, recoñecemento necesario para poder superar, ou polo menos intentalo, as funcións lexitimadoras e reproductoras dunha discriminación á que contribúe a escola ó ignoralas. Como intervencións iniciais nesta dirección, sería necesario adoptar accións dirixidas a unha mellor comunicación cos grupos

familiares, como premisa para á comprensión e aceptación de como estes interpretan e afrontan a experiencia académica das novas xeracións. Só dende unha nova concepción do traballo escolar e docente sería posible tender pontes na brecha que separa a cultura escolar da cultura das comunidades rurais, e dos diferentes grupos sociais que as integran.

Este achegamento da escola á comunidade non debe limitarse ó tópico da "adaptación dos contidos a transmitir", senón que debe incidir nas prácticas de socialización familiares en relación coa escola, e na adaptación das prácticas á realidade social da comunidade.<sup>17</sup>

17. A crenza por parte dos mestres de que a maioría dos pais no acoden á escola a interesarse pola evolución dos seus fillos porque "non lles importa" e complementaríala á que estes teñen sobre a "infalibilidade" do xuízo académico que outorgan os mestres. Para romper esta lóxica do desencontro só queda o traballo directo coas familias, aínda en detrimento dos recursos e do tempo dedicado o traballo na aula. Experiencias positivas e xa asentadas como a de "Preescolar na Casa", ofrecen pautas a seguir nesta liña.



*A escola de Doloriñas, óleo de Julia Minguiñón*

## BIBLIOGRAFÍA

- Alonso, L., M<sup>a</sup>.R. Sampedro, e J.I. Vicente, (1991): *Mujer y ruralidad. El círculo quebrado*. Ministerio de Asuntos Sociales-Instituto de la Mujer, Madrid.
- Bertaux, D. (1977): *Destins personnels et structure de classe*. PUF, París.
- Bertaux, D. (1980): "La approche biographique: sa validité méthodologique, ses potentialités". *Cahiers Internationaux de Sociologie*, Vol.LXIX.
- Bertaux, D. (1981): *Biography and society. The live history approach in the social sciences*. Sage, Beberly Hills.
- Casaseca, S (1990): *Los Ancares: educación y subdesarrollo*. Junta de Castilla y León-Universidad de Salamanca, Salamanca.
- Champagne, P. (1979): "Jeunes agriculteurs et vieux paysans. Crise de sucesión et apparition du troisième age". *Actes de la Recherche en Sciences Sociales*, N°26/27, pp.83-107.
- Champagne, P. (1986): "La reproduction de l'identité". *Actes de la Recherche en Sciences Sociales*, N°65, pp. 41-64.
- Champagne, P. e S. Maresca, (1986): *De la sucesion familiar á l'installation professionnelle*. INRA, París.
- Goetz, J.P. e M.D. Le Compte, (1988): *Etnografía y diseño cualitativo en investigación educativa*. Morata, Madrid.
- Iturra, R. (1990a): *Fujirás á escola para traballar a terra. Ensaio de Antropología Social sobre o insucesso escolar*. Escher, Lisboa.
- Iturra, R. (1990b): *A construção social do insucesso escolar. Memoria de aprendizagem en Vila Ruiva*. Escher, Lisboa.
- Iturra, R. (1993): "Letrados y campesinos: el método experimental en Antropología Económica", en Sevilla, e; Gonzalez, M (Eds.): *Ecología, campesinado e historia*. La Piqueta, Madrid.
- Meira, P.A. (1990): "Orixe social e desigualdade de oportunidades educativas" en Caride, J.A. (Dr.): *A educación en Galicia. Informe Cero: problemas e perspectivas*. ICE-Universidade de Santiago, Santiago, pp. 65-94.
- Meira, P.A. (1993): *La inserción social en los jóvenes de la Galicia rural: perspectivas escolares, familiares y profesionales en un contexto local*. Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, Santiago (edición de microfichas).
- Mendez, L. (1988): *Cousas de mulleres. Campesinas, poder y vida cotidiana*. Anthropos, Barcelona.
- Novoa, A. e M. Finger, (1988): *O método (auto)biográfico e a formação*. Ministerio de Saude, Lisboa.
- Pujadas, J.J. (1992): *El método biográfico: el uso de las historias de vida en ciencias sociales*. CIS, Madrid.
- Reboul, C. (1981): "L'apprentissage familial des métiers de l'agriculture". *Actes de la Recherche en Sciences Sociales*, N° 39, pp. 113-120.
- Requena, F. (1991): *Redes sociales y mercado de trabajo*. CIS, Madrid.

## A FAMILIA EN TERAPIA

---

*Emilio Gutiérrez García*

Universidade de Santiago de Compostela

Cada vez con máis frecuencia os familiares daquelas persoas que, afectadas por problemas moi disparres, acoden a profesionais acreditados para o exercicio da psicoterapia son invitados a que dunha ou doutra forma se impliquen no tratamento, ata o punto de que asistan ás sesións de tratamento acompañando ó familiar en dificultades. A esta práctica denomínase de forma xenérica, apelando a un novo rótulo no campo da psicoterapia, terapia familiar.

Esta breve descrición non recolle os diversos graos de implicación, nin as diversas razóns teóricas e técnicas que poden desembocar nunha sesión na que diversas persoas dunha mesma familia estean, por expreso desexo do terapeuta, fisicamente presentes nas sesións de tratamento.

A seguir trataremos de aclarar as xustificacións que subxacen

nesta nova modalidade terapéutica, tendo presente que as xustificacións non son particulares a un tipo de problemas específico (sexa clínico ou escolar), senón que atravesan no seu núcleo a propia filosofía da terapia familiar. Este obxectivo lévanos a unha primeira pregunta.

¿Por que un terapeuta pode querer que asistan á sesión varios membros dunha familia e non só a persoa que ten o problema?

A resposta a esta pregunta remóntase a mediados da década de 1950, cando en diversos lugares dos Estados Unidos os terapeutas comezaron a invita-los familiares dos pacientes para que asistisen ás sesións. Esta nova práctica era en extremo heterodoxa ós ollos da convención psicoanalítica predominante, que proscribía todo contacto cos familiares dos pacientes.

Manter contacto cos familiares dos pacientes era certamente raro, pois supoñíase que os problemas “eran” do paciente e que a intimidade e privacidade da relación co terapeuta era un elemento fundamental para que o paciente finalmente puidese mellorar.

Esta práctica da psicoterapia individual aínda é frecuente na actualidade, pero cada vez coexiste mais con esoutra práctica na que o terapeuta ten fronte a si varias persoas, unha das cales está tendo dificultades (o paciente en sentido clásico), e que durante as sesións se comporta coma se o problema non fose só do paciente, ou máis ben coma se para que a terapia teña garantías de éxito non só é o “paciente” o que tivese que cambiar.

¿Significa iso que toda a familia está enferma, que o paciente é a familia e que é toda a familia a que necesita tratamento?

---

Ben, ese é un dos malentendidos máis frecuentes cando varios membros dunha familia son invitados a asistir ás sesións.

A familia non está agora máis enferma ca noutro tempo, e se o está

non é esa a razón principal de que a práctica de invitar ós familiares se estea a converter nunha experiencia máis frecuente na psicoterapia. Unha primeira matización para avanzar nesta afirmación esixe distinguir entre *formato terapéutico* e *orientación terapéutica*.

Isto permite ademais realizar unha nidia distinción entre o concepto de familia nuclear, ou mesmo o concepto de familia como institución social, e o concepto de familia que se invoca cando se utiliza a “Terapia Familiar” dentro dun proceso de psicoterapia.

Máis atrás xa mencionamos como a terapia familiar xorde nos Estados Unidos na década dos cincuenta como formato de tratamento. Nas súas primeiras formulacións, o termo exacto empregado era o de “Terapia Familiar Conxunta”. ¿Que significado tiña o termo “conxunta”? Este termo facía referencia a como un número crecente de clínicos tiñan contacto simultáneo cos pacientes e os seus familiares na mesma sesión e, aínda máis, a que esas sesións non eran un complemento ó tratamento convencional, senón un tratamento en si mesmo.

Naqueles anos esta práctica incipiente provocou un bo número de reaccións negativas por parte doutros clínicos, que seguían a manter un *formato* de tratamento individual como práctica clínica exclusiva.


Introducín o termo *formato*, que convén aclarar. Utilízase en psicoterapia o termo *formato* para referirse ó número de persoas que se reúnen co terapeuta. Deste xeito teríámolo formato individual, o formato de grupo, o formato familiar, o formato de parella ou marital, o formato da familia estensa, o formato de redes, etc. A elección dun ou doutro formato é unha conveniencia que se adopta no nivel dos recursos técnicos para a concesión dun obxectivo determinado dentro do proceso terapéutico.

Sen embargo, aínda que é un erro frecuente, non hai que confundilo *formato* que poida utilizarse en psicoterapia co *enfoque* e a *orientación terapéutica*. O *enfoque* e a *orientación terapéutica* representan outro nivel máis amplo e conceptual, que se refire á *teoría do cambio* implícita no emprego dun ou outro tipo de *formato* que se empregue nunha sesión de psicoterapia (é dicir, o número de persoas que son invitadas, regular ou esporadicamente, a

unha sesión que se enmarca dentro dun proceso de psicoterapia).

Unha orientación terapéutica (ou enfoque, teoría, modelo, mapa ou esquema conceptual terapéutico, xa que todos estes termos son sinónimos na miña exposición) pódese simplificar nun conxunto de catro afirmacións que se inclúen na Táboa 1:

Táboa 1



A terceira liña mencionada na Táboa 1 é o nivel no que cada orientación afirma as recomendacións dos formatos terapéuticos máis axeitados, de acordo co tipo de técnicas ou métodos terapéuticos que unha orientación terapéutica considere adecuadas.


É neste nivel onde unha orientación terapéutica pode prescribir ou proscribi-la conveniencia de manter reunións cos familiares dos pacientes, e as condicións nas que estes contactos poden/deben levarse a cabo.

Deste xeito, a utilización xenérica de “terapia familiar” non distingue adecuadamente cando esa expresión se emprega de forma específica para describi-la utilización dun formato familiar (como recurso, técnica ou método de tratamento), de cando se emprega como un enfoque, teoría ou orientación global (é dicir, que implica os catro niveis incluídos na Táboa 1).

A necesidade desta distinción é crucial, xa que as sesións con toda a familia poden ser un aspecto específico de calquera orientación terapéutica (por ex., psicoanálise condutal, humanista, etc) e non pasan de ser un recurso técnico, ou ben estar formando parte dunha orientación terapéutica en si mesma, que inclúe unha determinada posición teórica e técnica en cada un dos catro apartados da Táboa 1 (e en tal caso, como amosarei máis abaixo, pode non incluír en absoluto sesións con familias).

Para afondar e aclarar esta distinción da terapia familiar como orientación e como formato ou método terapéutico, poderíamos esquematizar esas diferencias na Táboa 2: de catro afirmacións que se inclúen na Táboa 1:

Táboa 2



Polo tanto, a denominación de terapia familiar, aínda que aparentemente equívoca para os profanos (pois pódese utilizar para denominar tanto un marco conceptual coma unha técnica específica), xeralmente implica, como herdeira daquelas primeiras prácticas heterodoxas dos anos cincuenta, unha concepción en



si mesma DO QUE SON os problemas, que inclúe diferentes concepcións acerca DO PORQUÉ os problemas se manteñen como tales e, de acordo con esas formulacións, os modos, técnicas e recursos terapéuticos máis adecuados para que os problemas que fan sufrir ás persoas poidan desaparecer, ou se reduza o seu impacto ou gravidade, e tamén cando esta última condición dos problemas (é dicir, a súa resolución) se acadou.

#### PRINCIPALIS OBRAS EN TERAPIA FAMILIAR

- Estrategias en psicoterapia*, J.Haley, 1963.  
*Técnicas Avanzadas en Psicoterapia*, J.Haley, 1967.  
*Teoría de la Comunicación Humana*, P.Watzlawick, J. Beavin e D.Jackson, 1967.  
*Pasos hacia una Ecología de la Mente*, G.Bateson, 1972.  
*Terapia No-Convencional*, J.Haley, 1973.  
*Familias y Terapia familiar*, S.Minuchin, 1974.  
*Cambio*, P.Watzlawick, 1974.  
*Es Real la Realidad*, P.Watzlawick, 1976.  
*Terapia para Resolver Problemas*, J.Haley, 1976.  
*El Lenguaje del Cambio*, P.Watzlawick, 1978.  
*Paradoja y Contraparadoja*, M.Selvini, L.Boscolo, G.Cecchin y G.Prata, 1978.  
*Mente y Naturaleza*, G.Bateson, 1979.  
*Trastornos de la Emancipación Juvenil y Terapia familiar*, J.Haley, 1980.  
*Técnicas de Terapia Familiar*, S. Minuchin 1981.  
*Pautas en terapia familiar breve*, S. De Shazer, 1982.  
*La Táctica del Cambio*, J.Weakland, R.Fisch, e L. Segal, 1983.  
*La Realidad inventada*, P.Watzlawick, 1984.  
*Terapia de Orálía*, J.Haley, 1984.  
*Claves en psicoterapia Breve*, S.De Shazer, 1985.

Así pois, utilizada a expresión “terapia familiar” como indicativo dunha orientación terapéutica e non de forma restrictiva para designar unha técnica de tratamento, poden estar aplicándose os niveis conceptuais e técnicos nunha situación na que non asista ás sesións de tratamento ningún familiar da/s persoas/s que está/n atravesando a dificultade que xustifica unha atención terapéutica.

Esta aparente contradicción de poder denominar como auténtica terapia familiar a unha psicoterapia concreta na que non se convoque fisicamente a ningún familiar ten unha xustificación simple cos elementos que xa introducín, pero só a modo de ilustración obsérvase na lista dos libros máis representativos da terapia familiar, entendida como orientación terapéutica, como precisamente a utilización dos termos “familia” ou “familiar” é máis a excepción cá regra.

A explicación está no contido desas obras, que non só se refire a levar a cabo sesións coa familia completa (sesións familiares conxuntas, no sentido expresado ó comezo), senón que presenta unha concepción da psicoterapia en si mesma, que



abrangue tódolos niveis detallados na Táboa 1.

### ¿Que é, entón, a terapia familiar?

---

Cando un terapeuta formado neste sentido amplo da terapia familiar, como orientación xeral dos problemas humanos (en todo o espectro en que estes poidan expresarse), circunscribe o seu traballo terapéutico como "terapia familiar", probablemente estea enfocando a situación que se lle consulta e con independencia da persoa que realiza a consulta (sexa un familiar, o propio interesado, un profesor, ou outro profesional) como algo que non está circunscrito á esfera individual.

Máis ben estará inclinado a pensar nun contexto interaccional, nun marco interpersonal do problema, coma se a persoa que manifesta o problema fose máis unha parte dun sistema que o determina ca unha entidade que se autocontén e autodefine a si mesma. Probablemente enfoque a queixa, o síntoma, o problema ou a demanda dentro dun proceso. Un proceso dentro do cal a queixa, o síntoma e o problema que suscitan a demanda é só unha parte, quizais a máis rechamante (consumo

de drogas, conducta delirante, actitude depresiva, folgazanería, rebeldía, baixo rendemento, falta de concentración, taquicardias, medos e calquera outra vivencia humana atípica ou máis ou menos excepcional), pero non por iso a máis importante cando se trata de elaboralo tipo de intervencións que poida crer máis recomendables ou as persoas coas que lle gustaría reunirse.

Desde un punto de vista máis abstracto, ese profesional estaría procedendo, segundo o parecer dun profano, coma se o *nivel de expresión do problema*, ou onde parece expresarse o problema (frecuentemente o nivel individual, aínda que isto non exclúe o nivel de parella ou o familiar) fose menos relevante có contexto máis amplo no que o problema se manifesta. Esta contextualización do problema explicaría, no caso do noso profesional, a posible falta de relación aparente entre o nivel de expresión do problema e o *nivel ó que se intentan os cambios*.

Ese profesional podería pensar que un pequeno cambio marxinal dentro do proceso ou o contexto no que se circunscribe o problema (o que podería incluír un cambio noutra persoa, ou un cambio aparente-

mente non relacionado co problema) podería se-lo obxectivo máis adecuado.

Probablemente se a ese profesional se lle preguntase sobre a súa orientación terapéutica, tal vez decida, se temese provocar algúns dos

malentendidos aquí expresados, non utiliza-la expresión: "terapia familiar", senón, por exemplo, dicir que traballa cunha orientación sistémica. E, probablemente, se lle preguntasen que significa unha orientación sistémica, quizais, só quizais comezase a falar da terapia familiar.

# TERAPIA FAMILIAR DE CONDUCTA

---

*Olga Díaz Fernández*

Universidade de Santiago de Compostela.

*Manuel A. Sanabria Carretero*

Colaborador de Investigación.

## 1. INTRODUCCIÓN

---

Poderíamos defini-la terapia familiar como unha modalidade terapéutica que adopta unha variedade de métodos, sostido, cada un deles, por unha serie de técnicas (Walrond-Skinner, 1982).

A terapia familiar non é algo homoxéneo, senón que abrangue diferentes orientacións terapéuticas, unha das cales é a de conducta, -á que nos imos referir neste artigo. Non obstante, antes de pasar á súa exposición, faremos unha análise sucinta doutro concepto que tamén pode ter distintas acepcións: referímonos á familia.

¿Que se entende por familia?. Non é fácil dar unha resposta, xa que segundo a perspectiva desde a que se estudia (antropoloxía, socioloxía, psicoloxía, etc.) pódese dar distintas definicións. E posible falar dun

"modelo" ou "ideal" considerado universalmente como a "familia cristiá" ou a "familia chinesa", ou ben falar de alternativas ó modelo tradicional, como o modelo narcisista, o libertario, o comunitario etc. (Polaino e García Villamizar, 1993).

Dado que nos atopamos no Ano Internacional da Familia, cremos que é obrigado facer unha referencia á pretensión da ONU para este ano: Trátase de potencia-la familia como unidade básica da sociedade, tendo en conta a todo tipo de familia e fomentando os dereitos humanos básicos e as liberdades fundamentais do home.

En función do anterior, se entendémo-la familia como a unidade básica da sociedade, é fundamental que esa base ou alicerce sexa estable, firme e que funcione de forma axeitada, xa que se a familia goza de boa saúde, a repercusión social é obvia. Un aspecto desa boa saúde é a

ausencia de problemas psicolóxicos. Sen embargo, cada vez óese máis que a familia está enferma, que se está a esborrallar. ¿Cales son as causas? Por suposto, variadas e complexas, pero cómpre salienta-la que fai referencia a trastornos psicolóxicos nalgún membro. Neste sentido, estudos diferentes suxiren que cando se pertence a un grupo familiar no que hai un apoio emocional axeitado, boa comunicación, pautas educativas coherentes, adecuada administración de reforzos, etc., xeralmente non se manifestan trastornos psicolóxicos nos membros da dita familia. Pola contra, se algún destes ou outros aspectos é deficitario, o máis probable é que un ou varios membros desenvolvan algún tipo de patoloxía psicolóxica, o que, á súa vez, vai desencadear unha desestabilización no sistema familiar.

## 2. TERAPIA FAMILIAR DE CONDUCTA

Ante a importancia dos diferentes membros da familia, tanto para a súa estabilidade coma para a xeración e solución de conflitos, nos anos corenta xorde un interese por estes temas. Interese que foi aumentando ata acadar un gran auxe na década dos setenta, que se estende ata o momento actual.

Nas orixes da Terapia Familiar Conductual, salientaremos tres figuras importantes.

En primeiro lugar, Patterson e colaboradores. Un aspecto básico da intervención que propoñemos é a realización dunha observación dos patróns de conducta que manifesta a familia, co fin de determinar cales son as variables que interveñen no desaxuste familiar. Posteriormente, adéstrase os pais en certos principios de aprendizaxe, para que sexan eles os que inicien un cambio nas interaccións, e acadar así patróns de conducta adecuados.

En segundo lugar, Liberman, quen, a diferenza de Patterson, analiza o problema desde outra perspectiva máis ampla. Entrevista a tódolos membros da familia e solicita información sobre os cambios que desexan. De tódalas formas, é o terapeuta quen establece as metas terapéuticas e desempeña un papel de experto educador.

As técnicas empregadas derivan dos principios de aprendizaxe (observacional, operante, etc.) destacando, así mesmo, como habilidade importante terapéutica, as alianzas coa familia.

Por último, R. Stuart, quen afirma que é máis fácil que un membro da familia cambie para agradar a outro que para agradarse a si mesmo. Neste sentido enfoca a súa intervención, non cara ós problemas existentes na familia, senón que lle pide ós membros que se centren en aspectos positivos dos demais (non nos negativos) e que se reforcen, tratando de maximizalo que se realiza de forma adecuada. Unha estratexia terapéutica utilizada é o *contrato de continxencia*, que consiste en redactar un contrato entre os membros da familia, no que se fan constar as condutas que se comprometen a realizar, así como os reforzos que se poden derivar da súa realización.

Despois do desenvolvemento inicial, a terapia familiar de conducta foi ampliando e perfeccionando os métodos e estratexias, chegando a abrangela "terapia marital", "terapia sexual", "adestramento de pais con fillos con problemas", etc.

Actualmente estamos nunha etapa de maior madurez, caracterizada por unha reflexión crítica sobre os pasos que se deron ata o momento actual, e trátase de determinar os aspectos xa consolidados deste enfo-

que, e aqueles que aínda necesitan unha maior investigación.

### 3. FASES OU PASOS NA TERAPIA

---

Recollendo as aportacións dos autores citados anteriormente, así como outras máis actuais (Alexander e Col, 1982,1983), podemos resumir en catro pasos a intervención terapéutica:

1º Avaliación do problema.

2º Explicación do problema á familia, así como as técnicas que se van utilizar, e petición de colaboración a cada un dos membros.

3º Posta en práctica das técnicas.

4º Terminación e seguimento.

O *primeiro paso*, avaliación, consiste en analizar os problemas que se suscitan na familia, que poden ser variados e de distinta natureza. Comentaremos algúns deles:

a) *Relación inadecuada entre a parella*. Algunhas das manifestacións podemos concretalas nas seguintes:

- elevadas taxas de conductas negativas ou desagradables, que proveñen do outro membro, e moi poucas positivas.

- comunicación mínima e inadecuada.

- crenzas e expectativas pouco realistas, tanto sobre o outro cónxuxe coma da propia relación matrimonial.

- dificultade para solucionar problemas (como consecuencia, en boa medida, do anterior).

b) *Separación ou divorcio*: Aludir ós conflitos pre e post divorcio máis que á separación en si. A repercusión que pode ter a nivel familiar depende da intensidade do conflito, da capacidade de diálogo para chegar a acordos satisfactorios para todos, da personalidade de cada membro, da idade dos fillos (en canto a repercusións nestes) etc.

c) *Alteracións psicolóxicas nalgún dos membros*.

d) *Relación conflictiva pais-fillo/s*. Tales como:

- Crenzas erróneas sobre o que se entende por educación dos fillos.

- Pautas educativas contradicorias nos proxenitores.

- Interaccións agresivas frecuentes.

- Comunicación inadecuada.

- Pouca ou nula administración de reforzos.

e) *Relacións inadecuadas entre irmáns*. Existen unha serie de variables que inciden na aparición destes conflitos: crenzas erróneas, tanto sobre os seus proxenitores coma sobre os seus irmáns; aprendizaxe por modelado de conductas agresivas manifestadas frecuentemente na familia; aprendizaxe inadecuada das pautas de comunicación, etc.

O *Segundo paso* é, en función da avalición, explicarlle á familia cal é o problema e cales son as condutas que cómpre modificar para soluciónalo. Así mesmo, deseñaremos un plan de intervención no que se especifiquen as técnicas que imos utili-



zar e o que se lle pide a cada membro. Tamén se fará referencia ó número aproximado de sesións e á frecuencia delas

Dado que explicar tódalas técnicas que poden utilizarse en función dos diferentes problemas ós que aludimos sería moi extenso, referirémonos unicamente a algúns aspectos que poidan ser útiles neste momento.este sería o *terceiro paso*

### 1. Estratexias que inciden na conducta.

Falamos de conductas positivas e negativas, e de reforzos e castigos.

Conducta positiva é unha conducta adecuada, mentres que a negativa sería inadecuada. Non obstante, hai que matizar que poden darse discrepancias na interpretación do adecuado e inadecuado, en función dos valores, crenzas e a percepción que se ten dun feito.

Se consideramos que unha persoa ten unha conducta inadecuada, e desexamos que adquira a conducta adecuada teremos que reforzar calquera aproximación cara a esa conducta ou cara á súa execución, nunca castigala.

¿Que se entende entón por reforzo? É un estímulo que aumenta a probabilidade dunha resposta á que segue temporalmente. Os reforzos poden ser primarios (comida, auga,sexo) e condicionados (o diñeiro, unha actividade pracenteira, a gabanza, etc.).

Poñamos un exemplo: se quero que o meu fillo de 10 anos adquira a conducta de estar períodos de media hora sentado estudando, cada vez que se aproxima a esa conducta ou a realiza, utilizarei un reforzo, neste caso podería ser verbal: "moi ben", "fixéchelo moi ben", "xaves que o podes facer", etc...

A administración do reforzo segue unhas leis que é importante ter en conta, e que sintetizamos nas seguintes:

- Tanto os reforzos positivos coma os negativos deben ser definidos como tales na medida en que afectan ó individuo.
- É necesario que as consecuencias afecten á conducta automaticamente (co reforzo debe darse, con certa rapidez, un cambio na conducta).
- É fundamental unha contigüidade temporal (conducta - estímulo)

mulo reforzador]. A medida que a contigüidade temporal é menor, o reforzo vai perdendo efectividade, e mesmo se corre o risco de reforzar outra conducta que non desexamos.

- É importante determina-lo nivel óptimo da frecuencia coa que deben administrarse os reforzadores. Ó inicio do programa, se hai dúbida, deben utilizarse con máis frecuencia e máis potentes. Sen embargo, debe controlarse a saciedade; para iso é importante dispoñer de reforzos variados.

O castigo enténdese como a aplicación de algo aversivo inmediatamente despois de realizar unha conducta incorrecta, ou ben a eliminación dun reforzo positivo ó realizar unha conducta inadecuada. Un exemplo do primeiro caso sería: o neno rompe un vaso e rífaselle ou ben pégaselle unha labazada.

Un exemplo do segundo caso sería: dous irmáns están vendo un programa que lles gusta na TV, comezan a pelexar, entón apágase a TV.

É importante destacar que o castigo so se utiliza para eliminar conductas, nunca lle ensina á persoa o que ten

que facer; unicamente lle ensina o que non ten que facer.

Para a aplicación correcta do castigo teremos que ter en conta unha serie de normas:

- Débese aplicar inmediatamente despois dunha conducta inadecuada, e con toda a intensidade, nunca gradualmente.

- É importante que o castigo non se asocie co reforzamento positivo, xa que, nese caso, cabe a posibilidade de que a estimulación aversiva adquira propiedades de reforzo positivo.

- É necesario dá-la posibilidade ó suxeito dunha resposta alternativa que non sexa castigada e que obteña un reforzamento igual ou maior cá resposta castigada.

Un problema que se suscita na modificación de conducta é *mante-la conducta* unha vez que a modificamos. Para iso é fundamental utilizar un programa de reforzo adecuado que, en síntese, poderíamos resumir así:

- Ó principio do programa, cando nos interesa que o suxeito

adquiera unha conducta, reforzarémosa de forma continua, é dicir, sempre que a realice ben.

- Unha vez establecida a conducta, é importante pasar a un programa intermitente, diminuíndo progresivamente a frecuencia de reforzo.
- É moi importante utiliza-lo reforzo social simultaneamente ó reforzo material.

## 2. Estratexias cognitivas

---

Un segundo aspecto ó que nos referiamos, eran as crenzas erróneas ou pouco realistas que poden te-los diferentes membros da familia.

Autores cognitivos, Beck ou Ellis, teorizan que o xeito de percibir e interpreta-los acontecementos determina as nosas emocións e conductas. Non sería o acontecemento en si o que nos fai sentir ben ou mal, senón o que penso sobre el. Segundo isto, cando existen problemas na familia, é probable que diferentes membros estean cometendo erros de pensamento, que será necesario analizar e modificar.

Algúns dos erros de pensamento máis frecuentes son os seguintes:

- *Sobrexeneralización.* A partir dun feito, ou varios illados, chégase a unha conclusión ou elabórase unha regra xeral. Algúns exemplos poden ser: A unha persoa que chega un pouco tarde a algunha cita, acúsana: "sempre chegas tarde". Ou ben un día que se pasou un pouco a comida, o marido acusa súa muller: "Sempre fa-lo mesmo coa comida".

- *Inferencia arbitraria.* Chegar a unha conclusión sen ter evidencia ou mesmo sendo a evidenciacontraria á conclusión.

Exemplo: O marido está serio porque está pensando en algo que lle pasou no traballo; a muller pensa: "seguro que non lle gusta nada a comida puxen".

- *Pensamento dicotómico:* Avalíanse ou clasifican as cousas en 2 categorías opostas. Nunha visión de todo ou nada.

Exemplo. Un pai dille ó fillo ou regresas ás 10 ou non saes (non hai termo medio).

- *Ter razón.* A persoa trata de impoñer continuamente o seu criterio porque cre que sempre ten a razón.

- *Visión catastrófica.* Continuamente se espera o desastre. Exemplo "...e se miña filla queda preñada", "...e se o meu fillo se mete na droga" (calquera comentario desencadea a visión de catástrofe, sen ter datos para iso).

Estes pensamentos (e algún outro que xa non enumeramos) que se consideran erróneos, xeran problemas na familia, por iso, cando o terapeuta os detecta, levará a cabo unha *reestructuración cognitiva*, co fin de modifica-los procesos cognitivos desadaptados.

### 3. Outras estratexias

---

Ademais das anteriores, e segundo o problema que se suscita, poden utilizarse outras técnicas como o "rol playing" e "modelado" para adestrar algún membro en habilidades que non posúe ou son deficientes (por exemplo para afrontar situacións ou para comunicarse mellor). Tamén se utiliza a asignación de "tarefas para a casa" que con-

siste en levar a cabo, en situacións reais, estratexias que xa se adestraron na clínica, etc.

Por último, se algún membro presenta unha patoloxía específica, pode ser importante realizar ademais, unha terapia individual (por exemplo, se un membro ten unha ansiedade moi elevada pode nenesitar dun adestramento en relaxación); deste xeito, pode axilizarse máis a terapia familiar e ser máis reforzante para tódolos membros.

Remátase a terapia, *Cuarto paso*, cando se aprenderon unha serie de técnicas e se están poñendo en práctica adecuadamente. O remate non debe realizarse de forma brusca, senón que se irán espaciando as sesións, de tal xeito que se ó principio a súa frecuencia era semanal, posteriormente farase cada 15 días e un mes. É importante realizar polo menos un seguimento ó cabo de tres e seis meses.

### 4. A resistencia ó cambio

---

Un último aspecto ó que queremos referirnos, moi brevemente, é a resistencia ó cambio, xa que é un importante problema, obxecto de

estudio nos diferentes enfoques terapéuticos.

Desde a formulación de conducta as definicións son variadas. Unha serie de autores (Gottman e Leiblum, 1974; Kanfer e Schefft, 1988) entenden a resistencia como un fracaso do paciente para satisfacer as expectativas do terapeuta. Pola contra, outros (Lazarus e Fay, 1982) descríbena como un fallo das intervencións do terapeuta para establecer as conductas adecuadas.

Nunha formulación integradora podería entenderse como un fracaso do paciente e/ou terapeuta na consecución dos obxectivos que se suscitan na terapia.

As causas da resistencia poden ser variadas e complexas. Ímonos referir a algunha delas.

En primeiro lugar, cómpre aludir a unha inadecuada análise de conducta, ó inicio, tanto no que se refiren á avaliación das conductas coma nos contextos onde se van aplicar as estratexias.

En segundo lugar, pode suceder que o terapeuta comece a intervención por problemas que algún membro considera como pouco significativos, o que pode provoca-lo abandono da terapia ou mesmo adoptar unha actitude de confrontación co terapeuta.

E terceiro lugar, pode opoñer resistencia ó cambio o membro "enfermo", xa que na súa situación actual ten unhas "ganancias" que "perdería" se recupera a saúde. Ou pola contra, teme poñer en práctica unhas técnicas que, interpreta, o van poñer peor.

Non é o noso propósito facer unha análise exhaustiva das causas sen unicamente poñer de manifesto o problema; non obstante, quixeramos finalizar salientando que cando aparece resistencia á terapia, o terapeuta debe estar alerta para detectar en que se está fallando e cambia-lo que sexa necesario, mesmo a súa propia conducta.

## BIBLIOGRAFÍA

Alexander, J.F., e B.V. Parson, (1982): *Functional family therapy*, Monterrey, California, Brooks/Cole.

Alexander, J.F.; H. Waldron, e C.H. Mas, (1983): "Beyond the technology of family therapy: the anatomy of intervention model". En K.D. Craig e R.J. McMahon (comps.). *Advances in clinical Behavior therapy*, N.Y. Brunner/Mazel.

Caballo, V.E.(1991): *Manual de técnicas de terapia e modificación de conducta*, Madrid, Siglo XXI.

Falloon, lam R.H. (1988): *Handbook of behavioural family therapy*, New York, Guilford Press.


Gottman, J.M. Leiblum, S.R. (1974): *How to do psychotherapy and how to evaluate it*, N.Y., Holt, Rinehart and Winston.

Kanfer, F. e Schefft, B. (1988): *Guiding the process of therapeutic change*, Champaign Ill, Research Press.

Lazarus, R.S. e A. Fay, (1982): "Resistance or rationaliation?. A cognitive-behavioral perspective". En P.L. Wachtel (comp). *Resistance: Psychodynamic and behavioral approaches*, N.J. Plenum Press.

Polaino-Lorente, A. (1993): *Terapia familiar y conyugal*, Instituto de ciencias para la familia, Madrid, Rialp

Walrond-Skinner (1982): *Psicoterapia de la familia y de la pareja*, Barcelona, Toray.



# DESAXUSTES DO SISTEMA FAMILIAR EN DESENVOLVEMENTO

---

*José Antonio Ríos González*  
Universidade Complutense, Madrid

## 1. INTRODUCCIÓN

---

Como resultado do exame da interacción entre familia e centro educativo podemos valorar algúns aspectos de canto implican os fenómenos da comunicación inter-sistémica que se dá entre ambas institucións.

Sería interesante presentar algúns datos de investigacións nas que se pon de manifesto canto afirmamos. Pero nesta ocasión limitarémola nosa reflexión ó que sucede no interior do sistema familiar baixo a forma de desaxustes que poidan ilumina-lo educador para interpretar algunhas claves do que lle interesa para o seu traballo co alumno e a súa familia.

Moitos e moi variados son os enfoques con respecto ó que é e sobre a familia. Todos eles son válidos

sempre e cando se fundamenten nalgunhas das múltiples teorías que explican o que sucede no interior do sistema familiar. En efecto, desde Ackerman (1961, 1969 e 1970) ata os nosos días sucedéronse distintos enfoques e modelos para explicalo funcionamento da familia: os seguidores da escola psicoanalítica (Stierlin, 1975 e 1980), as explicacións baseadas na interacción de condutas que foron amplamente explicadas polos estruturalistas (Minuchin, 1977), así como os seguidores da escola estratéxica (Haley, Madanes, 1974 e 1976) e os máis achegados á utilización do paradoxo como resorte capaz de mobilizar comportamentos moi cronificados (Selvini-Palazzoli, 1975 e 1990); todos ofrecen un amplo abano de alternativas coas que poder intervir cando atopamos na escola modelos familiares disfuncionais. O grao en que inciden sobre os procesos de ensino-aprendizaxe obrigan ó mestre a ter que coñe-

cer, polo menos de maneira aproximada, que está pasando no alumno como reflexo do que sucede na súa familia.

Obviamente, non hai unha familia única (Ríos González, 1984). Se isto tradicionalmente foi así, hoxe en día a diversidade de tipos familiares vese multiplicada enormemente. Hai modelos alternativos que contrastan co modelo tradicional que herdamos da nosa cultura occidental e do influxo de ideoloxías fortemente enraizadas en crenzas relixiosas e referencias morais. Os que analizan a fiabilidade e permanencia de tales modelos dan explicacións da capacidade ou incapacidade para substituí-los modelos clásicos. En todas estas valoracións, trátase de ver ata que punto estes modos novos de operar no sistema familiar son compatibles co que esixe o desenvolvemento e constitución madura da personalidade humana.


Convén fixar un concepto de familia no que todos esteamos de acordo, con independencia de matices derivados da presión de factores xeográficos, culturais e ideolóxicos, que son inevitables. Desde esta plataforma atrevémonos a dicir que podemos entender por familia "o

grupo humano integrado por membros relacionados por vínculos de afecto e de sangue, e no que se fai posible a maduración da persoa humana a través de encontros perfectivos, contactos continuos e interaccións comunicativas que fan posible a adquisición dunha estabilidade persoal, unha cohesión interna e unhas posibilidades de progreso evolutivo segundo as necesidades profundas de cada un dos seus membros en función do ciclo vital en que se atopen".

Valéndonos deste concepto estaremos en condicións de analizar, dunha banda, que sucede na familia cando a educación se volve difícil, e doutra, que fai posible que tal grupo humano se converta en apoio, estímulo e sostén para facer interminable o proceso de perfeccionamento humano no que se ven implicados educadores naturais (os pais) e educadores profesionais (mestres, profesores, titores...)

Desde un punto de vista práctico, e anticipando que todo o que imos expor como camiño para chegar a ela obedece a un apoio epistemolóxico suficientemente estruturado *Teoría Xeral de Sistemas* Von Bertalanffy, 1970; *Teoría da Comunica-*





ción, Bateson, Jackson, Watzlawick e seguidores no P.R.I. e escola de Palo Alto e *Teoría dos Xogos*, Shubick, 1985, Zagare, 1988, a familia preséntasenos como un grupo dinámico en crecemento a través duns ciclos vitais que dan sentido á súa estrutura, desenvolvemento, e funcións (Moos e Moos, 1974)

Calquera destes elementos constitúe un factor importante para explicalo que pode inquietar ó educador cando ve aparecer certos desaxustes ou disfuncións, principalmente cando este sistema atravesa algunha das fases do seu desenvolvemento conforme a canto nos indican os ciclos vitais da familia (Carter e McGoldrick, 1989).

## 2. DESAXUSTES NA ESTRUCTURA

Pódese entender por estrutura o conxunto de códigos reguladores a través dos cales as persoas se relacionan entre si. O catálogo dos mesmos é moi amplo, pero maior importancia adquiren algúns que inciden dun xeito máis profundo no funcionamento da familia.

En primeiro lugar, hai que aludir ó tema dos límites. A presen-

cia ou ausencia de límites indícanos de xeito bastante claro que espazos físicos e emocionais se manteñen suficientemente claros para facilitar a conquista da propia identidade en cada membro. Ó mesmo tempo permiten obter información sobre a distinción entre os niveis das xeracións adultas (pais) e novas (fillos), que son un termómetro sobre o que convén manter como "espacio común" e o que resulta imprescindible para definir como "espacio propio" no que cadaquén se sinta a si mesmo con tódalas súas consecuencias.

Aspecto central do dinamismo da familia é o que constitúe o núcleo das *alianzas* e *coalicións* que aparecen na interacción entre os membros. Hai que entender por *alianza* todo funcionamento no que se establecen nexos de unión entre dous membros do sistema para recibiren mutuo apoio e recíproca protección. Á súa vez, todonexo que se establece para estar en contra dun terceiro, recibe o nome de *coalición*, o que supón, pola súa mesma entidade, un enfrontamento e, por iso mesmo, un contraste que pode ocasionar disfuncións de distinta natureza. É o núcleo básico de toda *triangulación*, fenómeno que está na base de case tódolos conflitos que orixi-

nan conductas disfuncionais e comportamentos necesitados de axuda especializada.

A presenza de *xogos de poder*, a presión dos *mitos* que agachan aspectos vergoñosos da familia, a cronificación de *ritos e rituais* que ameazan a aparición de conductas espontáneas, son aspectos que o educador terá en conta para comprender onde se desenvolve e move o alumno.

A intricada rede que orixinan os distintos modos de aparecer algúns ou tódolos fenómenos citados, obriga a que a familia teña que organizarse en termos de perfilar *papeis*, establecer *códigos*, acordar *normas* e xerarquizar *valores*.

Cada familia ten, polo tanto, un modo propio de integrar todos estes elementos dentro do seu funcionamento sistémico. Ninguén pode escapar a eles (inevitabilidade da interacción) e, á súa vez, calquera cousa que faga un deles vai desencadear un comportamento reactivo nos outros (circularidade da interacción). Do modo, ritmo, intensidade e calidades cos que se verifique este intercambio de información, vai depender a funcionalidade ou axuste ou a súa disfuncionalidade e desaxuste.

No plano práctico, o educador deberá solicita-lo maior número posible de información sobre todos estes aspectos, ben sexa mediante o contacto directo co alumno e a súa familia, ben sexa a través do titor ou dos correspondentes servicios de orientación educativa, que deberían funcionar en tódalas institucións docentes. Fronte ó que algúns pretendieron, non se trata de que todo profesor sexa orientador no sentido máis rigoroso do termo, senón que se trata de conseguir que este teña nas súas mans todo o que os especialistas deben garantirlle como ferramentas de traballo para comprender mellor o que sucede na vida dos seus alumnos.

### 3. DESAXUSTES NAS FUNCIÓNS

---

As *funcións* derívanse do modo de acción co que o sistema familiar desenvolve e cumpre as súas tarefas e obxectivos.

É evidente que as funcións están intimamente ligadas ó desenvolvemento estrutural da familia, e cada unha elixe os seus modos peculiares tanto para *organiza-la súa vida*, coma para *relacionarse dentro e fóra* do propio sistema. A Teoría Xeral de Sistemas (Von Bertalanffy)

apórtanos innumerables puntos de referencia para entender como os sistemas abertos (aqueles que saben vivir “dentro”, pero saben compaxinala súa acción de intercambio e enriquecemento tamén “cara a fóra”) son máis sans cós sistemas pechados (só viven “cara a dentro”), que seguindo o funcionamento termodinámico se deterioran e empobrecen.

Un obxectivo prioritario da familia é realiza-la súa función educadora mediante a creación do clima adecuado para que no seu interior se realicen os procesos de *identificación coas figuras parentais*, en tódolos seus planos. A escola, como institución, ten que apoiar esta tarefa e debe completar canto falte para a conquista dunha meta que resulta imprescindible para a constitución adulta da personalidade humana. A apertura da familia debe se-lo camiño para conseguila *individuación* de cada membro (“ser eu mesmo”, “ser distinto”, admiti-la diversidade de cada fillo, respecta-la propia identidade...) e a *socialización* na que se realicen as aspiracións de integración social e laboral.

A práctica clínica e educativa coas familias amósanos con teimuda evidencia que cando as funcións se ven alteradas, as disfuncións apare-

cen inevitablemente. Ás veces, as familias queren demostrarnos que tiveron que adoptar unha actitude “pechada” porque os problemas dun fillo os obrigou a iso. Equivócanse case sempre, xa que unha análise sistematizada das secuencias coas que operan e funcionan, fannos ver que a presenza dun fillo-problema, un fillo-sintomático, non é a causa do seu peche, senón a consecuencia de interaccións que provocaron o deterioro dese membro, converténdoo no que vimos denominando “paciente designado” en canto residuo dos deterioros anteriores á súa presenza como tal. No sistema escolar (colectividade ou aula) sucede outro tanto, aínda que resulte máis cómodo para pais e mestres identifica-lo fillo ou o alumno como o único necesitado de intervención por parte do experto.

#### 4. DESAXUSTES NO DESENVOLVEMENTO

O desenvolvemento constitúe o exercicio de funcións actualizadas en actividades específicas que axudan a que o membro da familia consiga levar a bo termo a conquista das súas metas como ser humano maduro e integrado. Noutras palabras, podemos dicir que o desenvolvemento debe servir para que o individuo consiga unha maior cohesión, unha

mellor estabilidade e un adecuado progreso.

Este desenvolvemento supón evolución e cambio progresivo, pero tamén suficiente estabilidade para que no permanente se atope un punto de referencia e ancoraxe, que facilite o equilibrio do sistema e os seus membros a través do tempo.

Preséntase aquí o eterno dilema de como evolucionar e cambiar sen perde-la identidade, e como manter certos apoios sen caer no inmovilismo. Os cambios teñen que ser converxentes, graduais, flexibles, e dotados dun equilibrio dinámico. Por outra parte deben supor unha modificación da interacción que vincula as persoas máis ca cambios nelas en canto tales.

Cando Moos e Moos (1974) nos falan do desenvolvemento, entenden por tal o resultado "dos procesos de desenvolvemento persoal que poden ser fomentados ou non pola vida en común", sinalando como subescalas do mesmo as variables autonomía, actuación ou actividade, intereses intelectuais e culturais, actividades socio-recreativas e presenza de valores éticos e relixiosos.

A escola pode colaborar coa familia na estimulación dalgunhas desas variables, especialmente no que afecta á autonomía, actuación e intereses intelectuais e culturais. Pero sempre queda para a familia a parte máis importante: servir de caldo de cultivo para que o fillo encuentre nela a máis clara motivación e o mellor apoio. Os orientadores familiares coñecen ben as técnicas adecuadas para intervir cando algúns destes aspectos necesitan o seu incremento, ou o control, cando haxa unha sobreestimulación que non sempre é positiva

## 5. FAMILIAS QUE FAN ENFERMAR

---

Tendo en conta as ideas anteriores, podemos preguntarnos que tipo de familia debe ser tida en conta polo educador cando desexa profundar na análise da relación suxeito-familia, con vistas a clarificar-las posibles causas dos seus desaxustes.

É certo que non se trata da familia *sa*, que ó non ter un membro "enfermo", mantén os seus niveis de estrutura, función e desenvolvemento en coordenadas funcionais que non lle impiden mante-las liñas esenciais dun adecuado estilo educa-

tivo. Estas familias manteñen claros os seus límites e conservan unha suficiente capacidade de elaboración convenientes para adaptarse ás súas novas necesidades.

Cando nos preguntamos se hai familias *enfermas*, chegamos á conclusión de que o que está "enfermo" é o tecido das relacións que vinculan a uns membros con outros. O efecto inmediato desta realidade é que mais ben debemos falar de *familias que fan enfermarse*, en canto que poñen en xogo elementos dinámicos, que lonxe de contribuír a canto se sinalou como positivo, convértense en elementos desencadeantes de novos conflitos e deterioros posteriores.

É aquí onde hai que intervir. Primeiro nun plano puramente *preventivo*, entendendo como tal a posta en marcha dos resortes que conduzan á potenciación dos factores positivos que posúe a familia, sexa de maneira manifesta e patente ou sexa de modo latente e non activado. O orientador terá que actuar nese núcleo básico, mediante as técnicas que faciliten que a familia recupere as súas capacidades educativas.

Con frecuencia algunhas familias precisan unicamente da actualización dos medios que conducen ó uso dos resortes educativos mínimos (*nivel educativo* da orientación familiar). Sen embargo, hai outras que esixen o emprego de recursos máis finos, porque a educación comeza a facerse difícil para eles (*nivel de asesoramento* ou orientación propiamente dita). Cando as situacións se fan máis complexas e cómpre poñer en xogo técnicas de reestrucutración máis sofisticadas, chegamos ó nivel de terapia que se sitúa no plano curativo (Ríos González,1993).

Calquera deles debe ser determinado polos equipos especializados, xa que sen unha avaliación previa da situación que atravesa a familia non poderá intervirse adecuadamente . Nesta avaliación precísase a colaboración da institución educativa e dos seus profesionais. Aínda que aquí se presenta o tema da escasa colaboración destes cando teñen que implicarse en algo que tamén lles afecta. Todos, pais e educadores, deben comprometerse cos profesionais da orientación, aínda que os datos dos que dispoñemos na nosa experiencia

nos indican que queda moito camiño por percorrer. O orientador *non é só orientador do fillo/alumno*, senón que é *orientador de todo o sistema educativo*. E aquí hai que avalia-la interacción de cantos elementos persoais interveñen no feito educativo.

Abonda presentar algúns datos para reflexión duns e doutros: cando preguntamos ós pais e educadores onde cren que está a causa dos conflitos que afectan ós alumnos, repártense de maneira moi curiosa:

- Á pregunta de se “cren que a causa do problema está dentro do suxeito e que só hai que actuar sobre el”, responden afirmativamente o 44% dos pais, e o 46% dos profesores.

- Cando preguntamos se “cren que hai algo de tipo familiar, e cómo pre intervir nese plano”, responden que si o 10% dos pais, e o 13% dos mestres.

- Ó indagar se cren “que hai algo da escola e hai que intervir nese nivel”, contestan afirmativamente o 25% dos pais, e só un 6% dos mestres.

- A cuestión resulta máis palpable cando se lles pregunta se cren que *todo* radica na familia ou na escola para que, en tales casos, se interveña preferentemente sobre unha e outra. Din que *todo é da familia* o 5% dos pais, e o 29% dos mestres; mentres que afirman que *todo é da escola* o 4% dos mestres, e o 15% dos pais. Unha maneira suave de botarse a pataca quente.

Queden aí estas cifras como un punto de reflexión para os educadores. Porque tal vez das súas consecuencias poidan derivarse conclusións que procuren abrir un camiño máis constructivo de cara á co-xestión familia e escola, para evita-la aparición de novas disfuncións que levan ó desaxuste dos suxeitos.

## BIBLIOGRAFÍA

---

Ackerman, N.W.(1961): *Diagnóstico y tratamiento de las relaciones familiares*, Hormé, Bos Aires.

Ackerman, H.W.(1969): *Psicoterapia de la familia neurótica*, Hormé, Bos Aires.

Ackerman, N. (1970): *Teoría de la práctica de la Psicoterapia familiar*, Proleo, Bos Aires.

Bertalanffy, L.von (1973): *Teoría General de Sistemas*, F.C.E., México.

Carter, B. e M. McGoldrick, (1989): *The family life cycle: a framework for family therapy*, Allyn and Bacon, Nova York.

Haley, J. (1974): *Tratamiento de la familia*, Toray, Barcelona.

Haley, J. (1976): *Técnicas de terapia familiar*, Amorrortu, Bos Aires.

Madanes, C.: *Terapia estratégica*, Amorrortu, Bos Aires.

Minuchin, S.(1977): *Familias y terapia familiar*, Granica, Barcelona.

Moos y Moos (1974): *Manual del FES,TEA*, Madrid.

Ríos González, J.A. (1983): "Trastornos escolares y ambiente emocional del aula", *Bordon*, 248, 316-336

Ríos González, (1984): *Orientación y terapia familiar*, I.C.H., Madrid (próxima 2ª edición, co título *Manual de Orientación y terapia familiar*)

Ríos González, J.A. (1986): *Familia y centro educativo*, (2ª ed.) P.P.C., Madrid

Ríos González, J.A. (1993): "La Orientación familiar: niveles, contenidos y técnicas". En Quintana, J.M. (1993): *Pedagogía familiar*, Narcea, Madrid (p.151-157)

Selvini-Palazzoli, M (1985): *El mago sin magia*, Paidós, Bos Aires

Selvini-Palazzoli, M.(1990): *Los juegos psicóticos en la familia*, Paidós, Bos Aires.

Shubick, J.E.(1985): *Game Theory in the Social Sciences. Concepts and Solutions*, MIT Press, Cambridge.

Stierlin, H.(1975): *Dalla psicanalisi alla terapia della famiglia*, Boringhieri, Torino.

Stierlin, H.(1980): *Terapia de familia: la primera entrevista*, Gedisa, Barcelona.

Watzlawick, P.,e outros (1981): *Teoría de la Comunicación humana*, Herder, Barcelona.

Zagare, F.C.(1988): *Game Theory, Concepts and Applications*, Sage Publications, Beverly Hills, London.



# REFLEXIÓN S DESDE A EXPERIENCIA DE TRABALLO

nun centro de orientación Familiar

*Miguel Angel López Folgueira*  
Centro de Orientación familiar  
de Monforte de Lemos.

## 1. INTRODUCCIÓN

Neste traballo expoñeremos brevemente o que foron nove anos e medio de traballo no Centro de Orientación Familiar de Monforte de Lemos (de aquí en diante, C.O.F.), e que na actualidade depende do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

Non é este un estudo estatístico sobre a tarefa realizada ó longo destes anos, senón unha aproximación ó que foron e seguen a se-las liñas básicas de actuación no quefacer profesional cotián da Orientación Familiar.

O C.O.F. de Monforte de Lemos está formado polos seguintes profesionais: auxiliar administrativo, ATS-DUE e psicólogo, dedicados en exclusividade ó Centro; cóntase, ademais, coa colaboración dos médico-xinecólogos do Hospital Comarcal de

Monforte, que pasan consulta no Centro dous días por semana, e coa traballadora social do Centro de Saúde.

Á vista dos profesionais implicados no Centro, xa un se pode dar unha idea do tipo de traballo que se realiza: preténdese unha atención integral á familia, que tenta superala imaxe do C.O.F. como mero dispensador de anticonceptivos, aínda que é certo que este é o motivo principal polo que acode a meirande parte das usuarias (digo usuarias porque maioritariamente asisten só mulleres). Non obstante, e aínda tendo isto en conta, utilízase ese motivo de consulta (a anticoncepción) como trampolín para brindar outros tipos de apoios e axudas a aqueles casos que, xa no presente, xa nun futuro, a puidesen requirir. Máis adiante especificarase o tipo de axuda que se ofrece.

Ademais dos citados profesionais, trabállase en colaboración directa con todo o equipo médico e de enfermeiría do Centro de Saúde e coa Unidade de Saúde mental, así como con outros equipos e profesionais non ubicados no Centro de Saúde, como por exemplo, o Centro de Asistencia a Drogodependencias, traballadoras sociais da comarca, etc. Especial mención merece a colaboración coa matrona do centro de saúde.

Non obstante, o C.O.F. tampouco se quere limitar á función asistencial, de gran importancia, pero que nos parece insuficiente. Por iso lévanse a cabo actividades en centros escolares, asociacións de amas de casa, emisoras de radio... e, en definitiva, en todos aqueles colectivos que se amosen máis receptivos e sensibilizados cara á familia.

De todo o exposto, dedúcese que a orientación familiar vai bastante máis aló da prestación de axuda a mulleres en idade fértil, e que calquera etapa do ciclo vital da familia pode ser susceptible da orientación familiar.

Pero detrás de cada traballo que o home realiza, está latente unha filosofía, unha idea do que ese

traballo debe de ser e do tipo de persoa, neste caso máis ben de familia, á que ese traballo vai destinado. Por iso, veremos a seguir que podemos entender por familia e por orientación familiar.

## 2. ¿QUE É A FAMILIA?

---

Poderíase defini-la familia de moitas formas, segundo o prisma desde o cal a analicemos. Para o obxectivo que nos interesa neste momento, imos utiliza-la descrición que dá un coñecido terapeuta familiar como é Salvador Minuchin: "A familia é un grupo natural que no decurso do tempo elaborou pautas de interacción. Estas constitúen a estrutura familiar, que á súa vez rexe o funcionamento dos membros da familia, define a súa gamma de conductas e facilita a súa interacción recíproca. A familia necesita dunha estrutura viable para desempeña-las súas tarefas esenciais, a saber: apoia-la individuación ó tempo que proporciona un sentimento de pertenza" (S. Minuchin: *Familias y Terapia Familiar*, Gedisa, Barcelona, p. 25).

Nesta definición tres son os elementos básicos subxacentes: comunicación, individuación e pertenza.

- **Comunicación:** o elemento básico e fundamento da familia. Sen comunicación non pode haber familia. As pautas de interacción de que fala Minuchin só se crean mediante a comunicación, entendida esta non no sentido estrito de comunicación verbal, senón no sentido máis amplo de intercambio de condutas. En toda conduta hai comunicación e sempre que alguén estea en presenza doutra ou doutras persoas, élle imposible non comunicarse. Eis o gran reto da familia actual: lograr a través deses intercambios de mensaxes, verbais e non verbais, crear familias que sexan escolas de solidariedade e non de individualismos feroces, como con tanta frecuencia sucede nos tempos nos que vivimos, porque só desde aquí a familia podería cumprir esas dúas tarefas esenciais de:

- **Individuación:** que o individuo chegue a ser el mesmo, a coñecerse a si mesmo e a posuírse a si mesmo, ou en definitiva, a ser dono da súa persoa e das súas condutas.

- **Sentimento de pertenza:** a individuación só se dará tendo en conta un sólido sentimento de pertenza a certos grupos referenciais, que validarán ó mesmo tempo o sen-

tirse individuo singular pero non illado dos demais individuos, senón aceptado e querido por eles. Sen lugar a dúbidas, ese grupo de pertenza e referencia básica do individuo é a familia. Eis a súa transcendental importancia.

### 3. A ORIENTACIÓN FAMILIAR

---

A orientación familiar abrangue en si o conxunto de técnicas e quefaceres encamiñados a axudar ás familias a cumprir mellor cos seus obxectivos ou tarefas básicas, arriba descritas. Seguindo ó Dr. Ríos González (J.A. Ríos González: *Orientación y Terapia Familiar*, Instituto de Ciencias do Home, Madrid), trataríase con todo iso de fortalecer tódalas capacidades tanto evidentes coma latentes dentro do sistema familiar, e que terían como obxectivo fortalecer os vínculos que unen ós membros dese sistema, co fin de que o comportamento deles sexa san, eficaz e quen de estimularlo progreso persoal de tódolos membros e do contexto emocional que os acolle.

A tarefa é, polo tanto, ampla e variada, e para executala poderíase traballar desde tres niveis diferentes: nivel educativo, nivel de asesora-

mento e nivel de tratamento. O primeiro nivel de actuación ou educativo realízase fóra das instalacións do COF, a través das APAS ou outras asociacións. O nivel de asesoramento, normalmente lévase a cabo dentro do Centro, así como tamén o terceiro nivel, o de tratamento. As actuacións no primeiro nivel van dirixidas á poboación en xeral, pero as do segundo e terceiro niveis, irán xa dirixidas a aquelas persoas que especificamente o soliciten.

Vexamos agora de que forma levamos a cabo estes obxectivos.

#### 4. LIÑAS BÁSICAS DE TRABAJO NO C.O.F. DE MONFORTE DE LEMOS.

Dentro do nivel educativo salientariámolo seguinte:

- Charlas, conferencias, coloquios, levados a cabo fundamentalmente nas APAS e na Asociación de Amas de Casa, onde se abordan temas como: a comunicación familiar, as etapas do ciclo vital da familia, a sexualidade no proceso de madureza da persoa e a educación sexual dos fillos.

- Charlas e coloquios en centros de EXB, BUP e, sobre todo, FP, verbo de temas relacionados coa sexualidade.

- Realización de programas de radio e ciclos de programas de periodicidade semanal, con duración de ata nove meses, sobre temas como: sexualidade e anticoncepción, as etapas do ciclo vital da familia, a educación familiar, a comunicación familiar e a educación maternal, entre os máis amplamente tratados.

Non se logrou, sen embargo, polo de agora, algo que consideramos moi importante para este nivel da orientación familiar e que en repetidas ocasións se intentou: a creación dunha escola de pais. Tampouco se logrou a formación de grupos de parellas de xoves, noivos ou acabados de casar, co fin de levar á práctica unha orientación preventiva no concerner a posibles problemas de parella e conflitos familiares en xeral.

Entendemos que a forma máis eficaz de actuación para previr problemas de parella ou familiares, sería precisamente a través de escolas de

pais ou de matrimonios, polo que seguiremos intentando ver realizado este obxectivo.

Os niveis de asesoramento e de tratamento, constitúen o groso do traballo cotián no C.O.F. As demandas da poboación que acode neste nivel xiran sobre a dous eixes fundamentais: planificación familiar e asesoramento e/ou terapia para conflitos de parella ou disfuncións sexuais.

O perfil tipo de usuario do centro é: muller, casada, entre 20 e 35 anos, de clase social media ou media-baixa, con estudos de EXB, BUP ou FP en menor medida, que non traballa fóra da casa e que ten entre ningún e dous fillos.

A forma de acceso ós servizos do centro pode ser: ben por petición directa de consulta, ben por derivación doutros profesionais do Centro de Saúde ou da comarca.

## 5. PLANIFICACION FAMILIAR

---

É unha parte da Orientación familiar e abrangue os seguintes aspectos:

Educación sexual: xa máis arriba mencionamos a realización de charlas e coloquios acerca da sexualidade. Pero ¿é iso suficiente?. Honradamente hei de dicir que non, pois o aspecto informativo da sexualidade, se ben é importante, non é o principal. De maior importancia son os factores actitudinal e experiencial ou vivencial. E a actitude e a vivencia adquirense principalmente no seo da familia, e despois dentro do grupo social no cal vive o individuo. O neno aprende a súa sexualidade vendo como seus pais a viven, como o grupo social de referencia a vive, como ese tema se afronta no colexio... E se na casa non se fala do tema, cos amigos hai que facelo ás agachadas, e ó colexio vai falar de sexualidade alguén que non é mestre habitual do neno; ¿que conclusións poderá tirar este?. Certo que os programas escolares, desde hai tempo, inclúen o tema da reprodución, pero; ¿e o demais?. Moitos homes e mulleres non se reproducen, e non por iso deixan de ter sexualidade e de seren seres sexuados. Digamos agora unicamente que a sexualidade é algo así como, o modo, a maneira, a forma, en que cada individuo vive e se vivencia como home ou como

muller e ó mesmo tempo se experimenta, se manifesta cara ó exterior como tal home ou tal muller.

- Educación maternal: colaboración coa matrona do Centro de Saúde nos cursos de educación maternal.

- Prevención de enfermidades de transmisión sexual, mediante charlas informativas, etc. ¿E a sida?. “Pono-ponllo”, “ponlle o casco á sida”... ¿Por que non se informa claramente de que o preservativo diminúe pero non elimina as posibilidades de contaxio?.

- Prevención de cáncer xenital e mamario: realización de citoloxías, exploracións mamarias, etc. por parte do médico e ATS do Centro a tódalas mulleres usuarias do C.O.F.

- Infertilidade: para aqueles casos de parellas que desexan ter un fillo e non o logran, proporciónase-lles asesoramento e tratamento, polo menos nas súas fases iniciais.

- Regulación da fertilidade e fecundidade: usamos estes termos e non o de “control de natalidade” ou outros similares, non por mero azar ou capricho, senón polas connota-

cións que cada expresión pode implicar. “Control de natalidade” fai referencia máis ben a controlar, diminuindo os nacementos e, ademais, pode deixa-la porta aberta a posibles intervencións post fecundación. Sen embargo, a expresión “regulación da fertilidade e fecundidade” supón actuar en estadios previos á fecundación e, polo tanto, antes de que esta teña lugar, ademais de deixa-las portas abertas tanto a unha diminución coma a un incremento da natalidade, que cadaquén usaría de forma responsable, tendo en conta as circunstancias persoais, familiares, sociais e mesmo históricas de cada momento.

A fertilidade é unha capacidade nos humanos que, lonxe de loitar contra ela, o que deberíamos de facer é humanizala, personalizala, para que cada un faga uso dela non por puro azar, senón responsablemente e tendo en conta propostas superadoras do individualismo, das modas ou da comodidade persoal. Todo iso sen perder de vista que os humanos non somos máquinas e, na vida, por moitos cabos que atemos, sempre quedan factores imprevisibles que, de certo, son os que fan que se conciba o vivir cotián con ilusión. Non por termos seguros a todo risco e para todo, se acada máis benestar, pois



pódese da-lo paradoxo de que un se converta en escravo deses mesmos seguros que tantos custos, non unicamente económicos, lle supoñen.

Que un fillo sexa desexado é moi importante, pero máis importante é aínda que sexa aceptado. Pode ser desexado e logo, por non cumprilas expectativas que eses pais tiñan, non ser aceptado; e, á inversa, pode non ser desexado e ser perfectamente aceptado. A aceptación, máis có desexo, si sería condición necesaria, aínda que non abonda, para un desenvolvemento san.

A partir do momento en que a parella se constitúe e estabiliza, un dos grandes retos que ha de afrontar é o da regulación da fertilidade: cando e cantos fillos van ter. Ter un fillo é algo sumamente serio e por iso no momento en que veña ó mundo debemos estar preparados para aceptalo e proporcionarlle un clima cálido que facilite o seu desenvolvemento harmónico en tódolos campos. Idealmente a aceptación xa se tiña que dar desde o momento da concepción, pois a vida intrauterina é de capital importancia, sen embargo, e como mínimo, o fillo ha de ser aceptado cando veña ó mundo. Na práctica clínica detéctanse bastantes

problemas de personalidade e/ou conducta que ten como dato etiolóxico máis relevante o feito dunha deficiente aceptación parental dese novo ser. A aceptación e cariño incondicional cara ó neno é de importancia vital para o seu san desenvolvemento. Pero para proporcionarlle ese tan importante apoio, a relación entre os pais ten que estar baseada en vínculos sans e maduros.

Consideramos importante que a parella poida ter acceso a información e medios para poder regular responsablemente a súa fertilidade, e así poder exercer un control, polo menos relativo, sobre os fillos que desexa ter. Deste xeito será bastante máis fácil que os fillos sexan aceptados, o que supón estar actuando nunha dobre fronte: evítanse posibles problemas futuros a esa familia, debido precisamente, á non chegada de fillos non desexados, e así mesmo faise o que poderíamos chamar orientación familiar precoz. Se logramos que os nenos sexan plenamente queridos e aceptados, estamos poñendo as bases para que eses adultos do mañá estean en boas condicións para aceptar á súa vez ós seus propios fillos, pois con grande frecuencia as pautas interacciónais familiares repítense de xeración en xeración.



Pero ó falar da regulación da fertilidade, falamos da parella e non só da muller, da responsabilidade compartida e non só da responsabilidade da muller.

¿Que podemos dicir sobre os motivos para regula-la fertilidade?. Desde a experiencia do Centro en que traballo, teño que dicir que as motivacións que se manifestan son en grande número de tipo económico, e de non se-lo momento adecuado para un embarazo, ben por ter outro fillo aínda pequeno, por considerarse demasiado novo, ou maior, e tamén por motivos económicos, ou simplemente por non apetencia do embarazo, ou por non querer ter xa máis fillos.

Claramente os aspectos económicos son os que priman, motivación normal nunha sociedade eminentemente materialista, que cifra o éxito no posuír e non no ser. Pero ¿dá o diñeiro a madurez necesaria para ter e educar fillos?.

Como apuntamos xa ó comezo, a anticoncepción é a demanda principal que maioritariamente solicitan as usuarias do C.O.F. de Monforte (ó redor dun 90%, aínda que, como se sinalou tamén, ó entrar xa

dentro do proceso de asesoramento, poden xurdir outros problemas susceptibles de asesoramento ou tratamento.

A tódalas usuarias do C.O.F., por motivos de anticoncepción e cando acoden por primeira vez, proporcionáselles información en grupos de 4-6 mulleres ou parellas (sobre todo mulleres) acerca das distintas formas de regulación da fertilidade, dáse-lle-la oportunidade de que dialoguen, pregunten, aclaren dúbidas, e expresen temores, etc. Seguidamente e xa de forma individual, ou en parella se acoden ambos, pásase a elabora-lo historial correspondente, realizando entrevistas co psicólogo, ATS-DUE, e logo, con posterioridade, consulta co xinecólogo. Nesta ocasión, por considerar que é un labor máis coñecido, non falarei do traballo de ATS e médico.

En canto ós métodos preferidos para evitar embarazos non desexados, a orde de preferencia é a seguinte: pílula, DIU (neste caso xa non poderíamos falar de regulación da fertilidade no sentido antes comentado) e, a continuación, pero a distancia, ligadura de trompas, vasectomía, métodos de barreira e, en moita menor medida, os métodos

naturais. En xeral, o criterio fundamental que as usuarias teñen en conta para a elección, é o de seguridade. Os métodos naturais son xeralmente rexeitados, ademais de polo tema de seguridade, polo autocontrol que supoñen nas relacións sexuais. Parece, polo tanto, meridianamente claro que a seguridade e comodidade son os criterios case exclusivos que se seguen á hora de elixir método, polo menos por parte da poboación a que fago referencia. ¿Conclusións? Cadaquén que tire as oportunas.

Cómpre dicir, para rematar este punto, que despois das explicacións, suxestións e comentarios pertinentes, a derradeira palabra en canto a método de regulación da fertilidade elixido tena a propia parella. Habitualmente recoméndase, en caso de que acuda a muller soa, que antes de decidir o comente e fale amplamente coa súa parella. Agás, loxicamente, en caso de que o método elixido estea contraindicado por razóns de saúde, tanto física coma psíquica, ou ben porque se preveza que puidese ser motivo de alteracións na dinámica relacional da parella. Nese caso trataríase de prestar axuda para buscar solucións alternativas máis eficaces.

## 6. ASESORAMENTO PSICOLÓXICO E/OU TERAPIA

Pódese acceder a este servizo do centro de varias maneiras: mediante a petición directa de consulta por parte dos/das interesados, por derivación doutros profesionais do Centro de Saúde ou da comarca, ou ben, e este é o caso maioritario, por detectar problemas, susceptibles de ser tratados, no momento da primeira entrevista psicolóxica.

Nesta primeira entrevista psicolóxica, recóllense os datos básicos da historia persoal, sexual e familiar, co fin de poder ofrecer un mellor asesoramento, tendo xa en conta as circunstancias de cada caso. Se se observan problemas que poidan ser atendidos polo psicólogo, ofrécese esta posibilidade. Merece ser comentado agora o feito de que os problemas descubertos na primeira entrevista, polo xeral son máis dos que logo se tratan, e isto é fundamentalmente porque en moitas ocasións a persoa ou parella implicada non ten aínda conciencia nidia do problema, e polo tanto non existe a motivación suficiente para iniciar un tratamento. Isto sucede, sobre todo, en casos de frixidez, inorgasmia, exaculación

precoz e lixeiros problemas na relación de parella. Comprobamos con certa frecuencia que hai persoas ou parellas que nas devanditas áreas de conducta nunca tiveron un funcionamento, xa non óptimo, senón polo menos medianamente axeitado, polo cal non sorprende a ausencia de conciencia de problema.

¿Quen pide axuda?: agás excepcións, é a muller a que fai de voceiro da familia ou da parella no referente ás cuestións que aquí nos atanguen, e isto mesmo naqueles casos, por exemplo o da exaculación precoz, en que o portador do problema é o home. Claro que no tema sexual, sexa quen sexa o portador do problema, este vai ser padecido polos dous, debido ás implicacións que a disfunción vai ter na relación. Pero, e aínda despois de admitida esta premisa, non deixa de resultar significativo que o home se “desentenda” destas cuestións. A única excepción ante a cal o home acode, incluso só en moitas ocasións, é cando existe disfunción erectiva (impotencia).

¿Por que isto sucede así? Amais de factores socioculturais, nos que non imos entrar, desde a nosa experiencia profesional cremos que un dos motivos relevantes pode se-la

falta de comunicación no terreo sexual. A crenza, existente aínda en amplos sectores, de que as relacións sexuais se teñen, pero delas non se fala. ¡Como un esposo “competente” non vai coñecer as necesidades sexuais da súa muller!. Existen matrimonios con varios anos de convivencia e que, no terreo sexual, o un é un perfecto descoñecido para o outro e viceversa, como o demostra, por exemplo, a existencia de mulleres frías e inorgásmicas, que conservan a disfunción como o máis grande dos segredos. “¡Como lle vou dicir ó meu marido que non obteño pracer!”, é unha expresión que se segue a oír con relativa frecuencia por estes lares, aínda que é certo que tende a diminuír.

¿Quen se implica máis no tratamento? Xeralmente, tamén a muller. E esta é a grande dificultade coa que nos atopamos á hora de tratar de solucionar problemas, tanto sexuais coma de parella ou familia, pero sobre todo os segundos, pois no caso dos problemas sexuais, e despois de comeza-la terapia, a colaboración do home soe ser máis eficiente. No que atangue a problemas de parella ou familia, en grande número de casos tense que presta-la axuda contando só coa esposa.

Deixamos para o lector o que podería se-lo derradeiro apartado: as conclusións. Unicamente nos gustarían apunta-la urxente necesidade de actuacións a nivel educativo e de formación. Non só información. ¿Por que intentos serios, viables e que prometían dar interesantes froitos, como a Escola de Orientación Familiar, que funcionou en Lugo durante a primeira metade dos anos oitenta, dependente da Delegación Diocesana de Pastoral Familiar, veu abaixo? Non o sabemos.

Os C.O.F. actuais son necesarios e realizan unha función de grande importancia, pero cremos que non abundan, polo cal outras iniciativas virían completar e cubri-las lagoas que, sen lugar a dúbidas, seguen a existir no campo de axuda á familia. Con independencia de ideoloxías, cremos que a familia é un valor que debemos conservar por si mesmo.

## BIBLIOGRAFÍA

- Abrahan,G.e R. Porto: *Terapias Sexolóxicas*, Madrid,Pirámide
- Amorós Martí, P.: *La adopción y el Acogimiento familiar*, Madrid, Narcea.
- Anderson,B.A., M.E. Camacho, e J. Stark: *Embarazo y Salud en la Familia*, México, Trillas.
- Andolfi,M., e outros: *Detrás de la Máscara Familiar*, Bos Aires, Amorrortu.
- Andolfi,M., e I. Zwerling: *Dimensiones de la Terapia Familiar*, Barcelona, Paidós.
- Bateson,G., e outros: *Interacción Familiar*, Bos Aires, Ediciones Buenos Aires.
- Bertran Quera,S.I.: *Escuela de matrimonios*, Barcelona, Herder.
- Bornstein,P.H., e M.T. Bornstein: *Terapia de Pareja. Enfoque Conductal Sistémico*, Madrid, Pirámide.
- Boszormenyi-Nagy,I., e G. Spark,: *Lealtades Invisibles*, Bos Aires, Amorrortu.
- Bowlby,J.: *El Vínculo Afectivo*, Bos Aires, Paidós.
- *La Separación Afectiva*, Bos Aires, Paidós
- *Vínculos afectivos: formación, desarrollo y pérdida*, Madrid, Morata.
- Brunet Gutiérrez,J.J., e J.L. Negro Faílde: *¿Cómo organizar una escuela de padres?*, Madrid, S.Pío X,(2 volumes).
- Calaf Alsina,J. e Cols.: *Guía Práctica de Contracepción*, Barcelona, Salvat.
- Caparrós,N.: *Crisis de la Familia*, Madrid, Fundamentos.
- Cooper,D.: *La Muerte de la Familia*, Barcelona, Ariel.
- Costa,M., e C. Serrat: *Terapia de parejas*, Madrid, Alianza Editorial.
- De Shazer,S.: *Pautas de terapia familiar Breve*, Barcelona, Paidós.

- *Claves para a solución en terapias breves*, Bos Aires, Paidós.
- Del Campo, S.: *La evolución de la familia española en el siglo XX*, Madrid, Alianza Universal.
- Dexeus, S.: *Anticoncepción*, Barcelona, Salvat.
- Douglas, N., e P. Slinger: *Secretos sexuales*, Barcelona, Martínez Roca.
- Faure Oppenheimer, A.: *La Elección de Sexo*, Madrid, Akal.
- Fernández, J.: *Nuevas perspectivas en el desarrollo del sexo y el género*, Madrid, Pirámide.
- Galli, N.: *Educación sexual y cambio cultural*, Barcelona, Herder.
- García Serrano, P.: *Orientación familiar*, México, Limusa.
- Giraldo Neira, O.: *Explorando las Sexualidades Humanas*, México, Trillas.
- Haley, J.: *Terapia para resolver problemas*, Bos Aires, Amorrortu.
- *Terapia no convencional*, Bos Aires, Amorrortu.
- *Trastornos de la emancipación juvenil y terapia familiar*, Bos Aires, Amorrortu.
- *Tratamiento de la familia*, Barcelona, Ediciones Toray.
- e L. Hoffman.: *Técnicas de terapia familiar*, Bos Aires, Amorrortu.
- Jackson, D.D.: *Comunicación, familia y matrimonio*, Bos Aires, Nueva Visión.
- Laing, R.D., e A. Esterson: *Cordura, locura y familia*, Madrid, Fondo de Cultura Económica.
- Lazarus Ph.D., A.A.: *Mitos maritales*, Bos Aires, IPPEM.
- Lemaire, J.: *Terapia de pareja*, Bos Aires, Amorrortu.
- Madanes, C.: *Terapia familiar estratégica*, Bos Aires, Amorrortu.
- Mackenzie, R.: *Climaterio y menopausia*, Madrid, Pirámide.
- Mariás, J.: *La mujer en el siglo XX*, Madrid, Alianza Editorial.
- Masters, W.H., V.E. Johnson, e R.C. Kolodny : *La Sexualidad Humana*. 1. La Dimensión Biológica. 2. Personalidad y Conducta sexual. 3. Perspectivas Clínicas y Sociales, Barcelona, Grijalbo.
- *El Sexo en los tiempos del SIDA*, Barcelona, Ediciones B. S.A.
- Minuchin, S.: *Familias y terapia familiar*, Barcelona, Gedisa.
- *Calidoscopio familiar*, Barcelona, Paidós.
- e H.C.H. Fishman: *Técnicas de terapia familiar*, Barcelona, Paidós.
- Moratinos, J.F.: *La terapia familiar en la práctica clínica*, Bilbao, Desclée de Brouwer, (2 volúmenes)
- Onnis, L.: *Terapia familiar de los trastornos psicossomáticos*, Barcelona, Paidós.
- O'Neill, N., e G. O'Neill: *Matrimonio abierto*, Barcelona, Grijalbo.
- Pastor Ramos, G.: *Sociología de la familia. Enfoque institucional y grupal*, Salamanca, Sígueme.
- Pelechano, V.: *El impacto psicológico de ser madre*, Alfabés, Valencia.
- Pincus, L., e CH. Dare: *Secretos en la familia*, Santiago de Chile, Cuatro Vientos Editorial.
- Ríos González, J.A.: *El padre en la dinámica personal del hijo*, Barcelona, Editorial Científico -Médica.
- *Orientación y terapia familiar*, Madrid, Instituto de Ciencias del Hombre.
- Rogers, C.: *El matrimonio y sus alternativas*, Barcelona, Kairos.
- Santori, G.: *Compendio de sexología*. Madrid, Razón y fe.
- Satir, V.: *Psicoterapia familiar conjunta*, México, La Prensa Médica Mexicana.

- *Relaciones humanas en el núcleo familiar*, México, Pax.
- Schaffer, R.: *Ser madre*, Madrid, Morata
- Selvini Palazzoli, M., e outros: *Paradoja y contrapadoja*, Buenos Aires, ACE.
- Singer Kaplan, H.: *Distunciones sexuales*. Barcelona. Grijalbo.
- *La nueva terapia sexual*, Madrid, Alianza Editorial(2 volúmenes)
- *Manual ilustrado de terapia sexual*, Barcelona, Grijalbo.
- Suárez, T., e C.F. Rogero: *Paradigma sistémico y terapia de familia*, Madrid, Mariarsa Impresores.
- Tordinan, G.: *La Aventura de Vivir en Pareja*, Barcelona, Gedisa
- *La violencia, el sexo y el amor*, Barcelona, Gedisa
- Varios autores: *Guía Práctica de Sexualidad*, Barcelona, Fontanella.
- Varios autores: *Relaciones familiares padres e hijos*, Madrid, Karpos
- Varios autores: *Vuelve la familia. Por encima de ideologías*, Madrid, Ediciones Encuentro.
- Varios autores: *La familia: una visión plural*, Salamanca, Universidad Pontificia.
- Vella, Ch. G.: *Los centros de orientación familiar*, Salamanca, Universidad Pontificia.
- Watzlawick, P.: *El lenguaje del cambio*, Barcelona, Herder.
- *¿Es real la realidad?*, Barcelona, Herder.
- Watzlawick, P., J. Helmick Beavin, e D.D. Jackson: *Teoría de la Comunicación Humana*, Barcelona, Herder.
- Watzlawick, P., J.H. Weakland, e R. Fisch: *Cambio*, Barcelona, Herder
- Willi, J.: *La pareja Humana: relación y conflicto*, Madrid, Morata.



# *Reseñas*

- ☞ Crecer
- ☞ Delta. Quaderns d'orientació familiar
- ☞ Diálogo Familia-colegio
- ☞ El mundo de tu bebé
- ☞ Familia cristiana
- ☞ Hacer Familia
- ☞ L'école des parents
- ☞ Le groupe familial
- ☞ Parents
- ☞ Mothering
- ☞ Pais e filhos
- ☞ Parenting
- ☞ Padres y maestros
- ☞ Parents magazine
- ☞ Ser padres hoy





## 15 REVISTAS SOBRE A FAMILIA

---



### CRECER

---

Nº 65. Febrero 1994. Periodicidad mensual. Págs.: 90


Reportaxes:

· Vive tu embarazo mejor. 20 preguntas que no harías a tu médico.  
 · Parto ¿Por qué se adelanta?  
 · Hijos únicos ¿son especiales?

· Niño o niña, tú puedes elegir  
 · ¿Qué hacer si el niño tiene fiebre?

O número consta ademais doutros temas relacionados coa saúde e problemas da nai e do neno.

Edita: Hachette Publicacións,  
 Santa Engracia, 6. 28010, Madrid.



## DELTA. QUADERNS D'ORIENTACIÓ FAMILIAR

Nº 128.Out./dec.1993.Paxs.:40

Sumario:

Esta revista, que edita o Secretariado diocesano de Pastoral Familiar, de Barcelona, coa colaboración das Delegacións de Pastoral familiar das Dióceses de Cataluña, dedica o seu número 128 -outubro/desembro 1993- ó Ano Internacional da Familia.

Any Internacional de la familia-  
 Familia i Societat- Questions obertes-  
 Testimoniates- Dret Familiar-  
 L'Esprit de la Liturgia- Documents-  
 D'Arreu de Catalunya- Espectales.

Edita: Secretariat Diocesà de Pastoral familiar, Arzobispado de Barcelona, Diputació, 231.08007, Barcelona



## DIÁLOGO FAMILIA-COLEGIO

Nº 182. 1993-94. Páxs.:48.  
Periodicidade: seis meses durante o curso escolar.

A revista "Diálogo Familia-Colegio" dedica o seu número 182 (1993-94) ó tema "Sobre los niños en casa", pois considérano importante para meditar no Ano da Familia.

### Sumario:

El agobio de las tareas escolares- ¿Por qué, aunque quiera, no te entiendo? -Saber acompañar en una etapa difícil: las Tutorías -Padre e hijo:necesidad e impotencia -Libros recibidos.

Edita: Congregación Mariana de San Estanislao, Granada, Eduardo Dato, 20.41018, Sevilla



## EL MUNDO DE TU BEBÉ. LA REVISTA CON MAS VIDA


Nº12. Págs.:90. Periodicidad mensual(?)

O número 12 da revista *El mundo de tu bebé* consta de catro reportaxes e un Dossier, ademais doutros temas relacionados co mundo do neonato. Hai tamén seccións fixas, con entrevistas, actualidade médica, libros, horóscopo, testemuños, cociña, etc.

Reportaxes:

- Cita con el pediatra: las 7 fechas más importantes.
- Fecundación: El comienzo de una vida.
- Todos los test: ¿Estoy embarazada?
- Parto: cómo ayudarle a nacer.
- Dossier:
  - Los secretos de la herencia genética.

Coedición: C.H.Press, S.L.,  
HYMSA, Narvaez, 74.2ª 28009,  
Madrid.



## FAMILIA CRISTIANA

Ano XL. N<sup>o</sup> 8. 15 abril  
1991. Páxs.:66. Periodicidade quince-  
nal.

Reportaxes:

.V Centenario del nacimiento de San  
Ignacio de Loyola.

.Los medios de comunicación social:

lazos de unión entre los pueblos.

.La Alemania unida. Problemas.

.Madrid, capital europea de la cultura,  
de cara al 92.

Edita: Comunidade para as  
misiões, Sociedade de San Pablo,  
c/Protasio Gómez, 15.



## HACER FAMILIA

---

### Sumario:

Coincidiendo co inicio de 1994, Año Internacional da Familia, nace, como suplemento a "Mundo Cristiano", a nova revista *Hacer familia*. Independizarase no mes de marzo. *Hacer familia* trata de ser un atractivo punto de referencia para lograr unha auténtica vida familiar.

Editorial -Cosas de la vida-Escuela de Familias.Educar en futuro -Matrimonio al día- El arte de educar- De 0 a 6 años- De siete a 12 años- De 13 a 16 años- Jóvenes. Hermano mayor: un ídolo en casa- En familia- Estar al día: Maternidad y derecho. El Club de Goncio.

Edita: Ediciones Palabra, S.A.,  
Paseo de la Castellana, 210.28076,  
Madrid.




---

## L'ÉCOLE DES PARENTS

---


Nº 1/94. Xaneiro 1994. Páxs.:  
84.Periodicidade mensual.

*L'école des parentes* é unha revista de periodicidade mensual, editada por FNEPE Services. O seu obxectivo é axudar ós membros do grupo familiar para que desenvolvan os seus coñecementos e recursos persoais e proporcionar ás persoas e ós órganos involucrados na relación educativa medios para adquirir un mellor coñecemento dos lazos que se crean entre o neno, o adolescente e o seu medio.

Sumario:

Familles dans l'air (Ecos- Humor de Jean Epstein- Breves). Rubriques (Saúde- Formación profesional continua- Actividades das Escolas de Pais). Receptions (B.D.-Cine- Libros para eles- Música-Teatro) Horizons (Pai e filla. Evadir dificultades- Aprendizaxe musical). Remata cun amplo dossier sobre "Le corps de l'enfant.

Edita: FNEPE Services, 5  
impasse Bon-Secours, 75543,  
Paris,Cedex 11, France.



## LE GROUPE FAMILIAL

Nº141 Oct./Dec.1993. Páxs.:100.  
Periodicidade trimestral.

*Le Groupe Familial* é unha revista trimestral, editada por FNEPE Services, que publica tamén *L'école des parents*. O seu obxectivo é axudar ós membros do grupo familiar para que desenvolvan os seus coñecementos e recursos persoais e proporcionar ás persoas e ós órganos involucrados na relación educativa medios para adquirir un mellor coñecemento dos lazos que se crean entre o neno, o adolescente e o seu medio.

O número 141, que comprende os meses de outubro, novembro e decembro de 1993, é monográfico e

está dedicado ó corpo humano.

Baixo o epígrafe xeral: "Corps Toujours, Tu M'intéresses", desenvolve os temas seguintes:

A la recherche du secret perdu- Le corps à la une- Regarde-moi, c'est moi- Sculpture sur soi- Le sport, symptôme social- La gym, discipline intellectuelle- Vieux, á quel âge?- La douleur du petit enfant- Maternités bousculées- L'enigme psychosomatique- Les thérapies corporelles.

Edita FNEPE Services, 5 impasse Bon-Secours, 75543, Paris, Cedex 11, France





## PARENTS

Nº 300.Fevereiro 1994.Páxs.:130.  
Periodicidade mensual.

O número 300 de *Parents* consta de cinco reportaxes e un amplo dossier, ademais doutros temas relacionados co mundo infantil.

Reportaxes:

.Adoption. Tons les conseils pour bien la réussir. Les témoignages émouvants des mamans.

.Grossesse et les médicaments. Attention danger;.


.Où accoucher? Les 22 points á vérifier pour choisir sa maternité.

.Pipi au lit. Les causes. Les traitements.

.Nouveau-ne. En images, les bons gestes pour changer bébé.

O Dossier céntrase nos problemas do sono do bebé: "Le sommeil de bébé. Pour en finir avec les nuits blanches"

Edita: EDI 7, S.N.C., Rue Ancelle, 92525, Neuilly -sur- Seine, Cedex Associés, Hachette Filipacchi Presse, S.A., Publicationes France Monde, S.A.



## MOTHERING

---

Nº 69. Winter. 1993 (Comprende outubro, novembro e decembro). Páxs.: 128. Periodicidade trimestral.

O número 69 da revista *Mothering* consta de catro amplas reportaxes, ademais doutras seccións dedicadas ó mundo infantil e familiar.

Reportaxes:

Montessori rediscovered  
 What makes happy marriages?  
 Spanking as an addition

Edita: Peggy O'Mara, P.O., Box  
 1690, Santa Fe, 87504, USA.




## PAIS E FILHOS

Nº 35. Dec. 93. Periodicidade mensal. Páxs.: 100.

O número 35 da revista portuguesa *Pais e Filhos* consta de varias seccións dedicadas á gravidez, ó parto e á vida do neno desde os cero anos ata os quince. Entre outras

reportaxes figura tamén unha entrevista onde se trata amplamente o tema da adopción.

Edita: Pais e Filhos, Rúa Sacadura Cabral, nº 26-3º, Dafundo, 1495, Lisboa, Portugal.



## PARENTING

---

Marzo 1990. Páxs.:144.Periodicidade mensual (Agás xuño/xullo/dembro/xaneiro)


O número de marzo- 1990- consta de seis amplas reportaxes:

- Cover story/In them we trust
- Families/All for the giving
- Fashion/The bright of spring
- Sex after baby/More sex,please,we are fathers
- Behavior/Mind over manners

·The family cities/Little big towns

A revista trata ademais outra serie de temas relacionados co mundo familiar: libros, TV, Vídeo, nenos con diversas incapacidades, deportes, comidas, xogos, coidados da nai, etc.

Edita: Parenting magazine Partners, 501, Second Street, San Francisco, CA 94107, USA



## PADRES Y MAESTROS

Nº 192-193. Novembro/dicembro 1993. Páxs.:66 Periodicidade mensual.


*Padres y Maestros* é unha revista de orientación educativa. No seu número 192-193, céntrase especialmente en 12 temas PM, para os doce meses do Ano Internacional da familia, 1994.

Estes temas son os seguintes:

1. Pareja. 2. Mamá. 3. Papá. 4. Hijos. 5. Hermanos. 6. Familia. 7. familiares. 8. Casa. 9. Colegio. 10. Calle. 11. Divorcio. 12. Escuela de Padres.

Páxinas centrais: 14 técnicas para a escola de pais.

Edita: Padres y Maestros, Rúa Fonseca, 8-4º, 15004, A Coruña.



## PARENTS MAGAZINE

Nº6. Xuño 1990, Páxs.: 230.  
Periodicidade mensual.

### Sumario:

As they grow (Embarazo e nacemento- Seguimento do neno de 1 a 14 anos). Books (Libros para ler en alto). Educación (Preguntas dos pais sobre o Kindergarten e os primeiros anos escolares). Family Therapy (Temos

un problema). Fashion. Rasgos (Cando só se quere ó pai ou á nai. Como baña-lo neno. Como facer que o neno se sinta feliz. Nós e eles. Nais que traballan fóra da casa. Cambio de casa). Food. Beleza e Saúde. Matrimonio. Traballo.

Edita: Gruner-Jahr USA  
Publishing, 685 Third Avenue, New  
York 10017,USA.



## SER PADRES HOY

Nº 231. Febreiro 1994. Páxs.:  
90. Periodicidade mensual.

A revista *Ser Padres Hoy* dedica tres reportaxes do seu número 231 -febreiro 1994- ó tema: "Todo sobre el parto".

Sumario:

Así crecen -familia y hogar- Salud y belleza- Los lectores opinan- El

pediatra- Consejos para la familia- Juegos para disfrutar- Consultorio del embarazo- Recién nacido- testimonios- Relaciones de ganadores- La chispa de los niños- Moda- Comer para crecer- Prevención- Ocurrencias geniales.

Edita: G+J.G e España Ediciones, S.L. e S, en R. Marqués de Villamagna, 4.28001, Madrid.








# ***Novidades Editoriais***



## ALGUNHAS NOVIDADES EDITORIAIS

*Manuel Regueiro Tenreiro*



•B.Tierno Jiménez, *Ser buenos padres*, Eds. Paulinas, Colección Escuela de Padres, Madrid, 1992.

•B.Tierno Jiménez, *Los problemas de los hijos*, Eds. Paulinas, Colección Escuela de Padres, Madrid, 1992.

•B.Tierno Jiménez, *Los hijos y el entorno*, Eds. Paulinas, Colección Escuela de Padres, Madrid, 1993.

A presentación do autor da triloxía semella innecesaria, pois tódolos domingos pode atoparse o seu artigo na sección de "El consejo del especialista" no dominical "El Suplemento Semanal" que se reparte nalgúns xornais.

É precisamente o estilo xornalístico o que se reflicte na estrutura temática dos tres libros: "O tema central, como é evidente, non podía ser outro ca *educación dos fillos hoxe* para que aprendan a vivir en liberdade, con respecto e autonomía, que desenvolvan a tope as súas capacidades e sexan verdadeiramente felices".

Semella unha tarefa case que imposible a que o autor se propón, pero baixo unha aparente capa de sinxeleza hai nos libros momentos de gran valor educativo. Este valor vén acreditado polo traballo de vinte-cinco anos, e un contacto directo cos pais.

As partes do primeiro volume *Ser buenos padres*, tratan da misión dos pais hoxe, da tipoloxía de maneiras de exercer como pais, da evolución dos fillos ata a adolescencia, e dalgúns tipos de fillos. Destacamos en cada caso a utilidade dos apartados "Pautas recomendables" e "Retrato robot".

O segundo volume *Los problemas de los hijos* preséntase como unha chamada á esperanza e á "actitud mental positiva de esperanza (...)" e de que siempre es posible encontrar una solución (...).

"(...) la única fórmula eficaz para ayudar a resolver los problemas y desórdenes, que consiste precisamente en suscitar planteamientos sinceros y desde la ciencia psicológica de la conducta humana, y no esperar neciamente, dando largas, a que

se resuelvan por sí mismo o, lo que es peor, ocultarlos o ignorarlos" (p. 7).

Ó longo das tres partes do libro atopamos unha serie de breves e elementais descrições con algunhas indicacións para a conducta. Poden esas recomendacións constituír "formulas" útiles para a vida cotián da familia.

A primeira parte analiza os problemas persoais e sociais dalgún tipo de neno. A segunda estudia os "trastornos" ou síntomas de alteracións psicolóxicas. Pode citarse como bó exemplo o estudio dos "tics nerviosos" (p. 108). A terceira parte adícase ás relacións familiares; tamén se tratan actitudes ben comúns, por exemplo: que facer ante unha rabecha (p. 205) ou o tema da "paga semanal" (p. 210). Aquí faise incluso unha proposta dos "límites razonables" da devandita paga (p. 213).

O volume terceiro, *Los hijos y el entorno* trata en dúas grandes partes temas da "vida social". Como é doado de comprender, a temática é ampla, pero busca unha estruturación sistemático-evolutiva que vai desde a máis tenra infancia, pasando pola escola (onde se tocan moitos

temas) ata a vida adulta. É dicir, estudia o proceso de inculturización da persoa e a súa progresiva adquisición da autonomía persoal. Nestes procesos destaca o papel da familia, que "es siempre fuente de seguridad y ayuda".

O tratamento directo e práctico dos temas fai desta colección un instrumento manexable de conducta diaria.

Ademais da devandita triloxía de Escuela de Padres, podemos citar tres obras máis do mesmo autor :

- B. Tierno Jiménez, *La edad de oro del niño. Todo lo que debe saber sobre los cinco primeros años de la vida del niño*, Madrid, Eds. San Pablo, 1994.

Polo subtítulo, xa nos podemos dar unha idea do contido da obra. Ven ser unha ferramenta útil para un traballo continuado e consciente, dirixido a unha formación progresiva das persoas maiores no trato con nenos desa idade.

- B. Tierno Jiménez, *Adolescentes. Las 100 preguntas clave*, Madrid, Eds. Temas de Hoy, 1992.

No contido parécese á obra anterior, aínda que o tema desta é a adolescencia. No ano 1993 xa chegara á 5ª edición.

- B. Tierno Jiménez, *Valores humanos*, Talleres Editores, 2 vols., Madrid, 1992.

Estes dous volumes están incluídos na *Enciclopedia de los Valores Humanos*. Neles reúnen as fichas publicadas no dominical *Suplemento Semanal*. O método de lectura, e o que pretende, resúmese nun parágrafo da inicial "Nota del autor" (vol. I, p. 7), que di así: "Este es un libro para la reflexión y para el encuentro contigo mismo. Por eso te sugiero, amable lector, una lectura sosegada que facilite tu aprendizaje hacia el equilibrio psicofísico y hacia una profunda paz interior, de la que sentirás cada vez más lleno, a medida que te adentres en sus páginas. Toda la obra pretende ayudarte a saber vivir y a ser feliz".

E doutras coleccións de interese para a familia, podemos cita-los seguintes autores e obras:

- A. Pacciolla, *Hacerse adultos. Escuela de discusión para adolescentes, novios y familias*, Eds. San

Pablo, Colección Proyecto Familia, Madrid, 1993.

É unha traducción de *Diventari adulti*, feita por Ezequiel Varona Valdivieso. Precisamente o autor indícanos no prólogo que o libro é o froito da Escola Discusión para Adolescentes, do Centro Regionale Marche. A partir das tarefas do centro, xurdiu esta obra como "una iniciativa orientada a los jóvenes, ofreciéndoles una justa y adecuada información socio-sanitaria, y una formación afectiva y social" (p. 5).

Na parte 4ª da obra (pp. 223 e ss.), estúdiase a evolución psico-física da persoa ata que constitúe unha familia. Dedicásenlle dous capítulos enteiros á familia sa (pp. 258 e ss.) e ó conflito intrafamiliar (pp. 271 e ss.). E ó final da obra, vólvese ó ciclo vital da familia, co estudio da presenza dos adolescentes nela (pp. 286-308).

Tódolos capítulos rematan cun apartado que se titula: "Pistas para el diálogo", que abrangue preguntas, comentarios, frases, etc., que poden facilitar unha discusión, pregunta, etc. Segundo se di na conclusión xeral: "Aprender a cuestionarse y a disentir acelera los procesos

madurativos. La familia debería ser Escuela de discusión en la cual el adolescente debería poder conseguir su verdadera madurez" (p. 314).

• F. Voli Ferrari, *Autoestima para padres. Manual de reflexión y acción educativa*, Eds. San Pablo, Colección Proyecto Familia, Madrid, 1994.

Trátase dun itinerario do proceso de maduración da autoestima, que parte da pregunta sobre a súa posibilidade: "El primer paso que tenemos que dar es el de lanzar la pregunta: "¿puedo yo hacer algo para facilitar el desarrollo de la educación y de la formación de la personalidad de mi hijo, de forma que pueda ser una persona autorrealizante en su vida?" (Veremos que no hay duda de que puedo). "¿Qué es lo que puedo hacer?" "¿Puedo conseguirlo si antes no entro yo en una dinámica de crecimiento y de cambio?" (p. 16). Sigue coa definición e análise da autoestima e os seus compoñentes: "Apreciación de la propia valía e importancia, y la toma de responsabilidad sobre sí mismo y sobre las relaciones consigo mismo y con los demás". E remata co estudio sobre unha "Propuesta de dinámica de grupos". (pp. 251-267).

•M. Iceta, *La familia como vocación*, PPC, Colección Sauce, Madrid, 1993.

“Yo diría que hay momentos en que sí somos familia, y momentos en que somos cualquier cosa menos una familia” (p. 7). Esta primeira frase, e o mesmo primeiro título da introducción, “Lo que nos hace ser familia”, dannos a pauta das cento noventa e nove páxinas deste libro, que é unha reflexión sobre os momentos, capacidades, valores e funcións da familia. A perspectiva da análise é cristiá e eclesial: “Se ha dado en llamar a la familia *Iglesia doméstica*” (p. 155).

Pero bótase de menos no libro o apoio bibliográfico.

•I. Frías, e J.C. Mendizabal, *Como elaborar un proyecto de pareja. Cuando nuestro amor se pone a trabajar*, PPC, Colección Sauce, Madrid, 1994 (prólogo de M. Iceta).

O autor do prólogo escribe sobre quen son os autores e sobre o contido da obra: “Quiero felicitar a Isabel y Juan Carlos por aceptar este reto. Llevan tan sólo dos años y medio casados y esperan su primer hijo. Ellos tampoco lo han tenido fácil. Pero han sido pioneros al vivir

un proyecto de vida desde el que han podido superar muchas dificultades. Sus palabras claras y diría que hasta divertidas, la suma de testimonios que han conseguido reunir, hacen que estas páginas sean de fácil lectura.” (p. 10).

En cinco capítulos tratan a forma de elaborar, e sobre todo de vivir, un proxecto de familia. As experiencias de outras parellas enriquecen e fan entretida a obra. Afirman o que “pretenden con un proxecto de pareja es un modo de pasar del matrimonio basado en los roles al matrimonio basado en las decisiones, en el proyecto común”. (p. 31).

A parte práctica para elaboralo proxecto atópase no último capítulo, V, “Últimas consideraciones” (pp. 133-136); e de maneira especial, no Anexo (pp. 139-146), que contén trece breves cuestionarios das diversas situacións da vida da familia.

• J.M. Batllori, *Como educar jugando*, Ediciones Palabra, Colección Hacer Familia, 8ª ed, Madrid, 1993.

Neste libro ofrécese un dos métodos máis amenos e prácticos sobre a educación infantil.

( A Colección Hacer Familia esta formada por libros de fácil manexo, e divídese en subcoleccións, que permiten unha rápida selección das obras, das que moitas teñen resumos ou recadros que facilitan a memorización do seu contido, e aportan consellos prácticos).

- B. Jordán de Urríes, *Tus hijos de 1 a 3 años*, Ediciones Palabra, Colección Hacer Familia, Madrid, 1993 (1ª ed. 1991).

- M. Manso, e B. Jordán de Urríes, *Tus hijos de 4 a 5 años*, Ediciones Palabra, Colección Hacer Familia, Madrid, 1993.

Pódese resumir-la pretensión destes libros con un parágrafo do primeiramente citado: "Piensa que cuando más pequeño es el niño, más fácil es educarlo; pero la formación debe tener una continuidad, a lo largo de su vida, para obtener resultados positivos."

- L.F. Vilchez, *Conflictos matrimoniales y comunicación*, Narcea Ediciones, Colección Padres, Madrid, 1985.

O contido da obra pode sintetizarse neste seu texto: "La mejor



terapia es siempre la preventiva. Hay en el matrimonio una base-estructura, algo que no debe faltar nunca: la comunicación interpersonal. Una educación para la comunicación puede ser la mejor terapia preventiva. La comunicación, que nace de la dimensión de alteridad del ser humano, es la toma en consideración del otro como otro." (p. 108).



(Na cuberta posterior dos libros da Colección Padres, ademais dun resumo do contido da obra inclúese un parágrafo no que se explican os obxectivos xerais da colección: "La colección padres aporta un conocimiento profundo y a la vez divulgador sobre los temas que preocupan a los padres y educadores para ayudar a sus hijos a resolver los problemas que les presenta la sociedad actual, y proponerles nuevas formas de vivir la familia, siendo a la vez agentes de su propia vida.").


• B. Brooke McKamy, *Los mejores consejos para criar a su bebé*, Jabier Vergara Editor, Buenos Aires, 1993.

Trátase dunha reimpresión revisada. A primeira edición publicouse en 1981, a partir do título orixinal *Best Bets for babies*. Nesta obra cóntase a experiencia persoal -despois do parto-, e recompílanse os consellos recibidos.

• G. Rinaldi, *Escuchemos al niño: sus señales y mensajes en los primeros años de vida*, Paidós, Buenos Aires, 1993.

A data citada é a da 2ª reimpresión da obra do director do Insti-

tuto Psicosomático de Arxentina. Trata, en oito capítulos, do desenvolvemento psicosexual infantil. Pode ser interesante a lectura das "Expectativas de los padres sobre la identidad de sus hijos" (p.45), ou de "Miedos y fobias" (p. 105).



• A.J. Twerski, *¿Acaso pedí pertenecer a esta familia?*, Paidós, Barcelona, 1994.

O doutor Twerski opina sobre os profesionais (especialistas) que "si bien la capacitación profesional brin-

da conocimientos acerca de la conducta humana, a menudo lo hace al precio de disminuir nuestra sensibilidad a las emociones" (p. 11).

Por esta constatación, emprega as tiras de debuxos (Peanuts) de Charles M. Schulz (é coñecido o seu personaxe de Snoopy), como material auxiliar para estudar as experiencias de realización interpersoais na infancia. Coñécese a perspectiva psicolóxica que lle dá a infancia a máxima importancia na formación da personalidade adulta: "Es muy probable

que nuestras relaciones interpersonales adultas estén en gran medida moldeadas por ciertas relaciones interpersonales infantiles" (p. 131). Desde esta perspectiva está escrito este libro orixinal.

Estes comentarios e noticias bibliográficas tentan facilitar unha escolla para algún estudio de temas familiares. Sublíñase que nesta bibliografía, por suposto incompleta, aparecen equilibrados os aspectos teóricos e prácticos no tratamento da familia.



## **Sumario**

### ***Colaboracións Especiais***



Promoción da Familia

*Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne*

---

**pax. 9**















A Familia e a nova política social

*Excmo. Sra. Dña. Manuela López Besteiro*







---

**pax. 25**
















## ***Estudios***

- |                                                                                                                                                                       |                 |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
|  1994: Ano Internacional da Familia<br><i>Agustín Dosil</i>                          | <b>pax. 37</b>  |
|  Amor y matrimonio<br><i>Francisco Rodríguez Adrados</i>                             | <b>pax. 45</b>  |
|  O desprazamento funcional da Familia<br><i>Luís Arribas</i>                         | <b>pax. 57</b>  |
|  Familia y educación<br><i>Raúl Vázquez Gómez</i>                                    | <b>pax. 71</b>  |
|  A Familia e a educación ético-moral<br><i>José Huerta García</i>                    | <b>pax. 79</b>  |
|  Os pais no asesoramento vóccacional dos fillos<br><i>José Manuel Gil Beltrán</i>    | <b>pax. 95</b>  |
|  A participación dos pais nos centros educativos<br><i>Abilio de Gregorio García</i> | <b>pax. 107</b> |
|  Os programas interxeracionais...<br><i>Ramona Rubio Herrera</i>                     | <b>pax. 121</b> |
|  A bioética hoxe...<br><i>Francisco Javier León Correa</i>                           | <b>pax. 133</b> |
|  As teorías implícitas dos pais...<br><i>María José Rodrigo</i>                     | <b>pax. 141</b> |
|  A inadaptación social<br><i>Juan Luís Basanta Dopico</i>                          | <b>pax. 163</b> |
|  Os vellos na Familia<br><i>Agustín Sixto Seco</i>                                 | <b>pax. 185</b> |

## ***Prácticas***

	Demografía e Familia <i>J. Jaime López Cossio</i>	pax. 193
	Itinerarios escolares... <i>Pablo Angel Meira Cartea</i>	pax. 203
	A Familia en terapia <i>Emilio Gutiérrez García</i>	pax. 225
	Terapia familiar de conducta <i>Olga Díaz Fernández</i> <i>Manuel A. Sanabria Carretero</i>	pax. 233
	Desaxustes do sistema familiar... <i>José Antonio Ríos González</i>	pax. 243
	Reflexións desde a experiencia de traballo... <i>Miguel Angel López Folgueira</i>	pax. 253

## *Reseñas*

 Crecer	pax. 269
 Delta. Quaderns d'orientació familiar	pax. 270
 Diálogo Familia-colegio	pax. 271
 El mundo de tu bebé	pax. 272
 Familia cristiana	pax. 273
 Hacer Familia	pax. 274
 L'école des parents	pax. 275
 Le groupe familial	pax. 276
 Parents	pax. 277
 Mothering	pax. 278
 Pais e filhos	pax. 279
 Parenting	pax. 280
 Padres y maestros	pax. 281
 Parents magazine	pax. 282
 Ser padres hoy	pax. 283

*Novidades* ||   
*editoriais*

pax. 287

